



UNIÓN EUROPEA

FONDO EUROPEO DE DESENVOLVEMENTO REXIONAL  
*"Unha maneira de facer Europa"*

FONDO SOCIAL EUROPEO  
*"O FSE inviste no teu futuro"*

# MARCO ESTRATÉXICO DE CONVERXENCIA ECONÓMICA DE GALICIA (MECEGA) 2007-2013

## DOCUMENTO DE PROGRAMACIÓN



**XUNTA DE GALICIA**  
**CONSELLERÍA DE FACENDA**  
Dirección Xeral de Planificación e Fondos

**MARCO ESTRATÉXICO DE  
CONVERXENCIA  
ECONÓMICA DE GALICIA (MECEGA)  
2007-2013**

(Obxectivo Convergencia)

Xunta de Galicia. Consellería de Facenda

D. X. de Planificación e Fondos

# ÍNDICE

|                                                                                                 |            |
|-------------------------------------------------------------------------------------------------|------------|
| <b>PRESENTACIÓN .....</b>                                                                       | <b>13</b>  |
| <b>1. SITUACIÓN DE PARTIDA E ANÁLISE DAFO .....</b>                                             | <b>17</b>  |
| 1.1 Diagnóstico da evolución socioeconómica .....                                               | 19         |
| 1.1.1 Territorio, patrimonio natural e análise espacial de Galicia.....                         | 19         |
| a) Rasgos físicos .....                                                                         | 19         |
| b) Patrimonio natural de Galicia.....                                                           | 21         |
| c) A inserción de Galicia no espazo europeo.....                                                | 25         |
| 1.1.2 Evolución dos factores de desenvolvemento estrutural .....                                | 29         |
| a) Transporte: equilibrio territorial e accesibilidade .....                                    | 29         |
| b) Enerxías: renovables, transporte público limpo e obxectivos de Kyoto .....                   | 32         |
| c) Medio ambiente e desenvolvemento sostible .....                                              | 33         |
| d) Desenvolvemento local e urbano .....                                                         | 39         |
| e) Desenvolvemento empresarial: PEME, novos emprendedores e acceso ao<br>financiamento.....     | 42         |
| f) Investigación, Desenvolvemento Tecnolóxico e Innovación .....                                | 44         |
| g) Sociedade da información: brecha dixital e e-business, e-administración, e-learning<br>..... | 45         |
| 1.1.3 Análise da produción e a converxencia de Galicia.....                                     | 47         |
| a) Crecemento económico e converxencia .....                                                    | 47         |
| b) Análise da estrutura produtiva .....                                                         | 50         |
| c) Demanda interna: principais compoñentes.....                                                 | 55         |
| d) Comercio exterior e análise de competitividade.....                                          | 57         |
| 1.1.4 Evolución do mercado de traballo .....                                                    | 59         |
| a) Análise do emprego por sectores .....                                                        | 59         |
| b) Evolución da poboación activa e poboación desempregada .....                                 | 67         |
| c) Produtividade laboral .....                                                                  | 83         |
| d) Os inmigrantes no mercado laboral galego .....                                               | 85         |
| e) Os mozos no mercado laboral .....                                                            | 88         |
| f) Siniestralidade laboral.....                                                                 | 90         |
| 1.1.5 Niveis educativos e cualificación do capital humano .....                                 | 92         |
| 1.2 Principais Debilidades, Ameazas, Fortalezas e Oportunidades (DAFO) .....                    | 100        |
| <b>2 FORMULACIÓN DA ESTRATEXIA DO MECEGA 2007-2013.....</b>                                     | <b>103</b> |
| 2.1 Obxectivos da estratexia de Galicia no período 2007-2013 .....                              | 105        |
| 2.2 Eixes de intervención do MECEGA 2007-2013: proposta operativa da estratexia .....           | 110        |
| 2.2.1 Eixe 1: Economía do coñecemento (I+D+i, Sociedade da Información, TIC) .....              | 111        |
| 2.2.2 Eixe 2: Competitividade e fomento empresarial.....                                        | 117        |
| 2.2.3 Eixe 3: Medio ambiente, contorno natural e recursos hídricos.....                         | 122        |
| 2.2.4 Eixe 4: Transporte e enerxía.....                                                         | 128        |
| 2.2.5 Eixe 5: Desenvolvemento local, urbano e transfronteirizo .....                            | 132        |
| 2.2.6 Eixe 6: Empregabilidade e infraestruturas sociais .....                                   | 138        |
| 2.2.7 Eixe 7: Mellora do capital humano .....                                                   | 141        |
| 2.2.8 Eixe 8: Desenvolvemento institucional e políticas públicas.....                           | 143        |

|                                                                                                                         |            |
|-------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|------------|
| <b>3. AVALIACIÓN PREVIA DO MECEGA 2007-2013 .....</b>                                                                   | <b>145</b> |
| 3.1 Balance do período 2000-2006 .....                                                                                  | 147        |
| 3.2 Grao de cumprimento dos Obxectivos de Lisboa e Gotemburgo .....                                                     | 150        |
| 3.3 Análise dos indicadores estratéxicos do MECEGA 2007-2013 .....                                                      | 153        |
| 3.4 Avaliación da estratexia do MECEGA 2007-2013 .....                                                                  | 158        |
| 3.5 Análise da coherencia interna do MECEGA 2007-2013 .....                                                             | 166        |
| 3.5.1 Valoración da sinerxía entre OI do MECEGA 2007-2013 .....                                                         | 166        |
| 3.5.2 Coherencia dos OI do MECEGA cos Eixes do MENR relativos ao FEDER, FSE, CT Transfronteiriza e Cohesión/FEDER ..... | 170        |
| 3.6 Coherencia financeira da estratexia do MECEGA 2007-2013 .....                                                       | 173        |
| 3.7 Coherencia externa do MECEGA 2007-2013 .....                                                                        | 176        |
| 3.7.1 Análise da pertinencia entre a estratexia do MECEGA e as Directrices Estratéxicas Comunitarias 2007-2013 .....    | 176        |
| 3.7.2 Análise da pertinencia entre os OI do MECEGA e o PNR .....                                                        | 179        |
| 3.8 Complementariedade do MECEGA 2007-2013 con outros plans autonómicos e estatais .....                                | 181        |
| 3.9 Complementariedade do MECEGA 2007-2013 co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER) .....            | 182        |
| 3.10 Complementariedade do MECEGA 2007-2013 co Fondo Europeo de Pesca (FEP) .....                                       | 186        |
| <b>4. PROGRAMAS OPERATIVOS E TIPOLOXÍA DE GASTO DO MECEGA 2007-2013 .....</b>                                           | <b>191</b> |
| 4.1 Lista de Programas Operativos do MECEGA 2007-2013 .....                                                             | 193        |
| 4.2 Tipoloxía de gasto do MECEGA 2007-2013 .....                                                                        | 196        |
| 4.3 Vinculación da Tipoloxía de gasto cos Obxectivos Intermedios do MECEGA 2007-2013 .....                              | 200        |
| <b>5. PLAN FINANCEIRO DO MECEGA 2007-2013 .....</b>                                                                     | <b>203</b> |
| 5.1 Desagregación financeira do MECEGA 2007-2013 por Fondos e Administracións .....                                     | 205        |
| 5.2 Desagregación financeira do MECEGA 2007-2013 por Eixes estratéxicos .....                                           | 206        |
| 5.3 Distribución financeira do MECEGA 2007-2013 por Obxectivos Finais e Intermedios .....                               | 207        |
| 5.4 Contribución financeira do MECEGA 2007-2013 a Estratexia de Lisboa .....                                            | 209        |
| <b>6. PRINCIPIOS TRANSVERSAIS E CONCERTACIÓN SOCIAL .....</b>                                                           | <b>211</b> |
| 6.1 Desenvolvemento sostible e Medio Ambiente .....                                                                     | 213        |
| 6.2 A Igualdade de Oportunidades entre homes e mulleres .....                                                           | 215        |
| 6.3 Partenariado .....                                                                                                  | 219        |

## ÍNDICE DE TÁBOAS

|           |                                                                                                                                    |     |
|-----------|------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|-----|
| Táboa 1.  | Parques nacionais de Galicia .....                                                                                                 | 22  |
| Táboa 2.  | Parques naturais de Galicia.....                                                                                                   | 22  |
| Táboa 3.  | Monumentos naturais de Galicia .....                                                                                               | 23  |
| Táboa 4.  | Humidais protexidos de Galicia .....                                                                                               | 23  |
| Táboa 5.  | Zonas de especial protección dos valores naturais de Galicia .....                                                                 | 24  |
| Táboa 6.  | Migracións internas de Galicia. Ano 2004 .....                                                                                     | 41  |
| Táboa 7.  | Comercio exterior de Galicia e España con respecto á UE-25 e con respecto ao total mundial (2000-2005). Millóns de euros .....     | 44  |
| Táboa 8.  | Factores determinantes do PIB <sub>pc</sub> Galicia (España=100) .....                                                             | 49  |
| Táboa 9.  | Estrutura do VAB galego polo lado da oferta.....                                                                                   | 51  |
| Táboa 10. | Taxa de actividade emprendedora. (TEA) Ano 2005.....                                                                               | 63  |
| Táboa 11. | Uso de TIC en Empresas galegas .....                                                                                               | 65  |
| Táboa 12. | Datos principais das empresas galegas relacionadas coas TIC.....                                                                   | 66  |
| Táboa 13. | Poboación estranxeira segundo idade, sexo e país de nacionalidade, ano 2005 .....                                                  | 86  |
| Táboa 14. | Taxa potencial de activos inmigrantes en Galicia.....                                                                              | 87  |
| Táboa 15. | Traballadores estranxeiros afiliados á Seguridade Social en alta laboral (Media anual) .....                                       | 87  |
| Táboa 16. | Taxa de actividade por nacionalidade en Galicia e España, 2005 .....                                                               | 88  |
| Táboa 17. | Indicadores laborais para os mozos en Galicia e España por xénero. Media 2006 .....                                                | 89  |
| Táboa 18. | Evolución dos índices de siniestralidade laboral en España e Galicia .....                                                         | 91  |
| Táboa 19. | Gravidade dos accidentes laborais con baixa acontecidos durante a xornada de traballo en España e Galicia dende 1997 ata 2004..... | 91  |
| Táboa 20. | Estudos rematados da poboación galega. Distribución por sexos e grupos de idade. 2004...                                           | 97  |
| Táboa 21. | Debilidades, Ameazas, Fortalezas e Oportunidades (DAFO) de Galicia.....                                                            | 101 |
| Táboa 22. | Árbore de Obxectivos do MECEGA 2007-2013.....                                                                                      | 108 |
| Táboa 23. | Grao de incidencia entre Obxectivos Intermedios e Finais do MECEGA 2007-2013 .....                                                 | 110 |
| Táboa 24. | Vinculación dos Eixes MECEGA cos Obxectivos Intermedios na programación 2007-2013.                                                 | 111 |
| Táboa 25. | Execución estimada do POI Galicia 2000-2006 a 31.12.2006 por Fondos (Euros, custo total).....                                      | 147 |
| Táboa 26. | Necesidades detectadas pendentes de satisfacer en Galicia.....                                                                     | 148 |
| Táboa 27. | Atención dos Obxectivos Intermedios do MECEGA 2007-2013 ás necesidades pendentes de satisfacer .....                               | 149 |

|           |                                                                                                                                             |     |
|-----------|---------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|-----|
| Táboa 28. | Relación dos Obxectivos da Estratexia de Lisboa coa situación de España e Galicia en 2005 vs. 2010 e Obxectivos Galicia 2013 .....          | 150 |
| Táboa 29. | Indicadores estratéxicos dos Eixes 1 e 2 do MECEGA 2007-2013 .....                                                                          | 155 |
| Táboa 30. | Indicadores estratéxicos dos Eixes 3, 4 e 5 do MECEGA 2007-2013 .....                                                                       | 156 |
| Táboa 31. | Indicadores estratéxicos dos Eixes 6 e 7 do MECEGA 2007-2013 .....                                                                          | 157 |
| Táboa 32. | Grao de vinculación entre Obxectivos do MECEGA 2007-2013 (Global, Finais e Intermedios) .....                                               | 159 |
| Táboa 33. | Pertinencia entre os Obxectivos Intermedios do MECEGA e as debilidades rexionais .....                                                      | 162 |
| Táboa 34. | Pertinencia entre os Obxectivos Intermedios do MECEGA e as fortalezas rexionais .....                                                       | 163 |
| Táboa 35. | Obxectivos con maior influencia e sensibilidade respecto á Estratexia comunitaria en Galicia .....                                          | 169 |
| Táboa 36. | Eixes prioritarios do FEDER, FSE, Cooperación T. Transfronteiriza e Cohesión/FEDER ....                                                     | 170 |
| Táboa 37. | Vinculación específica dos OI do MECEGA 2007-2013 cos Eixes FEDER, FSE, CTT e Cohesión/FEDER que teñen investimento en Galicia .....        | 171 |
| Táboa 38. | Relación dos Eixes do MECEGA cos Eixes FEDER, FSE, CTT e Cohesión/FEDER .....                                                               | 172 |
| Táboa 39. | Coherencia financeira da estratexia do MECEGA 2007-2013 por OI (Axuda, Meuros Correntes) .....                                              | 175 |
| Táboa 40. | Coherencia entre os OI do MECEGA 2007-2013 coas Directrices Estratéxicas Comunitarias, PNR, Eixes FEDER, FSE, CTT e Coh/FD .....            | 177 |
| Táboa 41. | Principais plans estatais e autonómicos a desenvolver en Galicia .....                                                                      | 182 |
| Táboa 42. | Complementariedade do FEDER/MECEGA coas intervencións do FEADER 2007-2013 .....                                                             | 184 |
| Táboa 43. | Complementariedade do MECEGA coas intervencións do FEP 2007-2013 .....                                                                      | 188 |
| Táboa 44. | Tipoloxía de gasto a axuda FSE en Galicia no período 2007-2013 por Programas Operativos .....                                               | 197 |
| Táboa 45. | Tipoloxía de gasto da axuda FEDER en Galicia no período 2007-2013 por Programas Operativos .....                                            | 198 |
| Táboa 46. | Eixes de intervención do PO de Cooperación Territorial Transfronteiriza en Galicia no período 2007-2013 .....                               | 199 |
| Táboa 47. | PO nacional Cohesión/FEDER e actuacións previstas en Galicia no período 2007-2013 ...                                                       | 199 |
| Táboa 48. | Vinculación específica do MECEGA 2007-2013 cos POs que se investirán en Galicia, por Eixes, Obxectivos e Tipoloxías de gasto e co PNR ..... | 201 |
| Táboa 49. | Cuantificación do MECEGA 2007-2013 por POs e Administracións, segundo Axuda e Custo total (Millóns Euros correntes) .....                   | 206 |

|           |                                                                                                                              |     |
|-----------|------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|-----|
| Táboa 50. | Distribución do MECEGA 2007-2013 por Eixes Estratéxicos (Millóns Euros correntes, Custo total) .....                         | 207 |
| Táboa 51. | Distribución financeira do MECEGA 2007-2013 por Obxectivos Finais e Obxectivos Intermedios (Custo total, millóns Euros)..... | 208 |
| Táboa 52. | Contribución financeira do MECEGA 2007-2013 á Estratexia de Lisboa (Axuda en millóns Euros correntes) .....                  | 209 |
| Táboa 53. | Obxectivos Intermedios do MECEGA 2007-2013 relacionados co medio natural .....                                               | 213 |

## ÍNDICE DE GRÁFICOS

|             |                                                                                                                                               |    |
|-------------|-----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|----|
| Gráfico 1.  | Sistema urbano da Comunidade Autónoma de Galicia .....                                                                                        | 41 |
| Gráfico 2.  | Converxencia do PIB <sub>pc</sub> de Galicia.....                                                                                             | 47 |
| Gráfico 3.  | Crecemento medio anual do PIB e da poboación das rexións españolas (1995-2005) .....                                                          | 48 |
| Gráfico 4.  | Especialización produtiva de Galicia por ramas de actividade .....                                                                            | 52 |
| Gráfico 5.  | Galicia. Porcentaxe dos compoñentes da demanda sobre o PIB .....                                                                              | 56 |
| Gráfico 6.  | Galicia. Taxas anuais de crecemento (%) .....                                                                                                 | 56 |
| Gráfico 7.  | Deflactores do PIB. Taxas anuais (%).....                                                                                                     | 57 |
| Gráfico 8.  | Participación do comercio exterior de Galicia no español en % .....                                                                           | 58 |
| Gráfico 9.  | Evolución do peso das principais exportacións galegas respecto a España.....                                                                  | 58 |
| Gráfico 10. | Evolución da taxa de creación de empresas en Galicia e en España (2000-2004).....                                                             | 61 |
| Gráfico 11. | Porcentaxe de mulleres empresarias sen asalariados (traballadoras independentes) sobre o total de ocupación feminina. Período 2001-2006 ..... | 63 |
| Gráfico 12. | Ocupados por sectores e sexo en Galicia. Media 2006 .....                                                                                     | 67 |

|                                                                                                                                       |    |
|---------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|----|
| Gráfico 13. Evolución da taxa de actividade en Galicia, España e a UE-25 (2001-2006).....                                             | 69 |
| Gráfico 14. Evolución da taxa de paro en Galicia, España e a UE-25 (2001-2006).....                                                   | 69 |
| Gráfico 15. Evolución da taxa de ocupación en Galicia, España e a UE-25 (2001-2006).....                                              | 70 |
| Gráfico 16. Distribución porcentual da ocupación por rama de actividade –Ano 2006 .....                                               | 71 |
| Gráfico 17. Evolución do grao de temporalidade no mercado laboral. Galicia e España 2001-2006.....                                    | 72 |
| Gráfico 18. Desagregación por sexos da taxa de temporalidade. Galicia 2001-2006.....                                                  | 73 |
| Gráfico 19. Evolución da taxa de paro feminina en Galicia, España e a UE-25 (2001-2006) .....                                         | 74 |
| Gráfico 20. Evolución da taxa de paro xuvenil en Galicia, España e a UE-25 (2001-2006).....                                           | 75 |
| Gráfico 21. Evolución da taxa de paro de longa duración en Galicia, España e a UE-25 (2001-2006) ...                                  | 76 |
| Gráfico 22. Evolución dos custos mensuais totais por traballador en Galicia e España (2000-2006).....                                 | 77 |
| Gráfico 23. Custos mensuais totais por traballador nas rexións de España (Ano 2006).....                                              | 78 |
| Gráfico 24. Custo laboral por hora efectiva en Galicia e España (Ano 2006) .....                                                      | 79 |
| Gráfico 25. Evolución da produtividade (PIB en paridade de poder de compra por persoa ocupada)<br>sobre a base UE-25=100 .....        | 80 |
| Gráfico 26. Evolución da produtividade galega (PIB en paridade de poder de compra por persoa<br>ocupada) sobre a base España=100..... | 80 |
| Gráfico 27. Evolución da taxa de paro en Galicia e España (1996-2006).....                                                            | 81 |
| Gráfico 28. Taxa de actividade 16 e máis anos .....                                                                                   | 82 |
| Gráfico 29. Taxa de emprego 16 e máis anos .....                                                                                      | 82 |
| Gráfico 30. Produtividade aparente do traballo. Galicia (España=100) .....                                                            | 85 |
| Gráfico 31. Taxas xuvenís de actividade, ocupación e desemprego en Galicia, España e UE-25, 2007 .                                    | 90 |
| Gráfico 32. Distribución por sexos segundo o nivel de formación alcanzado en Galicia. Ano 2005 .....                                  | 94 |
| Gráfico 33. Distribución das mulleres galegas matriculadas en 1º de Bacharelato por modalidades.<br>Curso 2003-2004.....              | 95 |
| Gráfico 34. Distribución por sexo do alumnado matriculado en Ciclos Formativos de Grao Medio.<br>Curso 2003-2004.....                 | 96 |
| Gráfico 35. Alumnado matriculado por estudo e sexo. Galicia, curso 2003-2004.....                                                     | 99 |

## ÍNDICE DE MAPAS

|                                                                    |    |
|--------------------------------------------------------------------|----|
| Mapa 1. Medio físico: Modelo Fisiográfico .....                    | 20 |
| Mapa 2. A estrutura do espazo en Europa.....                       | 26 |
| Mapa 3. A estrutura do espazo na Península Ibérica.....            | 27 |
| Mapa 4. A estrutura do espazo en Galicia e Norte de Portugal ..... | 28 |
| Mapa 5. Demarcacións Hidrográficas .....                           | 35 |
| Mapa 6. Saldo migratorio interno. Ano 2004 .....                   | 42 |



## **PRESENTACIÓN**



## PRESENTACIÓN

A Axenda de Lisboa, que foi fixada polos xefes de Estado e de Goberno da UE en marzo de 2000 co obxectivo de facer de Europa unha economía baseada no coñecemento e convertela na máis competitiva do mundo para o ano 2010, condiciona todas as políticas a emprender no marco do orzamento comunitario.

O Consello de Gotemburgo de 2001 ampliou esta estratexia, poñendo o acento na necesidade de protexer o medio ambiente e acadar un desenvolvemento sostible.

Nesta mesma liña, o Consello Europeo de marzo de 2005 aprobou 24 Directrices integradas para o crecemento e o emprego 2005-2008, reforzando a Estratexia de Lisboa e Gotemburgo e relanzando a política de cohesión cos obxectivos de competitividade e sociedade do coñecemento fixados.

As Directrices Estratéxicas Comunitarias 2007-2013 constitúen o documento de referencia da Comisión Europea para o novo período de programación, xa que son as que marcan as pautas básicas de actuación para os Estados membros na configuración dunha política de cohesión en apoio do crecemento e do emprego.

Son estes dous obxectivos, maior velocidade de crecemento e máis e mellores empregos, os que marcan o cambio da política económica da Xunta para os vindeiros anos. Unha reorientación que resulta imprescindible para que a Comunidade Autónoma intente converxer aos niveis medios de riqueza e benestar da UE e poida liberar por fin todo o seu potencial de desenvolvemento.

Galicia atópase no grupo de rexións españolas incluídas no Obxectivo “Converxencia” dos Fondos Estruturais. O obxectivo central que a UE persegue para este grupo de rexións é crear unhas condicións máis favorables para o crecemento e o emprego mediante o aumento do investimento en capital físico e humano, a mellora da súa calidade, o desenvolvemento da innovación e da sociedade do coñecemento, a adaptabilidade aos cambios económicos e sociais, a protección e mellora do medio ambiente e a eficiencia administrativa.

A Consellería de Economía e Facenda da Xunta de Galicia elaborou o *Marco Estratéxico de Converxencia Económica de Galicia 2007-2013 (MECEGA)* co obxectivo de dispoñer para toda a sociedade galega dun instrumento de planificación comunitaria a medio e longo prazo. Trátase pois dun enfoque estratéxico no que se definen obxectivos, estratexias e actuacións para o logro dun maior desenvolvemento económico e social. E trátase tamén de procurar o mellor aproveitamento das axudas europeas, o que conducirá en definitiva a lograr a converxencia coa media da UE.

O MECEGA parte dun diagnóstico actualizado da situación socioeconómica, salientando os elementos que inciden sobre a competitividade de Galicia no contexto estatal e europeo.

O enfoque estratéxico do Plan diríxese principalmente ó ámbito de actuación dos novos Fondos Estruturais FEDER e FSE, e do Fondo de Cohesión/FEDER, contemplando a cooperación coa Rexión Norte de Portugal e tendo en conta tamén a complementariedade cos novos instrumentos de axuda ao desenvolvemento rural (FEADER) e ao sector pesqueiro (FEP), sectores cunha presenza importante no tecido produtivo da rexión.

De acordo con estes principios xerais, o MECEGA artículase nos bloques seguintes:

- a) Nun primeiro capítulo de Diagnóstico da situación e análise DAFO, recóllense aqueles aspectos esenciais da situación socioeconómica de Galicia e a súa evolución na última década, así como unha análise da situación na Comunidade Autónoma nos ámbitos de actuación das prioridades estratéxicas.
- b) En segundo lugar, formúlase a estratexia comunitaria do MECEGA na comunidade galega para o septenio 2007-2013, estruturada en torno a unha árbore de obxectivos (Global, Finais e Intermedios) e os eixes de intervención.
- c) A continuación, avalíase a programación comunitaria 2007-2013 en Galicia tendo en conta a coherencia e a complementariedade do plan coa estratexia de cohesión de España e da UE.
- d) Detállase despois a relación dos Programas Operativos e a tipoloxía de gasto do MECEGA.
- e) O cadro financeiro do plan, con desagregación por Fondos, Eixes prioritarios e Obxectivos Intermedios, establecendo tamén a contribución do Marco a Estratexia de Lisboa.
- f) E finalmente, analízase a observancia dos principios transversais e a concertación social.

Así mesmo, o MECEGA é coherente coas actividades políticas e prioridades da Comunidade Autónoma de Galicia, co Marco Estratéxico Nacional de Referencia 2007-2013 (MENR), e cos eixes establecidos no Plan Nacional de Reformas 2005-2010 (PNR), así como cos principios transversais relativos á igualdade de oportunidades entre homes e mulleres, a conservación do medio ambiente e ó desenvolvemento territorial.

En resumo, o documento que se presenta a continuación propón as liñas mestras de actuación que se consideran adecuadas para facer fronte ós problemas mais relevantes para o desenvolvemento económico de Galicia, baixo unhas formulacións estratéxicas que se traducirán a nivel de detalle nos Programas Operativos cofinanciados con Fondos Comunitarios, co obxectivo de alcanzar a converxencia con España e coa Unión Europea.

José Ramón Fernández Antonio  
Conselleiro de Economía e Facenda

## **1. SITUACIÓN DE PARTIDA E ANÁLISE DAFO**



## 1. SITUACIÓN DE PARTIDA E ANÁLISE DAFO

### 1.1 Diagnóstico da evolución socioeconómica

#### 1.1.1 Territorio, patrimonio natural e análise espacial de Galicia

##### a) *Rasgos físicos*

Galicia, cos seus 29.539 Qm<sup>2</sup> de superficie, presenta un tamaño intermedio no contexto nacional, unha posición xeográfica claramente periférica nos ámbitos nacional e europeo e unha accesibilidade exterior dificultada polo carácter atlántico do seu sinuoso perímetro costeiro (1.200 Qm) e pola barreira orográfica que delimita o seu contorno oriental. A integración da altitude, da pendente e da posición xeográfica permite establecer unha primeira diferenciación territorial morfolóxica de carácter simplificado (Mapa 1):

##### a) Galicia Interior:

- Montaña interior: comprende a zona máis oriental, onde se sitúan as serras de Os Ancares, de O Caurel, Segundera, de Queixa e San Mamede, con alturas que superan lixeiramente os 2.000 m que conforma unha verdadeira muralla que dificultou dende tempos históricos a conexión coa meseta castelá.
- Mesetas e Depresións interiores: configuradas entre as serras orientais e a dorsal galega, verdadeira columna vertebral da rexión, que discorre de norte a sur con altitudes comprendidas entre os 750 e 1.200 m e que separa a Galicia interior da costeira. Esta unidade comprende áreas relativamente planas con altitudes inferiores aos 750 m: a meseta central lucense ou Terra Chá, as depresións tectónicas (As Pontes, Sarria Chantada e Lemos, ao norte, e Quiroga, Maceda, A Limia e Verín, ao sur) e os vales do Miño e os seus tributarios, entre os que destaca o Sil.


##### b) Galicia Costeira:

- Outeiros exteriores: constitúe a unidade de transición entre a dorsal galega e o litoral. Trátase dun relevo ondulado e suave con altitudes comprendidas entre os 250 e os 500 m, no que destaca o denominado Chanzo de Santiago.
- Litoral: de escaso desenvolvemento superficial, debido á estreita franxa que se sitúa por debaixo dos 250 m de altitude, pero dun grande desenvolvemento lonxitudinal. Comprende a Mariña Lucense e a Mariña Coruñesa, ao norte, e as Rías Baixas, ao sur.

O clima de Galicia presenta acusados contrastes territoriais, como consecuencia da influencia mariña e do relevo, que crean unha grande variedade de tipos climáticos: dende o subtropical ata o continental. En consecuencia aparecen moi diferentes ámbitos térmicos e pluviométricos (dende 700 mm ata preto dos 3.000 mm).

Non obstante os devanditos contrastes, pode falarse dun clima suave, en termos xerais. A seca en verán xera unha forte incidencia territorial. A aparente abundancia de chuvias, que se observa ao considerar a pluviometría total anual, desaparece ao observar que os meses máis calorosos tan só concentran entre o 10% e o 20% daquela. Polo tanto, debe resaltarse a presenza en Galicia do ámbito mediterráneo, desmitificando con iso a imaxe comunmente difundida de rexión estritamente atlántica, húmida e sempre verde.

**MAPA 1. MEDIO FÍSICO: MODELO FISIOTRÁFICO**



Por outra parte, o medio físico presenta importantes debilidades que determinan un potencial agrario limitado que frea as capacidades deste tipo de actividade para abordar unha valorización e desenvolvemento eficiente do territorio baixo un modelo a grande escala, máis aínda ante a competitividade que se esixe este tipo de modelos nun mercado globalizado.

#### **b) Patrimonio natural de Galicia**

No relativo ao patrimonio natural, cabe sinalar que Galicia é un mosaico de paisaxes no que se desencadean unha morea de lugares de interese natural como consecuencia dos seguintes feitos:

- Contraste altitudinal e entre áreas costeiras e continentais.
- Contraste climático (variados dominios climáticos de carácter atlántico, mediterráneo e continental ) e, en consecuencia, bioxeográfico.
- Elevado número de biótupos.
- Significativa presenza da auga, con excepcionais niveis de calidade, polo xeral.
- Especies animais singulares no contexto europeo (lobo, londra, marta e oso) e riqueza en avifauna.
- Paisaxes variadas e de gran calidade: bosques, rías, baías, acantilados, enseadas, cabos, lagoas, complexos dunares, prados, rede fluvial encaixada con estreitos e profundos vales.
- Dilatada presenza humana, transformando o espazo. O tradicional sistema de poboamento disperso, cunha importante difusión territorial das actividades e usos do chan, deu lugar a unha significativa e harmoniosa humanización do espazo. Deste modo, os usos tradicionais do chan forman parte indisoluble de moitos dos hábitats de interese presentes na rexión.

Os abundantes e variados espazos naturais que integran o patrimonio natural galego permiten diferenciar tres grandes ámbitos de localización: Galicia oriental, coa montaña como elemento característico; Galicia interior, co bosque como protagonista, e Galicia costeira, cunha excepcional variedade e riqueza de ecosistemas e paisaxes litorais.

A importancia do medio natural en Galicia resulta evidente, tanto pola singularidade dos seus elementos coma pola extensión territorial dos espazos de elevado valor, que pode cifrarse aproximadamente no 13% da superficie rexional.

En función dos bens e valores que hai que protexer, os espazos naturais protexidos clasifícanse nas seguintes 5 categorías:

- Os Parques nacionais e naturais son áreas naturais, pouco transformadas pola explotación ou pola ocupación humana que, en razón á beleza das súas paisaxes, a representatividade dos seus ecosistemas ou a singularidade da súa flora, da súa

fauna ou das súas formacións xeomorfolóxicas, posúen uns valores ecolóxicos, estéticos, educativos e científicos polos que a súa conservación merece unha atención preferente. Galicia conta na actualidade cun parque nacional, o *Parque nacional marítimo terrestre das Illas Atlánticas de Galicia*, composto por 4 arquipélagos, e con seis parques naturais (Táboas 1 e 2).

- Os Monumentos naturais son espazos ou elementos da natureza constituídos por formacións de notoria singularidade, rareza ou beleza que merecen ser obxecto dunha protección especial (Táboa 3) .
- Os Humidais protexidos son extensións de marismas, pantanos, turbeiras ou superficies cubertas de auga, sexan estas de réxime natural ou artificial, permanentes ou temporais, estancadas ou correntes, doces, salobres ou salgadas, incluídas as extensións de auga mariña nas que a profundidade en marea baixa non exceda dos 6 m., que á vez cumpran unha función de importancia internacional, nacional ou autonómica na conservación dos recursos naturais e que sexan declaradas como tales. Poderán comprender zonas ribeiregas, costeiras, ou adxacentes, así como as illas ou extensións mariñas de profundidade superior aos seis metros en marea baixa cando estas se encontren dentro do humidal (Táboa 4).
- As Zonas de especial protección dos valores naturais son espazos nos que, polos seus valores ou interese natural, cultural, científico, educativo ou paisaxístico, sexa necesario asegurar a súa conservación e non teñan outra protección específica. Nestas áreas poderanse seguir levando a cabo de maneira ordenada os usos e as actividades tradicionais que non vulneren os valores protexidos (Táboa 5).

Táboa 1. Parques nacionais de Galicia

| DENOMINACIÓN                                                       | MUNICIPO                                   | PROVINCIA             |
|--------------------------------------------------------------------|--------------------------------------------|-----------------------|
| Parque Nacional marítimo terrestre das Illas Atlánticas de Galicia | Vigo, Bueu, Ribeira e Vilagarcía de Arousa | Pontevedra e A Coruña |

Fonte: elaboración propia.

Táboa 2. Parques naturais de Galicia

| DENOMINACIÓN                                             | MUNICIPO                                          | PROVINCIA  |
|----------------------------------------------------------|---------------------------------------------------|------------|
| Monte Aloia                                              | Tuí                                               | Pontevedra |
| Complexo dunar de Corrubedo e lagoas de Carrexal e Vixán | Ribeira                                           | A Coruña   |
| Baixa Limia - Serra do Xurés                             | Entrimo, Lobios e Muiños                          | Ourense    |
| O Invernadeiro                                           | Vilariño de Conso                                 | Ourense    |
| Fragas do Eume                                           | Cabanas, A Capela, Monfero, Pontedeume, As Pontes | A Coruña   |
| Serra da Enciña da Lastra                                | Rubiá                                             | Ourense    |

Fonte: elaboración propia.

Táboa 3. Monumentos naturais de Galicia

| DENOMINACIÓN          | MUNICIPO        | PROVINCIA  |
|-----------------------|-----------------|------------|
| A Fraga de Catasós    | Lalín           | Pontevedra |
| O Souto da Retorta    | Viveiro         | Lugo       |
| O Souto de Rozabales  | Manzaneda       | Ourense    |
| A Costa de Dexo       | Mera            | A Coruña   |
| A praia das Catedrais | Ribadeo         | Lugo       |
| A Carballa da Rocha   | Rairiz de Veiga | Ourense    |

Fonte: elaboración propia.

Táboa 4. Humidais protexidos de Galicia

| DENOMINACIÓN                                                                  | MUNICIPO                                                       | PROVINCIA  |
|-------------------------------------------------------------------------------|----------------------------------------------------------------|------------|
| Ría de Ribadeo                                                                | Ribadeo e Trabada                                              | Lugo       |
| Ria de Ortigueira e Ladrado                                                   | Cariño e Ortigueira                                            | A Coruña   |
| Lagoa e Areal de Valdoviño                                                    | Valdoviño                                                      | A Coruña   |
| Complexo das praias, lagoa e duna de Corrubedo                                | Ribeira                                                        | A Coruña   |
| Complexo intermareal Umia-O Grove, A Lanzada, Punta Carreirón e Lagoa Bodeira | Illa de Arousa, Cambados, Ribadumia, Meaño, Sanxenxo e O Grove | Pontevedra |

Fonte: elaboración propia.

Táboa 5. Zonas de especial protección dos valores naturais de Galicia

| DENOMINACIÓN                                                                  | MUNICIPIO                                                                                                                                                          | PROVINCIA           |
|-------------------------------------------------------------------------------|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|---------------------|
| Ria de Ortigueira e Ladrado                                                   | Cariño e Ortigueira                                                                                                                                                | A Coruña            |
| Ortigueira-Mera                                                               | Cariño, Cerdido, Ortigueira, As Pontes e As Somozas                                                                                                                | A Coruña            |
| Costa de Ferrolterra-Valdoviño                                                | Ferrol, Narón e Valdoviño                                                                                                                                          | A Coruña            |
| Costa Ártabra                                                                 | Cariño, Cedeira, Ferrol, Narón, Valdoviño, Ortigueira, Ares e Mugardos                                                                                             | A Coruña            |
| Fragas do Eume                                                                | Cabanas, A Capela, Monfero, Pontedeume, As Pontes                                                                                                                  | A Coruña            |
| Encoro de Abegondo-Cecebre                                                    | Cambre, Carral, Abegondo, Betanzos, Oza dos Ríos                                                                                                                   | A Coruña            |
| Costa da Morte (Norte)                                                        | Cabana de Bergantiños, Camariñas, Carballo, Laxe, Malpica e Ponteceso                                                                                              | A Coruña            |
| Costa da Morte                                                                | Arteixo, Cabana de Bergantiños, Camariñas, Carballo, Cee, Fisterra, A Laracha, Laxe, Malpica, Muxía, Ponteceso e Vímianzo                                          | A Coruña            |
| Complexo litoral Corrubedo                                                    | Porto do Son e Ribeira                                                                                                                                             | A Coruña            |
| Complexo húmido Corrubedo                                                     | Porto do Son e Ribeira                                                                                                                                             | A Coruña            |
| Betanzos-Mandeo                                                               | Aranga, Bergondo, Betanzos, Coirós, Irixoa, Miño, Paderne e Oza do Ríos                                                                                            | A Coruña            |
| Carnota-Monte Pindo                                                           | Carnota e Muros                                                                                                                                                    | A Coruña            |
| Costa de Dexo                                                                 | Carnota, Mazaricos, Cee e Dumbria                                                                                                                                  | A Coruña            |
| Estaca de Bares                                                               | Oleiros                                                                                                                                                            | A Coruña            |
| Esteiro do Tambre                                                             | Mañón e Ortigueira                                                                                                                                                 | A Coruña            |
| Monte e lagoa de Louro                                                        | Brión, Negreira, Noia, Outes e Porto do Son                                                                                                                        | A Coruña            |
| Xubia-Castro                                                                  | Carnota e Muros                                                                                                                                                    | A Coruña            |
| Serra do Careón                                                               | A Capela, Moeche, Narón, Neda, San Sadurniño, As Somozas e As Pontes                                                                                               | A Coruña            |
| Rio Anllóns                                                                   | Melide, Santiso, Toques, Friol e Palas de Rei                                                                                                                      | A Coruña/Lugo       |
| Rio Tambre                                                                    | Cabana de Bergantiños, Ponteceso, Coristanco e Carballo                                                                                                            | A Coruña            |
| Ancares-Courel                                                                | Tordoia, Ordes, Mesía, Trazo, Oroso, Frades, Santiago de Compostela e O Pino                                                                                       | Lugo                |
| Ribadeo                                                                       | Becerreá, Cervantes, Folgoso do Courel, O Incio, Navia de Suarna, As Nogais, Pedrafita do Cebreiro, A Pobra de Brollón, Quiroga, Samos, Triacastela e Ribas do Sil | Lugo                |
| Rio Eo                                                                        | Ribadeo                                                                                                                                                            | Lugo                |
| Parga-Ladra-Támoga                                                            | Fonsagrada, A Pontenova, Ribadeo, Ribeira de Piquín, Trabada, Riotorto e Meira                                                                                     | Lugo                |
| A Marronda                                                                    | Begonte, Cospeito, Guitiriz, Outeiro de Rei, Rábade, Vilalba, Xermade, Abadín, Castro de Rei, Lugo e Friol                                                         | Lugo                |
| As Catedrais                                                                  | Baleira e A Fonsagrada                                                                                                                                             | Lugo                |
| Carballido                                                                    | Barreiros e Ribadeo                                                                                                                                                | Lugo                |
| Crúzul-Agüeira                                                                | A Fonsagrada, A Pontenova e Ribeira de Piquín                                                                                                                      | Lugo                |
| Monte Faro                                                                    | Becerreá e As Nogais                                                                                                                                               | Lugo                |
| Monte Maior                                                                   | Carballido, Chantada e Rodeiro                                                                                                                                     | Lugo                |
| Negreira                                                                      | Viveiro e Xove                                                                                                                                                     | Lugo                |
| Ría de Foz                                                                    | Negreira de Muñiz                                                                                                                                                  | Lugo                |
| Ría de Foz-Masma                                                              | Barreiros e Foz                                                                                                                                                    | Lugo                |
| Rio Landro                                                                    | Barreiros, Foz, Lourenzá e Mondoñedo                                                                                                                               | Lugo                |
| Rio Ouro                                                                      | Ouro e Viveiro                                                                                                                                                     | Lugo                |
| Canón do Sil                                                                  | Alfoz, Foz e O Valadouro                                                                                                                                           | Lugo                |
| Serra do Xistral                                                              | Pantón, Sober, Nogueira de Ramuín e Parada de Sil                                                                                                                  | Lugo/Ourense        |
| Río Cabe                                                                      | As Pontes, Abadín, Alfaz, Mondoñedo, Muras, O Valadouro, Orol, Vilalba, Xermade, Xove, Viveiro e Cervo                                                             | Lugo/A Coruña       |
| Costa Mariña Occidental (ZEPA)                                                | Bóveda, O Incio, Monforte de Lemos, Pobra de Brollón, Pantón e Sober                                                                                               | Lugo                |
| Costa Mariña Occidental (LIC)                                                 | O Vicedo, Viveiro, Xove e Cervo                                                                                                                                    | Lugo                |
| Baixa Limia-Serra do Xurés                                                    | O Vicedo, Viveiro, Xove e Cervo                                                                                                                                    | Lugo                |
| Baixa Limia                                                                   | Entrimo, Lobios e Muíños                                                                                                                                           | Ourense             |
| Macizo Central                                                                | Bande, Calvos de Randín, Entrimo, Lobeira, Lobios, Muíños, Padrenda, Quintela de Leirado e Vereá                                                                   | Ourense             |
| Bidueiral de Montederramo                                                     | O Bolo, Chandrexa de Queixa, Laza, Manzaneda, A Pobra de Trives, Viana do Bolo, Vilariño de Conso, Quiroga, Larouco e Montederramo                                 | Ourense/Lugo        |
| Pena Veidosa                                                                  | Montederramo e Vilar de Barrio                                                                                                                                     | Ourense             |
| Río Tamega                                                                    | San Cristovo de Cea e Carballido                                                                                                                                   | Ourense/Lugo        |
| Veiga de Ponteliñares                                                         | Castrelo do Val, Laza, Monterrei, Verín e Oimbra                                                                                                                   | Ourense             |
| Pena Trevinca                                                                 | Porqueira e Rairiz de Veiga                                                                                                                                        | Ourense             |
| Pena Maseira                                                                  | Carballada de Valdeorras, A Veiga, Viana do Bolo, Manzaneda e O Bolo                                                                                               | Ourense             |
| Serra da Enciña da Lastra                                                     | A Gudiña e A Mezquita                                                                                                                                              | Ourense             |
| Illas Cies                                                                    | Rubí                                                                                                                                                               | Ourense             |
| Sistema fluvial Ulla-Deza                                                     | Vigo                                                                                                                                                               | Pontevedra          |
| Río Lerez                                                                     | Catoira, A Estrada, Pontecesures, Silleda, Valga, Vila de Cruces, Boqueixón, Dodro, Padrón, Rianxo, Teo, Touro, Vedra, Brión, Rois e Ames                          | Pontevedra/A Coruña |
| A Ramallosa                                                                   | Pontevedra, Campo Lameiro e Cotobade                                                                                                                               | Pontevedra          |
| Complexo intermareal Umia-O Grove, A Lanzada, punta Carreirón e lagoa Bodeira | Baiona e Nigrán                                                                                                                                                    | Pontevedra          |
| Illas de Ons                                                                  | Cambados, Illa de Arousa, Sanxenxo, Meaño, Ribadumia, O Grove e Bueu                                                                                               | Pontevedra          |
| Complexo Ons-O Grove                                                          | Bueu                                                                                                                                                               | Pontevedra          |
| Monte Aloia                                                                   | Bueu, Cambados, O Grove, A Illa de Arousa, Meaño, Sanxenxo e Ribadumia                                                                                             | Pontevedra          |
| Rio Tea                                                                       | Tui                                                                                                                                                                | Pontevedra          |
| Esteiro do Miño                                                               | Covelo, Fornelos de Montes, Mondariz, Mondariz-Balneario, Pontearas e Salvaterra do Miño                                                                           | Pontevedra          |
| Baixo Miño                                                                    | A Guarda e O Rosal                                                                                                                                                 | Pontevedra          |
| Brañas de Xestoso                                                             | A Guarda, O Rosal, Salvaterra do Miño, Tomiño, Tui, As Neves, Arbo, Crecente, A Cañiza e Padrenda                                                                  | Pontevedra          |
| Cabo Udra                                                                     | A Estrada, Forcarei e Silleda                                                                                                                                      | Pontevedra          |
| Costa da Vela                                                                 | Bueu e Cangas                                                                                                                                                      | Pontevedra          |
| Gándaras de Budiño                                                            | Cangas                                                                                                                                                             | Pontevedra          |
| Illas Estelas                                                                 | O Porriño, Salceda de Caselas e Tui                                                                                                                                | Pontevedra          |
| Serra do Candán                                                               | Nigrán                                                                                                                                                             | Pontevedra          |
| Serra do Cando                                                                | Forcarei, Lalín, Silleda, Beariz e O Irixo                                                                                                                         | Pontevedra/Ourense  |
| Sobreirais do Arneio                                                          | Cerdedo, Cotobade, Forcarei, A Lama e Beariz                                                                                                                       | Pontevedra/Ourense  |
| Enseada de San Simón                                                          | Agolada, Lalín e Vila de Cruces                                                                                                                                    | Pontevedra          |
|                                                                               | Redondela, Soutomaior, Vilaboa, Moaña e Pontevedra                                                                                                                 | Pontevedra          |

Fonte: elaboración propia.

**c) A inserción de Galicia no espazo europeo**


A pesar de estar situada nunha posición central por mar, na fachada atlántica de Europa, e ser unha rexión estratéxica do tráfico marítimo no extremo suroccidental, Galicia ocupa unha posición periférica na estrutura espacial da Unión Europea atopándose moi afastada no oeste.

Galicia comparte con Portugal esta característica de centralidade marítima e distancia territorial e atópase estreitamente conectada coa rexión Norte de Portugal, cuxa estrutura de poboación en torno á grande área metropolitana de Porto encaixa de forma natural coa dorsal atlántica galega.

A estrutura territorial de Europa mostra unha importante concentración en torno ao grande núcleo central constituído por tres grandes vértices: Gran Manchester-Londres, París e Colonia-Düsseldorf-Valle del Rhur. Galicia e o Norte de Portugal atópanse en lonxitudes bastante occidentais con respecto a esa área central europea. Están moi afastadas por vía terrestre dada a profundidade do Golfo de Vizcaya e, aínda que moi próximas por vía marítima á Canle da Mancha e a costa holandesa, a posición de Galicia e o Norte de Portugal está claramente situada na periferia atlántica da Unión Europea.

Esta situación pode apreciarse así mesmo no mapa da estrutura territorial de Europa, construído conforme á técnica dos potenciais de poboación (Mapa 2).

MAPA 2. A ESTRUCTURA DO ESPAZO EN EUROPA




A clara adscripción de Galicia e a rexión Norte de Portugal ao espazo atlántico periférico da UE móstrase tanto pola súa situación á marxe (suroccidental) da envolvente dos potenciais de 300.000 habitantes/Qm, envolvente á que se aproximan as áreas de Cantabria-País Vasco e Barcelona nos extremos nororientais da península, como pola súa posición na propia estrutura espacial da Península Ibérica, onde mostran unha clara

pertenza atlántica (a metade occidental), cunha lonxitude oeste superior á de Inglaterra, Gales e o Finisterre francés e solo comparable á da metade occidental de Irlanda.

As anteriores características de conexión de Galicia e a rexión Norte de Portugal no extremo noroccidental da Península Ibérica poden apreciarse con claridade no Mapa 3, que ofrece o detalle da estrutura espacial da península.

**MAPA 3. A ESTRUCTURA DO ESPAZO NA PENÍNSULA IBÉRICA**




Tanto este mapa, como o elaborado especialmente para Galicia e a rexión Norte de Portugal (Mapa 4), mostran a directa conexión entre ambas as dúas estruturas de poboación, se ben debe resaltarse que:

- A estrutura galega, cos seus núcleos interiores de vertebración, ten un carácter menos centralizado que a rexión Norte en torno a Porto.

- A conexión atlántica do territorio galego non se limita ao eixe A Coruña-Santiago-Vigo, senón que a metade meridional de Galicia, en particular a cidade de Ourense, mostra unha clara vinculación coas estruturas poboacionais do norte de Portugal.

Estas relacións, xa postas de manifesto nos estudos da Comisión Europea sobre o espazo atlántico, atopan respaldo na consideración das conexións Galicia-Portugal como prioridade das redes transeuropeas de transportes.

**MAPA 4. A ESTRUCTURA DO ESPAZO EN GALICIA E NORTE DE PORTUGAL**



### 1.1.2 Evolución dos factores de desenvolvemento estrutural

#### a) **Transporte: equilibrio territorial e accesibilidade**

Un dos factores máis relevantes da competitividade económica é o grao de desenvolvemento da rede de infraestruturas, que condiciona a accesibilidade do territorio, así como o da rede loxística e da mobilidade.

No caso de Galicia, o desenvolvemento das infraestruturas de transporte como elemento de fomento do equilibrio territorial cobra especial relevancia dada a súa situación xeográfica e as súas características territoriais: accidentada orografía e intensiva división minifundista do terreo, así como unha poboación dispersa que se distribúe en case 30.000 entidades singulares, que representan aproximadamente a metade das existentes en todo o territorio nacional.

Estas singulares características explican o desequilibrio que existe na distribución das redes de transporte, dados os elevados custos de creación de infraestruturas que dificultan o aproveitamento de vantaxes económicas (economías de escala, optimización dos custos de loxística, etc.) das que gozan outros territorios con núcleos de poboación máis centralizados. Así mesmo, existe unha alta dependencia do transporte por estrada tanto de pasaxeiros coma de mercadorías, o cal repercute negativamente sobre o medio e incrementa o déficit exterior polas conseguíntes importacións de petróleo.

A continuación, expóñense algúns datos ilustrativos acerca da situación do sistema galego de transportes, nas súas vertentes portuaria, aeroportuaria, viaria e ferroviaria.

No que respecta ao *transporte marítimo*, Galicia dispón dunha rede portuaria activa, ben comunicada e cun longo percorrido en desenvolvemento e integración, pola súa situación xeográfica estratéxica, nas redes transeuropeas, fundamentalmente na "autoestrada do mar" de Europa occidental. As comunicacións de carácter intermodal resultan aínda insuficientes, ao igual que a existencia de plataformas loxísticas que contribúan á dinamización da actividade empresarial da rexión.

Cabe destacar que o 60,67% da poboación total das provincias de A Coruña, Lugo e Pontevedra reside en concellos que contan con instalacións portuarias, e unha grande parte desa poboación desenvolve actividades directa ou indirectamente relacionadas co sector marítimo. Esta notable relevancia da actividade portuaria reflíctese no volume de tráfico portuario de mercadorías de Galicia, que representa un 13,4%<sup>1</sup> da tonelaxe nacional, ocupando o cuarto posto no ranking nacional, tras Cataluña, Andalucía e Canarias. En pesca, Galicia é líder indiscutible, rexistrando o 60,8%<sup>2</sup> do total de pesca desembarcada en España, e preto do 100% da pesca conxelada.

---

<sup>1</sup> Volume de tráfico portuario correspondente aos Portos do Estado localizados na Comunidade Autónoma de Galicia, en relación ao resto de Portos do Estado do territorio nacional.

<sup>2</sup> Porcentaxe do tráfico pesqueiro correspondente aos Portos do Estado localizados na Comunidade Autónoma de Galicia, en relación ao resto de Portos do Estado do territorio nacional.

A natureza do tráfico portuario difire entre os diferentes portos galegos. Así, na provincia de A Coruña móvese fundamentalmente mercadoría a granel líquido (fundamentalmente produtos petrolíferos) e sólido, sendo os Portos de A Coruña e o de Ferrol, os que máis toneladas transportan deste tipo de mercadoría, aproximadamente o 90% da comunidade galega. Con respecto ao tráfico de colectores, o porto de Vigo é, con diferenza, o que maior tráfico representa dentro de Galicia, concentrando aproximadamente o 90% do total.

Con respecto aos portos deportivos e de recreo, Galicia no 2004 xa dispoñía de aproximadamente o 9% dos portos deportivos de España e do 7% das prazas de amarre. Na actualidade existen actuacións en marcha para promover a ampliación do número de amarres galegos en torno a un 53% ata o 2007, incremento que se materializa fundamentalmente naqueles portos xestionados directamente pola comunidade galega, cun crecemento previsto do 91%.

A rede portuaria seguirá ampliándose unha vez finalícense os proxectos dos portos exteriores de Ferrol e de A Coruña, que centralizarán entre ambos os dous o transporte de mercadorías, favorecendo o asentamento industrial e a intermodalidade, actuando como un grande estímulo ao investimento privado. A estes proxectos súmanselle novas plataformas loxísticas e portos secos: a construción dunha área loxística en torno ao Porto de Vigo (Salvaterra), así como outros proxectos en marcha na comunidade galega, tales como a área de Begonte, que dará cobertura aos portos de A Coruña e Ferrol, o porto seco de Monforte e a plataforma loxística da que disporá o porto exterior de A Coruña, que estará comunicado cos principais polígonos industriais galegos e nacionais por ferrocarril e estrada.

No que respecta á *rede aeroportuaria*, o tráfico aéreo de pasaxeiros incrementouse en Galicia a un ritmo máis acelerado que no resto do territorio nacional. A rede aeroportuaria galega ofrece ampla cobertura á poboación, xa que sitúa algún dos tres aeroportos que a compoñen a menos dunha hora dos principais núcleos de poboación. Non obstante, este factor positivo vese diminuído polos baixos niveis de especialización e de complementariedade existentes entre eles e o seu reducido tráfico relativo de pasaxeiros e mercadorías.

Galicia conta con tres aeroportos, dous deles fundamentalmente nacionais: A Coruña e Vigo, e un internacional: Santiago de Compostela. O tráfico de aeronaves, pasaxeiros e mercadorías destes tres aeroportos supón arredor dun 2% da actividade aeroportuaria nacional. Os aeroportos de Galicia no período 2002-2005 rexistraron un incremento medio de pasaxeiros do 50,3%, superior ao rexistrado pola media nacional (26,7%). O transporte de mercadorías, caracterizouse por unha redución de tráfico nos aeroportos de A Coruña (-12,3%) e Santiago (-18,4%) en favor dun incremento do 18% no aeroporto de Vigo.

Polo que se refire ao *transporte por estrada*, nos últimos anos, Galicia incrementou en maior medida que a media nacional, os quilómetros da súa rede viaria, mellorando a seguridade e acceso a estas.

España entre 1993 e 2004 aumentou a súa rede de estradas de dobre calzada, autovías e autoestradas nun 68%, mentres que Galicia o fixo nun 245%. A rede viaria galega durante o período en cuestión, multiplicou por máis do triplo os quilómetros de autovías e autoestradas (de 216 Qm. a 739 Qm.), finalizou as conexións coa meseta, o Eixe Atlántico (Ferrol - Fronteira Portuguesa - Lisboa) ao igual que a autovía Vigo-Baiona; o corredor de Lalín - Monforte, Vía Galega do Barbanza, a Vía Galega do Salnés, autoestrada A Coruña- Carballo e por último a autoestrada Santiago-Ourense, co tramo Dozón-Ourense, aínda en construción.

O investimento per cápita en estradas de Galicia durante os últimos anos é así mesmo superior á rexistrada a nivel nacional, alcanzando en 2004 os 169,39 €, fronte aos 133,77 € de media do resto de España.

No que respecta ao *transporte ferroviario* galego, a densidade de quilómetros de vías en funcionamento en 2004 alcanzaba os 3,5 Qm. por cada 100 Qm<sup>2</sup> de territorio, fronte a unha media nacional de 2,9 Qm. por cada 100 Qm<sup>2</sup>. Se se relaciona este dato coa poboación, o dato é favorable así mesmo para Galicia con 0,4 Qm. de vías por cada 1000 habitantes fronte un 0,3 a nivel nacional. Non obstante, móstrase enganoso se se considera a elevada densidade da poboación da rexión respecto a España, que no 2004 era respectivamente de 93,7 fronte a 87,3 habitantes/ Qm<sup>2</sup>, xunto á elevada dispersión desta, posto que se distribúe en preto de 30.000 lugares.

A situación actual do sistema ferroviario de Galicia caracterízase de igual xeito por un excesivo número de pasos a nivel, así como por presentar un trazado ferroviario composto na súa maior parte de vía única, sendo minoritarios os tramos de dobre vía. Ambos os dous factores xogan en contra da seguridade do sistema ferroviario, así como da súa eficiencia.

Os servizos que se prestan ata a data, en relación ao tráfico de pasaxeiros, son susceptibles de mellora en termos de tempo e presentan unha reducida complementariedade con estacións de autobuses, fundamentalmente nos casos de Santiago de Compostela e Vigo, entre outros. En relación ao tráfico de mercadorías, cabe destacar a existencia de colos de botella (Monforte de Lemos) con destino ao resto de España, o que resta eficiencia e axilidade ao sistema ferroviario como rede loxística da rexión.

A rede ferroviaria carece de servizos de altas prestacións e de conexión con estas, especialmente no contexto da rede transeuropea de transportes. Neste sentido, resulta imprescindible acometer actuacións encamiñadas a mellorar a accesibilidade do territorio galego por medios alternativos á estrada que doten á rexión de infraestruturas de vangarda habilitadas para o transporte de viaxeiros e mercadorías e que a vinculen cos territorios veciños de forma rápida, eficiente e sostible como vía de conexión co resto da Península e o centro da UE, cada vez situada máis cara ao Leste.

**b) Enerxías: renovables, transporte público limpo e obxectivos de Kyoto**

Un desenvolvemento rexional sostible necesita un sector enerxético eficaz, competitivo e diversificado. A política de cohesión para o novo período 2007-2013 da Unión Europea outorga unha importancia especial á mellora da seguridade e calidade da distribución de enerxía, así como a redución dos custos enerxéticos. Tamén forman parte desta prioridade as fontes de enerxía renovables e a mellora das redes de enerxía.

Neste sentido, a política enerxética da UE concede un amplo protagonismo á sostibilidade e á utilización racional das enerxías dende o punto de vista ambiental, fomentando a redución gradual do uso de enerxías fósiles a favor das xeradas polas forzas da natureza: vento, sol, auga, entre outros elementos renovables.

Galicia é excedentaria en produción enerxética: rexistra en 2004 o 10,3% da produción bruta eléctrica nacional e o seu consumo representa o 7,4% do total nacional. As tres cuartas partes da enerxía que se produce en Galicia proceden de recursos autóctonos e aproximadamente o 40% da electricidade xerada transfírese ao resto do territorio nacional.

Galicia conta con dous das principais centrais térmicas de carbón a nivel nacional e europeo, como son a de As Pontes e Meirama, que entre ambas as dúas producen en torno ao 19% da produción nacional procedente deste tipo de fonte de enerxía. A produción de enerxía eléctrica de Galicia no ano 2003 provén nun 46% do carbón, un 28,67% da hidráulica, un 11,45% da eólica, un 10,54% da coxeración, un 0,6% da biomasa e residuos de biomasa, un 1,9% de produtos petrolíferos e un 0,84% doutras fontes.

O territorio nacional no seu conxunto produce, pola súa parte, un 23,3% da enerxía que consume, e importa principalmente carbón, petróleo e gas natural, mostrándose autosuficiente no resto de fontes de enerxía tales como hidráulica, eólica e solar.

A produción de enerxías renovables en Galicia representa unha parte considerable dentro do total nacional, destacando especialmente na produción de enerxía eólica, que a converte neste sentido na sexta rexión a nivel mundial e cuarta europea. Concretamente, achega o 25,3% da xeración bruta eléctrica nacional eólica, da biomasa e residuos e o 18,7% da enerxía hidráulica.

En canto á enerxía consumida na rexión, esta procede fundamentalmente do petróleo (57,3%), do carbón (25,7%) e de fontes renovables (11,2%). O 24% da enerxía consumida en Galicia obtense de fontes de enerxía autóctonas e o 76% restante de importacións, principalmente de petróleo. No conxunto de España, a principal fonte enerxética é o petróleo, cun 59%, seguida do gas natural, cun 16,1%. As fontes renovables de enerxía representan en torno a un 3,6% do total e a enerxía nuclear un 12%.

A eficiencia enerxética de España, no período 2003, é inferior á media da UE-25, representando o 8% do consumo enerxético total da UE-25 fronte a un 7,8% do peso no PIB total. Galicia, con respecto a España, tamén mostra signos de ineficiencia enerxética, posto que consume proporcionalmente máis enerxía que a achega do seu PIB ao conxunto nacional, concretamente, un 7,2% fronte a un 5,2% respectivamente. A industria metalúrxica instalada en Galicia contribúe de forma moi relevante a este feito.

**c) Medio ambiente e desenvolvemento sostible**

A Estratexia de Lisboa renovada, así como a súa aplicación nos Estados membros segue poñendo de manifesto o papel do medio ambiente no crecemento, a competitividade e o emprego, nun ámbito de esgotamento de recursos naturais, de incrementos do prezo do petróleo e de desastres naturais como consecuencia do cambio climático.

Para loitar contra o cambio climático estableceuse a nivel internacional o Protocolo de Kyoto, o obxectivo da cal é reducir as emisións de CO<sub>2</sub> á atmosfera por parte das empresas. A iso únense os Obxectivos de Lisboa e Gotemburgo de redución do 10% na emisión de gases contaminantes e de incremento do consumo de enerxías renovables.

No ámbito da política de cohesión, a Unión Europea trata de fomentar no territorio comunitario o desenvolvemento económico sostible e equilibrado, o crecemento do emprego e os recursos humanos, a protección e a mellora do medio ambiente, a eliminación das desigualdades e a promoción da igualdade de oportunidades.

O territorio galego, na súa maioría, está en mans de propiedade privada e caracterízase por un elevado minifundismo. Estes dous feitos, xunto a unha elevada dispersión da poboación, limitan severamente as accións de protección ambiental na comunidade galega.

En relación ao gasto de investimento e corrente empresarial en protección do medio ambiente, as empresas no ámbito nacional destinaban no ano 2003 aproximadamente un 13,4% e un 50,2% máis de gasto respectivamente que no ano 2000. As empresas galegas tamén aumentaron o seu gasto de investimento corrente para o mesmo período, pero fixérono de xeito máis moderado, cun 2,9% e un 36,6%. No mesmo período, Galicia inverteu proporcionalmente máis que España en equipos e instalacións independentes destinados a reducir a contaminación en materia de augas residuais, cun 34,3% do investimento fronte a un 32,8% de España, en chans e augas subterráneas cun 5,1% fronte a un 4,5%, en ruídos e vibracións, cun 3,7% fronte a un 3,6% e en natureza, cun 19,7% fronte a un 8,2% do gasto en investimento nacional.

A presenza do tecido industrial, fundamentalmente ao longo do eixe costeiro da rexión, unido á presión poboacional na área, xera un grande volume de residuos que repercute negativamente sobre a situación ambiental de ecosistemas únicos como as rías galegas, as cales presentan nalgúns casos considerables problemas de saneamento.

A dispersión da poboación, así como a concentración desta na fachada atlántica e o progresivo despoboamento do medio rural xera problemas asociados á conservación da paisaxe de Galicia, de modo destacado no interior da comunidade.

En canto á emisión de gases contaminantes a Administración Xeral do Estado, baseándose no criterio de repartición equitativa estimada en función da achega ao PIB de cada comunidade autónoma, repartiu menos de 14 millóns de toneladas de emisións de CO<sub>2</sub> entre as 47 industrias galegas afectadas para o ano 2005. A industria galega emite actualmente máis de 21 millóns de toneladas anuais de dióxido de carbono (CO<sub>2</sub>), a diferenza (case sete millóns de toneladas de CO<sub>2</sub> ao ano) haberá de eliminarse por medio

de recortes de produción; do investimento en tecnoloxía menos contaminante; ou da compra de dereitos de CO<sub>2</sub> no mercado europeo a un prezo de entre 10 e 40 euros por tonelada. Estas emisións proceden fundamentalmente da actividade das centrais térmicas eléctricas situadas en Meirama e As Pontes.

Ademais, o sector industrial da rexión atópase estreitamente vinculado ao sector enerxético, o que xerou unha sobreexplotación dos sistemas fluviais (no caso da enerxía hidroeléctrica) e unha elevada taxa de emisións de dióxido de carbono (no caso da térmica).

Entre 1990 e 2004 os Espazos Naturais Protexidos de Galicia pasaron de representar un 0,04% da superficie total a un 13,06%, o que demostra o grande esforzo realizado no período en materia de conservación das zonas protexidas en Galicia.

A superficie forestal afectada polos incendios representaba en 1991 en Galicia un 5% do total da superficie forestal afectada de España e no 2004 un 24%, consecuencia da redución da superficie forestal afectada de España nun 48% e ao crecemento de aproximadamente o 150% da superficie forestal galega afectada. Estes datos reflicten a elevada vulnerabilidade da rexión galega aos incendios, rexistrando no 2005 o 38% dos incendios totais do territorio nacional, así como o 24% do total de hectáreas afectadas a nivel nacional. A tendencia dos últimos catorce anos reflicte un crecemento medio anual no número de incendios do 11,5% en Galicia, fronte a un 6,1% do resto do territorio nacional. Este factor cobrou aínda maior relevancia como consecuencia dos importantes incendios rexistrados en agosto de 2006 na rexión, os cales, sumados aos producidos dende xaneiro alcanzaron segundo datos do Ministerio de Medio Ambiente o 69,23% do total da superficie forestal española incendiada.

No que respecta aos *recursos hídricos*, en Galicia están presentes seis cuncas hidrográficas: Cunca Miño-Sil, Cunca Galicia-Costa, Limia, Támega, Eo e Navia cunha capacidade total de 3.182,07 Hm<sup>3</sup>, sendo a primeira delas a que rexistra un 73,26% da capacidade rexional das cuncas xestionadas polo organismo autónomo Augas de Galicia, dependente da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible de Galicia. O grao de ocupación é do 88,2%, segundo os últimos datos de decembro de 2006.

Existen, neste ámbito, catro marcos de actuación diferenciados: o Plan Hidrolóxico de Galicia-Costa, Plan Hidrolóxico do Duero e o Plan Hidrolóxico Norte e Miño-Limia. O Plan Hidrolóxico de Galicia-Costa comprende as cuncas que se atopan integramente no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia e que son as correspondentes aos ríos vertentes ao mar Cantábrico, agás a dos ríos Eo e Navia; e as cuncas vertentes ao Océano Atlántico coa exclusión dos sistemas Miño-Sil e río Limia, por ser estas cuncas intercomunitarias e internacionais, integradas na Confederación Hidrográfica do Norte (Mapa 5).

Mapa 5. Demarcacións Hidrográficas



Fonte: elaboración propia

De acordo ao Plan Hidrolóxico de Galicia-Costa, a achega media anual na área de Galicia Costa ascende a uns 12.642 Hm<sup>3</sup>, o que representa unha achega específica de 967 mm/ano. Deste volume, os recursos dispoñibles garantidos para usos consuntivos non hidroeléctricos, coas infraestruturas de aproveitamento actuais, elévanse a 1.367 Hm<sup>3</sup>/ano, cifra que constitúe un 10,8% do total. O feito de que soamente un 10,8% do recurso hidrolóxico total sexa dispoñible prodúcese pola pouca regulación existente nos ríos, o que o fai especialmente sensible aos períodos de escaseza por secas.

No ámbito das cuncas hidrográficas de Galicia-Costa hai un total de 23 encoros cun volume de regulación de 698 Hm<sup>3</sup>. Segundo o uso principal ao que se designa o recurso regulado por volumes embalsados, se pode dicir que 606 Hm<sup>3</sup> son para produción de enerxía eléctrica, 28 Hm<sup>3</sup> son para usos industriais e 64 Hm<sup>3</sup> para o abastecemento urbano. Destes vinte e tres encoros, oito teñen primordialmente un uso de abastecemento urbano, seis son encoros de uso industrial e nove utilízanse para a produción de enerxía.

No ámbito territorial de Galicia-Costa, non existen transvasamentos de recursos entre cursos fluviais, aínda que si existen demandas, de pequena entidade, satisfeitas dende o ámbito territorial de Galicia-Costa á Confederación Hidrográfica do Norte, e viceversa.

No Plan Hidrolóxico de Galicia-Costa, a demanda total de recurso para uso consuntivo ascende a 899 Hm<sup>3</sup>/ano. O regadío sitúase como a demanda principal da auga cun valor anual de 549 Hm<sup>3</sup>/ano. O seguinte uso consuntivo é o abastecemento de auga

aos núcleos de poboación a demanda da cal, ascende a 227 Hm<sup>3</sup>/ano. En último lugar sitúase a demanda para usos industriais cun valor de 123 Hm<sup>3</sup>/ano.

As cuncas en que os volumes utilizados para usos urbanos son maiores, correspóndense con aquelas onde se asentan as grandes cidades: cunca do río Ulla (Santiago), cunca do río Lérez (Pontevedra), cunca da ría de Ferrol (Ferrol), cunca da ría de A Coruña (A Coruña) e cunca da ría de Vigo (Vigo). As cuncas que utilizan maiores volumes de auga en uso industrial son as da ría de Pontevedra, onde destaca Marín (Empresa Nacional de Celulosas), o río Eume en As Pontes (Central térmica) e a ría de Vigo. O uso non consuntivo do recurso adquire grande importancia no ámbito do Plan Hidrolóxico de Galicia-Costa, onde os aproveitamentos de augas para usos hidroeléctricos son frecuentes en todas as cuncas tanto en grandes centrais coma en minihidráulica.

Os recursos das cuncas dos ríos Miño e Sil e a parte española da cunca do río Limia, están acollidos ao Plan Hidrolóxico Norte, xestionado polo Ministerio de Medio Ambiente. Os recursos anuais medios ascenden, nesta zona, a 11.235 Hm<sup>3</sup>/ano. Na súa área territorial localízanse 47 encoros, 36 dos cales teñen máis de 1 Hm<sup>3</sup> de capacidade.

O principal uso consuntivo da auga no ámbito deste Plan é o regadío, cunha demanda admitida de 475 Hm<sup>3</sup>/ano. O abastecemento urbano sitúase en segundo lugar polo seu volume de consumo, 77 Hm<sup>3</sup>/ano, seguido dos usos industriais, 65 Hm<sup>3</sup>/ano. Entre os usos non consuntivos destaca o aproveitamento hidroeléctrico. Existen cincuenta e catro centrais hidroeléctricas en funcionamento cunha potencia instalada de 2,6 Gw e unha produción media de 7.000 Gwh, o que supón en ambas as dúas magnitudes o 15% do total hidroeléctrico nacional.

Existen Convenios de Colaboración asinados entre a Consellería de Medio Ambiente e a Confederación Hidrográfica do Norte, nos que se desenvolven actuacións en materia de infraestruturas hidráulicas, restauración hidrolóxica forestal, de rexeneración de canles e protección de zonas e enclaves naturais relacionados co medio fluvial.

Galicia avanza cara a un modelo sostible de xestión da auga, tanto dende o punto de vista do abastecemento coma do saneamento de augas residuais. O reto de cumprir os obxectivos que fixa a normativa reguladora na materia marca as actuacións e os traballos que se están a desenvolver dende o organismo autónomo Augas de Galicia.

A Directiva Marco da Auga (DMA) establece un calendario de actuacións para a súa correcta implementación. A administración hidráulica de Galicia está a desenvolver as actuacións precisas para a elaboración do programa de traballos do Plan de Xestión da Demarcación Hidrográfica. En paralelo, trabállase para o establecemento da Rede de seguimento do estado das augas superficiais, subterráneas e das zonas protexidas; tanto no seu deseño coma na posta en marcha. Do mesmo modo, para as augas costeiras e de transición. En ambos os dous casos, dende Augas de Galicia trabállase en colaboración cos departamentos autonómicos con competencias na materia. Todo iso para conseguir o obxectivo último que fixa a DMA de alcanzar o bo estado de todas as masas de auga antes de 2015.

En 2006 realizouse o deseño das redes de control de augas superficiais e subterráneas no ámbito de Galicia Costa, de forma que se prevé que xa estean operativas en 2007. Estas redes compóñense dos seguintes puntos de control en Galicia Costa:

Ríos:

- Rede de Vixilancia: 52 puntos
- Rede Operativa: 29 puntos

Augas subterráneas:

- Rede de Vixilancia
  - o Rede cualitativa: 41 puntos
  - o Rede cuantitativa: 41 puntos

Augas Costeiras:

- Rede de Vixilancia: 23 puntos
- Rede Operativa: 12 puntos

Augas de Transición:

- Rede de Vixilancia: 24 puntos
- Rede Operativa: 2 puntos

As actividades que poidan provocar verteduras no dominio público hidráulico necesitan a previa autorización administrativa. Actualmente, aínda que o Plan de Saneamento de Augas Residuais prevé numerosas actuacións relativas ao tratamento de augas residuais de orixe urbana, ese tratamento non é aínda satisfactorio debido a que algúns municipios non posúen estación depuradora de augas residuais (EDAR) ou ben a posúen pero lles é insuficiente ou non operan de forma axeitada. Nos que respecta ás verteduras industriais, moitos polígonos non teñen sistemas de tratamento suficientes. En consecuencia, incorpóranse os efluentes aos colectores municipais en condicións demasiado agresivas, ou ben son verquidos directamente sen tratamento previo.

Augas de Galicia realizou un inventario de verteduras, como diagnóstico previo da situación que permita deseñar medidas de actuación adaptadas á realidade a afrontar. Este esforzo por coñecer a realidade dos ríos e rías de Galicia foi o punto de partida para o deseño dun Plan de Acción para o control das verteduras.

En relación directa con este tema, e respecto ao tratamento das augas residuais, Galicia experimentou unha evolución máis dinámica que España durante o período 1998-2003, rexistrando un incremento do 48,4% fronte a un 19,9% do resto do territorio nacional no tratamento de cada m<sup>3</sup> de augas residuais por habitante e día. Non obstante a 2003, Galicia mostraba un valor máis reducido que a media nacional, concretamente un 18% fronte a un 20% da media nacional. En consecuencia, despréndese que existe un déficit estrutural en toda a rede de saneamento e depuración de augas, incumpríndose a normativa comunitaria relativa ás augas residuais.

A administración hidráulica de Galicia está a acometer un importante esforzo investidor para alcanzar o cumprimento da Directiva 91/271, en relación co tratamento das augas residuais urbanas. A Directiva obrigaba a que a 31 de decembro de 2005 todas as verteduras de augas en aglomeracións de máis de 2.000 habitantes equivalentes debían ter garantida a súa depuración, e deberían dispoñer de tratamento secundario. Trabállase para alcanzar este obxectivo, dentro do período 2007-2009, e dende 3 flancos: cumprimento dos requirimento da Directiva respecto das aglomeracións de máis de 2.000 h-e que estaban en incumprimento; evitar que as instalacións existentes poidan quedar obsoletas, priorizar investimentos; e incentivar a redución en orixe da carga contaminante, en coordinación cos municipios de Galicia.

Estas actuacións contribuirán a mellorar a calidade das augas das rías de Galicia, e minorar os niveis de coliformes ata niveis compatibles co cumprimento da normativa específica na materia e co desenvolvemento das actividades produtivas.

En Galicia prodúcese ao redor de 1 kg de *residuos* sólidos urbanos por habitante/día, é dicir, unhas 850.000 toneladas anuais. En relación á recollida de residuos sólidos, Galicia mostra unha evolución máis dinámica durante os anos comprendidos entre o 2000 e o 2003 que o resto de España supoñendo un incremento do 7% fronte a un 2,4% do resto do territorio nacional. Non obstante, no referente á recollida selectiva de residuos España para o mesmo período mostrou unha tendencia máis dinámica que Galicia cun incremento do 15,6% fronte ao 8,1% rexistrado en Galicia. Estes datos poñen de manifesto a necesidade de continuar avanzando na consolidación dun modelo de xestión de residuos, baseado na redución e selección en orixe dos distintos tipos de residuos xerados e facilitar o seu posterior aproveitamento a través da súa reciclaxe ou valorización.

A xestión dos residuos na Comunidade Autónoma Galega enmárcase no ámbito da "Estratexia Galega de Xestión de Residuos", a cal, configurada en catro plans de xestión específicos (residuos sólidos urbanos, residuos industriais e chans contaminados, residuos sanitarios e residuos agrarios), constitúe a referencia fundamental para dar resposta aos tres tipos principais de residuos: perigosos, inertes e outros non perigosos.

O Plan de Xestión de Residuos Sólidos Urbanos de Galicia establece como opcións prioritarias para a xestión dos residuos xerados, a recollida selectiva e a valorización fronte á eliminación. Para dar cumprimento a este obxectivo, a Xunta de Galicia pon a disposición dos concellos o Complexo Ambiental de Cerceda, xestionado por Sogama (Sociedade Galega de Medio), e unha rede de estacións de transferencia que actúan como puntos intermediarios de recepción entre os municipios e a central.

O Complexo de Cerceda consta dunha serie de instalacións que encadean todas as actividades do proceso global: unha Planta de Reciclaxe, unha planta de elaboración de combustible derivado de residuos, unha planta de coxeración e unha planta termoeléctrica. Están adheridos ao modelo de xestión de Sogama, 264 concellos (o 82,8% do total de municipios galegos) que en termos demográficos representan 2.218.000 persoas (80% da poboación total).

Ademais de Sogama, existen en Galicia outros dous modelos de xestión de residuos urbanos. Trátase do Plan de Tratamento de Residuos Urbanos do concello de A Coruña e do Consorcio das Mariñas (o cal, centralizado na planta de Nostián, presta os seus servizos a nove concellos que en conxunto suman 374.000 habitantes) e o Plan da Mancomunidade dos Concellos da Serra da Barbanza (no complexo ambiental da cal, localizado en Lousame, están integrados nove concellos que supoñen 63.400 habitantes).

A industria galega xerou 4.710,7 miles de toneladas de residuos durante os exercicios 2004, dos cales, 145,0 miles de toneladas se clasifican como perigosos segundo as normativas comunitarias, representando os residuos non perigosos as 4.565,7 toneladas restantes. A xestión dos residuos industriais experimentou profundas transformacións, en Galicia, ao longo dos últimos quince anos. A comezos dos anos 90 non existían, nesta rexión, unhas instalacións axeitadas para a xestión dos residuos perigosos xerados polas industrias, polos que máis da metade eran verquidos de forma incontrolada. Esta situación cambiou coa creación do Centro de Tratamento de Residuos Industriais de Galicia (CTRIG), no concello de Somozas.

O CTRIG constitúe unha das instalacións tecnoloxicamente máis avanzadas de Europa para o tratamento e a eliminación dos residuos perigosos. Consta dunha planta de tratamento físico-químico, un depósito de seguridade, unha planta de inertización, unha planta de tratamento de pilas, etc.

Así mesmo, Galicia dispón de varias instalacións para a recollida e o tratamento de aceites usados así como de unidades ambientais dedicadas á recollida e tratamento de residuos procedentes da contaminación marítima.

Nesta mesma liña de actuación, tamén está a levar a cabo a adecuación, clausura e selado de vertedoiros de residuos sólidos urbanos, a creación de puntos limpos, así como a creación de vertedoiros de residuos de construción e demolición e a limpeza de puntos de vertedura incontrolada.

O Plan de adecuación, clausura e selado de vertedoiros de Galicia ten como obxectivo clausurar progresivamente os vertedoiros de Galicia para cumprir as recomendacións da UE de substituír de forma progresiva o uso dos vertedoiros deficientes por outras formas de xestión alternativas que reduzan o impacto de contaminación de aire, chan e auga.

#### **d) *Desenvolvemento local e urbano***

Unha das características determinantes da política de cohesión é a súa dimensión territorial. A diferenza da Estratexia de Lisboa, os obxectivos da cal son de carácter global para o conxunto da Unión Europea, a política de cohesión presta unha especial atención ás diferentes realidades territoriais presentes no conxunto da xeografía europea.

A política de cohesión, polo seu carácter eminentemente territorial, móstrase polo tanto capacitada para adaptarse ás necesidades e a especificidades derivadas dos

problemas e as oportunidades de cada espazo xeográfico, ofrecendo a posibilidade de establecer accións específicas e diferenciadas para cada situación.

Moitos dos proxectos programados no MECEGA transcorrerán necesariamente no ámbito local, o cal indica o carácter transversal das actuacións relativas ao desenvolvemento local e urbano. A existencia deste Eixe, vén xustificada polo aumento da concentración da poboación en zonas urbanas, de forma que é crucial, non solo no territorio español, senón en todo o territorio europeo, atender ás necesidades que xorden como consecuencia desta realidade demográfica e ás necesidades de sostibilidade urbana, se se quere alcanzar un desenvolvemento sostible global e que as cidades sigan sendo verdadeiros motores de crecemento.

Neste sentido, o documento de traballo da Comisión *Política de Cohesión e Cidades: a contribución urbana ao crecemento e o emprego nas rexións*, afirma que a dimensión urbana é necesaria para contribuír a superar os fallos de mercado que subxacen no desemprego urbano e a exclusión social, permitindo un desenvolvemento sostible baseado en políticas económicas, laborais, sociais e medioambientais.


No sistema urbano de Galicia poden distinguirse (Gráfico 1):

- Grandes municipios de máis de 50.000 habitantes, que engloban ao 35,7% da poboación e supoñen o 3,4% do territorio galego.
- Municipios de entre 20.000 e 50.000 habitantes que supoñen o 14,6% da poboación e o 5,3% do territorio.
- Pequenos municipios de menos de 20.000 habitantes, que supoñen o 49,7% da poboación e o 91,4% do territorio.

Por este motivo, tanto as realidades urbanas como as rurais poden e deben atopar unha resposta eficaz ás súas necesidades no conxunto das políticas de cohesión. Esta prioridade temática adquire un matiz aínda máis importante no contexto xeográfico de Galicia, debido á dualidade territorial que presenta a rexión e polo tanto os problemas de cohesión económica e social.

A dispersión poboacional de Galicia é elevada e superior á do resto de España, distribuíndose os seus habitantes en 29.998 entidades singulares, que representan aproximadamente a metade das existentes en todo o territorio nacional. A distribución poboacional de Galicia caracterízase polo seu aspecto dual. A poboación concéntrase principalmente nas provincias con máis quilómetros de litoral, Pontevedra e A Coruña, que xuntas aglutinan case o 75% do total da poboación de Galicia. Non obstante, o 64,5% da poboación residente en municipios de menos de 10.000 habitantes concéntrase nas provincias de Lugo e Ourense, destacando o forte compoñente rural destas dúas provincias.

Gráfico 1. Sistema urbano da Comunidade Autónoma de Galicia



A poboación residente nas principais cidades galegas foi aumentando como consecuencia deste fenómeno de desruralización e do maior dinamismo empresarial que presentan as devanditas cidades. Nestes últimos anos deuse un maior número de migracións interprovinciais con destino ás provincias de A Coruña e Pontevedra, onde se concentran os principais núcleos urbanos: A Coruña, Ferrol, Santiago de Compostela, Pontevedra e Vigo, tal como figura na Táboa 6.

Táboa 6. Migracións internas de Galicia. Ano 2004

| Migracións internas. Ano 2004 |          |       |         |            |
|-------------------------------|----------|-------|---------|------------|
|                               | Destino  |       |         |            |
| Orixe                         | A Coruña | Lugo  | Ourense | Pontevedra |
| A Coruña                      | 23.312   | 926   | 417     | 1.662      |
| Lugo                          | 1.264    | 4.215 | 302     | 440        |
| Ourense                       | 665      | 300   | 6.053   | 1.212      |
| Pontevedra                    | 1.956    | 361   | 904     | 13.323     |


Fonte: INE.

O principal factor de atracción destas cidades é o laboral, o cal orixinou unha serie de dificultades de conxestión nas cidades e un aumento moi significativo da poboación dos municipios limítrofes, debido a que a poboación busca vivendas de menor prezo, a proximidade a polígonos industriais localizados na periferia das grandes cidades e unha mellor calidade de vida en termos de ruídos e contaminación, entre outros factores. Este auxo dos municipios limítrofes require de políticas e actuacións concretas que melloren a comunicación e as infraestruturas existentes.

O feito de que a demanda de traballo proceda fundamentalmente destas cidades xera desprazamentos migratorios constantes, especialmente cara aos núcleos de poboación limítrofes a estas, tal e como queda reflectido no Mapa 6.

En definitiva, os principais problemas en termos de desenvolvemento local e urbano en Galicia proceden do progresivo envellecemento dunha poboación rural moi numerosa e dispersa en áreas de difícil acceso e con importantes déficit de infraestruturas e nivel educativo. En segundo lugar, estes derívanse dunha crecente concentración da poboación nas provincias costeiras.

Mapa 6. Saldo migratorio interno. Ano 2004



Fonte: IGE.

**e) Desenvolvemento empresarial: PEME, novos emprendedores e acceso ao financiamento**

O desenvolvemento dun tecido empresarial forte e innovador é o primeiro síntoma da existencia dun ámbito económico sólido, dinámico e proxectado cara a novas actividades

empresariais máis competitivas e innovadoras. Por estes motivos a Unión Europea, a través da Estratexia de Lisboa, quixo poñer o acento sobre a necesidade de aglutinar esforzos para a mellora do ámbito empresarial e de responder aos requirimentos das empresas, sobre todo as PEME.

Galicia seguía sendo en 2005 a quinta Comunidade Autónoma española cun maior número de empresas sobre o total nacional, superada tan só por Cataluña, Andalucía, a Comunidade de Madrid e a Comunidade Valenciana. Galicia contaba en 2005 co 6,06% das empresas presentes no territorio nacional, posicionamento que se vén consolidando dende 1999 e que reflicte o dinamismo da economía galega no espírito emprendedor.

Polo que se refire a xeografía do tecido empresarial galego, destácase que a iniciativa e a actividade empresarial se concentran nas provincias de A Coruña e Pontevedra, que aglutinan case o 75% do total das empresas existentes en Galicia<sup>3</sup>.

En xeral, Galicia mostra unha densidade empresarial por debaixo da media estatal. En 2005 había en Galicia 67,24 empresas por cada mil habitantes fronte ao 69,46 da media española. Non obstante, esta media sobe nas dúas provincias costeiras, ata un 68,36 por mil en A Coruña e un 67,28 por mil en Pontevedra.

En canto aos sectores de actividade, nos últimos dez anos produciuse en Galicia unha redución das actividades relacionadas co sector primario en favor do sector servizos, que representa case o 60% do seu PIB e arredor do 77% do total das actividades empresariais presentes na rexión. Pola contra, Galicia conta cun importante tecido industrial, que segue mostrando índices de crecemento por enriba da media nacional, e que nalgúns sectores representa ata o 15% do total da industria nacional. Non obstante, estas industrias baséanse fundamentalmente en actividades tradicionais de extracción de materias primas, que adoecen dunha falta de modernización que impide explotar as súas potencialidades a nivel internacional.

En canto ao número de empregados, o tecido empresarial galego caracterízase, ao igual que o nacional, polo predominio das empresas con menos de 5 traballadores, que contabilizan o 90,30% do total das empresas presentes no territorio.

O tecido empresarial galego caracterízase polo reducido tamaño das súas empresas e pola concentración da actividade na prestación de servizos comerciais, de hostalaría e de actividades de intermediación financeira e inmobiliaria, o que repercute negativamente sobre a economía galega posto que o dinamismo empresarial se centra en actividades pouco innovadoras e de baixo valor engadido.

Adicionalmente, pode afirmarse que o tecido empresarial presenta unha escasa capacidade e esforzo investidor en I+D+i, pero cunha importante vocación exportadora, especialmente no ámbito da UE. Galicia presenta un saldo comercial positivo coa UE-25

---

<sup>3</sup> Fonte: INE 2005. Directorio Central de empresas (DIRCE).

que incrementou un 53,1% nos últimos cinco anos. Dende o ano 2003, non obstante, a tendencia é decrecente, principalmente debido ao forte incremento importador (15,1%) e a un menor crecemento das exportacións (7,8%) (Táboa 7).

Táboa 7. Comercio exterior de Galicia e España con respecto á UE-25 e con respecto ao total mundial (2000-2005). Millóns de euros

| Anos | GALICIA         |             |                 |             | ESPAÑA          |             |               |             |
|------|-----------------|-------------|-----------------|-------------|-----------------|-------------|---------------|-------------|
|      | UE-25           |             | TOTAL MUNDIAL   |             | UE-25           |             | TOTAL MUNDIAL |             |
|      | Saldo comercial | Saldo / PIB | Saldo comercial | Saldo / PIB | Saldo comercial | Saldo / PIB | Saldo         | Saldo / PIB |
| 2000 | 1.134           | 3,3%        | -570            | -1,7%       | -20.065         | -3,2%       | -45.291       | -7,2%       |
| 2001 | 1.868           | 5,1%        | -138            | -0,4%       | -17.987         | -2,6%       | -43.439       | -6,4%       |
| 2002 | 2.508           | 6,5%        | 591             | 1,5%        | -17.667         | -2,5%       | -42.000       | -5,8%       |
| 2003 | 2.025           | 4,9%        | -255            | -0,6%       | -19.048         | -2,4%       | -46.995       | -6,0%       |
| 2004 | 1.923           | 4,3%        | -486            | -1,1%       | -25.907         | -3,1%       | -61.486       | -7,3%       |
| 2005 | 1.736           | 3,6%        | -1490           | -3,1%       | -30.022         | -3,3%       | -77.813       | -8,6%       |

Fonte: Agencia Estatal de Administración Tributaria.

Cabe destacar que Galicia experimentou unha importantísima transformación no que se refire ao asociacionismo e a cooperación interempresarial, o que demostra a clara vontade de todos os sectores de actividade galega de xuntar esforzos na consecución dunha economía especializada, tecnoloxicamente avanzada e altamente competitiva. Claro exemplo desta vontade foi a creación nos últimos anos de importantes "clusters" e centros tecnolóxicos temáticos, en torno aos cales se agrupan as empresas e industrias de cada sector de actividade, co fin último de fomentar a cooperación entre todos os axentes do sector, promovendo a innovación e a competitividade do tecido empresarial. Como exemplo paradigmático destácanse o "cluster" do automóbil (CEAGA) e o Centro Tecnolóxico da Automoción de Galicia (CTAG), e que souberon crear unha importante industria auxiliar ao redor dun importante fabricante de automóviles. Ademais do CEAGA, Galicia conta con importantes "clusters" nos sectores da madeira, a acuicultura, o naval e o conserveiro. Recentemente, o Consorcio da Zona Franca de Vigo en colaboración co IGAPE sentou as bases para o nacemento do "cluster" das novas tecnoloxías INEO, un paso máis cara á consecución do obxectivo europeo de lograr unha economía competitiva baseada no coñecemento e a educación dixital.

#### f) **Investigación, Desenvolvemento Tecnolóxico e Innovación**

O proceso de globalización económica demostrou amplamente que o investimento en Investigación, Desenvolvemento e Innovación (I+D+i) e a rápida e correcta adaptación da economía ás tecnoloxías da información e a comunicación (TIC) é o principal factor do incremento da produtividade e do crecemento a longo prazo.

Neste contexto, Galicia atópase aínda moi lonxe de alcanzar os obxectivos europeos fixados para 2010. En 2005, o gasto galego en actividades de I+D+i representaba

o 0,89% do seu PIB, fronte ao 1,13% do nivel total do investimento para España e o 1,9%<sup>4</sup> do da UE-25.

Con respecto á participación privada do gasto en I+D+i, o financiamento empresarial das actividades de I+D+i en Galicia en 2005 situábase nun 43,44%<sup>5</sup>, o cal supón un considerable incremento con respecto ao 37,59% do ano anterior, se ben continúa considerablemente por debaixo da media española do 53,93%<sup>6</sup> e lonxe da media europea (UE-15) do 58% e do Obxectivo de Lisboa do 66%.

Estes feitos vense agravados pola caracterización do tecido produtivo galego, composto por un elevado número de microempresas que se mostran pouco activas en termos de investimento en desenvolvemento tecnolóxico e innovación, e pola falta de integración e coordinación entre as universidades e os centros públicos de investigación e o mundo empresarial.

Non obstante, cabe sinalar que Galicia experimentou dende 1995 un incremento na súa taxa de investimento en I+D de máis do 70%, triplicando o seu gasto en I+D per cápita (pasando de 41,3 euros en 1995 ata 133,15 euros en 2004), feito aínda máis acusado a partir do ano 2000, no que o sistema de innovación de Galicia parece adquirir un novo dinamismo, grazas ao esforzo do conxunto dos axentes da economía e a sociedade galega.

Polo que se refire á poboación empregada en actividades de I+D, destácase o considerable incremento de persoal ocupado que experimentou Galicia na última década, aínda que máis do 50% se atopa no sector do ensino superior (o 53,1% en Galicia fronte ao 38,3% en España en 2005). Este feito confirma a elevada capacidade que veu demostrando a universidade en materia de investigación e o escaso reflexo que ten a mesma na innovación empresarial e polo tanto as deficientes conexións entre uns e outros.

En 2005 o 7,5 por mil da poboación ocupada galega dedicábase a actividades de I+D+i, fronte ao 9,2 por mil da poboación española. O total de persoal investigador ocupado en Galicia ascendía ao 5,2 por mil da poboación ocupada, achegándose gradualmente ao 5,8 por mil do colectivo do persoal investigador ocupado en España. E todo iso tendo en conta o percorrido aínda pendente da economía española ata alcanzar o 13,6 por mil da poboación ocupada dedicada á I+D de forma directa.

#### **g) *Sociedade da información: brecha dixital e e-business, e-administración, e-learning***

Vista por algúns como a Terceira Revolución Industrial, a utilización e difusión das novas tecnoloxías da información e as comunicacións (en diante, TIC) representa un

---

<sup>4</sup> Fonte: Eurostat 2004.

<sup>5</sup> Fonte: INE 2005. Considérase conxuntamente o investimento de empresas e de Institutos Privados Sen Fins de Lucro – IPSFL.

<sup>6</sup> Fonte: INE 2005. Considérase conxuntamente o investimento de empresas e de Institutos Privados Sen Fins de Lucro – IPSFL.

dinamizador de primeira magnitude da produtividade e a competitividade de todos os sectores económicos, pola súa capacidade de derrubar as barreiras espazo-temporais que durante séculos condicionaron as posibilidades de desenvolvemento de calquera actividade económica, social ou educativa.

Por esta razón, a Unión Europea volve reforzar, para este novo período de financiamento, a súa prioridade de estender a Sociedade da Información a todos os ámbitos da sociedade, a educación e a economía europea.

Neste contexto, a brecha dixital que segue existindo entre Galicia e España e a UE-25 pon de manifesto que Galicia aínda ten que levar a cabo importantes reformas para a posta en marcha dunha economía do coñecemento que utilice de forma eficiente as TIC e que vehicule a transmisión do devandito coñecemento a través delas.

De acordo cos indicadores existentes, a situación de Galicia na Sociedade da Información está por debaixo da media europea e española na maioría dos ámbitos relativos á creación, utilización e difusión das TIC.

Da Enquisa de Tecnoloxías da Información nos fogares do INE despréndese que no segundo semestre de 2005, 873.714 galegos utilizaron Internet nos últimos tres meses, o que representa un 36,5% do total da poboación. Esta porcentaxe en España ascendía ao 42,1% e na UE-25 ao 43%<sup>7</sup>.

No que respecta aos datos de administración electrónica, Galicia afronta un enorme reto no desenvolvemento e uso de novos servizos on line por parte da cidadanía; integrados, eficientes e de calidade co obxecto de mellorar a relación desta coa administración. Segundo datos do Observatorio TIC de Galicia algo máis da metade dos cidadáns galegos usuarios de Internet, accede aos servizos da e-administración, Internet, aínda lonxe dos niveis da UE-25.

Ademais da brecha en termos de administración dixital, a penetración nos fogares galegos da Sociedade da Información dista aínda da media europea, e quedan patentes as importantes deficiencias que a sociedade galega sofre en canto á utilización de Internet: un 25,4% de utilización fronte a un 48% da media europea; en canto á accesibilidade, só o 16,65% dos fogares galegos dispón de conexión por banda ancha fronte ao 23% europeo e 22,47% nacional; e finalmente en termos de comercio electrónico, un 15,2% de utilización fronte ao 23,1% da UE e 18,2% nacional.

A atomización das empresas galegas representa unha importante barreira á hora de invertir en solucións TIC que axuden a alcanzar os niveis de produtividade satisfactorios e a propiciar novas formas de negocio. Ademais, as empresas pequenas mostran graves dificultades á hora de reorganizar e investir en capital humano reducindo as efectivas posibilidades de utilización que estas ferramentas ofrecen.

---


<sup>7</sup> Estes últimos datos son de Eurostat, que só considera a poboación de entre 16 a 74 anos.

### 1.1.3 Análise da produción e a converxencia de Galicia

#### a) *Crecemento económico e converxencia*

Ao longo do último decenio (1995-2005), o PIB galego creceu a unha taxa media anual acumulativa (*tmaa*) do 2,9% a prezos constantes, considerablemente por debaixo da media española: 3,5%. Por outro lado, Galicia viviu unha situación de estancamento demográfico<sup>8</sup> fronte a un incremento acumulativo anual do 0,93% da poboación española. O insatisfactorio resultado final é que Galicia perdeu peso produtivo e poboacional no conxunto español, máis concretamente: a) No que concirne ao PIB, descendeu dun 5,37% a un 5,07%; b) Caída que se acentuou no que respecta á poboación, onde a cota galega pasou dun 6,83% a un 6,26% (Gráfico 2).

Gráfico 2: Converxencia do PIBpc de Galicia



Fonte: elaboración propia.


Debido a que as perdas demográficas foron maiores que as produtivas, o PIB<sub>pc</sub><sup>9</sup> galego creceu a un maior ritmo que o nacional, de tal forma que, España =100, se incrementou dun 79,1 a un 80,9, tal como queda recollido no Gráfico 2. O proceso de converxencia foi, pois, moi limitado, posto que en dez anos só recortou o 8,6% do diferencial existente en 1995.

Respecto a UE-25, si pode falarse realmente de converxencia de renda por habitante, cunha redución do diferencial desfavorable de 11 puntos porcentuais, como consecuencia do feito de que o PIB<sub>pc</sub> español se igualou practicamente co da UE-25: 87,1% en 1995 e 98,7% en 2005. Non obstante, a referencia inmediata para o crecemento económico de Galicia debe ser sempre o conxunto español que, na actualidade e por efecto da igualación anterior, coincide polo menos polo momento coa indexación comunitaria. O obxectivo é a converxencia coa renda media española, o que na década estudada se concretaría nun maior achegamento ao PIB<sub>pc</sub> de UE-25 que o que efectivamente se produciu.

<sup>8</sup> Entre 1995 e 2005 o incremento limitouse a 21.628 persoas, o que equivale a un 0,79% da poboación existente no ano inicial.

<sup>9</sup> Pc: prezos constantes

Gráfico 3. Crecemento medio anual do PIB e da poboación das rexións españolas (1995-2005)



Fonte: elaboración propia.

Pero o acontecido non só é insatisfactorio polo ritmo senón tamén pola forma, é dicir, polo feito de que esa levísima converxencia da renda por habitante vén provocada pola perda de posicións de Galicia no PIB e na poboación de España.

O Gráfico 3 ilustra perfectamente a evolución seguida pola economía galega no contexto do conxunto das comunidades autónomas. Ha de aclararse previamente que a diagonal é o lugar xeométrico de todas as combinacións de variacións do PIB real e da poboación que dan lugar a un crecemento igual ao do PIB<sub>pc</sub> español (2,6%) e, entre outras cousas, mostra que ese resultado pode ser alcanzado de formas moi dispares<sup>10</sup> e que, polo tanto, resulta excesivamente simplista cualificar como positivo que unha rexión se sitúe por enriba da diagonal, reflexo de que o seu PIB<sub>pc</sub> creceu máis que a media nacional, e negativo si se sitúa por debaixo.

Galicia forma parte con Asturias, Castilla-León e Baleares do grupo de catro comunidades cun aumento do PIB por debaixo dunha *tmaa* do 3,0% e, coa salvidade das dúas primeiras rexións citadas -onde a poboación diminúe en termos absolutos-, é a autonomía con menor crecemento demográfico. Que o resultado final sexa que se emprace

<sup>10</sup> Obviamente, non é o mesmo que o PIB<sub>pc</sub> creza a unha *tmaa* do 2,6% no punto superior da diagonal -froito dun incremento acumulativo do PIB do 5,0% fronte a un do 2,4% da poboación- que no seu punto inferior, onde as taxas acumulativas son, respectivamente, do 2,0% e do -0,6%. Ilustrándoo con dous casos extremos, o PIB<sub>pc</sub> da Rexión de Murcia creceu menos que o de Asturias, pero resulta evidente que as pautas de comportamento do PIB e da poboación son moito máis positivas na comunidade mediterránea que na cantábrica.

por enriba da diagonal é, polo dito, algo que cabería cualificar como anecdótico tendo en conta a principal causa, que non é outra que o seu estancamento demográfico; a súa proximidade ao punto inferior da diagonal é a mellor proba de que o comportamento da economía galega entre 1995 e 2005 está cargado de aspectos negativos. O Gráfico 3 demostra que os datos referidos a 2005 se enmarcan nunha tendencia que cabe cualificar de crónica e que non é outra que a erosión da cota galega na produción e na poboación española.

Como é sabido o PIB<sub>pc</sub> é o produto de tres factores:

- ✓ A produtividade aparente do factor traballo, é dicir o cociente entre o PIB real e a poboación ocupada (E).
- ✓ A taxa de actividade que, neste caso, debe ser definida como o cociente entre a poboación activa (PA) e a poboación total (Pt).
- ✓ A taxa de emprego, que pon en relación o emprego coa poboación activa.

É dicir:

$$PIB_{pc} = \frac{PIB}{E} \times \frac{PA}{Pt} \times \frac{E}{PA}$$

E, ademais,  $E/PA = 1 - TP$ , sendo TP a taxa de paro.

*Táboa 8. Factores determinantes do PIB<sub>pc</sub> Galicia (España =100)*

|             | PIB corr pps | Produtividade | Activos/<br>Poboación | Ocupados /<br>Activos |
|-------------|--------------|---------------|-----------------------|-----------------------|
| <b>1995</b> | 79,08        | 70,59         | 105,4                 | 106,29                |
| <b>2005</b> | 80,91        | 84,93         | 96,09                 | 99,14                 |

*Fonte: elaboración propia.*

Polo tanto, no progreso do PIB<sub>pc</sub> poden incidir os tres factores anteriores, a capacidade de tracción dos cales variará dependendo da economía que esteamos a estudar, ou da fase temporal que atravesase a mesma. A Táboa 8 permite examinar o acontecido coa economía galega ao longo do último decenio e comparalo co conxunto da economía española. Analicemos as pautas seguidas polos tres factores anteriores:

- ✓ As ganancias na produtividade aparente do traballo foron modestas, dado que o seu *tmaa* se limitou a un 1,23%. Non obstante como España experimentou unha caída do 6,8% para o conxunto do decenio a produtividade relativa de Galicia presenta unha substancial mellora, pasando do 70,6% en 1995 da media nacional a un 84,9% en 2005. Polo tanto, sen necesidade de cálculos máis sofisticados, queda probado que esa mellora na eficiencia do factor traballo foi un vector que premeu a favor da redución do diferencial da renda por habitante coa media española. Máis adiante analizaranse as causas explicativas desa favorable evolución relativa da produtividade do traballo.
- ✓ A taxa de actividade, referida á poboación total, incrementouse dun 43,2% en 1995 a un 46,2% en 2005, o que implica unha progresión insuficiente posto que, respecto á media española, descendeu dun 105,4% a un 96,1% ao longo o período. Dadas as marcadas diferenzas existentes en materia de dinámica demográfica, o anterior supón que a poboación activa se incrementou notablemente menos en Galicia e, polo tanto, este segundo factor freou a converxencia.
- ✓ A taxa de ocupación pasou dun 82,0% a un 90,1% entre os dous anos, o que en definitiva significa, pola forma de definila cando se descompón o PIB<sub>pc</sub>, que a taxa de paro se dividiu por dous: 18,0% en 1995 e 8,9% en 2005. Resultado non tan excelente en termos relativos, xa que a corrección dese grave desequilibrio foi inferior á experimentada polo conxunto español, de tal forma que a taxa de ocupación galega, con respecto á media nacional, retrocedeu dun 106,3% a un 99,1%. Por conseguinte, iso implica un menor descenso da taxa de desemprego en Galicia e, á súa vez, que este terceiro factor obstaculizou o proceso de converxencia.

#### **b) Análise da estrutura produtiva**

Ao longo da década considerada, o PIB polo lado da oferta rexistrou modificacións de certa entidade. A lectura da Táboa 9 e do Gráfico 4 permite realizar os seguintes comentarios por ramas de actividade. En primeiro lugar, agricultura, gandería e pesca seguen perdendo peso no PIB de forma paulatina, de tal forma que, en 2005, apenas logra superar a barreira do 5%; iso non impide que siga sendo un dos piares da especialización produtiva galega no contexto español. Os dous feitos anteriores son aplicables sen problema ningún a Enerxía.

Táboa 9. Estrutura do VAB galego polo lado da oferta

|                               | 1995         | 2000         | 2005         |
|-------------------------------|--------------|--------------|--------------|
| Agricultura, gandería e pesca | 7,3          | 5,7          | 5,1          |
| Enerxía                       | 5,9          | 4,8          | 3,8          |
| Industria                     | 14,1         | 16,1         | 15,1         |
| Construción                   | 10,6         | 11,3         | 13,8         |
| Servizos totais               | 62,0         | 62,1         | 62,3         |
| Servizos de mercado           | 46,1         | 47,3         | 48,5         |
| Servizos de non mercado       | 15,9         | 14,7         | 13,8         |
| <b>Valor Engadido Bruto</b>   | <b>100,0</b> | <b>100,0</b> | <b>100,0</b> |

Fonte: elaboración propia.

O sector da agricultura, gandería e pesca, que no ano 1996 daba traballo a 229.500 persoas (o 24,5% da poboación ocupada total), foi experimentando unha redución progresiva, pasando a supoñer 120.900 empregos durante o exercicio 2005 (o 10,7% da ocupación total nese ano). O proceso de reestruturación vivido por este sector implicou un notable incremento na produtividade, pois mentres que a súa participación relativa no emprego perdeu 13,8 puntos durante o decenio considerado, a súa achega ao VAB total reduciuse nunha proporción sensiblemente máis baixa (as actividades asociadas á agricultura, gandería e pesca, que xeraran o 7,3% do VAB total galego en 1995, pasaron a achegar o 5,1% no 2005).


Para indicar os anteriores datos a nivel de rama de actividade é preciso referirse ao ano 2004, último exercicio para o que se dispoñen de datos estatísticos a este nivel de desagregación. O subsector da agricultura e gandería xerou o 4,1% do VAB galego e o 3,6% do VAB español no exercicio 2004. A relevancia que ten a pesca dentro da economía galega obsérvase claramente se se pensa que este subsector xerou, no ano 2004, o 2,1% do VAB galego e só o 0,2% do VAB español.

A industria agroalimentaria ligada ás anteriores actividades, cun emprego asociado de 38.500 persoas, representou o 3,4% da ocupación total galega durante o ano 2005 e xerou o 2,5% do VAB correspondente a 2004.

A cota industrial experimentou unha alza no primeiro quinquenio, á que seguiu un descenso no segundo, de tal forma que é moi similar nos dous anos que abren e pechan a década estudada. Como en España, a contribución produtiva da industria sufriu unha considerable mingua, iso permitiu erradicar a desespecialización industrial de Galicia, é dicir, en 2005 o peso da rama é moi similar en ambas as dúas economías.

As actividades industriais nas que Galicia está especializada no contexto español son, por orde decrecente, as tres seguintes: Madeira, Material de transporte e Têxtil e confección. Por outro lado, certos subsectores das dúas últimas son os que gozaron dun maior dinamismo que, necesariamente, hai que vinculalo coa presenza de empresas da importancia de Citroën e Inditex.

Gráfico 4. Especialización produtiva de Galicia por ramas de actividade



Fonte: elaboración propia.

Por último, resulta necesario realizar unha precisión final, referente ao exíguo peso das manufacturas avanzadas na estrutura industrial, o que pode quedar ilustrado a partir do dato de que o conxunto de actividades englobadas dentro de maquinaria e material eléctrico, electrónico e óptico xera menos do 2,5% do VAB industrial galego.

Construcción é o sector con maior crecemento, o que conduce a que sexa o que máis incrementou o seu peso produtivo. Con todo, o comportamento da rama española foi aínda máis expansivo, o que tivo por efecto unha redución na especialización produtiva de Galicia.

Servizos de mercado é, con diferenza, a rama con maior achega ao PIB galego que, por outra parte, rexistrou unha lixeira progresión ao longo do decenio. Non obstante é, na actualidade, a esfera produtiva con maior grao de desespecialización o que, basicamente, se debe ao inferior peso que, en relación a España, teñen dentro do tecido produtivo desta Comunidade Autónoma sectores como Transporte e comunicacións e Intermediación financeira.

Os servizos de non mercado creceron menos que o PIB e, polo tanto, viron descender a súa contribución produtiva. A caída relativa acentuouse un pouco máis en Galicia e, por iso, o índice de especialización experimentou un leve descenso.

Segundo o Instituto Galego de Estatística (IGE), a actividade pesqueira extractiva e acuícola galega xerou, durante o exercicio 2004, unha cifra de negocio superior aos 1.000 millóns de euros. No 2004, por subsectores (excluíndo industria e servizos), a pesca de

altura segue sendo a que máis peso representa (43,33%) e é seguida cada vez máis de preto pola acuicultura mariña (29,13%) que ve incrementadas a súa infraestrutura e ingresos cada ano. A flota pesqueira con porto base en Galicia -formada por preto de 5.300 buques de pesca e 1.020 de acuicultura- é a máis importante de todas as rexións europeas e tamén a maior do país co sector pesqueiro máis potente da Unión Europea. De feito, Galicia posúe preto do 40% dos barcos españois, dato que reflicte a grande importancia da flota galega no sector pesqueiro comunitario e estatal.

A reestruturación do sector xerou un inevitable impacto no desenvolvemento social e económico rexional. O nivel de renda e o emprego locais son as variables que se ven principalmente afectadas, dada a influencia directa e indirecta que a esfera pesqueira exerce sobre a supervivencia e o desenvolvemento dun grande número de actividades económicas. A pesar de que as cifras de negocio pesqueiro non resultan desalentadoras no seu conxunto, xa que a caída destas no subsector extractivo vese compensada polo incremento dos resultados en acuicultura, o volume de postos de traballo continúa diminuindo ano a ano. Ademais do impacto da reestruturación da flota, cabe destacar os efectos da marea negra provocada polo afundimento do Prestige, que afectaron a grande parte do litoral galego prexudicando a pesca costeira e o marisqueo entre os anos 2002 e 2003.

O peso dos sectores no mercado do traballo reflicte a paulatina transformación vivida por Galicia no seu paso dunha economía primaria, baseada na agricultura e a gandería a unha economía desenvolvida, cada vez máis baseada no coñecemento, na aplicación de novas tecnoloxías e na prestación de servizos. Así, se en 1996 o sector primario (incluído a pesca) ocupaba a 230.600 persoas, igual ao 24,5% do total da poboación ocupada, en 2005 este número descendera ata 120.944, o que supón o 10,7% do total da poboación ocupada. O maior descenso produciuse, sobre todo, nas actividades agrarias e gandeiras debido, entre outros factores, ao envellecemento da poboación e a conseguinte falta do relevo xeracional das actividades agrícolas.

O subsector da agricultura e a gandería deu emprego a unha media de 86.600 persoas durante o ano 2005, cifra que supón o 7,7% da ocupación total galega nese exercicio (esta porcentaxe situouse nun 5,0% en España). Por outra banda, as actividades vinculadas á pesca e á piscicultura xeraron un total de 34.300 postos de traballo, representando o 3,0% do emprego total (fronte á porcentaxe do 0,3% correspondente a España).

As actividades relacionadas coa pesca extractiva, o marisqueo e a acuicultura constitúen un dos primeiros axentes da economía galega. De feito, deste sector non só dependen os 34.300 traballadores indicados no parágrafo anterior, senón tamén outros traballadores de actividades como a industria conserveira, os estaleiros e o comercio. Estímase que por cada emprego no mar, se crean ao redor de catro empregos máis en terra.

A porcentaxe do emprego concentrado no conxunto deste sector, aínda que segue unha tendencia decrecente, mostra un peso relativo importante das actividades do sector

primario sobre o conxunto do emprego, representando máis do dobre da media estatal (5,3%). Destaca o caso da provincia de Lugo, na que o sector primario achega o 22% do emprego total da provincia. A tendencia de modernización dos procesos agrarios e o abandono das actividades primarias en favor das actividades industriais e o sector servizos poden ocasionar efectos negativos importantes sobre o axuste sectorial do emprego dada a baixa taxa de creación de empregos que se dá nesta provincia. Ata o momento foi a xubilación unha vía para evitar tales efectos.

Polo que se refire ao sector industrial, este segue mostrando importantes índices de crecemento, proporcionando emprego a 217.393 persoas no ano 2005, o 19,2% da poboación ocupada galega, o que supón un incremento de 3,5 puntos sobre a porcentaxe alcanzada no 1996 (15,7%). As principais áreas de ocupación son as industrias da alimentación e o téxtil, cun incremento de ocupación de máis do 40%, seguida pola metalurxia, a madeira e a cortiza.

O sector terciario, que emprega case o 60% da poboación galega experimentou un crecemento na última década de aproximadamente dez puntos porcentuais. Os sectores de actividade que demandan máis persoal son: a hostalaría e as actividades de intermediación inmobiliarias, seguidos pola administración pública.

Afondando no estudo dos principais sectores produtivos de Galicia cabe facer mención dos sectores empresariais estratéxicos como son o da automoción, o téxtil, o naval, a madeira e o conserveiro.

Cabe destacar que nestes sectores o abaratamento dos custos da materia prima no ámbito comercial e da man de obra pode dar lugar tamén a crises que supoñan graves prexuízos ou mesmo a desaparición de sectores sensibles que convén manter por razóns non estritamente económicas, tales como evitar o despoboamento humano de rexións litorais ou contribuír á integración e cohesión das economías locais.

A globalización económica deu orixe a dous fenómenos diferentes que Galicia tivo que afrontar ao longo dos últimos anos: a deslocalización e a externalización. Nesta rexión, os sectores que presentan un maior risco de sufrir estes efectos adversos son o téxtil, a automoción, as telecomunicacións e, nunha menor medida, a industria madeireira e a conserveira.

O téxtil é o sector que se mostrou máis sensible fronte a este problema. A liberalización das exportacións entre os estados da OMC provocou unha crise que causou a perda de máis de 10.000 postos de traballo nos talleres auxiliares, ocasionou a regulación de emprego de varias empresas tradicionais e abriu o camiño cara á externalización dos xigantes do sector, os cales, aínda mantendo en Galicia os departamentos que achegan un maior valor engadido, subcontratan en países como China, Marrocos ou México, aqueles labores que implican unha menor especialización.

No que respecta ao sector da automoción, o desprazamento da produción automobilística cara a países como a República Checa ou Eslovaquia, non prexudicou á industria galega, que mantén o seu elevado nivel de competitividade grazas á interacción

das tres vantaxes comparativas seguintes: a alta cualificación dos traballadores, a existencia dun clúster ben organizado e a presenza dun centro de investigación que asume serias responsabilidades en materia de I+D.

Os servizos prestados polas compañías de telecomunicacións aos seus clientes constitúen unha actividade emerxente que, nas súas épocas álxidas, ocupan en Galicia a máis de 8.000 traballadores. Esta actividade está sendo afectada por un progresivo proceso de deslocalización cara a Latinoamérica e Marrocos. O exemplo máis recente foi a perda de 800 postos de traballo en dúas empresas de telemercadotecnia de A Coruña e a súa posterior recolocación en Arxentina. A fuxida das operadoras de telecomunicacións a países con man de obra barata podería implicar que, a medio prazo, desaparezan a práctica totalidade dos empregos xerados por este sector.


Tamén se observou, durante os últimos anos, a tendencia dalgúns grupos industriais autóctonos a expandirse noutros países. Os casos máis relevantes son a apertura de contactos dalgúns conserveiras para instalar factorías nos países bálticos e en Latinoamérica; a adquisición de varias plantas madeireiras nos países do leste europeo por parte dalgúns grupos empresariais galegos do sector; os investimentos realizados na República Checa e en Eslovaquia, por grupos vigueses pertencentes ao subsector dos complementos do automóbil e a estratexia de expansión desenvolvida pola principal empresa galega de distribución eléctrica en Moldavia, Polonia e a República Checa.

Debe destacarse, non obstante, que nos exemplos mencionados no parágrafo anterior, non se produce unha deslocalización dos investimentos financiados polo capital estranxeiro, senón que son as propias empresas autóctonas as que se desprazan cara a outras economías emerxentes, atraídas por uns custos salariais máis baixos, as facilidades para obter chan industrial, a proximidade dos mercados centroeuropeos, etc.

### **c) *Demanda interna: principais compoñentes***

A estrutura do PIB galego polo lado da demanda presenta trazos singulares. Destaca, en primeiro lugar, o feito de que a demanda interna supera o PIB en algo máis dun 10% e, tal como se pode apreciar no Gráfico 5, ese desbordamento non é conxuntural. Por conseguinte, o déficit da balanza de bens e servizos non só é crónico senón que alcanza unha dimensión relativa pouco frecuente: 12,5% do PIB en 2005; importante desaxuste a explicación do cal pasa por ter en conta que o saldo exterior das transferencias correntes debe alcanzar un voluminoso excedente. É dicir, por efecto dos mecanismos de solidariedade interterritorial e polos efectos especiais de certos mecanismos do Estado do benestar -como as pensións- o peso de Galicia no conxunto español é maior en termos de renda que de produto interior, o que contribúe a explicar parte notable dese desbordamento.


Gráfico 5. Galicia. Porcentaxe dos compoñentes da demanda sobre o PIB



Fonte: elaboración propia.

A participación do gasto en consumo final no PIB é similar ao que sucede en España, podendo estenderse tal consideración aos seus dous grandes compoñentes: fogares e administracións públicas (AA.PP.). En definitiva, ese exceso de demanda interna vén provocado pola Formación Bruta de Capital que, en 2005, chega a supoñer un 35,8% do PIB galego, o que constitúe unha cifra moi pouco habitual, posto que supera amplamente á correspondente cifra española (29,7%) que, á súa vez, é moi elevada con respecto ao conxunto de UE-25: 20,2%.

Gráfico 6: Galicia. Taxas anuais de crecemento (%)



Fonte: elaboración propia.


Tal como pode comprobarse a través do Gráfico 6, o decenio estudado sáldase en Galicia cun crecemento do investimento sensiblemente superior ao do PIB, cun único ano no que acontece o contrario -excepción que supón un carácter expansivo do período-, o que

carrexou que a participación da Formación Bruta de Capital no PIB aumente case 10 puntos porcentuais. Con independencia do nivel da ratio FBC/PIB<sup>11</sup>, os datos reflicten unha aceleración do esforzo investidor da economía galega que debe ser explicada fundamentalmente ao igual que en España, pola vigorosa dinámica seguida polo compoñente Construción da formación de capital, tanto no que concirne ao sector privado (vivenda nova), como no que concirne ao público (infraestruturas), sen que iso implique esquecer o pulo do investimento en bens de equipo<sup>12</sup>. Sexa como fora, o montante relativo das transferencias de capital recibidas -tanto da UE coma da Administración Xeral do Estado - poden esclarecer, polo menos parcialmente, esa alta taxa de investimento.

#### d) Comercio exterior e análise de competitividade

Con independencia de que se produzan desaxustes puntuais de certa entidade, o feito é que as presións inflacionistas sufridas pola economía galega son da mesma intensidade que as sufridas polo conxunto da economía española. Iso é o que acontece cando se recorre ao IPC ou, como é o caso do Gráfico 7, ao deflactor do PIB, que mostra taxas anuais de incremento dos prezos domésticos moi similares; con diferenzas non só pouco significativas senón tamén decrecentes. O feito verdadeiramente importante é que, en ambos os dous casos, se abriu dende 2000 unha substancial brecha cos prezos de UE-25 que, por exemplo en 2005, deu lugar a que os deflatores implícitos de Galicia e España crezan máis do dobre que nese importante conxunto de referencia. Obviamente, ese diferencial de inflación erosiona a competitividade-prezos da economía galega e, polo tanto, cercena o seu potencial de crecemento.

Gráfico 7. Deflatores do PIB. Taxas anuais (%)




Fonte: elaboración propia.

<sup>11</sup> Que, polo dito, resulta aínda elevado.

<sup>12</sup> Para Galicia non existen datos que permitan desagregar a Formación Bruta de Capital fixo.


As limitacións destes índices de competitividade póñense de manifesto ao comprobar a evolución da participación galega no comercio exterior español. A cota dunha economía no total de exportacións dun conxunto que actúe como referencia é un indicador sinxelo pero, ao mesmo tempo, moi expresivo da dinámica seguida pola súa posición competitiva, aínda que non informa das súas causas.

Gráfico 8. Participación do comercio exterior de Galicia no español en %



Fonte: elaboración propia.

Gráfico 9. Evolución do peso das principais exportacións galegas respecto a España



Fonte: elaboración propia.

Pois ben, o Gráfico 8, mostra que a participación galega nas exportacións e importacións españolas rexistrou un considerable ascenso entre 1995 e 2005, de modo que nese último ano nos dous fluxos supera o peso produtivo de Galicia no conxunto español: 5,1% do PIB. No que concirne ao reflexo da posición competitiva, a cota no total das exportacións españolas amplíase notablemente, pasando do 5,0% ao 7,9% entre os dous anos extremos da década analizada. Aumento que, fundamentalmente, se debe aos capítulos que se subministran no Gráfico 9, que é suficientemente expresivo da mellora da competitividade da economía galega nas producións integradas neses catro grandes apartados, incrementándose o seu peso no total das exportacións extra-España da economía galega dun 52,6% en 1995 a un 63,3% en 2005.

#### **1.1.4 Evolución do mercado de traballo**

##### **a) *Análise do emprego por sectores***

Para estudar correctamente todas as debilidades e fortalezas da economía galega é necesario estudar detidamente a estrutura produtiva da comunidade e o seu efecto sobre o mercado laboral.

A distribución por sectores de actividade do tecido empresarial en España e Galicia caracterízase por unha perda de peso no PIB do sector da agricultura, gandería, silvicultura e pesca nos últimos dez anos, pasando de representar un 4,2% e un 6,7% en 1995 a un 3% e un 4,5% respectivamente en 2005.

Ao igual que para o caso do sector agropecuario, o sector enerxético durante a última década mostra unha perda de peso en termos de PIB, de 1,4 e 2 puntos porcentuais para España e Galicia respectivamente. O sector servizos tamén reflicte un comportamento paralelo no territorio nacional e en Galicia, reducíndose lixeiramente a súa participación desde 1995 no PIB nun 0,8% e un 0,9%, a pesar do elevado crecemento acumulado durante o período en cuestión, dun 99,8% e un 94,2% respectivamente.

A principal diferenza na evolución dos principais sectores produtivos de Galicia e España, atópase no sector secundario, que mostra para Galicia índices de crecemento por enriba da media española. Observando os datos da Contabilidade Rexional de España e comparando a evolución do PIB dende a perspectiva da oferta, compróbase que o valor engadido bruto a prezos correntes xerado polo sector secundario galego (industria, enerxía e construción), experimentou un incremento acumulado do 183,6% entre os anos 1995 e 2005, aumento considerablemente máis elevado que o correspondente a España, estimado polo INE nun 133,4%.

O peso relativo do sector industrial dentro do PIB español reduciuse en 2,7 puntos porcentuais durante a última década, dato que contrasta coa evolución do sector en Galicia, a participación proporcional da cal no PIB rexional rexistrou unha suba de 0,6 puntos no mesmo período. A constatación deste fenómeno permite albergar esperanzas sobre a

capacidade de desenvolvemento secundario en Galicia, se se concentra axeitadamente en aspectos con potencial innovador e exportador.

O peso dos sectores no mercado do traballo reflicte a paulatina transformación vivida por Galicia no seu paso dunha economía primaria, baseada na agricultura e a gandería a unha economía desenvolvida, cada vez máis baseada no coñecemento, na aplicación de novas tecnoloxías e na prestación de servizos. Así, se en 1996 o sector primario (incluído a pesca) ocupaba 230.600 persoas, igual ao 24,5% do total da poboación ocupada, en 2005 este número descendera ata 120.944, o que supón o 10,7% do total da poboación ocupada. O maior descenso produciuse, sobre todo, nas actividades agrarias e gandeiras debido, entre outros factores, ao envellecemento da poboación e a conseguinte falta do relevo xeracional das actividades agrícolas.

Polo que se refire ao sector industrial, este segue a mostrar importantes índices de crecemento, proporcionando emprego a 217.393 persoas no ano 2005, o 19,2% da poboación ocupada galega, o que supón un incremento de 3,5 puntos sobre a porcentaxe alcanzada en 1996 (15,7%). As principais áreas de ocupación son as industrias da alimentación e o téxtil, cun incremento de ocupación de máis do 40%, seguida pola metalurxia, a madeira e a cortiza.

O sector terciario, que emprega case o 60% da poboación galega, experimentou un crecemento na última década de aproximadamente dez puntos porcentuais. Os sectores de actividade que demanda máis persoal son a hostalería e as actividades de intermediación inmobiliarias, seguidos pola Administración pública.

Afondando no estudo dos principais sectores produtivos de Galicia cabe facer mención dos sectores empresariais estratéxicos como son o da automoción, o téxtil, o naval, a madeira e o conserveiro.

En relación ao número de empresas por sector, así como ao seu tamaño medio, o sector da madeira xunto ao do téxtil concentran o maior número de empresas, con 1.724 e 1.763 empresas respectivamente, das cales o 99,4% e o 99% respectivamente teñen menos de 100 empregados.

O sector naval está formado por 381 entidades, das cales o 98,4% son empresas con menos de 100 empregados. Pola súa parte, o sector da automoción e o conserveiro reflicten unha menor atomización empresarial, contando cada un deles con 119 e 187 empresas respectivamente, co 85,7% e 75,4% delas respectivamente con menos de 100 empregados.

Da análise da situación dos principais sectores económicos despréndese polo tanto que a economía galega caracterízase por ter un tecido produtivo altamente atomizado, onde predominan as microempresas, fundamentalmente naquelas actividades menos intensivas en capital. Existe ademais un predominio das actividades relacionadas coa prestación de servizos comerciais, de hostalaría e de actividades de intermediación financeira e inmobiliaria.


Esta situación repercute negativamente sobre a produtividade, a capacidade innovadora e a internacionalización da economía galega, posto que o dinamismo empresarial se centra en actividades de pouco valor engadido.

Hai dous factores que xogan un papel fundamental neste terreo. Por unha parte, as empresas pequenas mostran importantes dificultades á hora de acceder ao financiamento, polo que os seus esforzos de investimento en recursos humanos, innovación e adaptación á sociedade do coñecemento mostranse insuficientes fronte a un mercado europeo e internacional cada vez máis competitivo e innovador. Por outra banda, ademais destas barreiras financeiras, os sectores de actividade nos que se centran estas empresas requiren poucos esforzos de investimento e ofrecen uns índices de retorno moi elevados, o que frea a busca de solucións innovadoras de xestión. Así mesmo, cabe destacar que estes sectores de actividade se caracterizan polo baixo esforzo en capital humano e contribúen activamente aos elevados índices de temporalidade; concretamente, son os máis elevados do mercado (especialmente no caso da hostalaría).

Os indicadores elaborados a partir dos datos do DIRCE (Directorio Central de Empresas de España) indican que, en termos de xeración de empresas, o tecido produtivo galego móstrase menos dinámico que o español. O Gráfico 10 mostra a evolución da taxa de creación de empresas, indicador resultante da división entre o número de empresas creadas nun ano e o total de empresas existentes a 1 de xaneiro dese mesmo ano, durante o período 2000-2004 (último exercicio para o que se dispón de datos a nivel rexional).

En Galicia, este ratio alcanzou un valor do 11,37% en 2004, valor que quedou 1,08 puntos por debaixo de España, a porcentaxe da cal foi do 12,45%. Este feito non ten un carácter puntual, xa que o diferencial entre os valores rexional e estatal se mantén ao longo de todo o período considerado (cunha diferenza mínima de 0,88 puntos no exercicio 2002 e un máximo de 1,42 puntos en 2000).

Gráfico 10. Evolución da taxa de creación de empresas en Galicia e en España (2000-2004)



Fonte: elaboración propia a partir dos datos do DIRCE e do IGE.

O peso relativo das empresas galegas sobre o total estatal reduciuse entre os anos 2000 e 2006.

O DIRCE informa de que o 1 de xaneiro de 2000 había 166.072 empresas censadas en Galicia. Aínda que o número de empresas galegas se elevou até as 191.642 rexistradas con data do 1/1/2006 (un incremento acumulado equivalente ao 15,40% entre os anos 2000 e 2006), constátase que o peso relativo das empresas galegas sobre o total estatal se reduciu en 0,36 puntos entre os anos 2000 (no cal as empresas censadas en Galicia representaban o 6,40% do total de empresas españolas) e o 2006 (exercicio en que a participación proporcional galega diminúe ata un 6,04%).

Aínda recoñecendo a transcendental relevancia que sobre a produción e o emprego teñen tanto as PEME como as grandes empresas vinculadas aos principais clústeres galegos (automoción, téxtil, naval, madeira, industria conserveira, etc), non se debe esquecer a importante achega das empresas o titular das cales é unha persoa física que non emprega traballadores.


O 49,11% das empresas existentes en Galicia no 1/1/2006 correspondían a un empresario autónomo que non empregaba ningún asalariado (a porcentaxe elévase a un 50,94% no conxunto español). De acordo coa EPA, os traballadores independentes representaban o 14,50% do total de ocupados en Galicia durante o ano 2006, valor que supera en 3,95 puntos a participación do emprego autónomo sobre o total da ocupación estatal, estimada nun 10,55% nese mesmo exercicio.

Aínda que o anterior diferencial se produce nos dous sexos, é no colectivo das mulleres onde se observa unha diferenza máis acentuada entre os contextos rexional e estatal. O 13,70% do total de homes ocupados galegos no ano 2006 eran traballadores autónomos, proporción que supera en 1,50 puntos o valor correspondente a España (un 12,20%). Por outra banda, o 15,58% das mulleres ocupadas en Galicia neste mesmo ano traballaban baixo algún réxime empresarial autónomo, superando en 7,45 puntos a porcentaxe do agregado estatal, que alcanzaba un 8,13%.

O intenso peso que posúe o autoemprego sobre a ocupación feminina galega aparece reflectido no Gráfico 11, onde se observa que mentres que en España a porcentaxe de traballadoras independentes sobre o total da ocupación feminina se mantivo estacionaria en torno ao 8,13%-8,65% ao longo do período 2001-2006, en Galicia, pola contra, experimentou unha evolución decrecente, pasando de representar un 19,21% en 2001 ao mencionado 15,58% en 2006.

Esta forte presenza do autoemprego feminino na estrutura do mercado laboral galego explícase, parcialmente, pola elevada proporción de mulleres titulares de empresas individuais vinculadas ao sector primario. Por iso, a diminución da poboación activa vinculada a este tipo de actividades e a reestruturación experimentada polas explotacións gandeiras ao longo da última década, axudan a comprender a redución progresiva das traballadoras independentes sobre o total da ocupación feminina.

Gráfico 11. Porcentaxe de mulleres empresarias sen asalariados (traballadoras independentes) sobre o total de ocupación feminina. Período 2001-2006



Fonte: elaboración propia a partir dos datos da EPA.

Impulsada pola execución de diversas intervencións cofinanciadas polo FSE, a cultura emprendedora experimentou un importante arraigamento en Galicia durante os anteriores períodos de programación 1994-1999 e 2000-2006. A taxa de actividade emprendedora (TEA), indicador estandarizado a nivel mundial calculado no marco do Proxecto internacional para a monitorización da iniciativa empresarial (GEM) e que mide a porcentaxe de adultos sobre o total de poboación entre 18 e 64 anos involucrados en iniciativas emprendedoras nacentes e novas, ofrece no ano 2005 uns valores moi semellantes entre Galicia (onde alcanza un valor do 5,53%) e España (5,65%).

O informe GEM Galicia 2005 presenta uns resultados moi positivos no que respecta ao TEA feminino, pois mentres que tanto o TEA xeral como o masculino, sitúanse en Galicia por debaixo do valor español, o TEA feminino galego supera o estatal, o que indica unha especial fortaleza do fenómeno emprendedor feminino nesta rexión (Táboa 10).

Táboa 10. Taxa de actividade emprendedora . (TEA) Ano 2005

|            | España | Galicia |
|------------|--------|---------|
| TEA        | 5,65   | 5,53    |
| TEA Muller | 4,15   | 4,21    |
| TEA Home   | 7,17   | 6,68    |

Fonte: GEM Galicia.

A pesar dos aumentos en produción nos sectores estratexicamente importantes para a rexión, non existe un reflexo similar na produtividade e implantación das TIC. Por conseguinte, co obxectivo de crear emprego de maior calidade e elevar a produtividade das empresas presentes no territorio, é fundamental que Galicia fomente e incremente os seus esforzos en innovación e I+D, tanto naqueles sectores de alta tecnoloxía intensivos en coñecemento coma nos sectores tradicionais.

Neste contexto, Galicia atópase aínda moi lonxe de alcanzar os obxectivos europeos fixados para 2010. En 2005, o gasto galego en actividades de I+D+i representaba o 0,89% do seu PIB, fronte ao 1,13% do nivel total de investimento para España e o 1,9% da UE-25.

Con respecto á participación privada do gasto en I+D+i, o financiamento empresarial das actividades de I+D+i en Galicia en 2005 situábase nun 43,44%, o cal supón un considerable incremento con respecto ao 37,59% do ano anterior, se ben continúa considerablemente por debaixo da media española do 53,93% e lonxe da media europea (UE-15) do 58% e do Obxectivo de Lisboa do 66%.

Estes feitos vense agravados pola caracterización do tecido produtivo galego, composto por un elevado número de microempresas que se mostran pouco activas en termos de investimento en desenvolvemento tecnolóxico e innovación, e pola falta de integración e coordinación entre as universidades e os centros públicos de investigación e o mundo empresarial.

Non obstante, cabe sinalar que Galicia experimentou dende 1995 un incremento na súa taxa de investimento en I+D de máis do 70%, triplicando o seu gasto en I+D per cápita (pasando de 41,3 euros en 1995 ata 133,15 euros en 2004), feito aínda máis acusado a partir do ano 2000, no que o sistema de innovación de Galicia parece ter adquirido un novo dinamismo, grazas ao esforzo do conxunto dos axentes da economía e a sociedade galega.

Polo que se refire ao persoal investigador, destácase o considerable incremento de persoal ocupado que experimentou Galicia na última década, aínda que máis do 50% se atopa no sector do ensino superior (o 53,1% en Galicia fronte ao 38,3% en España en 2005). Este feito confirma a elevada capacidade que veu demostrando a universidade en materia de investigación e o escaso reflexo que ten na innovación empresarial e, polo tanto, as deficientes conexións entre uns e outros.

En 2005, o 7,5 por mil da poboación ocupada galega dedicábase a actividades de I+D+i, fronte ao 9,2 por mil da poboación española. O total de persoal investigador ocupado en Galicia ascendía ao 5,2 por mil da poboación ocupada, achegándose gradualmente ao 5,8 por mil do colectivo do persoal investigador ocupado en España. E todo iso tendo en conta o percorrido aínda pendente da economía española ata alcanzar o 13,6 por mil da poboación ocupada dedicada á I+D de forma directa.

En canto aos indicadores relativos ao desenvolvemento e uso das novas Tecnoloxías da Información e da Comunicación (TIC) nas empresas de Galicia (Táboa 11), o 96,58% utilizaban ordenador na súa actividade diaria, contando o 87,58% con conexión a

Internet. No caso das empresas con menos de 10 asalariados, esta porcentaxe redúcese ao 38,29%.

Táboa 11. Uso de TIC en Empresas galegas

| Uso de TIC en empresas galegas                                                   | Galicia<br>% | España<br>% |
|----------------------------------------------------------------------------------|--------------|-------------|
| % Empresas que dispoñían de ordenadores                                          | 96,58        | 98,41       |
| % Empresas que dispoñían de Rede de Área Local                                   | 66,75        | 70,8        |
| % Empresas que dispoñían de conexión a Internet                                  | 87,58        | 92,65       |
| % Empresas que dispoñían de conexión a Telefonía móbil                           | 94,16        | 92,25       |
| % Empresas que dispoñían de conexión a Banda ancha                               | 50,49        | 94,02       |
| % Empresas que dispoñían de correo electrónico (e-mail)                          | 85,55        | 90,48       |
| % Empresas que dispoñían de conexión a Internet e sitio/páxina web <sup>13</sup> | 50,49        | 50,23       |

Fonte: INE. Enquisa de uso de TIC e comercio electrónico (CE) nas empresas 2005-2006.

A atomización das empresas galegas representa unha importante barreira á hora de investir en solucións TIC que axuden a alcanzar os niveis de produtividade satisfactorios e a propiciar novas formas de negocio. Ademais, as empresas pequenas mostran graves dificultades á hora de reorganizar e investir en capital humano, reducindo as efectivas posibilidades de utilización que estas ferramentas ofrecen.

No que respecta ás cualificacións profesionais en materia de TIC, a Táboa 12 ilustra sobre a utilización das tecnoloxías da información e comunicación por parte dos traballadores das empresas galegas, ademais da especialización dos recursos humanos na materia, destacando a súa implantación no sector servizos, por encima do resto.

Todas as variables permanecen 5 puntos de media por detrás dos seus equivalentes a nivel estatal. Cabe mencionar o diferencial entre ambas as dúas en termos da porcentaxe de empresas con dificultades na contratación de persoal con coñecementos TIC: 7,09% do total en Galicia fronte ao 10,64% de España.

<sup>13</sup> % sobre o total de empresas con conexión a Internet

Táboa 12. Datos principais das empresas galegas relacionados coas TIC

| % de empresas                                                                                                                                       | Total | Industria e<br>construción | Servizos |
|-----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|-------|----------------------------|----------|
| Persoal que utiliza ordenadores ao menos unha vez por semana                                                                                        | 41,27 | 29,76                      | 56,69    |
| Persoal que utiliza ordenadores conectados a Internet ao menos unha vez por semana                                                                  | 30,17 | 21,62                      | 41,61    |
| Empresas con empregados conectados aos sistemas TIC da empresa por redes telemáticas externas                                                       | 9,77  | 4,99                       | 16,41    |
| Empresas con empregados conectados aos sistemas TIC da empresa por redes telemáticas externas dende: Casa                                           | 64,61 | 59,24                      | 66,89    |
| Empresas con empregados conectados aos sistemas TIC da empresa por redes telemáticas externas dende: Instalacións de clientes ou empresas asociadas | 58,32 | 74,5                       | 51,48    |
| Empresas con persoal con funcións TIC específicas                                                                                                   | 21,71 | 16,73                      | 28,62    |
| Empresas con dificultades na contratación de persoal con coñecementos TIC                                                                           | 7,09  | 11,57                      | 3,45     |


Fonte: INE. Enquisa de uso de TIC e comercio electrónico (CE) nas empresas 2005-2006.

En canto ao emprego por sectores, destaca o sector servizos, especialmente no caso das mulleres, elevándose ao 75,9% a porcentaxe de mulleres empregadas en servizos, fronte ao 48,2% dos homes. Tal como ilustra o Gráfico 12, a industria ocupa o segundo lugar, rexistrando o 23% dos ocupados e o 12,3% das ocupadas.

A ocupación por sectores é maior nos servizos, feito que está en coherencia coa composición da produción, aínda que en maior proporción, xa que no ano 2006 os servizos proporcionaban emprego a un 60,17% da poboación ocupada da rexión, seguida da industria, cun 18,38%, a construción, cunha participación do 11,93% sobre o total, e a agricultura, gandería e pesca, actividades que en conxunto representaron o 9,52% do emprego xerado durante o 2006.

O 56,81% dos ocupados en Galicia no ano 2006 eran homes fronte ao 43,19% de mulleres (a proporción de mulleres sobre o total de ocupados ascende a 40,54% en España). No ano 2006, o emprego feminino galego só supera o masculino no sector servizos, onde as mulleres representan un 54,49% e os homes o 45,51% restante. A ocupación na industria e na construción ten un carácter eminentemente masculino, posto que as mulleres só representan o 28,87% e o 6,60% do emprego xerado en cada un destes dous sectores respectivamente.

Gráfico 12. Ocupados por sectores e sexo en Galicia. Media 2006



Fonte: EPA.

Unha característica específica do mercado laboral galego é a forte presenza feminina na agricultura, onde son mulleres o 45,25% do total de ocupados neste sector, mentres que en España este ratio se sitúa nun 27,85%. Esta diferenza tan acentuada ten a súa orixe na particular división do traballo entre sexos que tradicionalmente existiu no mundo rural galego, especializándose a muller na práctica dunha agricultura de autoconsumo, que permitía completar o ingreso salarial achegado polo marido.

Loxicamente, este tipo de agricultura de subsistencia, orientada ao propio consumo familiar, ten pouca relevancia na actualidade, pero aínda se conservan algúns trazos que a caracterizaban antano, como é o caso da forte presenza das mulleres á fronte das explotacións agrarias, así como a puxanza do asociacionismo agrario feminino.

#### **b) Evolución da poboación activa e poboación desempregada**

Intentarase, neste punto, presentar a situación das principais variables asociadas ao mercado laboral galego dende unha dobre perspectiva, analizando por unha parte a evolución destas magnitudes dende unha perspectiva temporal, mostrando a súa evolución ao longo dos últimos anos e tratando de comparar, por outra parte, os datos rexionais cos estatais e os comunitarios.

É preciso ter en conta que se produce un certo desfase ao contrastar os datos galegos e os españois (a fonte estatística dos cales é a EPA elaborada polo INE) cos da UE (que proceden de Eurostat). A diverxencia está causada polo feito de que mentres que a EPA considera como poboación en idade de traballar a comprendida entre 16 e 64 anos, Eurostat realiza o cálculo sobre o intervalo 15-64 anos. A pesar de que as diferenzas xurdidas destes dous criterios sexan mínimas, debe sinalarse que se producirán en todas as


comparacións que se realicen entre o mercado de traballo galego ou español co do conxunto da UE.

Tratará de mostrarse unha análise do mercado laboral baseado no estudo das variables máis relevantes como son a poboación activa, o paro, o emprego e os custos laborais. Este traballo complétase ademais co detalle da situación actual dos principais colectivos en risco de exclusión, tales como as mulleres, os mozos, os parados de longa duración, os minusválidos e os inmigrantes.

A taxa galega de actividade para o grupo de idade comprendido entre 16 e 64 anos, correspondente ao exercicio 2006, foi estimada nun 69,77%, valor que se sitúa 2,13 puntos por debaixo da española, valorada nun 71,90% para o mesmo período.

A pesar deste diferencial negativo, o valor galego recortou diferenzas con respecto ao da UE-25. No ano 2001, a taxa de actividade de Galicia, un 64,34%, quedaba 4,36 puntos porcentuais por debaixo da da UE-25, un 68,70%; no ano 2006, o diferencial entre o nivel de actividade rexional e o comunitario reducírase a 0,73 puntos, situándose as taxas de actividade nuns niveis do 69,77% a rexional e do 70,50% a comunitaria de UE-25 (Gráfico 13).


Gráfico 13. Evolución da taxa de actividade en Galicia, España e a UE-25 (2001-2006)



Fonte: EPA e EUROSTAT.

Por outra banda, o desemprego en Galicia reflicte durante os últimos seis anos unha evolución altamente positiva. A forte diminución experimentada pola taxa de paro galega durante os anos 2005 e 2006 permitiu que recortase o diferencial que a separaba tanto da UE-15 como da UE-25. A taxa galega, que no ano 2002, cun 12,16%, se situaba 4,66 puntos por enriba da taxa de paro harmonizada da UE-15 (un 7,50% no 2002) e superaba en 3,46 puntos á taxa de paro harmonizada da UE-25 (8,70% no exercicio 2002), reduciu esta brecha co espazo comunitario, posto que o 8,48% estimado para Galicia no ano 2006, a sitúa a 1,08 puntos porcentuais da UE-15 (7,4% no 2006) e a só 0,58 puntos da taxa de desemprego harmonizada da UE-25 (7,90 durante o 2006) (Gráfico 14).

Gráfico 14. Evolución da taxa de paro en Galicia, España e a UE-25 (2001-2006)




Fonte: EPA e EUROSTAT.

O diferencial negativo de 1,55 puntos que mostraba a *taxa de ocupación galega* no ano 2001 (estimada nun 57,17% para o grupo de idade comprendido entre os 16 e os 64 anos) respecto da española (58,72% nese exercicio 2001) incrementouse ata alcanzar 1,95 puntos porcentuais no ano 2006, no cal as taxas de ocupación 16-64 anos, galega e española alcanzaron uns niveis do 63,80% e do 65,75% respectivamente (Gráfico 15). Aínda que a taxa galega de ocupación correspondente ao segmento 16-64 anos experimentou un incremento acumulado de 6,63 puntos entre os anos 2001 e 2006, a española aumentou en 7,03 puntos porcentuais, polo que a posición relativa de Galicia empeora dentro do contexto estatal.

Non obstante, apréciase unha notable melloría desta ratio con respecto ao marco comunitario, xa que a diferenza de 5,63 puntos que se rexistrara durante o exercicio 2001 entre as taxas de ocupación galega (57,17%) e a da UE-25 (62,80%, aínda que referida ao grupo de idade 15-64 anos), foi diminuindo progresivamente durante os seis primeiros anos desta década, e no exercicio 2006, a distancia que separaba as taxas de ocupación galega (63,80%) e comunitaria (64,70% a nivel da UE-25), reducírase ata alcanzar os 0,90 puntos porcentuais. A diferenza é maior se se realiza a comparación con respecto a a UE-15, xa que a taxa de ocupación galega referida ao tramo 16-64 anos, quedaba no ano 2006, 2,20 puntos por debaixo da taxa UE-15 para o tramo 15-64 anos, estimada nun 66,00%.

Gráfico 15. Evolución da taxa de ocupación en Galicia, España e a UE-25 (2001-2006)




Fonte: EPA e EUROSTAT.

En relación á *ocupación por rama de actividade*, Galicia caracterízase porque o sector con maior ocupación é o sector servizos, que absorbía un 60,2% do total da poboación ocupada durante o exercicio 2006. Sen embargo, o proceso de terciarización experimentado pola economía galega presenta un carácter menos intenso que o da española (onde o sector servizos proporcionaba emprego a un 65,7% das persoas ocupadas en 2006). A diferenza aumenta aínda máis se se realiza a comparación con respecto á UE-25, espazo económico

no que os servizos xeraron o 67,7% do total da ocupación durante o mencionado exercicio 2006 (Gráfico 16).

Outros trazos distintivos da estrutura ocupacional galega son a aínda forte presenza do emprego asociado ao sector primario (no cal traballaban o 9,5% do total de ocupados galegos en 2006, fronte ao 4,8% de España e o 4,7% da UE-25) e a maior participación do sector industrial na creación de emprego con respecto a España (a industria daba emprego en 2006 ao 18,4% do total de ocupados galegos, mentres que esta proporción representaba un 16,7% en España).


Gráfico 16. Distribución porcentual da ocupación por rama de actividade – Ano 2006



Fonte: EPA e EUROSTAT.

O grao de temporalidade do mercado laboral, medido pola porcentaxe que representan os asalariados suxeitos a algunha modalidade de contratación temporal con respecto ao total de asalariados, alcanzou no ano 2006 uns niveis que ascenderon ao 34,9% en Galicia e ao 34,0% en España. As series temporais 2001-2006 mostran como a taxa de temporalidade galega foi reducindo a distancia que a separaba da española ao longo de todo o período considerado. No ano 2001, o ratio galego, cun 34,2%, quedaba 2,0 puntos por debaixo do español, estimado nun 32,2%, que reducírase a 0,9 puntos en 2006 (Gráfico 17).

Gráfico 17. Evolución do grao de temporalidade no mercado laboral. Galicia e España 2001-2006



Fonte: EPA.


Non obstante, esta converxencia co contexto español non pode entenderse como un incremento de estabilidade no mercado laboral rexional. De feito, a taxa galega de temporalidade no emprego incrementouse en 0,7 puntos entre o ano 2001 (34,2%) e o 2006 (34,9%). A aproximación cara ao valor estatal produciuse porque o índice de temporalidade español experimentou un comportamento aínda máis negativo entre os anos 2001 (32,2%) e 2006 (34,0%), sufrindo un incremento acumulado de 1,8 puntos porcentuais.

A temporalidade na contratación é sufrida nunha maior medida polas mulleres. O valor global estimado en Galicia para o exercicio 2006, un 34,9%, descomponse nun 32,0% correspondente á taxa de temporalidade masculina e nun 38,7% á feminina, datos que indican unha diverxencia de 6,7 puntos entre ambos os sexos.

No contexto estatal, a diferenza de xénero non é tan acusada. A taxa de temporalidade española, un 34,0% en 2006, desagregase nun 32,0% para o grupo de mulleres e nun 36,7% para o colectivo feminino, producíndose así un diferencial de 4,7 puntos entre os dous sexos.

O Gráfico 17 permite comprobar como o incremento de 0,7 puntos experimentado pola taxa de temporalidade galega entre os anos 2001 e 2006 foi causado polo empeoramento nas condicións de estabilidade do emprego feminino. Mentres que a taxa de temporalidade masculina se reduciu en 1,2 puntos, pasando dun 33,2% en 2001 ata o 32,0% en 2006, a taxa de temporalidade feminina, pola contra, incrementouse en 2,9 puntos entre o ano 2001 (35,8%) e o 2006 (38,7%).

Gráfico 18. Desagregación por sexos da taxa de temporalidade. Galicia 2001-2006



Fonte: EPA.

Con respecto á desagregación por xéneros, indicar que a taxa de emprego feminina referida ao tramo de idade comprendido entre os 16 e os 64 anos, alcanzou en Galicia unha media do 54,88% durante o ano 2006, 0,91 puntos por enriba do valor español (53,97% no mesmo período). Este indicador experimentou unha relevante aproximación cara aos valores comunitarios, xa que mentres que en 2001, a taxa galega de ocupación feminina correspondente ao tramo 16-64 anos (estimada nun 45,35%), quedara 8,95 puntos por debaixo do valor da UE-25 (54,30% para o grupo comprendido entre os 15 e os 64 anos) e 9,65 puntos por debaixo da da UE-15 (55,00% no tramo 15-64 anos), esta brecha reduciuse no ano 2006 ata 2,42 puntos con respecto á UE-25 e a 3,52 puntos en relación á UE-15 (as taxas de ocupación feminina no exercicio 2006 foron 54,88% para Galicia, 53,97% para España, 57,30% para a UE-25 e 58,40% para a UE-15).


Por outra banda, a taxa de actividade feminina galega (62,04% no 2006), superou en 0,99 puntos a media estatal (estimado nun 61,05%). Aínda que ao longo dos últimos anos se produciu un relevante achegamento da ratio galega cara á media comunitaria, o seu valor aínda queda por debaixo tanto do nivel alcanzado por a UE-25 (a taxa feminina da cal de actividade alcanzou un nivel do 63,10% para o grupo de idade 15-64 anos durante o 2006) como do nivel correspondente á UE-15 (64,00% no 2006).

Por outra parte, a taxa galega de actividade feminina correspondente ao tramo 16-64 anos (62,03% no 2006), superou en 0,98 puntos a media estatal (estimado nun 61,05%). Aínda que ao longo dos últimos anos se produciu un relevante achegamento da ratio galega cara á media comunitaria, o seu valor aínda queda por debaixo tanto do nivel alcanzado por a UE-25 (a taxa feminina da cal de actividade alcanzou un nivel do 63,10% para o grupo de idade 15-64 anos durante o 2006) como do nivel correspondente á UE-15 (64,00% no 2006).

Por outra banda, o desemprego vinculado ao colectivo das mulleres presenta unha maior incidencia en Galicia que no ámbito comunitario. A taxa feminina de desemprego foi estimada nun 11,45% no exercicio 2006, situándose 0,10 puntos por debaixo do valor español (11,56%), pero superando en 2,45 puntos a media da UE-25 (9,00%) e superando en 3,05 puntos o valor da UE-15 (8,40% no 2006) (Gráfico 19).

O diferencial que aínda existe entre as taxas femininas de desemprego en Galicia e na UE non implica unha evolución desfavorable deste ratio na rexión, xa que tal como se observa no Gráfico 19, este índice conseguiu reducirse en 7,81 puntos entre os exercicios 2004 (no cal alcanzou un 19,26%) e o 2006 (onde, cun 11,45%, a taxa galega de desemprego feminino se equiparou á española, feito que non se producía dende o ano 2001).

Gráfico 19. Evolución da taxa de paro feminina en Galicia, España e a UE-25 (2001-2006)




Fonte: EPA e EUROSTAT.

A taxa de desemprego xuvenil experimentou unha redución ao longo dos últimos anos en Galicia, pasando dun 24,27% no exercicio 2001 e dun 25,74% en 2003 a un valor do 17,98% durante o ano 2006 (porcentaxe que practicamente iguala o valor español, estimado nun 17,93% para o ano 2006) (Gráfico 20).

Non obstante, a taxa galega de paro xuvenil aínda supera os parámetros comunitarios, xa que durante o exercicio 2006 o índice galego aínda quedaba 0,68 puntos por enriba da taxa de paro xuvenil da UE-25 (17,30% no 2006) e 1,88 por enriba do dato da UE-15 (16,10%).

Gráfico 20. Evolución da taxa de paro xuvenil en Galicia, España e a UE-25 (2001-2006)




Fonte: EPA e EUROSTAT.

Galicia mostraba no ano 2006 unha taxa de desemprego de longa duración (nº de persoas que levan dous ou máis anos en situación de desemprego/total poboación activa) do 1,57%, un valor superior ao da media estatal, que rexistrou un 1,10% (Gráfico 21).

O desemprego de longa duración evolucionou, en Galicia, dun modo favorable ao longo do período 2001-2006, chegando a rexistrar, durante os anos 2005 e 2006, uns niveis inferiores que os da UE-25. A tendencia manifestada por este índice é positiva se se pensa que no ano 2001, as persoas que levaban dous ou máis anos en situación de desemprego representaban o 3,70% da poboación activa galega, dato que superaba en 0,86 puntos o valor español (2,84%), en 1,50 puntos o correspondente á UE-25 (2,20%) e en 1,80 puntos o da UE-15 no exercicio 2001 (estimado nun 1,90%).

A redución experimentada pola taxa de paro a longo prazo permitiu que no ano 2006, o valor galego (que alcanzou un 1,57%), quedase 0,53 puntos por debaixo do resultado da UE-25 (2,10% no 2006) e 0,33 puntos por debaixo do valor da UE-15 (1,90%) (Gráfico 21).


Gráfico 21. Evolución da taxa de paro de longa duración en Galicia, España e a UE-25 (2001-2006)



Fonte: EPA e EUROSTAT.

A cuestión dos custos laborais constitúe un punto de referencia básico para elaborar unha estratexia de desenvolvemento económico e social, dada a intensa interdependencia que existe entre a evolución desta magnitude e as decisións sobre a localización empresarial e o movemento de capitais a nivel internacional nun mundo cada vez máis globalizado. Os custos laborais totais por traballador e mes en Galicia caracterízanse por mostrar valores máis reducidos que a media nacional. De acordo coa Enquisa Trimestral de Custo Laboral elaborada polo INE, o custo laboral total por traballador alcanzou en Galicia un nivel mensual media de 1.895,3 € durante o ano 2006, importe que representa o 86,80% dos custos totais mensuais por traballador en España durante o mesmo período, que foron estimados en 2.183,6 €.

Gráfico 22. Evolución dos custos mensuais totais por traballador en Galicia e España (2000-2006)




Fonte: Enquisa Trimestral de Custo Laboral elaborada polo INE.

Observando o anterior Gráfico obsérvase como o custo total por traballador e mes experimentou en Galicia un incremento acumulado do 23,58% entre os anos 2000 e o 2006, fronte ao aumento acumulado do 24,20% calculado para España.

Por comunidades autónomas, os custos laborais máis elevados corresponden á Comunidade de Madrid (2.586,0 euros por traballador e mes como media do exercicio 2006), País Vasco (2.509,3 euros) e Comunidade Foral de Navarra (2.416,6 euros). Pola contra, Extremadura (1.775,1 euros), Canarias (1.819,8 euros), a Rexión de Murcia (1.868,3 euros) e Galicia (1.895,3) son as rexións que presentan os custos laborais máis baixos (Gráfico 23).

Gráfico 23. Custos mensuais totais por traballador nas rexións de España (Ano 2006)




Fonte: Enquisa Trimestral de Custo Laboral elaborada polo INE.

O custo laboral por hora efectiva do sistema produtivo galego foi estimado polo INE en 13,95 euros como media do ano 2006, cifra que representa o 86,75% do custo por hora efectiva calculado para o conxunto da economía española (16,08 euros no ano 2006) (Gráfico 24).

O custo global de 13,95 euros correspondente a Galicia analízase en 14,91 euros de custo por hora efectiva no sector da industria (o valor sobe 17,89 en España), 12,93 euros por hora estimados para o sector galego da construción (valor que se incrementa ata 14,53 euros por hora en España) e 13,84 euros por hora dentro do sector de servizos (o custo neste sector ascende a 15,92 euros por hora en España).

Gráfico 24. Custo laboral por hora efectiva en Galicia e España (Ano 2006)




Fonte: Enquisa Trimestral de Custo Laboral elaborada polo INE.

Por outra parte, a *produtividade* definida como o cociente entre o PIB a prezos correntes e a poboación ocupada evolucionou de maneira favorable durante o período 1997-2005. O Gráfico 24 mostra a evolución da produtividade en Galicia, España e UE-15 ao longo do período 1997-2005 sobre a base UE-25=100. A partir do cruzamento de datos entre o INE e EUROSTAT obsérvase como o valor galego converxeu en 2,5 puntos con respecto ao comunitario, posto que a produtividade da rexión pasou de representar o 80,4% do valor da UE-25 a equivaler ao 82,9% no exercicio 2005.

Esta favorable evolución presenta un carácter positivo adicional se se considera que ao longo do mesmo período, a produtividade española perdeu 4,0 puntos de converxencia con respecto a a UE-25, pasando de situarse no 101,1% da media da UE-25 en 1997 a un 97,1% no 2005.


Gráfico 25. Evolución da produtividade (PIB en paridade de poder de compra por persoa ocupada) sobre a base UE-25=100



Fonte: elaboración propia a partir do cruzamento de datos entre INE e EUROSTAT.

O Gráfico 26 mostra un enfoque similar sobre a evolución da produtividade galega, pero referido á base España=100. A produtividade galega, medida en termos de PIB sobre o total de poboación ocupada, gañou 5,9 puntos de converxencia con respecto ao marco estatal. De feito, a produtividade galega pasou de equivaler ao 79,5% da española no ano 1997 a un 85,4% no 2005.

Gráfico 26. Evolución da produtividade galega (PIB en paridade de poder de compra por persoa ocupada) sobre a base España=100



Fonte: elaboración propia a partir do cruzamento de datos entre INE e EUROSTAT.


Sen embargo, é preciso matizar que esta relevante aproximación da produtividade galega á media española se produciu pola acción conxunta de dous factores: dunha parte,

a mellora na eficacia dos principais sistemas produtivos da economía galega, e doutra, o transvase de poboación activa desde as actividades menos produtivas do sector primario a outros sectores. Este segundo factor está practicamente esgotado, dado que o proceso de reestruturación das estruturas agrarias vivido por Galicia nas últimas décadas está practicamente rematado, polo que no futuro a converxencia da produtividade galega cos valores estatal e comunitario deberá basearse exclusivamente na mellora da eficiencia dos métodos produtivos e no incremento da cualificación da man de obra, máis que no transvasamento de traballadores dos sectores menos produtivos aos de maior produtividade.

A modo de recapitulación deste punto poderíase indicar que:

- A economía galega mellorou de forma notoria o seu mercado de traballo nos últimos anos. Como xa se apuntou, o desemprego, que constituía o principal desequilibrio da estrutura económica galega, experimentou unha substancial corrección, o que queda perfectamente reflectido no Gráfico 27.

Gráfico 27. Evolución da taxa de paro en Galicia e España (1996-2006)



Fonte: EPA.

- Non obstante, a evolución non foi tan favorable se se comparan as fotos fixas da taxa de actividade de 16 anos e máis e da taxa de emprego de 16 anos e máis entre Galicia e España en dous momentos concretos de tempo, os anos 1996 e 2006. Tal como se observa nos Gráficos 28 e 29, as taxas españolas experimentaron un incremento acumulado máis elevado que as galegas.

Gráfico 28. Taxa de actividade 16 e máis anos





Gráfico 29. Taxa de emprego 16 e máis anos



Fonte: EPA.

- A taxa de actividade, que ten un marcado comportamento procíclico, medrou a un ritmo moi inferior á nacional (Gráfico 28). Por tanto, a presión á alza exercida polo carácter expansivo do período foi parcialmente contrarrestada polo progresivo envellecemento da poboación galega, feito que, sen dúbida, constitúe un dos principais problemas desta comunidade.
- Outro tanto sucede coa taxa de emprego galega, que no ano 1996 era superior e que, desde 1997, non só é máis baixa senón que, ademais, presenta un diferencial crecente respecto á media española (Gráfico 29).
- En definitiva, a poboación ocupada medrou considerablemente menos en Galicia, de aí que a cota no emprego nacional diminuíse dun 7,3% durante o ano 1996 a un 5,90% en 2006. Iso non se debe só á sangría ocupacional sufrida por un sector agrario en pleno axuste estrutural, senón tamén á menor xeración de emprego por parte das actividades non agrarias. En efecto, ao longo dese decenio a participación galega nos 6,6 millóns de empregos non agrarios creados pola economía española limitouse a un 4,7%, cifra sensiblemente inferior á cota na situación de partida: 6,2%.
- Por outro lado, convén recordar que a temporalidade mantén unha tenaz resistencia á baixa. É máis, aumentou lixeiramente, pasando a fracción dos asalariados con contrato temporal dun 32,4% en 1995 a un 34,9% en 2006, cando en España o que se rexistrou é un pequeno descenso. É sabido que semellante proporción só en parte se xustifica pola estacionalidade da actividade produtiva en determinados sectores e que, en boa medida, é o resultado dunha indesexable precarización das relacións laborais que é necesario corrixir.

- Por último, hai que sinalar que o custo laboral por traballador é sensiblemente máis baixo en Galicia, situándose actualmente en torno ao 86%-87% da media correspondente ao total estatal, tendo incluso rexistrado unha leve caída en termos relativos, todo iso nun contexto nacional de moderación salarial que resultou moi favorecedor no que concirne á creación de emprego.
- En relación á segregación por xénero, obsérvase que en Galicia, a taxa feminina de emprego referida ao grupo de idade 16-64 anos (54,88%) e a taxa de actividade feminina para o tramo 16-64 anos (62,03%) rexistran no exercicio 2006 uns valores próximos aos de España, as taxas femininas da cal de emprego e de actividade para este intervalo de idade foron, respectivamente, dun 53,97% e dun 61,05%.
- Despois de catro anos consecutivos, nos cales o desemprego feminino fora máis pronunciado en Galicia que en España (no ano 2005, a taxa galega de paro feminino, estimada nun 13,5%, superara en 1,3 puntos o valor español, 12,2%), o exercicio 2006 supuxo a plena equiparación entre ambos os dous contextos, quedando fixado este ratio nun 11,45% para Galicia e nun 11,56% para España. A alta participación da muller galega nas tarefas agrícolas e gandeiras condicionan de forma moi relevante estes datos de emprego.
- Así mesmo, Galicia vén mostrando unha evolución positiva en termos de desemprego xuvenil. O desemprego xuvenil galego rexistra en 2006 unha taxa do 17,98% fronte ao 17,93% español. A evolución recente deste indicador evidencia unha importante redución do seu valor ao longo dos anos, xa que a taxa de paro xuvenil galega, que oscilara entre o 24,3% e o 25,7% durante o período 2001-2004, conseguiu situarse nun 21,0% en 2005 para despois situarse no mencionado 17,98%.

### **c) Produtividade laboral**

A produtividade definida como o PIB a prezos correntes entre a poboación ocupada evolucionou de maneira favorable durante o período (1998-2004) en Galicia, crecendo un 5% de media anual fronte a un 3,03%, un 3,43% e un 2,96% de crecemento medio anual de España, a UE-25 e UE-15 respectivamente. Este é un dos elementos clave en que maior diferencial se observa coa media nacional e europea. A pesar diso, a produtividade en Galicia continúa por debaixo dos seus referentes nacionais e europeos.

A produtividade do traballo foi, como xa se expuxo, o único dos tres factores que actuou en prol da converxencia da renda por habitante coa media nacional. De feito, se as taxas de actividade e de ocupación permanecesen estables respecto ás españolas, o PIB<sub>pc</sub> galego en 2005 só distaría 4,5 p.p. do correspondente ao conxunto estatal en vez do realmente existente, que cuadruplica o anterior. Simulación que se pode facer pero que, na práctica, adoece dunha seria limitación, é dicir, as ganancias de produtividade máis

elevadas da economía galega están intimamente conectadas co comportamento seguido pola ocupación.

A produtividade do traballo a nivel agregado é a media aritmética ponderada das produtividades sectoriais, actuando as participacións de cada rama no emprego total como ponderacións:

$$PAT = \sum_{i=1}^n PAT_i \times \frac{E_i}{E}$$

Por tanto, a progresión da produtividade agregada pódese deber a un aumento das produtividades sectoriais e/ou unha redistribución intersectorial do factor traballo. Cando unha economía acumula un certo atraso relativo e, por iso, ten un sector agrario sobredimensionar, o potencial de crecemento da produtividade é moi elevado posto que o decrecemento do seu peso ocupacional preme á alza sobre o nivel agregado de eficiencia mediante un efecto composición. Ese é o escenario en que hai que encadrar o progreso da produtividade do traballo de Galicia que, por outro, foi moi limitado, chamando só a atención pola súa evolución con respecto ao conxunto español, ben que o seu nivel en 2005 equivalía só ao 85% da media española.


No caso de Galicia, en 1995 o sector primario absorbía o 22,1% do emprego total; proporción que baixou á metade (11,1%) en 2005; esa reasignación do factor traballo a favor dos sectores con maior nivel de eficiencia provoca por si mesmo un incremento da produtividade agregada, ao que hai que sumar o resultante da alza das produtividades sectoriais. Máis concretamente, entre 1995 e 2005 a recomposición sectorial do emprego explica, por si mesma, a terceira parte das ganancias da produtividade no conxunto da economía galega, correspondendo os dous terzos restantes aos aumentos sectoriais. Obviamente, a gradual equiparación da estrutura ocupacional da economía galega coa española supón que, no futuro, ese vector que xogou a favor da mellora da produtividade perda poder de arrastre e, por tanto, sobre a renda por habitante, tanto en termos absolutos como relativos.

O anterior quere dicir que as ganancias da produtividade agregada terán que basearse cada vez máis en dous elementos: a) A reasignación do factor traballo a favor das actividades máis eficientes en cada rama como, por exemplo, o incremento do peso ocupacional das manufacturas avanzadas en detrimento das tradicionais; b) O incremento da produtividade do traballo en todos os subsectores do aparello produtivo, particularmente nas esferas con maior achega ao emprego agregado.

O Gráfico 30 mostra o longo camiño que hai que percorrer para conseguir a converxencia coa produtividade española que, por outra parte, deberá crecer vigorosamente para que se poida igualar coa das economías europeas máis eficientes. En efecto, en 2005 só o sector Construción gozaba dun nivel de produtividade por enriba da media nacional. No resto das ramas, a produtividade galega situábase por debaixo do 90% do nivel español: a) O forte descenso do emprego primario permitiu recortar en máis de 20 puntos este diferencial, o que non obsta para que en 2005 a produtividade equivalla, en números

redondos, ao 60% da española; b) Nas actividades enerxéticas, a produtividade media rexistrou unha lixeira erosión en termos relativos, de tal modo que en 2005 rolda o 85% da cifra correspondente ao conxunto da rama nacional; c) A produtividade industrial mellorou sensiblemente, reducindo o diferencial desfavorable á metade, polo que en 2005 se cifraba en pouco máis de 10 puntos; d) Resultado positivo que se reproduce, aínda que con menor intensidade, en Servizos de mercado; e) A produtividade relativa de Servizos de non mercado permaneceu estabilizada nun nivel próximo ao 80%.

Gráfico 30. Produtividade aparente do traballo. Galicia (España = 100)



Fonte: elaboración propia.

#### d) Os inmigrantes no mercado laboral galego

A poboación inmigrante reflectiu unha evolución crecente durante os últimos 7 anos en Galicia, sen embargo a un ritmo menos acentuado que no resto do territorio nacional (218,4% fronte a 398,1%). A entrada de inmigrantes estranxeiros consolidou un saldo migratorio positivo durante o ano 2005, situación que xunto a que o 82,1% se trata de poboación en idade de traballar, permite pensar que Galicia posúe na man de obra inmigrante unha oportunidade para facer fronte ao risco de falta de relevo xeracional no mercado laboral.

En 2005 o número de estranxeiros ascende a 69.363, dos cales a maioría proceden de países europeos e sudamericanos, tal e como se pode apreciar na Táboa 13.

Táboa 13. Poboación estranxeira segundo idade, sexo e país de nacionalidade, ano 2005

| Idade        | Sexo | Total         | Nacionalidades europeas | Nacionalidades africanas | América Central | América do Norte | América do Sur | Resto do mundo |
|--------------|------|---------------|-------------------------|--------------------------|-----------------|------------------|----------------|----------------|
| 0-4          | H    | 1.013         | 284                     | 138                      | 18              | 31               | 505            | 37             |
|              | M    | 1.042         | 259                     | 136                      | 22              | 34               | 543            | 48             |
| 5-9          | H    | 1.681         | 397                     | 160                      | 61              | 55               | 972            | 36             |
|              | M    | 1.513         | 348                     | 129                      | 47              | 54               | 909            | 26             |
| 10-14        | H    | 1.836         | 427                     | 152                      | 107             | 47               | 1051           | 52             |
|              | M    | 1.755         | 406                     | 117                      | 101             | 46               | 1048           | 37             |
| 15-19        | H    | 2.047         | 535                     | 192                      | 163             | 51               | 1034           | 72             |
|              | M    | 1.956         | 548                     | 128                      | 156             | 46               | 1023           | 55             |
| 20-24        | H    | 3.002         | 950                     | 416                      | 123             | 97               | 1310           | 106            |
|              | M    | 3.733         | 924                     | 265                      | 212             | 55               | 2225           | 52             |
| 25-29        | H    | 4.581         | 1.499                   | 755                      | 139             | 97               | 1940           | 151            |
|              | M    | 5.523         | 1.207                   | 349                      | 357             | 116              | 3423           | 71             |
| 30-34        | H    | 4.576         | 1.590                   | 824                      | 222             | 74               | 1729           | 137            |
|              | M    | 5.126         | 1.257                   | 257                      | 419             | 98               | 2996           | 99             |
| 35-39        | H    | 4.062         | 1.441                   | 736                      | 177             | 71               | 1519           | 118            |
|              | M    | 4.189         | 1.183                   | 174                      | 355             | 91               | 2307           | 79             |
| 40-44        | H    | 3.180         | 1.259                   | 446                      | 145             | 49               | 1194           | 87             |
|              | M    | 3.308         | 1.023                   | 122                      | 282             | 102              | 1720           | 59             |
| 45-49        | H    | 2.297         | 1.042                   | 281                      | 67              | 49               | 808            | 50             |
|              | M    | 2.526         | 876                     | 99                       | 159             | 87               | 1258           | 47             |
| 50-54        | H    | 1.500         | 775                     | 153                      | 64              | 40               | 450            | 18             |
|              | M    | 1.627         | 581                     | 42                       | 105             | 70               | 800            | 29             |
| 55-59        | H    | 1.008         | 583                     | 61                       | 48              | 21               | 278            | 17             |
|              | M    | 1.198         | 451                     | 14                       | 83              | 39               | 598            | 13             |
| 60-64        | H    | 719           | 426                     | 23                       | 29              | 18               | 207            | 16             |
|              | M    | 799           | 299                     | 11                       | 59              | 33               | 388            | 9              |
| 65-69        | H    | 599           | 407                     | 16                       | 17              | 29               | 119            | 11             |
|              | M    | 634           | 236                     | 14                       | 47              | 25               | 302            | 10             |
| 70-74        | H    | 416           | 262                     | 6                        | 11              | 32               | 99             | 6              |
|              | M    | 471           | 196                     | 10                       | 33              | 33               | 195            | 4              |
| 75 e máis    | H    | 663           | 401                     | 13                       | 36              | 62               | 139            | 12             |
|              | M    | 783           | 360                     | 10                       | 74              | 92               | 241            | 6              |
| <b>TOTAL</b> |      | <b>69.363</b> | <b>22.432</b>           | <b>6.249</b>             | <b>3.938</b>    | <b>1.844</b>     | <b>33.330</b>  | <b>1.570</b>   |

Fonte: IGE.

A inmigración é por tanto un fenómeno destacable que cómpre ter en conta de cara ao novo período de programación; tratándose ademais dun dos colectivos desfavorecidos destacados no *IV Plan Nacional de Acción para a inclusión social do Reino de España (PNAin) 2006-2007*, debido ás súas necesidades de accións específicas para a súa integración na sociedade a través, principalmente, de actuacións no mercado laboral.

Neste Plan tamén se consideran como colectivos con maiores riscos de exclusión do mercado laboral as mulleres, os mozos, os minusválidos e os parados de longa duración. Trátase en todos os casos de grupos que, con carácter xeral, experimentan maiores dificultades que a media da poboación para inserirse no mercado laboral e a entrada dos cales adoita ir acompañada de maiores taxas de temporalidade e precariedade no emprego.

Estes grupos son amplos e as políticas públicas que se dirixan a mellorar as súas oportunidades laborais deberán ter en conta outras variables, tales como o sexo (por exemplo, as mulleres novas e minusválidas sufrirán unha dobre ou tripla discriminación), a idade, as necesidades formativas diferenciadas, ou ben actuar sobre os estereotipos que

actúan como barreiras invisibles para a inserción destes grupos. Nese sentido, cabe destacar o Plan Galego de Igualdade, que na actualidade vai pola súa quinta edición.

Tendo en conta que o saldo migratorio de Galicia é positivo debido ao incremento de poboación estranxeira dos últimos anos fai que se formule a necesidade de contar con este colectivo e coa súa participación no mercado de traballo á hora de desenvolver futuros plans de emprego. A continuación, analizarase se o devandito incremento supón unha carga (custos sanitarios) ou unha vantaxe (elevan a taxa de ocupación). Para iso analizouse a *taxa de activos potenciais* deste colectivo.

*Táboa 14. Taxa potencial de activos inmigrantes en Galicia*

| <b>Poboación</b> |                   |                                |
|------------------|-------------------|--------------------------------|
| <b>Total</b>     | <b>15-64 anos</b> | <b>% en idade de traballar</b> |
| 69.363           | 56.957            | 82,11                          |

Fonte: IGE.

O resultado é moi satisfactorio xa que o 82,11% do total de poboación inmigrante en Galicia está en idade de traballar, e polo tanto non debería ser unha carga social; non obstante, o que resulta máis preocupante é que só o 36,32% do total está dado de alta na Seguridade Social (Táboas 14 e 15).

*Táboa 15. Traballadores estranxeiros afiliados á Seguridade Social en alta laboral (Media anual)*

|            | 1999  | 2000  | 2001  | 2002   | 2003   | 2004   | 2005   |
|------------|-------|-------|-------|--------|--------|--------|--------|
| A Coruña   | 1.969 | 2.234 | 2.963 | 3.825  | 4.555  | 5.864  | 8.170  |
| Lugo       | 975   | 1.070 | 1.317 | 1.669  | 2.026  | 2.452  | 3.112  |
| Ourense    | 1.201 | 1.344 | 1.587 | 1.771  | 1.957  | 2.338  | 2.989  |
| Pontevedra | 2.767 | 3.202 | 4.131 | 5.301  | 6.475  | 8.036  | 10.921 |
| Galicia    | 6.912 | 7.850 | 9.998 | 12.566 | 15.013 | 18.690 | 25.192 |

Fonte: Ministerio de Trabajo y Asuntos Sociales. Boletín de Estadísticas Laborales.

Por outra parte, analizando a *taxa de actividade segundo a nacionalidade dos traballadores* en Galicia, cabe destacar que a taxa relativa a activos comunitarios é equivalente á rexistrada a nivel estatal (Táboa 16).

Táboa 16. Taxa de actividade por nacionalidade en Galicia e España, 2005

|         | Total | Española | Estranxeira: Total | Estranxeira: UE | Estranxeira: non<br>pertencentes á UE |
|---------|-------|----------|--------------------|-----------------|---------------------------------------|
| España  | 57,35 | 55,67    | 75,48              | 57,48           | 79,09                                 |
| Galicia | 53,04 | 52,75    | 63,98              | 56,92           | 66,05                                 |

Fonte: EPA (INE).

En Galicia, de entre todos os traballadores estranxeiros, os que presentan unha maior taxa de actividade son aqueles que proceden de fóra da Unión Europea, sendo as taxas de actividade do 56,92% para os comunitarios e do 66,05% para os non comunitarios, feito que evidencia un comportamento parecido ao do resto do Estado.

En canto á perspectiva de xénero, no caso da poboación estranxeira reflíctese a mesma tendencia que a existente entre a poboación nacional e rexional, é dicir, a maior actividade e ocupación do colectivo masculino (72,27% e 65,98%) fronte ao feminino (57,44% e 41,79%).

Estas cifras poderían explicarse a través do modo no que a muller inmigrante se insire no mercado de traballo. É posible que as mulleres, en maior medida que os homes, se ocupen de actividades económicas que, debido á súa natureza, non requiran a alta laboral ou ben formen parte da economía encuberta. Non obstante, este feito non é suficiente para explicar unhas taxas inferiores ás dos homes, debido a que, á vista das taxas de paro, estas ofrecen tamén porcentaxes moi superiores ás masculinas, cun 27,24% fronte ao 8,71%, que se eleva ao 31,05% no caso das procedentes da UE. No ámbito estatal a taxa de paro feminina da poboación estranxeira é do 13,96% fronte ao 9,45% da masculina.

#### e) Os mozos no mercado laboral

Atendendo á poboación moza durante o exercicio 2006, a *taxa de actividade para os mozos galegos* de entre 16 e 24 anos situouse 1,54 puntos porcentuais por debaixo da dos *mozos españois*, sendo estas do 44,55% en Galicia e do 46,09% en España. Os **mozos** galegos presentaban no ano 2006 unha taxa de paro lixeiramente superior á dos españois, ascendendo a un 17,98% o valor galego e a un 17,26% o español (Táboa 17).

A incorporación da muller ao mercado laboral durante o ano 2006 alcanza en Galicia uns valores inferiores aos de España. De feito, a taxa galega de ocupación feminina no tramo de idade entre 16 e 24 anos ascende ao 29,89%, situándose 1,58 puntos por debaixo da española, estimada nun 31,47%.

Tanto no marco estatal como no autonómico, prodúcese unha brecha de xénero na ocupación, posto que as taxas de ocupación femininas alcanzan uns valores

manifestamente inferiores ás masculinas en ambos os contextos. Esta diferenza de sexo tamén se confirma no estrato da poboación xuvenil.

*Táboa 17. Indicadores laborais para os mozos en Galicia e España por xénero. Media 2006*

|                                                                                  |                     | GALICIA-2006 | ESPAÑA-2006 |
|----------------------------------------------------------------------------------|---------------------|--------------|-------------|
| Taxa de actividade xuvenil (Poboación activa 16-24 anos / Poboación 16-24 anos)  | Ambos os dous sexos | 44,55        | 46,09       |
|                                                                                  | Homes               | 49,92        | 51,57       |
|                                                                                  | Mulleres            | 38,97        | 40,37       |
| Taxa de ocupación xuvenil ( Poboación ocupada 16-24 anos / Poboación 16-24 anos) | Ambos os dous sexos | 36,54        | 38,11       |
|                                                                                  | Homes               | 42,94        | 44,49       |
|                                                                                  | Mulleres            | 29,89        | 31,47       |
| Taxa de paro xuvenil ( Poboación parada 16-24 anos/ Poboación 16-24 anos)        | Ambos os dous sexos | 17,98        | 17,26       |
|                                                                                  | Homes               | 14,00        | 13,65       |
|                                                                                  | Mulleres            | 23,36        | 22,19       |


*Fonte: elaboración propia.*

No ano 2006 a taxa de ocupación feminina da poboación xuvenil galega (29,89%) sitúase 13,05 puntos por debaixo da masculina (42,94%). Esta diverxencia tan acusada tamén se produce no conxunto español, onde o diferencial se eleva a 13,02 puntos, xa que a taxa española de ocupación masculina xuvenil ascendía en 2006 a un 44,49% e a feminina a un 31,47%.

Analizando as taxas de paro xuvenil, obsérvase que os rexistros autonómico e estatal son moi similares (17,98% en Galicia e 17,26% en España, como media do 2006). Non obstante, ao afondar na perspectiva de xénero, obsérvase como a maior diverxencia entre o contexto rexional e o estatal se produce na vertente feminina, xa que mentres que a taxa galega de desemprego feminino xuvenil (23,36% como media do 2006) supera en 1,17 puntos á española (estimada nun 22,19), a diferenza para as taxas masculinas redúcese a 0,35 puntos (14,00 % para o ratio galego e 13,65% para o español).

Para integrar nunha mesma análise, os indicadores laborais asociados aos novos galegos, os españois e os comunitarios, achégase o Gráfico 31, que ofrece unha síntese comparativa e actualizada a primeiros do ano 2007 dos principais indicadores laborais asociados á poboación nova nos tres ámbitos territoriais considerados.

Gráfico 31. Taxas xuvenís de actividade, ocupación e desemprego en Galicia, España e UE-25, 2007



Fonte: EPA e EUROSTAT.

#### f) Siniestralidade laboral

Outra das características do mercado laboral español, no seu conxunto, é a súa elevada siniestralidade (Táboas 18 e 19). Por iso, reducir a siniestralidade media, como índice de incidencia por cada cen mil traballadores nun 15%, é outro dos obxectivos que se establece no PNR para 2010.

Pola súa banda, en 2004 tiveron lugar en Galicia 49.330 accidentes que supuxeron a baixa laboral dos traballadores, dos cales 45.287 tiveron lugar durante a xornada de traballo e 4.043 durante o desprazamento dos traballadores a este. Estes accidentes viñan presentando unha tendencia crecente desde 1997 ata 2001. En 2002 hai unha redución importante, diminuíndose respecto ao ano anterior nun 1,53%. Non obstante no 2003 volven incrementarse os accidentes nun 2,5%, volvéndose a reducir no 2004 nun 0,78%.

Táboa 18. Evolución dos índices de siniestralidade laboral en España e Galicia

|                               | 1997      | 1998      | 1999      | 2000      | 2001      | 2002      | 2003    | 2004    |
|-------------------------------|-----------|-----------|-----------|-----------|-----------|-----------|---------|---------|
| <b>TOTAL</b>                  |           |           |           |           |           |           |         |         |
| España                        | 1.332.161 | 1.489.182 | 1.677.860 | 1.793.911 | 1.874.117 | 1.821.157 | ND      | ND      |
| Galicia                       | 67.108    | 74.959    | 85.344    | 85.270    | 91.015    | 99.273    | ND      | ND      |
| <b>CON BAIXA</b>              |           |           |           |           |           |           |         |         |
| España                        | 723.090   | 806.819   | 931.813   | 1.005.289 | 1.024.936 | 1.016.670 | 954.847 | 955.744 |
| Galicia                       | 35.048    | 39.233    | 44.791    | 46.924    | 49.260    | 48.503    | 49.719  | 49.330  |
| <b>En xornada de traballo</b> |           |           |           |           |           |           |         |         |
| España                        | 677.138   | 753.396   | 869.161   | 932.932   | 946.600   | 938.188   | 874.724 | 871.724 |
| Galicia                       | 32.699    | 36.500    | 41.499    | 43.347    | 45.535    | 45.216    | 44.854  | 45.287  |
| <b>In itinere</b>             |           |           |           |           |           |           |         |         |
| España                        | 45.952    | 53.423    | 62.652    | 72.357    | 78.336    | 78.482    | 80.123  | 84.020  |
| Galicia                       | 2.349     | 2.733     | 3.292     | 3.577     | 3.725     | 3.287     | 4.865   | 4.043   |
| <b>SEN BAIXA</b>              |           |           |           |           |           |           |         |         |
| España                        | 609.071   | 682.363   | 746.047   | 788.622   | 849.181   | 804.487   | ND      | ND      |
| Galicia                       | 32.060    | 35.726    | 40.553    | 38.346    | 41.755    | 50.770    | ND      | ND      |

Fonte: INE e elaboración propia.

Analizando a gravidade dos accidentes, obsérvase que tanto a nivel nacional como a nivel galego, os accidentes mortais diminuíron, ascendendo no ano 2004 a 968 accidentes laborais mortais en toda España e 77 accidentes en Galicia.

Táboa 19. Gravidade dos accidentes laborais con baixa acontecidos durante a xornada de traballo en España e Galicia dende 1997 ata 2004

|                | 1997    | 1998    | 1999    | 2000    | 2001    | 2002    | 2003    | 2004    |
|----------------|---------|---------|---------|---------|---------|---------|---------|---------|
| <b>TOTAL</b>   |         |         |         |         |         |         |         |         |
| España         | 677.138 | 753.396 | 869.161 | 932.932 | 946.600 | 938.188 | 874.724 | 871.724 |
| Galicia        | 32.699  | 36.500  | 41.499  | 43.347  | 45.535  | 45.216  | 44.854  | 45.287  |
| <b>LEVES</b>   |         |         |         |         |         |         |         |         |
| España         | 665.565 | 741.455 | 856.286 | 920.156 | 933.484 | 925.201 | 862.588 | 860.304 |
| Galicia        | 31.739  | 35.538  | 40.455  | 42.336  | 44.538  | 44.263  | 43.811  | 44.273  |
| <b>GRAVES</b>  |         |         |         |         |         |         |         |         |
| España         | 10.515  | 10.866  | 11.771  | 11.640  | 12.086  | 11.886  | 11.116  | 10.452  |
| Galicia        | 853     | 846     | 929     | 881     | 907     | 854     | 947     | 937     |
| <b>MORTAIS</b> |         |         |         |         |         |         |         |         |
| España         | 1.058   | 1.075   | 1.104   | 1.136   | 1.030   | 1.101   | 1.020   | 968     |
| Galicia        | 107     | 116     | 115     | 130     | 90      | 99      | 96      | 77      |

Fonte: Ministerio de Trabajo y Asuntos Sociales.

A precariedade laboral e a baixa cualificación profesional son algunhas das principais causas da siniestralidade polo que, en consecuencia, para a redución destes índices haberá que optar pola posta en marcha dun enfoque integrado que vele pola mellora da condicións laborais, atendendo ás necesidades específicas detectadas en materia de saúde e seguridade no traballo.

### 1.1.5 Niveis educativos e cualificación do capital humano

Nun contexto internacional caracterizado pola entrada puxante de países emerxentes extremadamente competitivos en termos de man de obra barata, o próximo liderado mundial deberase xogar forzosamente en termos do nivel de coñecementos e preparación do capital humano.

Por estes motivos, o conxunto dos países europeos decidiu, seguindo o exemplo de países como Estados Unidos ou Xapón, facer unha aposta decidida pola educación e a formación dos seus actuais e potenciais traballadores, elevando os niveis de investimento en educación e prestando maior atención a un modelo de ensino baseado no ciclo da vida (*“lifelong learning”*). O capital humano, entendido como o “conxunto de coñecementos, adestramento e habilidades posuídas polas persoas que as capacitan para realizar labores produtivos con distintos graos de complexidade e especialización”, será o Eixe sobre o cal pivotará a futura estratexia europea de recursos humanos, co fin de obter un incremento da produtividade e a competitividade europeas e, por conseguinte, unha mellora da calidade da vida dos cidadáns.

A dotación de capital humano da economía galega atópase actualmente por debaixo dos niveis españois e europeos, tanto en termos cualitativos como cuantitativos.

Polo que se refire aos niveis de escolarización, Galicia afástase aínda do Obxectivo de Lisboa de que polo menos o 85% das persoas maiores de 22 anos remataran a educación secundaria. En 2004 soamente o 64% da poboación maior de 22 anos contaba cun diploma de estudos secundarios, aínda que cabe sinalar que este dato supera a media española do 62,55%.

A taxa de abandono escolar tamén se mantén en niveis moi elevados en comparación coas demais rexións europeas. A taxa de abandono escolar sitúase en Galicia nun 22,7% fronte ao 30,8% do conxunto español. Malia os mellores resultados desta rexión en comparación coa media nacional compróbase que Galicia, co fin de alcanzar o Obxectivo de Lisboa de conseguir unha taxa de abandono escolar do 10%, debería reducir en máis da metade os seus resultados actuais.

As principais consecuencias do elevado índice de abandono escolar prematuro tradúcense nuns elevados niveis de precariedade laboral entre os mozos, na ocupación destes mozos en actividades de pouca cualificación e con pouca remuneración salarial e no incremento do desemprego xuvenil.

Por outra parte, a incapacidade por parte da rede empresarial galega de ofrecer oportunidades de carreira para os seus mozos máis cualificados dá lugar ao chamado fenómeno da “fuga de cerebros”. Existe certa unanimidade sobre os efectos perversos que está tendo en Galicia este fenómeno, polo cal unha proporción importante da poboación profesional altamente cualificada e capacitada emigra a outra rexión ou país que ofrece maiores oportunidades económicas e sociais.

Galicia presenta un saldo migratorio interautonómico negativo (-1.877 persoas en 2004), debido ao elevado número de galegos que deciden instalarse nunha comunidade autónoma que ofrece maiores oportunidades de emprego e unha economía máis dinámica e competitiva.


Este feito vese agravado por tres causas fundamentais: primeiro, o déficit galego en investimento en I+D+i, que implica a escasa oferta de contratación laboral neste ámbito e, por conseguinte, a continua precariedade laboral dos licenciados e os investigadores; segundo, pola falta de dinamismo do tecido empresarial galego e a concentración en actividades con poucas necesidades de traballadores cualificados e con elevadas taxas de temporalidade; e por último, pola falta de correspondencia entre a preparación ofertada polas universidades e as verdadeiras necesidades das empresas presentes no territorio.

Por último sinalar que en materia de formación continua, España presenta uns índices moi por debaixo da media comunitaria (un 5% fronte a un 9%); se ben a porcentaxe de persoas entre 25 e 64 anos que recibiron algún curso de formación no último mes con respecto ao total do devandito intervalo de idade é superior en España á media da UE-25, 12,1% e 11%, respectivamente. No caso de Galicia, esta porcentaxe sitúase nun 10,5% en 2005, dato que se ben se achega á media europea, está lonxe das taxas rexistradas por países como Suecia, Dinamarca e Reino Unido, á cabeza da UE en termos de creación de emprego e innovación.

O gráfico 31 permite visualizar a distribución por sexos da poboación de 16 e máis anos segundo o nivel de educación alcanzado. As maiores diferenzas de xénero obsérvanse nos niveis educativos inferiores, mentres que a partir da educación secundaria obrigatoria se produce unha equiparación. De acordo cos datos da EPA de 2005, son mulleres o 75,2% dos analfabetos e o 56,7% das persoas con estudos primarios.

Non obstante, estes valores están condicionados polo feito de considerar o global da poboación maior de 16 anos. As maiores diferenzas prodúcense nos tramos de idade máis elevados, xa que como se mostra na Táboa 21, no ano 2004 o 62,99% das mulleres de 55 a 64 anos carecían de estudos, fronte ao 39,08% correspondente ao grupo de idade 25-34 anos.

Gráfico 32. Distribución por sexos segundo o nivel de formación alcanzado en Galicia. Ano 2005



Fonte: EPA-INE.

O Gráfico anterior tamén reflicte que o único nivel educativo onde a presenza masculina supera a feminina é na educación secundaria obrigatoria (o total de persoas que superaran este nivel no ano 2005 desagregábase nun 46,3% de mulleres e nun 53,7% de homes).

É destacable a participación feminina na educación superior, xa que as mulleres representan o 52,0% da poboación con estudos universitarios, fronte ao 48% dos homes.


As pautas xerais da educación dende unha perspectiva de xénero indícanos que, se se observa o alumnado nas xeracións de menor idade, pode comprobarse como a distribución por sexos é bastante paritaria. En concreto, en 2004, segundo datos sobre nivel formativo da poboación galega do INE, durante a etapa infantil e primaria os niveis de representación das mulleres sitúanse en torno ao 48% como resultado do maior número de nacementos de homes. Idéntica tendencia se observa durante a etapa obrigatoria, incluída a ESO.

A análise das opcións de bacharelato xa comeza a dar mostra da existencia de preferencias diferenciadas en razón do sexo que, en ocasións, son reforzadas tanto durante o proceso de socialización como a través das propias políticas públicas que persisten nunha determinada oferta formativa. Esta distribución por xénero e modalidades formativas constitúe o que se deu en chamar segregación ocupacional e que consiste nunha sobre representación de mulleres ou homes en determinados estudos. Esta distribución formativa diferenciada de mulleres e homes adoita coincidir, ademais, con aquelas ramas profesionais

que no seu contexto sociocultural se consideran “propias” de mulleres ou de homes e condiciona, en boa medida, o itinerario laboral posterior das persoas.

O Gráfico 33 mostra cómo as mozas galegas optan por enriba da media do alumnado, situada nun 43%, polo bacharelato de Humanidades e Ciencias Sociais. En concreto, 51 de cada 100 mulleres que estudan bacharelato, é dicir, algo máis da metade, optan pola opción de Humanidades. A segunda opción de bacharelato máis común entre as mozas galegas é a de Ciencias da Natureza e da Saúde (que para o conxunto dos mozos é do 44%), que é elixida polo 41% das mulleres. Pola súa parte, fronte a un 10% do alumnado que se decanta pola modalidade de Ciencia e Tecnoloxía, as mozas galegas só a prefiren nun 4% dos casos. É dicir, as alumnas de bacharelato estudan case dez puntos porcentuais máis a modalidade de Humanidades, algo menos que os seus compañeiros homes a modalidade de Ciencias e algo menos da metade que eles a modalidade de Tecnoloxía.

Gráfico 33. Distribución das mulleres galegas matriculadas en 1º de Bacharelato por modalidades.  
Curso 2003-2004




Fonte: MEC e elaboración propia.

A evolución de mercado laboral pon de manifesto que as oportunidades de inserción laboral das Humanidades son menores que as da modalidade tecnolóxica e, non obstante, é posible que moitas mulleres non consideren esta opción porque interiorizaron un rol feminino estereotipado.

Ademais, as mozas galegas estudan bacharelato en maior proporción (un 5% en 2004) que os rapaces, que se decantan máis que as rapazas pola formación profesional de grao medio. En concreto, en 2004 de cada 100 mozos que estudaron formación profesional regrada, 60 foron homes e 40 mulleres (Gráfico 34); de forma moi similar a como acontece no conxunto do Estado. Tamén existe unha lixeira tendencia a que os homes abandonen máis os estudos tras a etapa obrigatoria para incorporarse ao mercado laboral, un trazo que se analizará en maior profundidade a través da evolución das taxas de actividade por sexos e grupos de idade. Sen dúbida, iso está relacionado co mantemento de certa prevalencia dos homes cara ao rol produtivo, aínda nas xeracións de menor idade.

Gráfico 34. Distribución por sexo do alumnado matriculado en Ciclos Formativos de Grao Medio.  
Curso 2003-2004



Fonte: MEC e elaboración propia.

En relación cos ciclos de grao superior, obsérvase como en Galicia a incorporación das mulleres é maior que na media de España, dando conta dunha estrutura máis equilibrada por sexos nesta etapa educativa.

Convén, en todo caso, analizar o comportamento diferenciado de xeracións distantes para comprobar en que medida hai máis oportunidades para as mulleres no ámbito educativo. A Táboa 20 mostra cómo, en primeiro lugar, a porcentaxe de poboación analfabeta reduciuse notablemente nas xeracións máis novas. En segundo lugar, ilustra como son máis as nenas que conclúen os niveis primarios do ensino e máis ou menos paritaria a relación de xénero ao rematar o primeiro ciclo da etapa obrigatoria (se temos en conta que aínda é maior a poboación masculina que a feminina nese grupo de idade).

En consecuencia, as diferenzas rexístranse na etapa de educación secundaria: a poboación con estudos de secundaria rematados nas xeracións de menor idade é rotundamente masculina, o que indica que existe unha tendencia a que as mulleres continúen estudando mentres que un maior número de mozos abandona aquí a súa etapa formativa.

Outro cambio xeracional relevante é a maior proporción de mulleres que, en cambio, rematan os seus estudos universitarios. En 2004, a proporción de mulleres que concluían os seus estudos universitarios superaba a dos seus compañeiros homes.

Táboa 20. Estudos rematados da poboación galega. Distribución por sexos e grupos de idade. 2004

| ESTUDOS REMATADOS POR SEXO EN DUAS XERACIÓNS                                                                               |        |          |         |            |
|----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|--------|----------|---------|------------|
| De 25 a 34 anos                                                                                                            |        |          |         |            |
|                                                                                                                            | Homes  | Mulleres | Total   | % Mulleres |
| Analfabetos                                                                                                                | 1.609  | 1.032    | 2.641   | 39,08      |
| Estudos primarios                                                                                                          | 946    | 1.865    | 2.811   | 66,35      |
| Educación Secundaria Primeira Etapa e Formación e Inserción Laboral correspondente                                         | 81.783 | 68.250   | 150.033 | 45,49      |
| Educación Secundaria Segunda Etapa e Formación e Inserción Laboral correspondente co título de segunda etapa de secundaria | 52.577 | 42.061   | 94.638  | 44,44      |
| Educación Superior                                                                                                         | 76.842 | 99.628   | 176.470 | 56,46      |
| De 55 a 64 anos                                                                                                            |        |          |         |            |
|                                                                                                                            | Homes  | Mulleres | Total   | % Mulleres |
| Analfabetos                                                                                                                | 1.832  | 3.118    | 4.950   | 62,99      |
| Estudos primarios                                                                                                          | 25.100 | 33.212   | 58.312  | 56,96      |
| Educación Secundaria Primeira Etapa e Formación e Inserción Laboral correspondente                                         | 98.240 | 109.915  | 208.155 | 52,80      |
| Educación Secundaria Segunda Etapa e Formación e Inserción Laboral correspondente co título de segunda etapa de secundaria | 10.650 | 6.833    | 17.483  | 39,08      |
| Educación Superior                                                                                                         | 17.568 | 10.772   | 28.340  | 38,01      |

Fonte: IGE. Enquisa de condicións de vida das familias

Parece claro, polo tanto, que os cambios sociais foron orientados a que as mulleres melloren o seu perfil educativo, de maneira que se reduciron as altas taxas de analfabetismo que soportaban as mulleres de máis de 55 anos, así como as menores oportunidades de rematar estudos superiores.

Non cabe dúbida de que a intensidade con que se daba a segregación de roles sexuais nas xeracións de maior idade supoñía unha barreira ás posibilidades formativas das mulleres. É probable que os estereotipos de xénero debuxasen un perfil do rol feminino que non requiría de ningunha formación para asumir o coidado dos fillos e fillas e o fogar.

Ademais, a falta de formación das mulleres serviu, con frecuencia, para explicar as menores taxas de inserción laboral das mulleres. Na actualidade, os datos mostran como a menor inserción das mulleres persiste, malia contaren cun nivel formativo medio superior ao dos homes.


Agora ben, que estudan as mulleres galegas e como as súas preferencias formativas inciden na empregabilidade e as condicións de traballo e soldo son preguntas esenciais. A resposta levaranos a poder explicar o por que do comportamento desigual de mulleres e homes no ámbito do emprego e das menores oportunidades que experimentan aquelas.

O Gráfico 35 mostra con claridade o perfil da segregación ocupacional en Galicia. Non se trata, dende logo, dun trazo específico senón común no conxunto do Estado e, en xeral, das estruturas sociais desiguais desde o punto de vista do xénero.

A segregación ocupacional, malia ser unha manifestación común da desigualdade de xénero, tenderá a se facer máis intensa alí onde primen as estruturas sociais máis tradicionais.

Resulta, así mesmo, interesante reflexionar sobre como a existencia de segregación funcional e ocupacional de mulleres e homes significa unha maior rixidez do mercado de traballo e un desperdicio de talentos que ralentizan as posibilidades e o dinamismo dunha sociedade dada. Da mesma forma, Galicia necesitará nos próximos anos a incorporación de máis mulleres á súa estrutura produtiva coa finalidade de achegar capital humano ao proceso de crecemento económico futuro.

Gráfico 35. Alumnado matriculado por estudo e sexo. Galicia, curso 2003-2004



Fonte: INE 2006 e elaboración propia.

## **1.2 Principais Debilidades, Ameazas, Fortalezas e Oportunidades (DAFO)**

Tal e como se destacou no diagnóstico, existen unha serie de debilidades que están constriñendo a capacidade de converxencia económica de Galicia, a pesar de que existen importantes vantaxes competitivas que fan que a rexión presente claras oportunidades de futuro.

As implicacións económicas e sociais dun territorio dual, con significativas diferenzas sociodemográficas son moi importantes xa que existen necesidades de investimento en accesibilidade e transporte, uso eficiente dos recursos ambientais e a inclusión económica das áreas menos favorecidas.

A pesar de ser unha rexión cunha elevada capacidade emprendedora e de proxección internacional, o esforzo investidor en potenciar a súa competitividade mediante o uso das tecnoloxías e a innovación resulta insuficiente. Este feito constitúe no longo prazo un risco moi elevado para o desenvolvemento económico, dadas as ameazas que penden sobre a rexión.

A proxección internacional de Galicia, a súa posición estratéxica para o transporte multimodal e a riqueza de recursos constitúen importantes pancas de crecemento para o aproveitamento das oportunidades actuais.

A continuación recóllense a xeito de síntese as principais Debilidades, Fortalezas, Ameazas e Oportunidades que caracterizan o ámbito galego, naqueles ámbitos que afectan ás intervencións dos Fondos Estruturais (Táboa 21).

Táboa 21. Debilidades, Ameazas, Fortalezas e Oportunidades (DAFO) de Galicia

| Código | DEBILIDADES                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                      |
|--------|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| d.1    | Desequilibrio territorial: existencia de realidades xeográficas ben diferenciadas: a Galicia do interior e a costeira, o contorno rural e o urbano, o sector primario e o terciario, a conexión e o illamento                                                                                                                                                                                    |
| d.2    | A dispersión do hábitat limita a optimización de custos de infraestrutura, de prestación de servizos sociais e eleva os custos lóxicos das empresas                                                                                                                                                                                                                                              |
| d.3    | Evolución demográfica negativa, progresivo envellecemento da poboación residente que, combinado cunha taxa de natalidade das máis baixas da UE-25, non asegura o relevo xeracional                                                                                                                                                                                                               |
| d.4    | Base empresarial cun escaso posicionamento estratéxico e predominio da PEME tradicional e presenza de cadeas de valor incompletas en determinados sectores produtivos (madeira, turismo, pesca, agroindustria, pedra, etc.)                                                                                                                                                                      |
| d.5    | Limitada atracción de capitais estranxeiros                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                      |
| d.6    | Interconexión incompleta entre os distintos medios de transporte (especialmente ferrocarril e portos) e coas principais redes transeuropeas, o cal constitúe unha barreira para o desenvolvemento dun moderno sistema intermodal de transporte no marco dos corredores da UE terrestres e marítimos                                                                                              |
| d.7    | As singulares condicións xeodemográficas de Galicia, xunto coa dificultade de acceso ao transporte público, especialmente no medio rural, fan que a mobilidade sexa máis dependente do modo de transporte por estrada, o cal limita a accesibilidade e encarece os custos enerxéticos e medioambientais do sistema de transporte por estrada                                                     |
| d.8    | Atraso na modernización da rede e o material ferroviario (elevado número de pasos a nivel, excesivo número de Qm de vía única e escaseza de vías férreas electrificadas) e en implantación da liña de alta velocidade                                                                                                                                                                            |
| d.9    | Ausencia dunha política forestal que dificulte a proliferación de incendios                                                                                                                                                                                                                                                                                                                      |
| d.10   | Déficit de chan industrial, que limita as posibilidades de expansión e de atracción de investimentos do exterior                                                                                                                                                                                                                                                                                 |
| d.11   | Sistema agrario minifundista, con escasas redes de comercialización                                                                                                                                                                                                                                                                                                                              |
| d.12   | Limitada capacidade de investimento en I+D+i, escaso esforzo investidor por parte do sector privado e insuficiente articulación do sistema galego de innovación, caracterizado por unha débil vinculación entre empresa e universidade e polo escaso número de investigadores                                                                                                                    |
| d.13   | Escasa penetración nos fogares galegos das TIC e insuficiente grao de desenvolvemento da administración electrónica en Galicia, así como unha reducida utilización do comercio electrónico, tanto por parte das empresas coma dos consumidores                                                                                                                                                   |
| d.14   | Insuficiente adecuación da formación ás necesidades das empresas                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                 |
| d.15   | Baixa capacidade de resposta da PEME ante as novas esixencias do mercado globalizado                                                                                                                                                                                                                                                                                                             |
| d.16   | Elevados índices de temporalidade no emprego e baixa produtividade laboral                                                                                                                                                                                                                                                                                                                       |
| d.17   | Débil capacidade de absorción polo mercado de traballo de man de obra cualificada e elevados índices de temporalidade no emprego                                                                                                                                                                                                                                                                 |
| d.18   | Elevada taxa de abandono escolar no contexto da UE                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                               |
| d.19   | Escasa relación entre o sistema educativo e o sector empresarial                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                 |
| d.20   | Pervivencia de importantes diferenzas en materia de igualdade de oportunidades                                                                                                                                                                                                                                                                                                                   |
| Código | FORTALEZAS                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                       |
| f.1    | Localización marítima estratéxica con relación ás autoestradas do mar                                                                                                                                                                                                                                                                                                                            |
| f.2    | Sistema aeroportuario próximo aos principais núcleos de poboación, que facilita a accesibilidade                                                                                                                                                                                                                                                                                                 |
| f.3    | Galicia xera unha parte significativa das enerxías renovables, fundamentalmente hidráulica e eólica                                                                                                                                                                                                                                                                                              |
| f.4    | Abundancia de espazos naturais, caracterizados pola súa elevada biodiversidade, destacando a presenza de 1300 Qm de litoral da rexión e de ecosistemas únicos como as rías galegas                                                                                                                                                                                                               |
| f.5    | Desenvolvemento de intermediarios financeiros non-bancarios, tales como as sociedades de capital risco e as sociedades de garantía recíproca                                                                                                                                                                                                                                                     |
| f.6    | Riqueza e diversidade paisaxística que favorece a existencia de lugares de interese común, o cal constitúe un elemento de atracción e fonte de novos xacementos de emprego                                                                                                                                                                                                                       |
| f.7    | Existencia de produtos diferenciados con capacidade para a exportación                                                                                                                                                                                                                                                                                                                           |
| f.8    | Presenza importante de Galicia na economía portuaria en relación con outros portos do Estado, fundamentalmente nas actividades vinculadas á pesca                                                                                                                                                                                                                                                |
| f.9    | Elevadas taxas relativas de ocupación entre os maiores de 55 anos                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                |
| f.10   | Presenza de importantes empresas multinacionais líderes no seu sector de actividade, tecnoloxicamente evolucionadas e cunha forte vocación exportadora                                                                                                                                                                                                                                           |
| f.11   | Crecente cualificación da man de obra, especialmente no ámbito industrial                                                                                                                                                                                                                                                                                                                        |
| f.12   | Oferta de servizos sanitarios de alta calidade e cun elevado grao de desenvolvemento                                                                                                                                                                                                                                                                                                             |
| f.13   | Presenza crecente nos mercados turísticos con referencias tan consolidadas como: o Camiño de Santiago, gastronomía, paisaxe, casas rurais, termalismo, etc.                                                                                                                                                                                                                                      |
| f.14   | Sectores industriais ligados aos recursos endóxenos con alto potencial de desenvolvemento e elevada capacidade de arrastre (pedra, téxtil, madeira, audiovisual, pesca incluída acuicultura e conservas, automóbil, construción naval, incluída a náutico-deportiva) e presenza de boas prácticas no terreo da cooperación empresarial: clusters de automoción, madeira, naval, TIC, conserveras |
| f.15   | Experiencia na xestión e seguimento de Fondos Estruturais                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                        |
| f.16   | Crecente incorporación da muller ao mercado laboral                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                              |
| Código | AMEAZAS                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                          |
| a.1    | Insuficiencia dos sistemas actuais de saneamento e de tratamento de residuos                                                                                                                                                                                                                                                                                                                     |
| a.2    | Efectos da ampliación da Unión Europea e da globalización económica (deslocalización e desvío de investimentos cara aos novos Estados membros con persoal laboral altamente cualificado e reducidos custos salariais)                                                                                                                                                                            |
| a.3    | Maior vulnerabilidade ante o incremento dos tipos de xuro e da inflación                                                                                                                                                                                                                                                                                                                         |
| a.4    | Desprazamento do centro de gravidade económico da Unión Europea cara ao Leste                                                                                                                                                                                                                                                                                                                    |
| a.5    | Atraso na conexión á rede nacional e transnacional de infraestruturas                                                                                                                                                                                                                                                                                                                            |
| a.6    | Dificultade para a competitividade a medio/longo prazo, a causa do escaso investimento en I+D+i, especialmente no sector privado                                                                                                                                                                                                                                                                 |
| a.7    | Irrupción nos mercados mundiais de novos países emerxentes que asimilan con rapidez as novas tecnoloxías do coñecemento                                                                                                                                                                                                                                                                          |
| a.8    | Presión sobre sistema de pensións e servizos sociais ante o crecente envellecemento da poboación                                                                                                                                                                                                                                                                                                 |
| Código | OPORTUNIDADES                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                    |
| o.1    | Integración nos grandes proxectos europeos no marco da rede transeuropea de transporte                                                                                                                                                                                                                                                                                                           |
| o.2    | Elevado potencial de produción en fontes de enerxía renovables                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                   |
| o.3    | Aparición de novas oportunidades de negocio derivadas da ampliación da Unión Europea                                                                                                                                                                                                                                                                                                             |
| o.4    | Reforma da política de cohesión europea e novas prioridades de financiamento que melloran a flexibilidade e incorporación de novos axentes                                                                                                                                                                                                                                                       |
| o.5    | Aproveitamento da situación estratéxica para converterse nun centro portuario privilexiado no seo da Unión Europea                                                                                                                                                                                                                                                                               |
| o.6    | Existencia de acordos en materia laboral entre a administración rexional e os axentes económicos e sociais                                                                                                                                                                                                                                                                                       |
| o.7    | Aproveitamento de fortalezas intrínsecas de Galicia para captación de investimento estranxeiro directo (IED) e de capitais que se deslocalizan noutros territorios                                                                                                                                                                                                                               |
| o.8    | Dinamismo da eurrrexión Galicia-Norte de Portugal que opera como referente das políticas de cooperación territorial                                                                                                                                                                                                                                                                              |
| o.9    | Características xeográficas, climáticas, culinarias, que favorecen o desenvolvemento turístico                                                                                                                                                                                                                                                                                                   |
| o.10   | Existencia de recursos naturais competitivos: granito, lousa, madeira, pesca, marisco, gandería, leite, viño                                                                                                                                                                                                                                                                                     |

Fonte: elaboración propia



## **2. FORMULACIÓN DA ESTRATEXIA DO MECEGA 2007-2013**



## 2. FORMULACIÓN DA ESTRATEXIA DO MECEGA 2007-2013

### 2.1 Obxectivos da estratexia de Galicia no período 2007-2013

A partir dos resultados do diagnóstico e o DAFO, desenvolveuse a estratexia do MECEGA para o próximo período 2007-2013, considerando ao mesmo tempo os seguintes elementos estratéxicos:

- ✓ A Estratexia de Lisboa e Gotemburgo formulada pola Comisión Europea e os Xefes de Estado e de Goberno da UE, así como o Programa Nacional de Reformas (PNR) español que a contempla.
- ✓ As Directrices Estratéxicas Comunitarias en materia de política de cohesión e as prioridades para o MENR de España<sup>14</sup>, elaboradas pola Comisión Europea. Por extensión, as prioridades e ámbitos clave establecidos no Regulamento Xeral (CE) Nº 1083/2006 do Consello polo que se establecen as disposicións xerais relativas ao FEDER, FSE e ao Fondo de Cohesión; no Regulamento (CE) Nº 1080/2006 do Parlamento Europeo e do Consello de 5 de xullo de 2006 relativo ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional e no Regulamento (CE) Nº 1081/2006 do Parlamento Europeo e do Consello de 5 de xullo de 2006 relativo ao Fondo Social Europeo.
- ✓ Finalmente, para a formulación estratéxica destes obxectivos consideráronse as conclusións da *Avaliación ex ante*, que a través do seu procedemento interactivo e iterativo aportou elementos de valor engadido á programación estrutural de Galicia para o novo período.

Co fin de asegurar a coherencia das intervencións comunitarias no marco do Obxectivo “Converxencia”, a estratexia rexional de Galicia formula uns obxectivos de carácter xeral que contemplan o desenvolvemento económico sostible da Comunidade Autónoma.

A estratexia de intervención dos Fondos Estruturais en Galicia para o próximo período de financiamento componse duns obxectivos e unhas prioridades estratéxicas, que se corresponden cos eixes de intervención. A programación formulada no presente documento recolle por tanto, a nivel estratéxico, tres niveis de obxectivos: un Obxectivo Global, catro Obxectivos Finais e dezaseis Obxectivos Intermedios, nos que se basearán as actuacións formuladas no plano operativo.

Co reto de utilizar os instrumentos da política de cohesión para converxer economicamente con España e Europa e facer de Galicia unha rexión máis competitiva en 2013, o Plan formula como Obxectivo Global “*Converxer en termos de crecemento e emprego, grazas ao fomento dunha economía baseada no coñecemento*”.

---

<sup>14</sup> “Marco Estratéxico Nacional de Referencia: Obxectivos estratéxicos e ámbitos fundamentais en relación con España no período de programación 2007-2013”

Este Obxectivo Global implica a promoción dos factores de desenvolvemento ligados á Estratexia de Lisboa: renovar as bases da competitividade, aumentar o potencial de crecemento e produtividade e reforzar a cohesión social, a través do coñecemento, a innovación e a valorización do capital humano.

Para a consecución do dito obxectivo, a Comunidade Autónoma de Galicia formúlase catro Obxectivos Finais, que inciden nos ditos compoñentes da política para o crecemento e o emprego sostible de cara a 2013, reforzando o potencial endógeno do territorio. Estes Obxectivos Finais complementáanse entre si, incidindo nos factores produtivos que impulsan o desenvolvemento económico: o capital humano, o capital físico e o coñecemento, dende a perspectiva da protección medioambiental e do equilibrio territorial. A correspondencia entre Obxectivos Finais e Intermedios podería ilustrarse en forma de árbore de obxectivos, de modo que de cada un dos Obxectivos Finais dependen aqueles Obxectivos Intermedios relacionados de forma máis directa e específica con eles (Táboa 22).

*OBXECTIVO FINAL1: “Impulsar e dinamizar a economía rexional facendo de Galicia un lugar máis atractivo para investir e traballar”*

Galicia presenta aínda importantes déficit en materia de dotación de infraestruturas, especialmente aquelas orientadas a fomentar a súa conectividade co resto do territorio español, xa sexa mediante as redes transeuropeas de transporte como de comunicacións. Un esforzo neste ámbito incrementará o atractivo económico e social da rexión, ao mesmo tempo que aumentará a capacidade loxística e competitiva do seu tecido empresarial. O investimento en infraestruturas fomentará o crecemento e servirá de acicate para o desenvolvemento de actividades empresariais cada vez máis orientadas a prestar servizos e producir bens cun maior valor engadido. Neste sentido, propónse a ampliación e mellora das infraestruturas de transportes e comunicacións, xunto coa racionalización dos recursos enerxéticos.

Galicia é unha rexión con importantes recursos naturais e cun altísimo potencial en materia de enerxías renovables. Cumprir a lexislación internacional vixente ao mesmo tempo que se explotan de forma eficiente e sostible os recursos existentes constituirá un dos grandes desafíos no próximo período 2007–2013.

A rexión galega continúa tendo importantes desequilibrios territoriais en materia de accesibilidade, equipamentos básicos e ambientais. Na medida en que o territorio se cohesione, as capacidades de crecemento aumentarán mediante un maior pulo da demanda.

O investimento fará de Galicia un mellor lugar para traballar, adquirindo maiores posibilidades de ofrecer emprego cualificado á súa poboación e contribuíndo así a frear a fuga de talentos.

*OBXECTIVO FINAL 2: “Incrementar a competitividade do tecido produtivo galego a través do coñecemento e a innovación”*

Galicia propónse impulsar a sociedade do coñecemento aplicada ás necesidades do tecido empresarial da rexión, investindo de xeito eficaz naqueles elementos do Sistema de Innovación que maiores vantaxes e rendemento podan achegar á economía: Investigación, desenvolvemento tecnolóxico e innovación empresarial, co fin de mellorar o posicionamento no conxunto da economía europea e de converterse en referente de excelencia naqueles sectores nos que Galicia presenta vantaxes comparativas.

Galicia deberá ser capaz de reducir a brecha de I+D que a separa do conxunto de España e de Europa e de poñer en marcha un modelo de crecemento económico que, en lugar de basearse en actividades de escaso valor engadido e intensivas en man de obra, se fundamente na aplicación de coñecemento, innovación e tecnoloxía. Todo iso se conseguirá fortalecendo a competitividade das empresas, a súa presenza internacional e o seu esforzo investidor en actividades de I+D, mellorando a coordinación e a articulación co resto de axentes do Sistema de Innovación (Universidades e Centros Públicos de Investigación, Centros Tecnolóxicos, sistema educativo, institucións financeiras e outros axentes catalizadores).

*OBXECTIVO FINAL 3: “Aumentar a cohesión social e territorial de Galicia mellorando os niveis de cualificación, a calidade do emprego e a inclusión social”*

Os Obxectivos Finais anteriores non serían posibles sen un capital humano capacitado para desenvolver e impulsar unha economía baseada no coñecemento. En primeiro lugar será necesario impulsar un mercado laboral atractivo e ao mesmo tempo flexible para a poboación. A incorporación activa e cualificada ao traballo será unha peza fundamental, especialmente nunha rexión na que o envellecemento da poboación, o menor crecemento natural e a menor entrada relativa de inmigración constitúen elementos constantes.

A articulación efectiva entre o sistema educativo e o produtivo será un obxectivo prioritario, debido aos cambios que se espera acometer na estrutura económica sectorial galega e a rapidez que o mercado habitualmente require. Este elemento centrarase tamén en tratar de evitar a fuga de persoal cualificado formado no ámbito rexional e que por falta de posibilidades se ve obrigado a abandonar.

O impulso do capital humano e a promoción do emprego asociado ás necesidades empresariais propiciarán a corrección dos desequilibrios territoriais existentes na actualidade en Galicia, que presenta unha marcada dualidade entre dúas realidades: a costa, que concentra os principais asentamentos de poboación e a actividade económica, e o interior, que sofre un importante fenómeno de despoboación e conta con numerosos núcleos rurais caracterizados pola súa dispersión xeográfica.

Táboa 22. Árbore de Obxectivos do MECEGA 2007-2013

|                                                                                                                                                                                                                                       |
|---------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| <b>O.GLOBAL: CONVERXER EN TERMOS DE CRECEMENTO E EMPREGO, GRAZAS AO FOMENTO DUNHA ECONOMÍA BASEADA NO COÑECEMENTO.</b>                                                                                                                |
| <b>OF 1: IMPULSAR E DINAMIZAR A ECONOMÍA REXIONAL FACENDO DE GALICIA UN LUGAR MÁIS ATRACTIVO PARA INVESTIR E TRABALLAR.</b>                                                                                                           |
| OI 1. Completar a conexión coas redes transeuropeas de transporte; impulsar a intermodalidade e interoperabilidade dos diferentes transportes; mellorar a accesibilidade interior do seu territorio e fomentar a seguridade vial.     |
| OI 8 Apoiar o investimento empresarial en aras dunha mellora na proxección internacional e no acceso ao financiamento.                                                                                                                |
| OI 14. Apoiar o desenvolvemento equilibrado das zonas urbanas e rurais atendendo os seus problemas socioeconómicos e ambientais.                                                                                                      |
| OI 16. Fomentar a cooperación transfronteiriza, transnacional e interrexional centrando as actuacións en apoio do crecemento e a creación de emprego, e concretamente mellorando a interconexión física e intanxible dos territorios. |
| <b>OF 2: INCREMENTAR A COMPETITIVIDADE DO TECIDO PRODUTIVO GALEGO A TRAVÉS DO COÑECEMENTO E A INNOVACIÓN.</b>                                                                                                                         |
| OI 5. Fortalecer a competitividade das empresas apoiando a investigación e o desenvolvemento tecnolóxico (I+DT).                                                                                                                      |
| OI 6. Fomentar a innovación empresarial e impulsar as iniciativas de cooperación empresarial orientadas cara á produción, a difusión e a utilización de novos coñecementos polas empresas.                                            |
| OI 7. Estender e difundir as tecnoloxías da información, as comunicacións e as plataformas loxísticas, garantindo a penetración no conxunto da sociedade e a dispoñibilidade de infraestruturas.                                      |
| OI 12. Reforzar a capacidade de xestión da administración rexional en apoio á eficacia e transparencia na execución e avaliación de políticas públicas.                                                                               |
| <b>OF 3: AUMENTAR A COHESIÓN SOCIAL E TERRITORIAL DE GALICIA MELLORANDO OS NIVEIS DE CUALIFICACIÓN, A CALIDADE DO EMPREGO E A INCLUSIÓN SOCIAL.</b>                                                                                   |
| OI 9. Aumentar a participación no mercado laboral e mellorar a calidade e a produtividade do traballo, impulsando a igualdade de oportunidades e a inclusión social dos colectivos máis desfavorecidos.                               |
| OI 10. Contribuír á adaptabilidade dos traballadores mellorando as cualificacións necesarias para a economía do coñecemento e que permitan prolongar a vida laboral.                                                                  |
| OI 11. Mellorar e adaptar os sistemas de educación e formación de acordo coas necesidades reais da sociedade, a economía e as empresas.                                                                                               |
| OI 13. Reforzar o investimento na promoción e prevención no mercado de traballo e no benestar sanitario.                                                                                                                              |
| <b>OF 4: REFORZAR A SINERXÍA ENTRE CRECEMENTO E DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE.</b>                                                                                                                                                         |
| OI 2. Reforzar o potencial medioambiental rexional como vehículo de desenvolvemento económico sostible, protexendo e mellorando o contorno.                                                                                           |
| OI 3. Favorecer o uso de modos de transporte menos contaminantes que contribúan á mobilidade sostible.                                                                                                                                |
| OI 4. Reducir a dependencia enerxética e optimizar os recursos enerxéticos existentes (enerxías renovables).                                                                                                                          |
| OI 15. Complementar as políticas sectoriais, especialmente na dotación de servizos de interese económico xeral e no desenvolvemento económico sostible de zonas de alto potencial de crecemento.                                      |

Fonte: elaboración propia.

O. GLOBAL = Obxectivo Global

OF = Obxectivo Final

OI = Obxectivo Intermedio

**OBXECTIVO FINAL 4: “Reforzar a sinerxía entre crecemento e desenvolvemento sostible”**

De cara ao novo período de programación, e en liña co disposto na Axenda de Lisboa e Gotemburgo, tratase de impulsar o crecemento económico, aínda que sen perder de vista os criterios de protección e conservación medioambiental. Mediante o aproveitamento dos recursos naturais, Galicia fomentará o desenvolvemento de actividades económicas que contribúan a fixar poboación no medio rural.

Nas cidades, avogarase polo cumprimento da normativa ambiental, especialmente no relativo ás augas residuais dos núcleos situados na franxa do litoral.

Por outro lado, farase un esforzo importante por mellorar a competitividade empresarial a través da eficiencia enerxética e aproveitar os recursos ambientais de Galicia como un factor de atracción e de crecemento económico.

Ademais destes Obxectivos Finais Galicia establece 16 *Obxectivos Intermedios* que responden ás prioridades europeas para o novo período de programación establecidas nas Directrices Estratéxicas para o crecemento e o emprego e arredor dos que se vehicularán as diferentes actuacións que se porán en marcha a través da implementación dos seus Programas Operativos.

Os Obxectivos Finais e os Obxectivos Intermedios están relacionados entre si. Na Táboa 24 móstrase a vinculación estratéxica entre os Obxectivos Finais e os Obxectivos Intermedios.

Clasificando o grado de correlación entre eles, de incidencia alta, media o baixa, observase de forma destacada que o Obxectivo Intermedio 1, relativo as redes de accesibilidade e intermodalidade no transporte, presenta tres correlacións, cos Obxectivos Finais 1, 3 e 2.

Tamén destaca o Obxectivo Intermedio 6, relativo ao fomento da innovación empresarial, que presenta así mesmo tres correlacións, cos Obxectivos Finais 2, 1 e 3; e o Obxectivo Intermedio 8 referente ao investimento empresarial, que presenta tres correlacións, cos Obxectivos Finais 1, 2 e 3.

Os Obxectivos Intermedios 14, 15 e 16 presentan correlación cos catro Obxectivos Finais. Isto explícase polo carácter transversal destes obxectivos, que están relacionados coa estratexia de dimensión territorial.

O resto dos Obxectivos Intermedios teñen unha ou dúas correlacións cos Obxectivos Finais, de tal forma que todos os Obxectivos Intermedios presentan algún grao de incidencia sobre os Obxectivos Finais.

Táboa 23. Grao de incidencia entre Obxectivos Intermedios e Finais do MECEGA 2007-2013

| OBXECTIVOS INTERMEDIOS | OBXECTIVOS FINAIS                                                                                                |                                                                                                  |                                                                                                                                          |                                                                    |
|------------------------|------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|--------------------------------------------------------------------------------------------------|------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|--------------------------------------------------------------------|
|                        | 1. Impulsar e dinamizar a economía rexional facendo de Galicia un lugar máis atractivo para investir e traballar | 2. Incrementar a competitividade do tecido produtivo galego a través do coñecemento e innovación | 3. Aumentar a cohesión social e territorial de Galicia mellorando os niveis de cualificación, a calidade do emprego e a inclusión social | 4. Reforzar a sinerxía entre crecemento e desenvolvemento sostible |
| OI 1                   | ***                                                                                                              | *                                                                                                | **                                                                                                                                       |                                                                    |
| OI 2                   | *                                                                                                                |                                                                                                  |                                                                                                                                          | ***                                                                |
| OI 3                   | *                                                                                                                |                                                                                                  |                                                                                                                                          | ***                                                                |
| OI 4                   |                                                                                                                  | **                                                                                               |                                                                                                                                          | ***                                                                |
| OI 5                   |                                                                                                                  | ***                                                                                              | **                                                                                                                                       |                                                                    |
| OI 6                   | **                                                                                                               | ***                                                                                              | *                                                                                                                                        |                                                                    |
| OI 7                   | **                                                                                                               | ***                                                                                              |                                                                                                                                          |                                                                    |
| OI 8                   | ***                                                                                                              | **                                                                                               | *                                                                                                                                        |                                                                    |
| OI 9                   |                                                                                                                  | **                                                                                               | ***                                                                                                                                      |                                                                    |
| OI 10                  |                                                                                                                  | **                                                                                               | ***                                                                                                                                      |                                                                    |
| OI 11                  |                                                                                                                  | **                                                                                               | ***                                                                                                                                      |                                                                    |
| OI 12                  | *                                                                                                                | ***                                                                                              |                                                                                                                                          |                                                                    |
| OI 13                  | **                                                                                                               |                                                                                                  | ***                                                                                                                                      |                                                                    |
| OI 14                  | ***                                                                                                              | *                                                                                                | *                                                                                                                                        | *                                                                  |
| OI 15                  | *                                                                                                                | *                                                                                                | *                                                                                                                                        | ***                                                                |
| OI 16                  | ***                                                                                                              | *                                                                                                | *                                                                                                                                        | *                                                                  |

Fonte: elaboración propia.

|     |                  |
|-----|------------------|
| *** | Incidencia alta  |
| **  | Incidencia media |
| *   | Incidencia Baixa |

## 2.2 Eixes de intervención do MECEGA 2007-2013: proposta operativa da estratexia

Para facilitar a vinculación e coherencia da programación comunitaria de Galicia ca estratexia do MENR, do PNR e das Directrices Comunitarias para o período 2007-2013, o MECEGA 2007-2013 artículase en oito eixes prioritarios, en torno aos que xirarán os obxectivos e actuacións de carácter estrutural na rexión no próximo septenio (Táboa 24).

Observase así mesmo, a correlación existente entre os eixes do MECEGA e os Obxectivos Intermedios da estratexia a desenvolver en Galicia no 2007-2013. Todos os Obxectivos Intermedios están atendidos polos Eixes do MECEGA. Destacan os Eixes do MECEGA 2, 5 e 6, que atenden actuacións de cinco Obxectivos Intermedios. O Eixe 4 do MECEGA atende actuacións de catro Obxectivos Intermedios. O Eixe 1 do MECEGA atende actuacións de tres Obxectivos Intermedios. O Eixe 3 do MECEGA atende actuacións de dous Obxectivos Intermedios. E finalmente, os Eixes 7 e 8 do MECEGA recollen actuacións dun Obxectivo Intermedio cada un deles.

Táboa 24. Vinculación dos Eixes MECEGA cos Obxectivos Intermedios na programación 2007-2013

| Eixes MECEGA 2007-2013 |                                                      | OI MECEGA 2007-2013 |
|------------------------|------------------------------------------------------|---------------------|
| 1                      | Economía do coñecemento (I+D+i, S inf, TIC)          | 5, 6, 7             |
| 2                      | Competitividade e fomento empresarial                | 2, 5, 6, 8, 10      |
| 3                      | Medio ambiente, contorno natural e recursos hídricos | 2, 14               |
| 4                      | Transporte e enerxía                                 | 1, 3, 4, 16         |
| 5                      | Desenvolvemento local, urbano e transfronteirizo     | 2, 8, 14, 15, 16    |
| 6                      | Empregabilidade e infraestruturas sociais            | 9, 11, 13, 14, 15   |
| 7                      | Mellora do capital humano                            | 11                  |
| 8                      | Desenvolvemento institucional e políticas públicas   | 12                  |

Fonte: elaboración propia.

### 2.2.1 Eixe 1: Economía do coñecemento (I+D+i, Sociedade da Información, TIC)

#### *Obxectivos específicos e prioridades estratéxicas*

A través das actuacións comprendidas dentro deste eixe, Galicia persegue fortalecer a competitividade das empresas galegas, apoiando a investigación e o desenvolvemento tecnolóxico (I+DT), fomentar a innovación empresarial e impulsar a utilización de novos coñecementos por parte das empresas, á vez que estender e difundir as tecnoloxías da información e as comunicacións garantindo a penetración no conxunto da sociedade. Nesta liña, establécese como obxectivo fundamental o incremento do gasto en I+D ata o 1,5% do PIB en 2010, sendo esta a contribución de Galicia aos Obxectivos estatais da Estratexia de Lisboa.

No ámbito da I+D, estes esforzos de conversión cara a unha sociedade baseada no coñecemento irán acompañados do desenvolvemento tanto de centros coma de capacidades de investigación mediante a creación de novas infraestruturas científicas e tecnolóxicas, a mellora das xa existentes e o desenvolvemento de mecanismos e servizos de apoio para a transferencia do coñecemento xerado para a articulación dun sistema dinámico de I+D na rexión.

No ámbito empresarial, mediante as actuacións do Eixe 1 perséguese o fomento da innovación, así como o impulso de iniciativas de cooperación interempresarial para a difusión e utilización de novos coñecementos.

Tamén se levarán a cabo operacións encamiñadas á extensión das infraestruturas da Sociedade da Información, á promoción do sector TIC en Galicia, xunto co fomento do acceso dos cidadáns, as empresas e a administración rexional ás tecnoloxías da información e a comunicación.

Así mesmo, impulsaranse as axudas a IDT, en particular nas PEME, e os servizos de apoio avanzado ás empresas e grupos de empresas.

Neste sentido, Galicia aproveitará o novo período de financiamento europeo para establecer un estreito vínculo entre todos os axentes da I+D+i, propiciando a aplicabilidade da investigación básica na industria, para dirixir a súa atención cara a novas actividades empresariais baseadas no coñecemento e modernizar e diversificar a súa economía co fin de aumentar o seu crecemento, en clave de sostibilidade, e crear emprego de calidade.

Outro dos obxectivos que se espera conseguir co impulso da I+D+i é promover a sostibilidade, facilitando o desenvolvemento de novas actividades produtivas con xeración de maior valor engadido, por tanto menos consumidoras de recursos naturais, como xeito para limitar o seu impacto ecolóxico, e integrando consideracións ambientais en centros de investigación e empresas, o que redundará en procesos produtivos máis sostibles e na creación de novos produtos máis ecolóxicos.

A administración autonómica de Galicia puxo en marcha nestes ámbitos dúas importantes iniciativas: en primeiro lugar, o *Plan Galego de Investigación, Desenvolvemento e Innovación Tecnolóxica 2006-2010*, co cal pretende impulsar o crecemento económico e social de Galicia mediante a mellora da súa capacidade científico-tecnolóxica facilitando a participación das empresas nos procesos de innovación e a extensión dos beneficios da investigación ao conxunto da sociedade galega, e en segundo lugar o *Plan Galego de Sociedade da Información* no cal quedarán reflectidas as prioridades e actuacións que o goberno rexional porá en marcha para reducir a brecha que a separa de España e Europa en materia das TIC.

#### *Enfoque e actuacións*

Polo tanto, as políticas que se apliquen en materia de I+D+i e as TIC en Galicia aumentarán os recursos destinados a estes fins, contribuíndo, así mesmo, ao cumprimento dos Obxectivos de Lisboa. As actuacións encadraranse fundamentalmente en tres ámbitos:

##### **1. Investigación e Desenvolvemento Tecnolóxico**

As actuacións comprendidas dentro deste ámbito centraranse na consolidación e estruturación do Sistema Público de I+D e no fomento da investigación básica e aplicada nos sectores máis estratéxicos para a rexión, entre os que se atopan a biotecnoloxía e nanotecnoloxía, automoción e compoñentes, enerxías renovables, industria ambiental e biocombustibles ou o sector naval.

Galicia propónse poñer en marcha un modelo de crecemento económico que se fundamente na aplicación do coñecemento, a innovación e a tecnoloxía.

Para iso será necesario conxugar os esforzos dos diferentes axentes da I+D presentes no territorio, co fin de optimizar os recursos e centralalos naqueles ámbitos de maior dimensión e alcance (redes, centros e plataformas tecnolóxicas, universidades, etc...).

De acordo coas últimas comunicacións da Comisión Europea, e con independencia da prioridade de fortalecer o partenariado público-privado en I+D, debe fomentarse o

fortalecemento da investigación básica, co fin de garantir unha I+D competitiva e sostible a medio e longo prazo. En segundo lugar, existen áreas de investigación aplicada que non presentan unha clara conexión co tecido empresarial, pero son de grande importancia para a sociedade; este é o caso da sanidade, de problemas relacionados coa exclusión social e outras áreas de coñecemento, que inevitablemente seguirán ligados á investigación pública. En terceiro lugar, se ben a cooperación co sistema público é de interese para a empresa, debe potenciarse tamén a investigación liderada polo sistema produtivo, realizada nos seus propios departamentos de I+D e co seu propio persoal investigador. Ademais, a falta de I+D efectuada na empresa e liderada por esta é o que máis separa ás estatísticas de gasto en I+D dos obxectivos perseguidos.

Os criterios de selección de operacións mencionados na letra a do artigo 65 do Regulamento (CE) Nº 1083/2006 considerarán prioritarios os proxectos e actuacións de I+D+i científica e tecnolóxica que teñan un maior impacto no desenvolvemento rexional e satisfagan mellor as necesidades do seu tecido produtivo.

O sector empresarial ten que aumentar substancialmente o seu esforzo tecnolóxico, sobre todo en Galicia, posto que nin tan sequera achega o 40% do gasto total, cando en España a cifra se eleva ao 55%. Polo tanto, un obxectivo básico da política de innovación ten que ser necesariamente que os crecentes recursos públicos teñan un efecto multiplicador sobre o gasto empresarial, para o que é necesario incrementar a demanda tecnolóxica dende o tecido produtivo. A estratexia pasa por canalizar a demanda empresarial de innovación mediante agrupacións de empresas e plataformas tecnolóxicas como única vía de acceso das PEME ás innovacións tecnolóxicas e organizativas.

A política científica e tecnolóxica debe promover os grandes proxectos de investigación de iniciativa empresarial, que mobilicen recursos públicos e privados especialmente das grandes empresas e daquelas capaces de arrastrar a participación dos seus provedores e clientes. Para iso son necesarias estruturas de mediación entre os diferentes axentes e entre organismos públicos de investigación e as empresas, e outros instrumentos tales como os parques científicos e tecnolóxicos, que facilitan a transferencia de coñecemento entre os devanditos axentes e constitúen un punto de encontro entre o sistema público de I+D+i e o tecido privado. Un exemplo da "tripla hélice" en Galicia é a recentemente creada Fundación Galega para a Sociedade do Coñecemento, que está a servir de plataforma e instrumento catalizador da economía do coñecemento. A devandita fundación conta entre os seus obxectivos co impulso, promoción e coordinación de actividades para a mellora da competitividade das empresas galegas; a extensión e implantación de novas tecnoloxías; o desenvolvemento da sociedade da información e o impulso das redes de coñecemento e cooperación.

O desenvolvemento dos proxectos de investigación levarase a cabo polos centros de investigación e tecnolóxicos, en cooperación co sector empresarial, coa finalidade de dar resposta ás necesidades dos diversos sectores económicos e sociais e contribuír á competitividade, modernización e diversificación da economía produtiva.

Estes proxectos, ademais caracterizaranse polo seu papel estratéxico e transversal, orientados tanto a aqueles sectores estratéxicos máis relevantes coma á definición de solucións tecnolóxicas destinadas aos diferentes sectores e ao fomento das tecnoloxías ambientais.

Por outra banda, o sistema público de I+D en Galicia, en particular no ámbito do sistema universitario, presenta unha marcada fragmentación, o que se traduce na existencia de poucas unidades de investigación que dispoñen dunha dimensión suficiente para xerar resultados competitivos. Por iso, e co obxectivo de estruturar, especializar e consolidar as capacidades investigadoras rexionais, poranse en marcha instrumentos que potencien a organización competitiva e a dotación dos recursos necesarios para dar o salto significativo en materia de calidade dos resultados e alcance e impacto da produción científica.

Galicia presenta unha situación privilexiada contando con todas as prerrogativas necesarias para converterse en referente internacional en determinados sectores de actividade, como poden ser a automoción e compoñentes, a confección e a moda, as tecnoloxías ambientais, e a tecnoloxía e biotecnoloxía ligada ás ciencias do mar, a madeira, a pedra ou os alimentos de calidade.

Neste sentido, a través do financiamento enmarcado dentro deste eixe, a Comunidade Autónoma desenvolverá e articulará un conxunto de Centros de Referencia Científica, que leven a cabo de modo planificado, estratéxico e con masa crítica, a ciencia de vangarda en liñas de ampla multidisciplinariedade, proxección multisectorial e con capacidade para o desenvolvemento de novos espazos económicos e empresas innovadoras, en torno a sectores de alta tecnoloxía.

Da análise e diagnóstico que sustenta o deseño do Plan Galego de I+D+i, resulta claramente constatable como, malia os esforzos realizados nos últimos anos e, a converxencia en materia de investigación e innovación coas economías do ámbito de Galicia é aínda lenta, e o logro dos obxectivos marcados para Europa parece estar sempre moi afastado. O reducido número de investigadores en Galicia que, particularmente nos ámbitos tecnolóxicos e empresariais, é moi inferior aos das rexións máis desenvolvidas, e en particular, a dispersión de recursos e a falta de especialización e de interdisciplinariedade, que demandan os retos científicos actuais, están a limitar o papel dinamizador que debe xogar neste momento a investigación.

En aras de fomentar a participación privada na investigación, dito plan fórmase unha maior implicación do sistema financeiro privado no financiamento da innovación, así como o aumento do financiamento público vinculado a indicadores de impacto e desenvolvemento, con especial orientación cara á xeración de maiores niveis de financiamento privado. Ferramentas tales como o capital risco, os empréstimos participados e de tipos de xuro brandos, os beneficios fiscais e o capital semente e iniciativas como a creación dun club de investidores privados que impulse dende a Administración dinámicas de traballo en rede dos diferentes axentes privados van asociadas ao aumento dos investidores privados activos.

Por iso, o desenvolvemento desta nova organización para as capacidades de investigación en Galicia constitúe unha prioridade para o Goberno da Xunta de Galicia que, nesta senda, aposta racional e ordenadamente por áreas e obxectivos que potencien estratexicamente a economía de Galicia, consolidando a súa competencia sobre capacidades científicas contrastadas.

Na busca deste ambicioso proxecto propiciouse unha alianza institucional estratéxica entre a Administración estatal -particularmente do Ministerio de Educación e Ciencia (MEC)-, e o Goberno autonómico, plenamente comprometidos ambos os dous coa investigación e coa ciencia galega. Esta alianza propiciará a integración estratéxica das capacidades dos investigadores do sistema universitario galego e do Consello Superior de Investigacións Científicas (CSIC) no desenvolvemento compartido de novos centros e infraestruturas. En particular, e nunha primeira fase abordarase o desenvolvemento de:

- O Centro Atlántico de Investigacións Mariñas: potenciará as áreas de alta competencia investigadora de Galicia relacionadas coas Ciencias e Tecnoloxías Mariñas para xerar liderado internacional en áreas estratéxicas e de futuro neste campo, de especial relevancia para o sector pesqueiro. Un Centro que actuará como eixe de desenvolvemento do ambicioso Proxecto Cidade do Mar, impulsado pola Xunta de Galicia, e no que tamén se integrará a futura Base Atlántica de Buques Oceanográficos.
- O Centro de Investigación aplicada en Tecnoloxía Computacional e modelización matemática, estruturando e complementando as capacidades do CESGA (Centro de Supercomputación de Galicia) en torno a recursos científicos, actividades de investigación e servizos avanzados que permitan dar resposta á crecente demanda da industria e dos investigadores nestas áreas. Galicia xoga un papel destacado neste ámbito científico, que acaba de ser fortalecido coa dotación do Supercomputador FINISTERRAE, o maior ordenador de memoria compartida de Europa.
- O Centro de Ciencias do Patrimonio Cultural, promovido co apoio da Consellería de Cultura e Deporte sobre as capacidades do CSIC e das Universidades galegas, aspira a converterse nunha Unidade de Referencia no ámbito da investigación nacional e internacional sobre o Patrimonio Histórico e o desenvolvemento da industria cultural.
- O Centro de Investigación e Tecnoloxías da Vida, entendido como un Centro de Investigación de Excelencia cun enfoque de vangarda e orientado ao deseño, desenvolvemento e avaliación de estratexias terapéuticas innovadoras, a partir dun mellor recoñecemento dos mecanismos da enfermidade, que apoie a viabilidade tecnolóxica dos proxectos de investigación biomédica de Galicia.
- O Centro de Excelencia en Electrónica para Vehículos Intelixentes, que pretende ser unha referencia na investigación e desenvolvemento de sistemas electrónicos, contribuíndo á consolidación dun polo de competencia e apoio ao sector da

automoción, e á estratexia de Metadistrito Industrial da Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal.

Estes Centros, aos que se deberán ir incorporando outros futuros de liderado público, integrarán a Rede de Centros de Referencia Científica que, asociados á Rede de Centros Tecnolóxicos, así como a rede de Parques Científicos e Tecnolóxicos que facilitarán a interacción público-privada nun ámbito favorecedor da transferencia de tecnoloxía, permitirán vertebrar e articular as capacidades máis relevantes de Galicia conformando un Sistema de Innovación competitivo e sostible.

## 2. Innovación empresarial

En materia de innovación empresarial, ademais do fomento do asociacionismo empresarial en todos os sectores mediante a creación de clusters innovadores, que posibiliten a posta en marcha de estratexias innovadoras e que aumenten os niveis de investimento, as principais liñas de actuación serán as seguintes:

- Liñas públicas de axuda ao investimento tecnolóxico e ao desenvolvemento tecnolóxico empresarial, tanto de carácter xeral como especialmente dirixidas a sectores de especial relevancia ou potencial para a Comunidade Autónoma.
- Liñas públicas de axuda para a creación de empresas de base tecnolóxica
- Liñas públicas de axudas para os investimentos directamente vinculados coa aplicación de innovacións.

Entre as áreas de actividade económica nas que se vai actuar de cara a promover a innovación empresarial destacan as dos sectores estratéxicos de Galicia que xa se mencionaron, que presentan unha alta capacidade de creación de emprego e de valor engadido. Nesta liña, o Instituto Galego de Promoción Económica (IGAPE) favorecerá a posta en marcha de iniciativas fundamentadas na innovación e o desenvolvemento tecnolóxicos, nos investimentos de base dixital, na produción de bens e servizos intensivos en coñecemento, na colaboración e na incorporación de tecnoloxías da información e a comunicación (TIC).

## 3. Sociedade da información

En materia da sociedade da información enmárcase o *Plan Estratéxico Galego da Sociedade da Información 2007-2010 (PEGSI)*, o obxectivo da cal é promover a aplicación xeral das TIC nos ámbitos produtivo, social e de servizos públicos, detrás da *e-inclusión* dos cidadáns e as empresas galegas na Sociedade da Información. Trátase de desenvolver unha economía dinámica e competitiva baseada no capital intelectual e no coñecemento; romper as brechas sociais e territoriais, creando un escenario de igualdade de oportunidades na sociedade da información e potenciar a identidade cultural galega, especialmente aqueles aspectos relacionados coa preservación da lingua galega e do legado patrimonial da rexión.

Así, desenvolveranse estratexias transversais, encamiñadas á ampliación das infraestruturas para a sociedade da información, en liña coa Declaración de Riga sobre a

inclusión dixital, á mellora da interoperabilidade, seguridade e coñecemento aberto e ao desenvolvemento de contidos e servizos. Por outra banda, están previstas estratexias sectoriais de desenvolvemento do sector empresarial das TIC, de fomento da aplicación das TIC por parte do tecido empresarial, de provisión de servizos públicos de calidade e de promoción da inclusión e sostibilidade a través dos instrumentos da sociedade da información.

Prevese a implantación da banda ancha ou a ampliación do ancho de banda e integración de tecnoloxías móbiles e inarámicas existentes en zonas ou puntos estratéxicos da Comunidade, así como a extensión das infraestruturas de banda ancha nas zonas rurais de Galicia que aínda non dispoñen delas.

No ámbito da educación facilitarase o acceso e a utilización das novas tecnoloxías por parte do alumnado galego.

Polo que se refire á e-Administración desenvolveranse novos servizos de cara á modernización administrativa, prestándose especial atención á implantación da administración electrónica e métodos de xestión de calidade nas entidades locais galegas.

En materia de contidos, desenvolveranse coñecementos en áreas específicas e de interese para o conxunto da sociedade galega, así como aplicacións TIC en sectores económicos de interese xeral para a rexión. Así mesmo, utilizaranse as TIC como instrumentos de mobilización, participación e inclusión social. As actuacións neste ámbito contribuirán ao desenvolvemento do sector TIC, en especial o TIC audiovisual, considerado prioritario para a rexión e de alto potencial de crecemento.

Ademais, impulsaranse medidas de mellora do acceso e para lograr unha utilización eficiente das TIC polas PEME.

## **2.2.2 Eixe 2: Competitividade e fomento empresarial**

### *Obxectivos específicos e prioridades estratéxicas*

As actuacións incluídas neste Eixe teñen como principal destinatario as PEME: a maior parte está especificamente deseñada para axudar a satisfacer as súas necesidades en materia de innovación tecnolóxica e organizativa, internacionalización, acceso a recursos financeiros para o investimento produtivo, servizos tecnolóxicos e de asesoría, etc. Por outra banda, as actuacións que non estean dirixidas especificamente ás PEME, contemplarán disposicións específicas para estas, tanto no que se refire aos criterios de selección de proxectos, coma ás modalidades de aplicación e ás condicións de financiamento que esas actuacións adopten en relación coas devanditas empresas. Adicionalmente, as actuacións de que poidan beneficiarse as grandes empresas incluírán entre os seus criterios prioritarios de selección de proxectos o impacto destas nas PEME, tanto no que respecta á súa capacidade de creación de tecido produtivo formado basicamente por PEME, coma pola incorporación de PEME como socios dos propios

proxectos. Todo o indicado anteriormente é igualmente aplicable ás actuacións do Eixe 1 dirixidas ás empresas.

A través do despregamento de operacións de desenvolvemento e innovación empresarial previstas neste Eixe, perséguese fortalecer a competitividade das empresas da rexión, fomentando a innovación empresarial e impulsando a iniciativa cara á produción, a difusión e a utilización de novos coñecementos polas empresas. Por outra banda, trátase de impulsar a proxección internacional do tecido produtivo galego e mellorar o seu acceso ao financiamento.

Neste sentido, unha liña de actuación irá dirixida á introducción de sistemas efectivos de xestión ambiental por parte das empresas, así como a impulsar o crecemento do tecido produtivo galego, incrementar a competitividade interterritorial e contribuír á captación de investimento estranxeiro.

Dada a súa importante contribución á promoción do potencial endógeno da rexión, impulsaranse a través deste Eixe o crecemento e consolidación das pequenas e medianas empresas, incrementando a súa capacidade de innovación e a transferencia de coñecementos. Os centros de servizos (xerais e específicos) e os viveiros de empresas constituirán unha plataforma de apoio ás PEME e ás empresas de nova creación, así como un instrumento de cooperación entre institucións e empresas.

Por outra banda, prevese a promoción da iniciativa emprendedora na sociedade galega, a través da sensibilización, o estudo de necesidades, a adaptabilidade laboral e a formación.

Mediante este Eixe establecerase un modelo de desenvolvemento empresarial que responda ás diferentes realidades territoriais da rexión, para fomentar un desenvolvemento máis equilibrado entre a zona costeira e o interior e contribuír á cohesión económica e social de Galicia. Por outra banda, reforzase o papel dos centros de desenvolvemento empresarial, para que presten un apoio global e integrado ás PEME e microempresas.

As actuacións de desenvolvemento empresarial integraranse no Programa Innoempresa, sucesor do Plan de Consolidación e Competitividade da Pequena e Mediana Empresa (PEME), e no Plan Avanza, o obxectivo da cal é modernizar o tecido empresarial galego a través da incorporación das TIC, así como de técnicas innovadoras. Ao igual que para as empresas de maior tamaño, os esforzos concentraranse naqueles sectores considerados prioritarios en Galicia, que como xa se foron sinalando son os seguintes: confección e moda, automóbil e compoñentes, industria ambiental e biocombustibles, enerxías renovables, alimentos de calidade, loxística, pedra, madeira, TIC audiovisuais, naval, turismo, biotecnoloxía e nanotecnoloxía.

No ámbito da internacionalización de empresas, a administración autonómica, xunto coas Cámaras de Comercio, veñen impulsando a internacionalización da economía e as exportacións de Galicia a través do Plan de Fomento das Exportacións Galegas -FOEXGA-.

Este Eixe pretende corrixir os desequilibrios estruturais de que adoece o mercado laboral galego que limitan a súa expansión e o seu crecemento futuro, a precariedade dos

empregos existentes, a siniestralidade laboral e a falta de adaptación entre a formación e as necesidades das empresas, fomentando a creación de novos empregos de calidade, especialmente entre as mulleres, potenciando a formación dos empresarios e traballadores e favorecendo a capacidade de resposta das empresas ante as novas esixencias do mercado.

Fronte a un modelo de crecemento baseado na creación de emprego pouco cualificado e de baixa produtividade, Galicia terá que apostar por un modelo de crecemento de maior valor engadido.

O principal problema ao que terá que poñer remedio Galicia será reducir a elevada porcentaxe de contratos temporais que lastran o acceso ás oportunidades de formación e que repercuten negativamente, non só sobre as oportunidades de emprego, senón tamén sobre a economía no seu conxunto. Haberá que poñer en marcha actuacións que fomenten o investimento en recursos humanos, sobre todo para aqueles empregados pouco cualificados e de idade máis avanzada, para que se adapten aos cambios e consigan prolongar a súa vida laboral.

As novas iniciativas empresariais estimulan a produtividade, obrigan a outras empresas a reaccionar mellorando a súa organización, produción, servizos ou mercados, conseguindo maior eficiencia e un incremento da competencia, e por conseguinte a oferta, polo que haberá que equilibrar os riscos e as recompensas da iniciativa empresarial e apoiar o deseño e a diseminación de novas formas de traballo e de organización empresarial que sexan innovadoras e contribúan á mellora da produción.

Para isto será necesario contar cunha sociedade na cal se valore a iniciativa empresarial mediante a sensibilización a aqueles axentes que xoguen un papel de apoio aos futuros empresarios: escolas, universidades, investidores, comunidades locais, organizacións empresariais, entre outros.

Referente á Eurorrexión Galicia Norte de Portugal, perséguese fortalecer a competitividade das empresas do espazo transfronteirizo a través da investigación e o desenvolvemento tecnolóxico (I+DT), fomentar a innovación empresarial e impulsar a utilización de novos coñecementos por parte das empresas, á vez que estender e difundir as tecnoloxías da información e as comunicacións garantindo a penetración no conxunto da sociedade. Así mesmo, debe prestarse unha especial atención a impulsar a proxección internacional.

Estes esforzos de conversión dunha sociedade baseada no coñecemento deben ir acompañados pola mellora do capital humano e a súa adaptación á economía do coñecemento, prestando unha especial atención na adecuación dos sistemas de educación e formación ás necesidades da sociedade, a economía e as empresas, impulsando sistemas de ciencia-tecnoloxía na Eurorrexión, particularmente nas áreas relacionadas co automóbil ou co mar e valorando o papel do sistema urbano como factor de competitividade.

### *Enfoque e actuacións*

En materia de desenvolvemento empresarial, levaranse a cabo fundamentalmente operacións de carácter ambiental, de dotación de infraestruturas de apoio ás PEME, de fomento da innovación empresarial e da utilización de novas tecnoloxías, de promoción da actividade exportadora e de mellora do acceso ao financiamento.

No ámbito da promoción de actividades sostibles no seo das empresas, as actuacións que se desenvolverán son, entre outras:

- ✓ Establecemento de axudas orientadas á implantación das melloras tecnolóxicas dispoñibles en actividades e sectores industriais e de servizos de interese.
- ✓ Implantación e mantemento de sistemas de auditoría ambiental.
- ✓ Deseño, elaboración e mantemento de ferramentas de tecnoloxía-ambiental para sectores industriais estratéxicos de Galicia.
- ✓ Melloras ambientais nos sistemas de produción e servizos, incluídas as orientadas a unha maior eficacia e aforro enerxético (incentivos ás empresas para a incorporación de procesos ambientais).

Para paliar o déficit de chan existente para actividades industriais e loxísticas, prevese a dotación de parques empresariais acondicionados para a instalación de empresas, o impulso de plataformas loxísticas que permitan mellorar a distribución de mercadorías, así como a provisión e adecuación de espazos produtivos e de servizos ás empresas.

As plataformas territoriais de desenvolvemento empresarial e loxístico, centros de empresas, viveiros e incubadoras empresariais, teñen como obxectivo principal prestar apoio aos emprendedores/as e ás pequenas empresas, permitindo reducir custos, incrementar a eficiencia, mellorar a calidade dos seus produtos e aumentar a cooperación das empresas (laboratorios de calidade, centros loxísticos, centros de cooperación interterritorial, plataformas de desenvolvemento ambiental, centros multiservizos rurais, polígonos industriais).

En canto á modernización do tecido empresarial, levaranse a cabo accións de sensibilización que permitan dar a coñecer e achegar as novas tecnoloxías ás empresas españolas e de poñer a disposición das empresas diversos tipos de axudas para a súa incorporación á Sociedade da Información e a utilización do comercio electrónico, así como de axudas á innovación organizativa e xestión avanzada, á innovación tecnolóxica e a calidade, e proxectos de innovación consorciada (cadea de valor, empresas "tractoras").

Co fin de posibilitar e favorecer o acceso ao financiamento de proxectos empresariais contéplase o reafianzamento ou cobertura parcial do risco asumido a longo prazo en investimentos e supostos de percepción de alto risco dende o sistema financeiro privado (innovación, creación, investimento) pola rede de Sociedades de Garantías (nos cales participan Gobernos Rexionais, Cámaras de Comercio, Asociacións Empresariais, Empresarios, etc.), suxeitas ao control e inspección do Banco Central.

No ámbito específico da actividade exportadora, poranse a disposición das PEME os recursos necesarios para o financiamento, tanto dos investimentos coma doutros gastos necesarios para acometer a súa saída ao exterior. O proxecto "Fortalecemento da internacionalización das empresas españolas" inclúe as seguintes actuacións:

- a) Programa de iniciación á exportación: Renovación e adaptación do Programa PIPE ao novo ámbito económico.
- b) Accións complementarias de iniciación. A empresa que se inicia na internacionalización debe contar con actividades complementarias que lle permitan coñecer as tendencias nos mercados, a competencia internacional, a súa posición e a súa necesidade de mellora para manter ou gañar presenza nos mercados internacionais, diversificando tanto sectorial como xeograficamente a súa presenza no exterior.
- c) Iniciación á Presentación a Licitacións Internacionais. Asesorar e apoiar ás empresas.
- d) Servizos de apoio á Internacionalización co fin de ofrecer ás empresas metodoloxías, servizos de información, intercambio de experiencias e coñecementos; benchmarking sobre mellores prácticas, intelixencia competitiva e servizos de apoio no exterior que permitan lograr maior eficiencia e eficacia no nivel de presenza internacional e competitividade das PEME españolas.

Co desenvolvemento de programas de incentivos á creación de novas empresas e modernización das existentes complétanse as operacións previstas neste Eixe, con accións de sensibilización (desenvolvemento do espírito empresarial na sociedade, especialmente en colectivos potencialmente emprendedores a través de campañas en medios de comunicación, folletos, celebración do día do emprendedor, premio ao mellor emprendedor, etc.), análise e prospectiva (estudos e observatorios) e de formación (cursos e seminarios para emprendedores e para a adecuación dos empregados ás novas necesidades empresariais e ás estruturas existentes).

Tamén se inclúen actuacións de promoción da calidade e mellora da xestión dos establecementos comerciais e de estímulo á agrupación e asociacionismo comercial para a creación de centrais de compra, entre outros, co obxecto de mellorar a posición competitiva do pequeno comercio.

Terase en conta o novo instrumento financeiro de cooperación JEREMIE e co fin de proporcionar un mellor uso dos fondos comunitarios e facilitar fontes alternativas de financiamento ás PEME.

Prevense medidas que melloren a capacidade dos traballadores e das empresas para adaptarse aos cambios continuos da economía globalizada, que fomenten a creación de máis postos de traballo estables e de calidade, e que incentiven o espírito de empresa como elemento fundamental para o nacemento de novas vocacións empresariais.

Así mesmo, as actuacións previstas neste eixe estarán relacionadas coa adaptabilidade dos traballadores, mellorando as cualificacións necesarias para a economía do coñecemento, que permitirán prolongar a vida laboral, á par que mellorarán e adaptarán os sistemas de formación de acordo coas necesidades reais da economía e das empresas.

Neste sentido, fomentárase a utilización das novas tecnoloxías para promover novas formas de traballo máis innovadoras e que se adapten ás necesidades dos traballadores, tales como a teleformación ou teletraballo.

Neste ámbito, fórmulase por outra parte aumentar o atractivo do traballo a tempo parcial e o apoio a novas formas de organización como maneiras de adaptar as prácticas de traballo ás novas condicións do mercado de traballo, en particular en relación coa recomendación da Comisión de abril de 2006.

En relación coas actuacións previstas no ámbito transfronteirizo destacan as seguintes:

- A valorización do potencial entre os sistemas científicos e tecnolóxicos de ambas as dúas rexións, dirixidos a potenciar a innovación nas PEME, baseada nos principios de *complementariedade* e de *cooperación*.
- *A posta en valor conxunto das actividades e servizos relacionados co dominio do mar, implicando ás universidades e/ou centros tecnolóxicos das rexións e ás asociacións e entes territoriais interesados na problemática.* Trátase dunha liña transversal que pretende integrar as áreas científica, tecnolóxica, cultural, económica e ambiental no marco do dominio do mar.

Para todas as operacións porase especial atención na perspectiva de xénero, ao que se unirá a concesión de liñas específicas de axuda para empresas promovidas por mulleres ou con participación significativa de mulleres.

Así mesmo, a atención a aspectos ambientais poderá contemplarse de forma especial coa oferta de incentivos a aquelas que incorporen procesos ambientais, con énfase nas pequenas e medianas empresas, e tendo en conta as especificidades do tecido empresarial galego.

### **2.2.3 Eixe 3: Medio ambiente, contorno natural e recursos hídricos**

#### *Obxectivos específicos e prioridades estratéxicas*

Este Eixe ten como obxectivo fundamental reforzar o potencial ambiental de Galicia como vehículo para o desenvolvemento económico sostible, protexendo e mellorando o contorno, aproveitando os recursos de forma integrada e racional e establecendo mecanismos de alerta e prevención fronte aos riscos ambientais. En liñas xerais, o obxectivo reside no cumprimento dos acordos de Gotemburgo.

Trátase, ademais de fomentar a conservación ambiental e dos recursos naturais, de poñer en práctica políticas que exploten o potencial económico dos recursos ambientais da

rexión, fomentando actividades económicas asociadas ás posibilidades ambientais que supoñan un aproveitamento integral do medio ambiente.

Resulta imprescindible fomentar a coordinación entre as distintas instancias públicas a cargo da posta en marcha de políticas sectoriais que afecten ao medio, especialmente no medio rural, co fin de evitar solapamentos e a destrución ambiental.

Por outra banda, trátase de satisfacer a través deste Eixe as necesidades actuais en materia de saneamento e depuración de augas residuais e de aseguramento e mellora de abastecemento de auga á poboación, garantindo a dispoñibilidade de recursos hídricos en cantidade e calidade axeitados e a xestión de residuos, incrementando a capacidade dos sistemas existentes.

A xestión da auga esixida pola Directiva marco da auga<sup>15</sup> esixe a realización de diversas tarefas que teñen como obxectivo final alcanzar o bo estado das augas antes do mes de Decembro de 2015.

En Galicia existen tres grandes áreas de poboación que, dada a súa situación actual e tendo en conta as perspectivas de crecemento demográfico, corren o risco de sufrir escaseza de auga durante os meses estivais no futuro: Vigo, comprendendo principalmente Vigo, Cangas, Moaña e Nigrán; A Coruña (A Coruña, Arteixo, Culleredo, Cambre) e Pontevedra, comprendendo Pontevedra, Marín, Poio, Bueu e Sanxenxo. As devanditas áreas serán obxecto de especial atención á hora de deseñar as infraestruturas hidráulicas de abastecemento na Comunidade Autónoma.

Por outra banda, impulsaranse os investimentos nas devanditas infraestruturas a partir de tres liñas de actuación: saneamento e depuración de augas residuais, abastecemento e ordenación dos recursos hídricos e defensa de inundacións, mellora das marxes e recuperación de contornos degradados.

No que respecta ao contorno natural, o acondicionamento e recuperación de espazos e chans contaminados e a conservación da biodiversidade constitúen os piares fundamentais nos que se basearán as actuacións a realizar.

O Plan Galego de Acción fronte ao Cambio Climático, que recolle máis de 50 medidas destinadas á redución das emisións de CO<sub>2</sub> en liña coa Estratexia de Gotemburgo, trata de favorecer a adaptación da sociedade galega ao cambio climático. Estas medidas centranse fundamentalmente naquelas emisións non procedentes da industria, xa que estas están suxeitas ao Protocolo de Kyoto.

No marco do devandito plan, establécese o Plan de Avaliación de Impactos e Vulnerabilidade do Cambio Climático en Galicia, que a partir da situación actual ofrece unha fotografía do panorama futuro do cambio climático en Galicia, para determinar en qué áreas (agricultura, chan, costas, biodiversidade,...) é necesario actuar para evitar un mal maior.

---

<sup>15</sup> Directiva 2000/60/CE do Parlamento Europeo e do Consejo, de 23 de outubro de 2000, pola que se establece un marco comunitario de actuación no ámbito da política de augas.

Por outra banda, a administración autonómica está a elaborar unha estratexia galega de desenvolvemento sostible, co fin de lograr unha comunidade competitiva, equilibrada dende o punto de vista demográfico e ordenada a nivel territorial que permita un crecemento en clave de sostibilidade. A ela, súmanse o Plan de Xestión de Residuos Sólidos Urbanos de Galicia e o Plan de Recuperación de Ecosistemas Fluviais, ademais do Plan Territorial de Continxencias por Contaminación Mariña.

No que se refire aos recursos hídricos, o Ministerio de Medio Ambiente está a promover unha xestión integrada da auga baseándose principalmente en:

- A atención sostible das demandas hídricas, garantindo dispoñibilidade e calidade.
- A protección e rexeneración do medio ambiente hídrico.
- A utilización de instrumentos incentivadores do uso eficiente da auga

Estase a vivir un proceso de reorientación da política da auga en España e da planificación hidrolóxica. Ao igual que noutros Estados membros, baséase nun marco lexislativo comunitario definido pola Directiva Marco Europea da Auga (DMA), a cal establece obxectivos ambientais e a prioridade de alcanzar o bo estado das masas de auga, utilizando como ferramenta fundamental os programas de medidas dos plans hidrolóxicos de cunca.

Nesta liña, o Ministerio de Medio Ambiente desenvolveu o Programa AGUA: Actuacións para a Xestión e a Utilización da Auga que se centra en:

- Superar carencias hídricas que actualmente frean o desenvolvemento de certas rexións de xeito planificado, asegurando o uso público do recurso, a súa garantía e a eficiencia dos seus usos.
- Adecuar a política nacional aos criterios europeos, marcados principalmente pola DMA, fomentando unha racionalidade económica e unha sostibilidade ambiental asegurando unha forte participación pública.

Os principais eixes da política da auga apóianse tanto na lexislación nacional coma na europea, incorporando novos e reformados instrumentos.

- Integración de todas as masas de augas.

Na xestión da auga e na planificación hidrolóxica intégranse as augas, continentais, de transición e costeiras, xa que todas elas forman parte do ciclo da auga, e da súa calidade dependen valiosos ecosistemas, necesarios para a nosa subsistencia e desenvolvemento.

- Cooperación e coordinación entre as autoridades competentes.

Estase a lograr, no ámbito das novas demarcacións hidrográficas do Estado e dos gobernos autonómicos, unha estreita colaboración con todas as Administracións e autoridades competentes en materia de auga.

- Planificación hidrolóxica enmarcada na xestión integrada dos recursos hídricos: Elementos e instrumentos levados a cabo nos plans hidrolóxicos de cunca.

É un obxectivo fundamental satisfacer as demandas racionais de auga, incluída a ambiental, planificando os usos, equilibrando e harmonizando o desenvolvemento rexional e sectorial, incrementando os recursos, nas zonas máis deficitarias, á vez que protexendo a súa calidade e economizando o seu uso. Para iso estanse a desenvolver os plans hidrolóxicos de cunca, que expoñen os principais problemas hídricos tanto de calidade coma de cantidade e establecen actuacións para palialos. Intégrase, tamén en acorde coa lexislación Europea, o proceso de Avaliación Ambiental Estratéxica nos plans e programas.

- Cuestións económicas

Ata agora contábanse con escasos instrumentos que incentivasen o uso da auga. Non obstante, a actual estratexia baséase nunha política de prezos como incentivo para o uso racional e sostible da auga. Ademais, foméntase a recuperación de custos en canto os investimentos hidráulicos, e promóvese o principio de "quen contamina paga".

- Participación pública

Estase a fomentar, a través de foros, grupos de traballo, conferencias e reunións bi e multi laterais, unha forte participación pública de todas as partes interesadas no proceso de toma de decisións.

- Obxectivos ambientais

Mediante a DMA, e plans sectoriais nacionais como o Plan Nacional de Calidade das Augas: Saneamento e Depuración, preténdese asegurar o bo estado e a axeitada protección do dominio público hidráulico, das masas de auga e dos ecosistemas asociados.

Para desenvolver os eixes da política da auga e alcanzar unha xestión integrada dos recursos hídricos, aplicaranse Programas de Medida enmarcados na planificación hidrolóxica, e as actuacións en materia de augas deberán estar recollidas nos plans hidrolóxicos de cunca ou no Plan Hidrolóxico Nacional.

En materia de augas, de cara a unha xestión máis eficiente dos recursos hídricos, establécese o Plan de Abastecemento de Galicia, para satisfacer a demanda de auga dos distintos tipos de usuarios, ademais do Plan Sectorial Hidroeléctrico das Cuncas Hidrográficas de Galicia-Costa. Outros plans en vigor son o Plan de Saneamento de Galicia 2000-2015, revisado en 2004 e o Plan Hidrolóxico de Galicia-Costa 2007-2015.

Referente á Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal o obxectivo é reforzar o potencial ambiental do espazo transfronteirizo como vehículo para o desenvolvemento económico sostible, protexendo e mellorando o contorno, aproveitando os recursos de forma integrada e racional e establecendo mecanismos que melloren o actual sistema de tratamento e transporte da auga.

Trátase, ademais de fomentar a conservación ambiental e dos recursos naturais, de poñer en práctica estratexias conxuntas que exploten o potencial económico dos recursos ambientais da rexión, incluíndo as enerxías renovables e fomentando actividades económicas asociadas ás posibilidades ambientais, que supoñan un aproveitamento integral do medio ambiente.

A coordinación de grandes proxectos de abastecemento e de saneamento é o obxectivo do Fondo de Cohesión/FEDER neste Eixe do MECEGA.

### *Enfoque e actuacións*

As actuacións en materia ambiental na súa dimensión vertical van dirixidas fundamentalmente á xestión de residuos, o abastecemento e saneamento dos recursos hídricos e a recuperación do contorno natural.

#### 1. Xestión integral dos residuos urbanos, industriais e especiais de Galicia.

Crearanse as infraestruturas necesarias para garantir unha axeitada xestión dos residuos: plantas de tratamento, incluídos lodos, vertedoiros, puntos limpos, entre outros.

#### 2. Abastecemento e saneamento

Neste ámbito, está prevista a execución de novas infraestruturas hidráulicas de abastecemento de auga á poboación e mellora e modernización das existentes, obras destinadas á regulación e a prevención de desbordamentos e outros riscos hidrolóxicos e actuacións encamiñadas ao control e protección dos recursos hídricos, garantindo a calidade das augas continentais e das rías, dando cumprimento ao Plan de Abastecemento de Galicia.

Os proxectos consisten en abastecemento de auga a núcleos de poboación, construción de novas redes de abastecemento, depósitos e potabilización de auga, incluíndo conducións, estacións de bombeo e, no seu caso, a modernización e mellora das instalacións existentes.

En materia de saneamento, as actuacións apoiadas terán como obxectivo dotar de infraestruturas básicas aos municipios, coa finalidade de emendar as carencias do sistema integrado de saneamento, fomentando unha axeitada planificación das necesidades e as estruturas de tratamento e xestión: depuradoras, emisarios, colectores, desaugadoiros, redes de saneamento; mellora das redes, optimización dos sistemas, construción de colectores e obras necesarias para a condución e unificación de puntos de vertedura e construción de estacións de depuración de augas residuais urbanas, así como a ampliación e mellora das existentes.

A construción de estacións depuradoras de augas residuais urbanas de máis de 2.000 habitantes equivalentes ten como obxectivo o cumprimento da Directiva 91/271/CEE de tratamento de augas residuais, mentres que para dar cumprimento ao Plan de

Saneamento de Galicia 2000-2015 está prevista a construción de estacións depuradoras de augas residuais de entre 1.000 e 2.000 habitantes equivalentes.

### 3. Contorno natural

Prevese neste ámbito a recuperación de espazos naturais marítimos e no contorno urbano, a preservación da paisaxe, a protección, acondicionamento e limpeza de canles, a recuperación de hábitats e especies e a de chans e terreos contaminados ou abandonados.

Con carácter adicional, levaranse a cabo actuacións de prevención e control da contaminación, tales como: substitución de sistemas de calefacción contaminantes, ordenación de tráfico e peatonalización, barreiras de protección acústica, mapas de ruídos, adquisición de equipos para a vixilancia e protección ambiental, e de prevención de riscos ambientais, especialmente os derivados do cambio climático e dos incendios forestais.

Nesta liña, poderá acudirse ao desenvolvemento de sistemas de información ambiental/observatorios e equipamentos que permitan a detección precoz de riscos ambientais, así como o seguimento dos parámetros ambientais que poidan supoñer riscos, tales como desbordamento de canles, aumentos do nivel de auga embalsada, orixes de verteduras, chuva ácida, entre outros. Así mesmo, prestarase especial atención á prevención de riscos de contaminación do medio mariño, mediante a elaboración de plans de emerxencia/continxencia e actuacións de corrección de ecosistemas dunares e de litoral como consecuencia de verteduras e outros desastres naturais.

As actuacións que se levarán a cabo no ámbito da cooperación transfronteiriza estarán relacionadas con:

- a) A valoración, promoción e conservación ambiental dos recursos naturais co fin de que:
  - Protexan, integren e promovan os recursos naturais dos territorios transfronteirizos, especialmente nos sectores da auga, da prevención de riscos e da protección da natureza.
  - Promovan as condicións necesarias para a sostibilidade nas áreas do medio ambiente, os espazos naturais e os recursos hídricos das zonas de fronteira, particularmente os recursos comúns, como é o caso dos Ríos Miño e Lima, do Parque Nacional da Peneda- Xurés e do Parque de Montesinho.
  - Impulsen a prevención de catástrofes naturais e riscos ambientais.
- b) A creación de condicións para a concreción dun conxunto de accións/proxectos orientados á valoración das vocacións funcionais das cidades así como a creación de redes, baixo o desenvolvemento urbano sostible e turístico.

Así mesmo e cofinanciado polo Fondo de Cohesión/FEDER , para resolver ás deficiencias existentes non sistema de depuración do Concello de Vigo e cubrir ás

necesidades de depuración das súas actividades industriais, realizaranse actuacións no proxecto "Saneamento de Vigo".

#### **2.2.4 Eixe 4: Transporte e enerxía**

##### *Obxectivos específicos e prioridades estratéxicas*

A través deste eixe Galicia persegue mellorar a accesibilidade do seu territorio, especialmente por estrada e vía férrea de altas prestacións. Este obxectivo complementase coa provisión de alternativas de transporte público e colectivo e cun obxectivo enerxético de redución da dependencia e optimización dos recursos enerxéticos existentes cunha perspectiva de sostibilidade.

Este eixe de intervención aglutina dous ámbitos de actuación que se complementan e reforzan mutuamente: por un lado, as intervencións irán encamiñadas a completar a conexión coas redes transeuropeas de transporte e mellorar a interoperabilidade dos diferentes transportes, e por outro, a continuar fomentando a xeración e produción de enerxías de fontes sostibles e mellorar a eficiencia enerxética.

En liña co obxectivo xeral de modernización da estrutura produtiva da rexión dende unha dimensión de sostibilidade, fomentárase o desenvolvemento e a aplicación de novas tecnoloxías e principios ambientais nos medios de transporte, por exemplo a través do transporte urbano limpo e dun sistema de transporte dotado de solucións intelixentes que fomenten a seguridade, entre outros. En materia de enerxía, fomentárase a aplicación da innovación no sector enerxético, en todas as fases do ciclo de produción, na distribución e o consumo, así como o desenvolvemento de tecnoloxías de enerxías renovables e alternativas que permitan aproveitar sinerxías e a creación de valor engadido no sector enerxético, en coordinación coas operacións do Eixe 1.

Na actualidade, existen en Galicia varias estratexias en materia de transporte e accesibilidade territorial: o Plan Integral de Transportes de Galicia, e o Plan Estratéxico do Ente Público Portos de Galicia, encamiñado fundamentalmente ao desenvolvemento da náutica deportiva nos pequenos portos da Comunidade. A nivel estatal, as actuacións enmárcanse no Plan Estratéxico de Infraestruturas de Transporte 2005-2020 (PEIT).

Entrando en materia portuaria, e en relación ás "Autoestradas do Mar", termo co que se designa basicamente unha oferta de transporte modal para atender a demanda de transporte de mercadorías entre dous países da Unión Europea a través dunha concentración da carga en itinerarios marítimos, actualmente os gobernos francés e español subscribiron un acordo internacional, de data 3 de xullo de 2006, para poñer en marcha unha ou varias Autoestradas do Mar. Esta iniciativa enmárcase no corredor da Autoestrada do Mar de Europa do Oeste que une Portugal e España, vía atlántico, co Mar do Norte e o mar de Irlanda, que forma parte dos "Proxectos prioritarios os traballos dos cales deberían empezar antes de 2010", de acordo coas disposicións do punto 21 do anexo III da Decisión 884/2004 do Parlamento europeo e do Consello, do 29 de abril de 2004, pola que se

modifica a Decisión 1692/96/CE sobre as orientacións comunitarias para o desenvolvemento da Rede Transeuropea de Transporte. Está previsto obter fondos para o seu financiamento dunha subvención procedente dos Presupostos Xerais do Estado, que poderá complementarse con subvencións comunitarias, entre elas as correspondentes ao Programa Marco Polo II.

A intervención do Ente Público Portos do Estado está prevista neste Plan a través das actuacións enmarcadas no PO Fondo de Cohesión/FEDER. As axudas europeas neste período 2007-2013 concedidas a este organismo irán destinadas a desenvolvementos de infraestrutura portuaria que mellorarán as instalacións actuais e crearán novas zonas de atraque para buques e de depósito de mercadorías, creando as condicións de infraestrutura axeitadas para que no futuro se poidan establecer accións para o desenvolvemento de "Autoestradas do Mar" nos termos indicados.

No que se refire á dotación enerxética, a Consellería de Innovación e Industria presentou unha Estratexia para o Desenvolvemento Enerxético Integral de Galicia na que se formulan solucións para os retos aos que se enfronta a rexión no presente cuatrienio (2006-2009).

En materia de enerxías renovables, o Plan Galego de Acción fronte ao Cambio Climático prevé a incorporación de paneis solares térmicos e fotovoltaicos nos edificios públicos, a renovación dos sistemas de iluminación para substituílos por lámpadas de baixo consumo e a introdución de auditorías para mellorar a eficiencia enerxética das oficinas.

Así mesmo, existen plans sectoriais enerxéticos, de enerxía solar e biomasa que encadrarán as operacións a desenvolver neste ámbito, en liña co Plan Nacional de Enerxías Renovables (PER) e a Estratexia de Mellora da Eficiencia Enerxética en España (E4).

En canto a Cooperación Transfronteiriza, o territorio conxunto Galicia - Norte de Portugal presenta problemas significativos de dualismo socio-territorial, sendo esencial definir as condicións necesarias para lograr unha maior cohesión das zonas do interior da Eurorrexión respecto das costeiras, así como para potenciar a absorción dos efectos positivos que o Eixe interrexional Vigo-Pontevedra-Valena-Braga-Porto e as súas áreas de influencia en torno ao IC-1 (Valena-V.N. Cerveira-Caminha-Viana do Castelo-Esposende-Porto) puidese transmitir.

E referente ao Fondo de Cohesión/FEDER, ou seu obxectivo é tapar ás carencias que ten Galicia en materia de transporte, sobre todo en infraestruturas portuarias e na Rede Ferroviaria de Altas Prestacións.

#### *Enfoque e actuacións*

En materia de transporte, desenvolveranse actuacións de dotación de infraestruturas de transporte terrestre, ferroviario, portuario e aeroportuario, con carácter complementario coas que se executen a través do Fondo de Cohesión.

No que respecta ás estradas, prevese a construción dos tramos que permitirán culminar as actuacións da autovía do Cantábrico A-8, cunha longa traxectoria de

financiamento europeo nas outras rexións da cornixa Cantábrica, na Comunidade Autónoma de Galicia, ademais de mellorar as comunicacións transfronteirizas por medio de autovías e o desenvolvemento de dúas novas vías de comunicación: a Autovía A-57, entre Pontevedra e Vigo e a Autovía A-54, entre Santiago e Lugo. A nivel autonómico, contéplase a dotación de estradas de novo trazado e variantes urbanas para adscribirse á rede primaria básica e primaria complementaria, actuacións de mellora na seguridade vial mediante a eliminación de tramos de concentración de accidentes, a construción de ensanches e melloras de trazado nas redes primarias básicas e primarias complementarias, xunto ao acondicionamento e mellora das estradas de baixa intensidade media diaria da rede primaria complementaria e secundaria.

No ámbito dos ferrocarrís, a prioridade dos cales é manifesta na Comunidade Autónoma, co obxectivo de completar as importantes actuacións previstas non PO Fondo de Cohesión/FEDER, no Plan contéplanse actuacións relativas á rede de altas prestacións: acceso a Galicia e Eixe Atlántico da fronteira portuguesa a Ferrol.

En canto á dotación aeroportuaria, están previstos investimentos destinados á mellora e modernización das infraestruturas aeroportuarias dos tres aeroportos galegos, de cara a aumentar a capacidade da seguridade integral do transporte aéreo, a calidade dos servizos e potenciar a intermodalidade.

Na rede de portos da Comunidade Autónoma e co fin de mellorar a súa operatividade, ampliáranse e mellorarán as instalacións para o transporte marítimo, prestando especial atención á calidade ambiental das instalacións e as operacións portuarias. Especial relevancia adquire a conexión entre os principais portos galegos e a rede de ferrocarril, con actuacións encamiñadas a fomentar a intermodalidade do transporte, que redunden no reforzo da posición competitiva de Galicia no ámbito do transporte marítimo internacional.

Tanto para a mellora das instalacións portuarias, reforzando a súa intermodalidade con accesos terrestres, como a dotación de infraestruturas de alta velocidade ferroviaria, Galicia contará con financiamento adicional complementario do Fondo de Cohesión.

En materia de enerxías, xunto cos plans autonómicos xa mencionados, o Plan de Enerxías Renovables (PER) e a Estratexia de Aforro e Eficiencia Enerxética en España (E4) son os marcos de planificación enerxética en renovables e eficiencia enerxética, actualmente en vigor, os cales consideran axudas non reembolsables para incentivar a promoción en enerxía solar e biomasa.

As actuacións nesta materia teñen por obxecto activar e estender, en primeiro lugar, o aproveitamento da enerxía solar, para lograr incrementar o uso deste tipo de enerxía limpa, que contribúe de forma directa á mellora do medio ambiente, ao substituír combustibles fósiles, ademais de impulsar o desenvolvemento rexional ao mobilizar recursos enerxéticos autóctonos, que inducen a creación de novas actividades económicas, xeran emprego e melloran a calidade de vida dos cidadáns. As tecnoloxías comprenden:

- a) A solar térmica de baixa temperatura, utilizando captadores para aproveitamento en Auga Quente Sanitaria, calefacción, frío solar, usos industriais, Sector Servizos, e
- b) A solar fotovoltaica illada da rede de distribución, para usos de electrificación rural, bombeos e tratamento de auga, iluminacións illadas, sinalización, telecomunicacións, etc.

Os proxectos a impulsar refírense a tecnoloxías en fase de maduración que necesitan incentivación económica no investimento, a través de axudas a fondo perdido ou incentivos equivalentes, que posibiliten un maior atractivo aos investidores. Así, as axudas concederanse a persoas físicas, Asociacións sen ánimo de lucro, Comunidades de propietarios, PEME, así como Entes de natureza pública.

En segundo lugar, en canto ao aproveitamento da biomasa (T.p. 41), as actuacións pretenden incrementar o uso deste tipo de enerxía limpa. A cadea da biomasa require a posta en marcha dunha serie de elos que van dende o tratamento das masas forestais e a súa limpeza, ata a densificación ou transformación en produtos comerciais (pelets, briquetas, etc.); así mesmo, a promoción de caldeiras domésticas en toda a gama de potencias, require a mobilización de sectores industriais e comerciais. A tecnoloxía elixible refírese ás aplicacións da biomasa no sector doméstico que requiren un impulso para crear un mercado de produtos e servizos que permita o acceso á rendibilidade económica a curto prazo. De acordo ao PER 2005-2010 esta tecnoloxía require unha axuda a través dunha subvención a fondo perdido. Os beneficiarios serán persoas físicas, comunidades de propietarios, asociacións sen ánimo de lucro que desexen implantar este tipo de aplicacións tanto para auga quente sanitaria e calefacción e PEME.

As actuacións en eficiencia enerxética responden a planificacións estratéxicas do ámbito da enerxía, pois pretenden diminuír a tensión no crecemento do consumo de enerxía. A introdución nos distintos sectores de boas prácticas en eficiencia enerxética teñen diferentes elementos de activación e polo tanto, diferentes instrumentos. Refírense a:

- a) Medidas de eficiencia enerxética no uso final da enerxía, tanto nos sectores de Industria, Residencial e Servizos, Transporte, Agricultura e Pesca, que permitan mellorar a intensidade enerxética; e o aforro, no cal debe basearse un primeiro paso de actuacións.
- b) A coxeración, como instrumento de eficiencia enerxética, ademais de ser un instrumento de mobilización de investimentos no ámbito rexional, de mellora das calidades da subministración eléctrica, representa unha tecnoloxía a incentivar.
- c) A xestión da demanda é outra das claves importantes en relación á busca da eficiencia enerxética nos procesos de transformación e no uso final da enerxía, require investimentos de alta especialización, pero é un paso adicional de valoración tecnolóxica.

Os plans estratéxicos (Estratexia Española de Aforro e Eficiencia Enerxética) sinalan aos sectores dispersos como posibles beneficiarios das axudas que poidan poñerse en marcha, e así, establecen diferentes instrumentos de activación: Convenios de Colaboración coas CC.AA., Convenios Sectoriais, dirixidos a persoas físicas, PEME,

Asociacións sen ánimo de lucro, Comunidades de propietarios, así como Entes de Natureza Pública.

Por último, levaranse a cabo actuacións en materia de transporte urbano limpo, tales como a renovación do parque para a inclusión de vehículos alimentados por combustibles limpos e non contaminantes (biodiésel, hidróxeno, gas natural..), o apoio a medidas innovadoras e eficaces para mellorar o transporte urbano limpo ou o apoio a proxectos integrados de cooperación e intercambio de experiencias neste ámbito con outras cidades da Unión Europea. O material financiado quedará baixo a responsabilidade das autoridades correspondentes na Comunidade Autónoma durante a vida útil do activo.

Así mesmo potenciaranse actuacións dirixidas a potenciar unha planificación e ordenación sostible do territorio da eurorrexión, e outras que permitan mellorar a conectividade interna da zona, prestando unha especial atención ás diferentes modalidades de transportes, especialmente o metropolitano. Tamén se impulsarán políticas de accións de desenvolvemento rural, así como proxectos de cooperación urbano-rural.

Referente a Fondo de Cohesión/FEDER, prevense actuacións na liña de alta velocidade de acceso a Galicia (tramo Ourense-Santiago), así como nos portos de Punta Langosteira-2ª fase, Bouzas, Guisar, Vilagarcía de Arousa, Marín-Ría de Pontevedra, Ferrol-San Cibrao e Vigo.

### **2.2.5 Eixe 5: Desenvolvemento local, urbano e transfronteirizo**

#### *Obxectivos específicos e prioridades estratéxicas*

O desequilibrio existente no territorio galego entre o medio rural e o urbano, o interior e a costa e o envellecemento da poboación son factores que inciden negativamente sobre o desenvolvemento económico do ámbito galego e as condicións de vida dos seus habitantes. En consecuencia, as actuacións a levar a cabo no marco dos Fondos Estruturais deberán concentrarse de xeito decisivo na rexeneración económica destas áreas, de modo que se contribúa ao reequilibrio territorial da rexión e se potencie a actividade económica ligada aos recursos endóxeos, especialmente no ámbito rural.

Así, as políticas estruturais a favor das zonas rurais en Galicia centraranse no fomento do espírito empresarial entre a poboación, co fin de reducir os niveis de éxodo rural e na adaptación deste entorno ás novas demandas da economía globalizada.

No desenvolvemento urbano, as actuacións terán como obxectivo principal responder ás necesidades das cidades en termos de rexeneración social e económica do seu ámbito. Neste sentido a Unión Europea, no novo período de financiamento 2007-2013, quixo prestar unha especial atención ás realidades urbanas, recoñecendo o seu papel como motores do desenvolvemento económico rexional, e o seu fundamental apoio na consecución dos obxectivos europeos de crecemento e emprego, sobre todo dende unha perspectiva social e ambiental.

Non obstante, é evidente que, o desenvolvemento económico das cidades, especialmente daquelas de maior tamaño, vai acompañado dunha conxestión e contaminación crecentes, así como da persistencia da marxinación social. En xeral, as grandes zonas urbanas, a medida que a súa actividade económica e a súa poboación aumentan, vense afectadas por problemas de contaminación atmosférica e acústica, pola concentración de residuos, a escaseza de espazos verdes, a segregación espacial polo encarecemento do custo da vida, inseguridade cidadá e doutras problemáticas que, inexorablemente, van creando áreas de pobreza e de marxinación social. No caso de Galicia, isto afecta ás sete principais cidades: Vigo, A Coruña, Santiago, Lugo, Ourense, Pontevedra e Ferrol.

Por este motivo, as Directrices Estratéxicas Comunitarias para o Crecemento e o Emprego, recoñecen como unha prioridade estratéxica fundamental para o conxunto da Unión Europea a posta en marcha de medidas que respondan de forma clara ás necesidades dos contornos urbanos, mellorando as condicións de vida dos cidadáns (emprego, ámbito físico, apoios sociais, etc...). A Comunicación da Comisión "Política de cohesión e cidades: a contribución urbana ao crecemento e o emprego nas rexións" reforza este plantexamento, incidindo no papel das cidades como impulsoras do cumprimento dos Obxectivos de Lisboa.

No marco dos ámbitos de actuación de FEDER, e tendo en conta que o contorno rural gozará tamén do financiamento procedente de FEADER, as actuacións en materia de desenvolvemento rural centraranse sobre todo na diversificación das actividades económicas, destacando as relacionadas co turismo.

Nesta liña de conceder unha atención especial ás necesidades específicas de determinadas territorios: zonas rurais e urbanas, que establecen as Directrices Estratéxicas Comunitarias 2007-2013 sitúase así mesmo o Plan de Reequilibrio Territorial, actualmente en proceso de elaboración en Galicia, estimulando a aplicación dun enfoque integrado da política de cohesión, que non só debe favorecer o crecemento e o emprego, senón tamén perseguir obxectivos sociais e ambientais. Para o desenvolvemento concreto das zonas costeiras vinculadas á pesca, artículase o Plan Estratéxico da Costa da Morte 2006-2010.

Neste sentido, sinalar que as realidades rurais e urbanas, polo seu carácter transversal que afecta ao conxunto da economía galega, atoparán resposta ás súas necesidades a través de actuacións específicas comprendidas dentro dos diferentes eixes de FEDER.

Aproveitarase a experiencia no ámbito da iniciativa comunitaria URBAN para seguir desenvolvendo actuacións integrais de rexeneración urbana nas cidades galegas. Para dar continuidade a esta iniciativa prevíuse reservar unha parte da dotación para, no seu caso, asignala ás cidades de máis de 50.000 habitantes ou ás capitais de provincia galegas, os proxectos das cales fosen elixidos mediante convocatoria nacional dirixida polo Ministerio de Economía y Hacienda co obxecto de promover proxectos integrados de desenvolvemento sostible local e urbano. Por outro lado, mediante o despregamento dos proxectos integrados de rexeneración urbana e rural, destinados fundamentalmente aos pequenos e medianos

municipios galegos perséguese cohesionar o territorio. Así mesmo, perséguese reforzar a participación cidadá na xestión dos asuntos públicos e a mellora dos servizos locais.

Polo que respecta ao novo instrumento financeiro de cooperación JESSICA e co fin de proporcionar un mellor uso dos fondos comunitarios e facilitar fontes alternativas de financiamento a proxectos de desenvolvemento urbano, o Comité de Seguimento deste Programa analizará e decidirá sobre a posibilidade de destinar fondos deste á posta en práctica desta nova iniciativa.

Referente ao mercado de traballo, neste eixe fomentárase o intercambio de información, experiencias, resultados e boas prácticas, así como o desenvolvemento de propostas complementarias e actuacións conxuntas con outros Estados membros e con outras rexións españolas. Buscarase dar unha mellor resposta a determinadas problemáticas comúns e, desta maneira, contribuír ao crecemento e ao emprego da economía galega.

Para iso, impulsárase a relación de Galicia con outras rexións europeas para compartir enfoques innovadores na aplicación de políticas de mercado de traballo, de formación e de inclusión social que, pola súa vez, lles permita beneficiarse mutuamente dos progresos no desenvolvemento de políticas innovadoras realizadas por eles.

En canto a cooperación no ámbito da Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal, promoverase unha maior integración cultural e social entre as poboacións transfronteirizas, impulsando instrumentos de xestión e cooperación de segunda xeración.

#### *Enfoque e actuacións*

As actuacións previstas no presente Eixe encádranse na protección e valorización do patrimonio natural e cultural, o desenvolvemento do sector turístico e o desenvolvemento territorial dende un enfoque integrado e endógeno.

##### **1. Protección e valorización do patrimonio natural e cultural**

Está previsto un programa de axudas aos Concellos para a promoción e posta en valor de contornos naturais nos que os activos ambientais constitúan factores relevantes para o desenvolvemento local. O devandito plan de promoción de áreas naturais inclúe un programa de equipamentos e servizos, así como a difusión das actividades.

A Xunta de Galicia promoverá, mediante axudas a entidades locais, a execución de equipamentos sociais, o acondicionamento e/ou rehabilitación de espazos e edificacións públicas de relación social e a conservación de elementos singulares en ámbitos rurais tradicionais.

Así mesmo, está previsto o despregamento dun programa de infraestruturas de uso público no medio natural, protección da paisaxe e recuperación de espazos naturais urbanos, unido ao tratamento de superficies para a mellora do valor paisaxístico das masas forestais situadas en zonas axeitadas para o turismo rural.

Por último, prevese a protección, rehabilitación e preservación do patrimonio cultural nas súas vertentes de patrimonio arqueolóxico, arquitectónico, etnográfico, e patrimonio moble e documental, destacando a restauración de fachadas e edificios. En materia cultural, está prevista a dotación de bibliotecas e casas de cultura.

## 2. Desenvolvemento do sector turístico

Dado o carácter prioritario do sector do turismo na rexión, entre outras, desenvolveranse as seguintes actuacións, destinadas á mellora dos servizos turísticos: instalación e mellora da sinalización turística, reforma e modernización de balnearios; fomento do turismo termal, creación e mellora de instalacións deportivas, embelecemento e mellora dos contornos turísticos; equipamento de praias; eliminación de barreiras arquitectónicas e urbanísticas; centros de perfeccionamento do turismo; intercambio de experiencias.

Así mesmo, concederanse axudas a entidades locais para promoción turística e desenvolveranse plans e programas de dinamización, que permitan a oferta integrada de novos produtos na rexión. E de cara á promoción de Galicia como destino turístico de calidade, realizaranse accións comerciais, tales como campañas internacionais de publicidade, mercadotecnia "on-line", publicacións e distribución de material promocional e presenza en feiras.

Como elemento de apoio á oferta turística de Galicia, prevese a creación e mellora das infraestruturas e instalacións destinadas ao fomento da náutica recreativa, así como a promoción e difusión das instalacións e servizos portuarios.

## 3. Desenvolvemento territorial integral

O enfoque de partida é reforzar a estratexia de desenvolvemento local e urbano seguindo as directrices comunitarias de política de cohesión, a través de actuacións integradas tratando de responder aos retos específicos das cidades. Para iso distínguense diversas actuacións diferenciadas en función do tamaño dos municipios.

a) Municipios de tamaño mediano e pequeno: Os resultados das avaliacións intermedias do Programa Operativo Local (POL) 2000-2006, recomendando a continuidade de actuacións no ámbito do desenvolvemento local e urbano, así como a incorporación da experiencia acumulada pola iniciativa URBAN, segundo recomendación da Comisión, implican neste período de intervención 2007-2013 contemplar actuacións dirixidas ao ámbito dos municipios pequenos e medianos, integradas nos Programas Operativos rexionais, nas que prime necesariamente o aspecto territorial "localizado e integrado" fronte aos sectores de intervención que se constitúen en eixes prioritarios no resto do programa

Ese enfoque integrado territorial, centrado en municipios pequenos e medianos, é o que se pretende abordar mediante actuacións para conseguir un desenvolvemento local sostible que redunde nunha maior cohesión económica, territorial e social, valorándose as especiais circunstancias que concorren no devandito ámbito poboacional (envellecemento da poboación, despoboación do territorio, dificultades de acceso á formación e ás novas tecnoloxías, etc.).

Os obxectivos que se pretenden abordar, asociados ao ámbito poboacional de municipios pequenos e medianos, son:

- Cohesionar o territorio a través de proxectos integrados de rexeneración urbana e rural destinados aos municipios pequenos e medianos. Seguindo a formulación exposta sobre o carácter transversal das actuacións, os proxectos que contribúan a alcanzar o devandito obxectivo poderán responder, de xeito integrado, aos seguintes ámbitos de actuación:
  - Fomento da sociedade da información e novas tecnoloxías.
  - Promoción económica: creación de emprego e oportunidades económicas a través da diversificación produtiva e mellora das infraestruturas e servizos locais.
  - Mellora do contorno natural e calidade ambiental.
  - Mellora da accesibilidade e mobilidade.
  - Protección e preservación do patrimonio cultural.
  - Promoción da conciliación familiar e cohesión social.
- Reforzar a participación cidadá na xestión dos asuntos públicos e a mellora dos servizos locais. Coa potenciación da participación da sociedade civil na mellora dos servizos locais estase a contribuír a unha mellor xestión dos asuntos públicos, á vez que se implica aos veciños nos asuntos da vida pública locais coa finalidade de atopar as mellores solucións aos seus problemas.

Como beneficiarios finais destas actuacións actuarán as administracións locais distinguindo en función dos estratos de poboación entre:

- Concellos maiores de 20.000 habitantes e menores de 50.000 hab.
- Deputacións Provinciais (só para proxectos a poboación beneficiaria da cal sexa de polo menos 20.000 habitantes)

As actuacións contempladas deberán responder a proxectos integrados de rexeneración urbana/rural nos obxectivos e ámbitos fixados, sendo a súa selección efectuada dentro dun proceso de concorrência competitiva, na que cobra especial relevancia a coordinación do Ministerio de Administracións Públicas cos responsables da Comunidade Autónoma e do Ministerio de Economía y Hacienda. Iso supón necesariamente unha garantía da complementariedade das actuacións cofinanciadas con fondos comunitarios e evitar, polo tanto, posibles solapamentos de intervencións tanto a nivel territorial e/ou sectorial

b) Municipios de maior tamaño: Para este tipo de cidades, onde se concentra o 67% da poboación española e o 35,7% da poboación galega, está previsto crear unha iniciativa innovadora ("URBANA") que cubra todo o territorio nacional e que dea continuidade á iniciativa comunitaria URBAN, promovendo proxectos integrados de desenvolvemento sostible urbano en cidades españolas de máis de 50.000 habitantes e capitais de provincia. Mediante unha convocatoria nacional aprobaranse os mellores proxectos presentados.

As cidades e as áreas urbanas albergan a maior parte dos empregos, empresas e centros de ensino superior e son esenciais para lograr a cohesión social. Ademais as cidades e áreas metropolitanas europeas atraen traballadores altamente cualificados creando a miúdo un círculo virtuoso que estimula a innovación e os negocios, o que reforza o seu atractivo para os novos talentos.

Non obstante, deben terse en conta os problemas específicos destas zonas, como son o desemprego e a exclusión social, o alto nivel de delincuencia, aumento do número de inmigrantes, existencia de minorías étnicas, a conxestión urbana, a degradación ambiental, a existencia de bolsas de pobreza dentro das cidades.

Así as actuacións dirixidas a estas zonas enmarcaranse fundamentalmente nos seguintes ámbitos:

- Promover a mellora da competitividade.
- Fomentar a cohesión interna través de medidas que melloren os barrios máis desfavorecidos, rehabilitando o contorno físico, os espazos públicos e o patrimonio histórico e cultural, buscando un medio urbano de calidade.
- Mellorar as conexións entre as cidades, tratando de promover un desenvolvemento policéntrico e equilibrado.
- Integrar aos grupos máis desfavorecidos e necesitados, alentando os cidadáns a participar na planificación e prestación de servizos, potenciando a participación da sociedade civil no goberno e mellora dos servizos locais

O fomento da cooperación con outros posibles axentes/interlocutores institucionais, sociais ou económicos, tanto do sector público como privado, no proceso de selección dos proxectos así como o impulso de redes de intercambio de experiencia, difusión de metodoloxías e boas prácticas, naqueles aspectos que sexan considerados de interese respecto da execución, seguimento e control dos proxectos, constitúe, así mesmo, unha importante achega aos obxectivos destas actuacións, así como ao cumprimento das directrices e principios horizontais da normativa comunitaria.

A coordinación entre todos os axentes que intervirán nos devanditos proxectos terá como núcleo fundamental o desenvolvemento da Rede de Iniciativas Urbanas. Os criterios de selección de proxectos se definirán nun momento posterior, pero deberán ter en conta a exitosa experiencia dos proxectos URBAN.

No ámbito da promoción urbana poderán levarse a cabo servizos de apoio a empresas, centros de acollida, centros e axencias de desenvolvemento local, fomento do

desenvolvemento empresarial en torno aos principais activos das cidades, tales como portos, centros tecnolóxicos ou sectores estratéxicos, actuacións que poderán complementarse, se é o caso, a través da utilización de recursos adicionais no ámbito da iniciativa JESSICA.

As autoridades locais dos municipios beneficiarios deste Programa fomentarán a implementación dos proxectos cofinanciados mediante un enfoque integrado que harmonice os obxectivos ambientais, sociais, culturais e económicos e estea de acordo cos Principios da Axenda 21 das Nacións Unidas, a Carta de Aalborg de 1994, a Carta de Aalborg +10 de 2004 e a Carta de Leipzig de maio 2007 sobre cidades europeas sostibles. A data de maio de 2007, 1064 municipios españois asinaron a mencionada Carta de Aalborg, polo que o deseño das súas políticas e o desenvolvemento de numerosos proxectos levados a cabo polos gobernos locais se adecúan xa aos principios establecidos nos documentos antes citados.

Referente ao mercado de traballo, neste Eixe constituiranse redes e asociacións de cooperación e intercambio no ámbito transnacional e interrexional, así como plataformas de experimentación para o desenvolvemento conxunto de metodoloxías e ferramentas que fomenten a aprendizaxe mutua de novos enfoques.

En canto a Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal, as actuacións previstas están relacionadas co impulso da creación dunha Agrupación Europea de Cooperación Transfronteiriza (AECT) e o reforzo do seu papel como instrumento catalizador do novo sistema de coordinación e xestión conxunta da cooperación transfronteiriza.

## **2.2.6 Eixe 6: Empregabilidade e infraestruturas sociais**

### *Obxectivos específicos e prioridades estratéxicas*

Para lograr a converxencia con España e a Unión Europea, Galicia deberá aumentar a súa taxa de emprego global e feminino, mellorando ás condicións de empregabilidade e propoñendo oportunidades de integración social e laboral, e de igualdade, especialmente entre aqueles grupos que teñen unha menor participación no mercado de traballo e que presentan un maior risco de exclusión.

Nesta liña, aumentarase a participación no mercado laboral e mellorarase a calidade e produtividade do traballo, impulsando a igualdade de oportunidades, a inclusión social dos colectivos máis desfavorecidos e a loita contra a discriminación no acceso laboral, así como a potenciación das infraestruturas sociais.

A situación laboral da muller en Galicia segue estando por debaixo dos estándares europeos e, aínda que a súa taxa de actividade sexa superior á media nacional, a súa taxa de desemprego continúa sendo das máis altas de España e as diferenzas salariais persisten e replican unha realidade nacional.

O incremento da xeración de emprego segue estando por debaixo do incremento dos activos, o que demostra a incapacidade do tecido económico galego de asimilar o total

das mulleres activas, que en boa medida anteriormente tamén se atopaban activas, aínda que non rexistradas ou traballando na explotación familiar, no caso das actividades agrícolas ou pesqueiras.

As diferenzas salariais e as dificultades das mulleres para conciliar a vida laboral e familiar serán aspectos prioritarios que haberá que abordar á hora de reducir a discriminación por razóns de sexo no mercado laboral, adoptando medidas específicas para a diminución da elevada porcentaxe de mulleres desempregadas ou con baixa remuneración.

Así mesmo, haberá que prestarlle especial atención ao desenvolvemento de medidas que fomenten a prolongación da vida laboral. Especialmente en Galicia, dado o seu elevado índice de envellecemento, será necesario crear novos instrumentos de inclusión das persoas de idade avanzada no emprego, desenvolvendo novos perfís profesionais que permitan a recualificación destes traballadores.

En Galicia son varios os factores que inciden sobre os niveis de prestación de servizos sociais. En primeiro lugar sitúase o envellecemento da poboación, aspecto que implica a crecente necesidade de centros habilitados para o coidado da terceira idade. Por outra parte, o fenómeno da desruralización, acompañado da problemática cada vez maior da inmigración (na que destaca a presenza de "retornados" e descendentes de galegos procedentes principalmente de Iberoamérica), vén a supoñer unha maior presión demográfica sobre os centros urbanos e os seus arredores e, por ende, un incremento das demandas sociais nestas zonas. Neste sentido, é xustamente nas cidades onde a perda de lazos familiares e sociais dificulta a perpetuación das estruturas sociais dominantes ata o momento, e onde as necesidades de infraestruturas e servizos sociais se fan cada vez máis evidentes.

Ao mesmo tempo, a despoboación das áreas rurais supón a necesidade de proceder a reformas radicais nos ámbitos das infraestruturas sociais e educativas, co fin de reactivar a estrutura produtiva destas zonas, e incrementar os seus niveis de participación na economía rexional.

En canto á educación infantil, a taxa neta de escolaridade infantil entre 0 e 2 anos é de 13,9 %, de acordo cos últimos datos do Ministerio de Educación y Ciencia, fronte ao 15 % de media estatal. As causas poden atoparse na menor incorporación da muller ao mercado laboral, así como á insuficiencia de prazas en centros infantís.

Neste sentido, a escaseza de prazas de gardarías públicas e outras infraestruturas para persoas dependentes e en risco de exclusión afecta en maior medida ás mulleres, especialmente as que se atopan con peores condicións laborais, ante esta situación, optan por abandonar o traballo para asumir persoalmente o coidado dos seus fillos ou das persoas maiores ao seu cargo, diminuindo os ingresos familiares e a súa participación na economía.

Cabe sinalar así mesmo o papel cada vez maior que as administracións teñen que asumir na loita contra a violencia de xénero, achegando solucións a curto e o longo prazo.

Galicia propónse dar resposta a aquelas problemáticas que minan as súas posibilidades de desenvolvemento, e a consecución dunha sociedade máis igualitaria que proporcione as mesmas oportunidades de desenvolvemento persoal e profesional a todos. Se pretende ampliar a dotación de infraestruturas educativas e contribuír á mellora da igualdade de oportunidades entre homes e mulleres na sociedade galega.

#### *Enfoque e actuacións*

As principais actuacións previstas neste eixe están relacionadas coa empregabilidade, a inclusión social e a igualdade, destacando as seguintes:

- Mellorar a adecuación das organizacións ás necesidades do mercado de traballo.
- Aplicar medidas activas e preventivas no mercado laboral, mellorando a empregabilidade das persoas empregadas, especialmente dós xóvenes.
- Medidas para mellorar o acceso da muller ao mercado laboral, potenciando a conciliación entre a vida laboral e persoal e impulsando a igualdade de oportunidades entre homes e mulleres.
- Medidas para incrementar a participación dos inmigrantes no mundo laboral, reforzando a súa integración social.
- Propoñer oportunidades de integración social e laboral a persoas con discapacidades, así como a persoas excluídas e en risco de exclusión do mercado de traballo.
- Fomento de colaboracións, pactos e iniciativas a través de redes de partes interesadas, para o fomento do emprego e a inclusión social.

Ademais prevese a construción e adaptación funcional dos centros educativos de ensino non universitario e o seu equipamento. A creación de novos centros está prevista naquelas zonas con maiores previsións de crecemento demográfico, mentres que a ampliación e mellora dos existentes mediante a dotación de novas instalacións e servizos realizarase en toda a Comunidade.

A necesidade de centros de atención de maiores, colectivo prioritario en Galicia, cubrirase fundamentalmente a través de iniciativas de cooperación público-privada.

Co fin de promover a conciliación da vida laboral e familiar fomentárase e apoiárase a creación de infraestruturas para os nenos entre 0 e 3 anos, tanto as de carácter público, como as de carácter empresarial, así como os centros de maiores. Neste sentido prestarase especial atención a crear e mellorar aquelas infraestruturas relacionadas coas desigualdades de xénero.

Por outra parte incrementaranse os centros de acollida para mulleres vítimas de violencia doméstica, mellorando os servizos prestados (pasando dun enfoque asistencialista a un máis integrador).

Así mesmo traballárase na mellora das infraestruturas educativas e de formación xa existentes, adaptándoas ás novas necesidades da sociedade e a economía (TIC, mellor accesibilidade,...), ao mesmo tempo que se seguirán creando novos centros, que contribúan á consecución dun ensino de calidade, que permita a redución do fracaso escolar e a formación integral do alumnado que facilite a súa inserción laboral.

Tamén se fomentará a creación de centros de apoio para todos aqueles colectivos desfavorecidos (minusválidos, inmigrantes, menores con problemas sociais, grupos xitanos, drogodependentes, etc, ...), asegurando un maior número de prazas, así como a mellora na prestación de servizos. Neste ámbito, atopase o Plan Galego de Inclusión Social 2001-2006, que complementa as infraestruturas con medidas relacionadas coas rendas de inserción social.

Tamén se impulsarán actuacións relacionadas coa mellora da saúde pública.

Cabe destacar que as actuacións deste Eixe contribúen a promoción da igualdade entre homes e mulleres, en tanto que a dotación de infraestruturas para a custodia de fillos e outras persoas dependentes permitirá que as mulleres poidan incorporarse coa maior facilidade ao mercado laboral e conciliar a súa vida profesional e familiar.

### **2.2.7 Eixe 7: Mellora do capital humano**

#### *Obxectivos específicos e prioridades estratéxicas*

Os propósitos fundamentais deste Eixe son incrementar a dotación de capital humano e a súa calidade. Para iso, está previsto poñer en marcha diferentes medidas que loiten contra a alta taxa de abandono escolar, así como de reforzo da formación secundaria e da formación profesional, de desenvolvemento do capital humano no ámbito da investigación e da innovación, e de potenciación dos vínculos entre o sistema educativo e a empresa privada.

O investimento en recursos humanos e nos sistemas de educación e formación continúa sendo unha prioridade para Galicia, aínda que agora se ve reforzada á luz das esixencias da Estratexia de Lisboa, posto que persiste unha alta taxa de desemprego, ben pola non incorporación ao mercado de traballo, ben pola falta de cualificacións ou pola inadecuación das capacidades.

É un feito demostrado que os investimentos en infraestruturas, o desenvolvemento empresarial e a investigación non conseguen os obxectivos de mellora da competitividade e as oportunidades de emprego se non se conta cun capital humano altamente capacitado.

Aínda que a taxa de abandono escolar sexa significativamente inferior á media española, aínda se afasta do obxectivo do 10% establecido na Estratexia de Lisboa, polo que Galicia deberá acometer aquelas reformas necesarias para asegurar unha oferta axeitada de educación e formación atractivas, accesibles e de alta calidade, que axuden a reducir a taxa de abandono escolar e incremente os niveis de finalización da educación secundaria obrigatoria.

En consecuencia, as reformas educativas deberanse centrar na potenciación de aspectos como o incremento das relacións entre empresas e institucións formativas, flexibilizar os procesos de formación, aproveitar e impulsar a utilización de novas tecnoloxías e diversificar as titulacións.

Neste sentido haberá que impulsar a formación profesional, como alternativa viable á educación universitaria. A mellora e adaptación da formación profesional ás necesidades da economía rexional axudará a incrementar a preparación dos mozos de cara á súa inserción laboral, aumentará os seus niveis de emprego e suporá unha mellor retribución salarial. Deberase prestar atención naqueles aspectos relacionados coa Sociedade da información, velando pola inclusión e utilización das súas ferramentas en calquera tipoloxía formativa.

En canto á educación superior, Galicia conta cun elevado potencial en recursos humanos formados en ciencia e tecnoloxía, un 9,6 por cada 1000 fronte ao 12 en España e o 13,5 de obxectivo do PNR, considerando os titulados superiores entre 20 e 29 anos por cada 1000 habitantes de entre 20 e 29 anos. Non obstante, a rexión segue mostrando importantes barreiras á hora de introducir estes mozos no mercado laboral, polo que haberá que apoiar a modernización da educación superior e o desenvolvemento das capacidades do potencial humano en investigación e innovación.

Co fin de aproveitar as novas oportunidades brindadas polas reformas en materia educativa, Galicia terá que impulsar a demanda de profesionais cualificados por parte das súas empresas, especialmente as PEME. Para isto deberanse desenvolver, entre outras, accións de apoio á contratación de mozos cualificados, establecer convenios de colaboración entre centros formativos e empresas e potenciar a formación continua nas empresas.

Existe, polo tanto, en Galicia unha evidente necesidade de aumentar o investimento en capital humano, mellorando a educación e a capacitación, reducindo os niveis de abandono escolar, incentivando o retorno de investigadores e traballadores cualificados galegos, e aumentando a demanda de persoal cualificado por parte das empresas.

Neste sentido, Galicia deberá ampliar e mellorar o seu investimento en capital humano, ao mesmo tempo que se adaptarán os sistemas de educación e de formación para proporcionar unha resposta máis axeitada ás novas esixencias en materia de competencias e habilidades, de xeito complementario coas reformas implementadas para conseguir manter e atraer a máis persoas no mercado laboral.

### *Enfoque e actuacións*

As principais actuacións previstas neste eixe son as seguintes:

- Promover reformas nos sistemas de educación e formación que fomenten a empregabilidade.
- Impulsar reformas que fomenten a aprendizaxe permanente e a adaptación á sociedade do coñecemento.
- Prevención do abandono escolar e reforzo da formación inicial.
- Desenvolvemento do potencial humano no ámbito da investigación e a innovación, en particular a través de estudos de posgrao e formación de investigadores, así como de actividades en rede entre universidades, centros de investigación e empresas.

## **2.2.8 Eixe 8: Desenvolvemento institucional e políticas públicas**

### *Obxectivos específicos e prioridades estratéxicas*

Este Eixe ten a finalidade de financiar as actividades necesarias para unha boa xestión da programación e para o seguimento e control das actuacións. Así mesmo, impulsará actuacións dirixidas a dar resposta ás necesidades de información e publicidade dos POs, así como a celebración de seminarios e realización de estudos, auditorías e as avaliacións externas correspondentes. Tamén poderá contemplarse o financiamento de intercambios de experiencias e boas prácticas, o desenvolvemento de proxectos piloto, así como o reforzo de políticas públicas axeitadas e institucionais de Galicia e do espazo conxunto transfronteirizo.

### *Enfoque e actuacións*

As accións concretas determinaranse á luz do disposto no Regulamento (CE) Nº 1083/2006 do Consejo da Unión Europea, así como no Regulamento (CE) Nº 1828/2006 da Comisión en materia de procedementos de aplicación e posta en marcha das intervencións dos Fondos Estruturais: procedementos de coordinación, planificación, xestión, seguimento e control

Para iso prevese a realización de actuacións relacionadas coa Asistencia técnica dos POs 2007-2013, entre as que destacan as seguintes:

- Xestión, posta en marcha, seguimento e control dos Programas Operativos cofinanciados con Fondos comunitarios.
- Accións de información e publicidade, estudos, conferencias, seminarios e avaliacións externas.
- Formación de xestores, incluíndo a formación en igualdade de oportunidades entre homes e mulleres.
- Establecemento de redes e instrumentos de intercambio e cooperación.



### **3. AVALIACIÓN PREVIA DO MECEGA 2007-2013**



### 3. AVALIACIÓN PREVIA DO MECEGA 2007-2013

#### 3.1 Balance do período 2000-2006

A través da implementación do *Programa Operativo Integrado de Galicia 2000-2006 (POI)* pretendíase responder ás necesidades máis incitantes en termos de infraestruturas (de comunicación e sociais), mellora e modernización da base produtiva e o fomento de espírito empresarial e a capacitación dos recursos humanos.

Neste sentido, tanto a execución financeira do POI como a súa eficacia física mostraron niveis por enriba dos esperados, respondendo ás expectativas de cumprimento establecidas.

O grado de eficacia financeira do POI Galicia 2000-2006 (executado sobre programado), a 31 de decembro de 2006, alcanza un 82,20 % sobre o custo total do Programa (Táboa 25).

Os pagos executados alcanzan 4.378.800.669,63 Euros, dos 5.327.050.435,00 Euros programados para o período 2000-2006. O grao de execución do Programa pódese considerar alta, tendo en conta que ata o 31 de decembro de 2008 aínda se poden realizar pagos.

Táboa 25. Execución estimada do POI Galicia 2000-2006 a 31.12.2006 por Fondos (Euros, custo total)

| Fondos / POI             | Programado              | Executado               | % Execución  |
|--------------------------|-------------------------|-------------------------|--------------|
|                          | A                       | B                       | B / A        |
| FEDER                    | 3.723.283.988,00        | 3.089.127.690,93        | 82,97        |
| FSE                      | 579.777.026,00          | 513.102.287,70          | 88,50        |
| FEOGA-O                  | 1.023.989.421,00        | 776.570.691,00          | 75,84        |
| <b>Total POI Galicia</b> | <b>5.327.050.435,00</b> | <b>4.378.800.669,63</b> | <b>82,20</b> |

Fonte: elaboración propia.

Nun panorama internacional caracterizado pola globalización económica, a deslocalización industrial e a demanda de novos factores de crecemento, e un contexto europeo marcado polos Obxectivos de Lisboa, resulta necesario que Galicia, a través do financiamento europeo, faga fronte a aquelas necesidades pendentes de satisfacer e que mellor respondan aos seus obxectivos para o futuro.

Respecto ao *Fondo de Cohesión* investido en Galicia no 2000-2006, o grao de execución a 31.12.2006 alcanza o 79,58%, 125.193.333,00 Euros executados sobre 157.311.414,00 Euros programados, o que se pode considerar tamén unha alta execución.

Da Actualización da Avaliación Intermedia (AAI) do POI 2000-2006 extraénsen as principais necesidades ás que se deberá facer fronte na nova programación 2007-2013 (Táboa 26).

*Táboa 26. Necesidades detectadas pendentes de satisfacer en Galicia*

|      |                                                                                                                                                                  |
|------|------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| N. 1 | Impulsar novos factores de crecemento que aumenten a competitividade de Galicia.                                                                                 |
| N. 2 | Mellorar a conectividade das poboacións galegas coas redes transeuropeas de transporte.                                                                          |
| N. 3 | Creación de nós intermodais que melloren a usabilidade das infraestruturas e provoquen complementariedade e competencia entre os distintos medios de transporte. |
| N. 4 | Promover a xestión medioambiental, a utilización das enerxías renovables e a reutilización das augas.                                                            |
| N. 5 | Reactivación do mercado laboral a través dun incremento e a mellora dos niveis de formación.                                                                     |
| N. 6 | Incremento da participación empresarial no eido da investigación básica e aplicada.                                                                              |
| N. 7 | Aumentar e mellorar a participación da muller no mercado laboral.                                                                                                |
| N. 8 | Reducir a atomización empresarial.                                                                                                                               |
| N. 9 | Incrementar os niveis de investimento rexional, estatal e estranxeiro.                                                                                           |
| N.10 | Mellorar a xestión, eficacia e coordinación das políticas públicas administrativas.                                                                              |

*Fonte: elaboración propia a partir de datos da AAI.*

Co fin de detectar si estas necesidades se tiveron en conta á hora de deseñar a estratexia para Galicia nos próximos sete anos, procédese a analizar o grao de atención que os Obxectivos Intermedios do MECEGA, e as súas actuacións, terán sobre as necesidades detectadas como consecuencia das avaliacións do período anterior (Táboa 27).

Pódese polo tanto apreciar como as necesidades sen satisfacer detectadas na Actualización da Avaliación Intermedia atopan un lugar específico de atención no marco dos 16 Obxectivos estratéxicos establecidos no MECEGA.

Así mesmo, a pertinencia dos Obxectivos Intermedios do MECEGA coas problemáticas aínda persistentes na rexión queda demostrada polo feito de que cada necesidade será atendida por, polo menos, dous destes obxectivos para o próximo período, excepto a necesidade nº 10 que é atendida por un só Obxectivo Intermedio.

Cómpre destacar os Obxectivos Intermedios vinculados coa mellora da competitividade do tecido empresarial da rexión (OI 5 e 6), aqueles obxectivos ligados co mercado do traballo e a

formación (OI 9, 10 e 11) e aqueles vinculados coa conectividade e as infraestruturas de transporte e o desenvolvemento das zonas urbanas e rurais (OI 1 e 14), que como se pode observar incidirán sobre máis dunha necesidade, e polo tanto proporciónanlles unha resposta múltiple aos problemas indicados.

Táboa 27. Atención dos Obxectivos Intermedios do MECEGA 2007-2013 ás necesidades pendentes de satisfacer

| Obxectivos Intermedios MECEGA                                                                                                                                                                                                      | NECESIDADES PENDIENTES DE |   |   |   |   |   |   |   |   |    |
|------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|---------------------------|---|---|---|---|---|---|---|---|----|
|                                                                                                                                                                                                                                    | 1                         | 2 | 3 | 4 | 5 | 6 | 7 | 8 | 9 | 10 |
| 1. Completar a conexión coas redes transeuropeas de transporte; impulsar a intermodalidade e interoperabilidade dos diferentes transportes; mellorar a accesibilidade interior do seu territorio e fomentar a seguridade vial.     |                           | X | X |   |   |   |   |   | X |    |
| 2. Reforzar o potencial medioambiental rexional como vehículo de desenvolvemento económico sostible, protexendo e mellorando o contorno.                                                                                           | X                         |   |   | X |   |   |   |   |   |    |
| 3. Favorecer o uso de modos de transporte menos contaminantes que contribúan á mobilidade sostible.                                                                                                                                |                           |   |   | X |   |   |   |   |   |    |
| 4. Reducir a dependencia enerxética e optimizar os recursos enerxéticos existentes (enerxías renovables).                                                                                                                          |                           |   |   | X |   |   |   |   |   |    |
| 5. Fortalecer a competitividade das empresas apoiando a investigación e o desenvolvemento tecnolóxico (I+DT).                                                                                                                      | X                         |   |   |   |   | X |   |   | X |    |
| 6. Fomentar a innovación empresarial e impulsar as iniciativas de cooperación empresarial orientadas cara á produción, a difusión e a utilización de novos coñecementos polas empresas.                                            | X                         |   |   |   | X | X |   | X | X |    |
| 7. Estender e difundir as tecnoloxías da información, as comunicacións e as plataformas loxísticas, garantindo a penetración no conxunto da sociedade e a dispoñibilidade de infraestruturas.                                      |                           |   |   |   | X | X |   |   |   |    |
| 8. Apoiar a investimento empresarial en aras dunha mellora na proxección internacional e no acceso ao financiamento.                                                                                                               |                           |   |   |   | X |   |   | X |   |    |
| 9. Aumentar a participación no mercado laboral e mellorar a calidade e a produtividade do traballo, impulsando a igualdade de oportunidades e a inclusión social dos colectivos máis desfavorecidos.                               |                           |   |   |   | X |   | X |   |   |    |
| 10. Contribuír á adaptabilidade dos traballadores mellorando as cualificacións necesarias para a economía do coñecemento e que permitan prolongar a vida laboral.                                                                  |                           |   |   |   | X | X | X |   |   |    |
| 11. Mellorar e adaptar os sistemas de educación e formación de acordo cas necesidades reais da sociedade, a economía e as empresas.                                                                                                | X                         |   |   |   | X | X |   |   |   |    |
| 12. Reforzar a capacidade de xestión da administración rexional en apoio á eficacia e transparencia na execución e avaliación de políticas públicas.                                                                               |                           |   |   |   |   |   |   |   |   | X  |
| 13. Reforzar o investimento na promoción e prevención no mercado de traballo e no benestar sanitario.                                                                                                                              |                           |   |   |   |   |   |   |   |   |    |
| 14. Apoiar o desenvolvemento equilibrado das zonas urbanas e rurais atendendo os seus problemas socioeconómicos e ambientais.                                                                                                      |                           | X | X |   |   |   | X |   |   |    |
| 15. Complementar as políticas sectoriais, especialmente na dotación de servizos de interese económico xeral e no desenvolvemento económico sostible de zonas de alto potencial de crecemento.                                      |                           | X |   |   |   |   |   |   |   |    |
| 16. Fomentar a cooperación transfronteiriza, transnacional e interrexional centrando as actuacións en apoio do crecemento e a creación de emprego, e concretamente mellorando a interconexión física e intanxible dos territorios. |                           |   |   | X |   |   |   |   | X |    |

Fonte: elaboración propia.

### 3.2 Grao de cumprimento dos Obxectivos de Lisboa e Gotemburgo

Os principios básicos sobre os que senta a nova política de cohesión 2007-2013 residen principalmente na consecución dos Obxectivos de Lisboa destinados a converter Europa na economía baseada no coñecemento máis competitiva e dinámica do mundo.

Co fin de complementar o diagnóstico da situación socioeconómica de Galicia en canto ao nivel de converxencia con España e Europa e tomando como indicadores de referencia os obxectivos cuantificados de Lisboa, a nivel comunitario e nacional, de acordo co Consello Europeo de Lisboa do 23 e 24 de marzo de 2000, analízase o grao de cumprimento dos obxectivos (Táboa 28).

Táboa 28. Relación dos Obxectivos da Estratexia de Lisboa coa situación de España e Galicia en 2005 vs. 2010 e Obxectivos Galicia 2013

| PARAMETROS /<br>OBXECTIVOS DE LISBOA                            | SITUACIÓN ACTUAL 2005 |                | OBXECTIVOS DE<br>GALICIA 2010 E 2013 |                              | OBXECTIVOS DE LISBOA<br>E PNR A 2010 |                          |
|-----------------------------------------------------------------|-----------------------|----------------|--------------------------------------|------------------------------|--------------------------------------|--------------------------|
|                                                                 | Galicia<br>2005       | España<br>2005 | Obxectivo<br>Galicia<br>2010         | Obxectivo<br>Galicia<br>2013 | Obxectivo<br>Lisboa<br>2010          | PNR de<br>España<br>2010 |
| <b>EMPREGO</b>                                                  |                       |                |                                      |                              |                                      |                          |
| Taxa de emprego total (%)                                       | 61,86                 | 63,30          | 65                                   | 66                           | 70                                   | 66                       |
| Taxa de emprego feminino (%)                                    | 52                    | 51,20          | 55                                   | 57                           | 60                                   | 57                       |
| Taxa de emprego de traballadores do grupo 55-64 (%)             | 45                    | 43,10          | 46,5                                 | 48                           | 50                                   | ND                       |
| <b>I+D+i E SOCIEDADE DO COÑECEMENTO</b>                         |                       |                |                                      |                              |                                      |                          |
| Gasto total en I+D sobre o PIB (%)                              | 0,89                  | 1,13           | 1,5                                  | 1,87                         | 3                                    | 2                        |
| Participación do gasto privado (%)                              | 43,44 (1)             | 53,93 (1)      | 50                                   | 50                           | 66,6                                 | 55                       |
| <b>EDUCACIÓN</b>                                                |                       |                |                                      |                              |                                      |                          |
| Poboación con estudos de secundaria ou superiores (%) (3)       | 64                    | 62,5(2)        | 82                                   | 85                           | 85                                   | 80                       |
| Taxa de abandono escolar (%)                                    | 22,7                  | 30,8           | 13                                   | 12                           | 10                                   | 15                       |
| Licenciados en matemáticas, ciencias e tecnoloxías (%)          | 12                    | 9,6            | 14                                   | 14                           | Incrementar un 15%                   | 13,5                     |
| <b>MEDIO AMBIENTE</b>                                           |                       |                |                                      |                              |                                      |                          |
| Redución emisións gases efecto invernadoiro (ano base 1990=100) |                       | 139,4          |                                      |                              | 92                                   | 124                      |
| Consumo de enerxías renovables                                  |                       |                |                                      |                              | 22%                                  |                          |

(1) Datos do INE que inclúen a contribución dos Institutos Privados sen Fins Lucrativos (IPSFL).

(2) Datos de 2004.

(3) Titulados superiores entre 20 e 29 anos por cada 1.000 habitantes de entre 20 e 29 anos.

Fonte: elaboración propia a partir de datos de IGE, INE, EPA, PNR.

Nota: cómpre destacar que o rango de poboación empregado para o cálculo é, no caso de Galicia, de 16 a 64 anos (datos do IGE), mentres que para España se emprega o tramo de 16 a 65 (datos do INE) e no EUROSTAT de 15-64.

Existen catro parámetros básicos sobre os que se articula a Estratexia de Lisboa: *emprego; innovación, I+D+i e sociedade do coñecemento; educación e medio ambiente*. Cada un deles materialízase nuns obxectivos cuantitativos a alcanzar no ano 2010, que foron rebaixados en moitos casos para España polo Programa Nacional de Reformas 2005-2010. Aínda que a Estratexia de Lisboa renovada establece un número máis amplo de indicadores adicionais cuantificados, nesta análise tómanse como punto de partida aqueles que se consideran máis representativos.

En liñas xerais, pode afirmarse que Galicia aínda se atopa afastada da plena consecución dos obxectivos de Lisboa auspiciados pola Unión Europea. Non obstante, a análise desvela importantes diferenzas no comportamento da rexión en función do ámbito de actuación considerado.

Do mesmo xeito, á luz destes resultados, Galicia procedeu a realizar unha revisión dos obxectivos a alcanzar para 2010 e 2013, establecendo uns niveis de cumprimento máis adaptados á súa situación específica.

Así, en termos de emprego, a taxa de emprego que rexistra a comunidade galega é case 1,5 puntos inferior á rexistrada a nivel nacional. En ambos os dous casos, estase aínda lonxe de alcanzar o obxectivo fixado para España no PNR no 2010 e para Galicia no 2013, do que aínda os separan 4,14 puntos porcentuais, mentres que do Obxectivo de Lisboa aínda os separan en torno a 8 puntos. No caso do emprego feminino, presenta similar diferenza con respecto ao obxectivo do PNR, se ben a taxa de ocupación das mulleres en Galicia está por enriba da media nacional. En canto ao emprego dos maiores de 55 anos, aínda que existe unha brecha de cinco puntos entre a situación actual de Galicia e o obxectivo inicial de Lisboa do 50% do total da poboación deste tramo de idade, a rexión atópase en mellor posición de partida que a rexistrada a nivel estatal.

Polo tanto, pódese dicir que con respecto ao emprego, a situación de Galicia é relativamente desafiante no próximo período, pero non menos que a perspectiva do resto do territorio nacional. Os esforzos en materia de atracción e permanencia de persoas no mercado laboral, para mellorar a calidade e estabilidade do emprego, mellorar a conciliación da vida laboral e persoal e asegurar unha formación axeitada ás necesidades do mercado de traballo, facendo especial fincapé na consecución da igualdade de oportunidades das mulleres no mercado de traballo (acceso, postos, remuneración) e tamén en colectivos tales como o dos mozos e mozas e os maiores de 55 anos, serán fundamentais para chegar a eses obxectivos no ano 2010.

Este diferencial con respecto ao cumprimento de Lisboa faise máis acusado no caso dos indicadores relativos á Directriz Estratéxica Comunitaria 2 sobre o coñecemento e a innovación, se ben os datos de 2005 poñen de manifesto que malia estar aínda lonxe do obxectivo fixado para o ano 2010, Galicia evoluciona na dirección fixada pola Comisión Europea, xa que a participación do sector privado no total de actividades de I+D incrementouse en 5,8 puntos entre 2004 e 2005. No caso do gasto total en I+D como porcentaxe do PIB, os obxectivos de Galicia para 2010 rebaixan

en medio punto os estatais, mentres a participación do gasto privado nestas actividades se rebaixa cinco puntos.

En termos de Educación, tal e como acontece coa media estatal, a porcentaxe de poboación con estudos de secundaria ou superiores constitúe un reto importante, xa que se atopa a 21 puntos do Obxectivo de Lisboa e a 16 do PNR de España para 2010.

Do mesmo xeito, malia ter unha taxa de abandono escolar significativamente inferior á media de España, Galicia terá que concentrar esforzos na mellora do sistema educativo, logrando unha maior permanencia dos mozos e mozas no sistema escolar, a través de itinerarios educativos adaptados ás demandas de alumnos e empresas.

Neste sentido será necesario impulsar a penetración das TIC no sector educativo, en liña coa súa introdución progresiva nos fogares, aproveitando as potencialidades que a Sociedade da Información ofrece para paliar os efectos dunha orografía accidentada e unha poboación dispersa como a existente en Galicia.

Polo que se refire aos obxectivos medioambientais fixados no Cumio de Gotemburgo en 2001, queda pendente realizar unha análise do grao de cumprimento de Galicia á espera de datos oficiais. Na data desta avaliación non existen datos dispoñibles no ámbito rexional sobre emisións de gases efecto invernadoiro.

De acordo coas necesidades detectadas da rexión e as prioridades europeas, todo indica que Galicia terá que centrar as súas actuacións nos temas clave, como a innovación e a economía do coñecemento, o medio ambiente e o desenvolvemento sostible e o fomento da igualdade de oportunidades e a mellora do mercado do traballo co fin de proceder a unha paulatina ordenación e cohesión territorial, que aproveite o potencial endógeno da rexión, sen perder de vista o cumprimento dos obxectivos para o ano 2010.

Neste sentido, resulta necesario reenfocar a estratexia de desenvolvemento rexional da comunidade galega para ir trasladando o financiamento das infraestruturas físicas e as axudas directas ás empresas cara á promoción dos factores de desenvolvemento vinculados á Estratexia de Lisboa: renovar as bases da competitividade, aumentar o potencial de crecemento e produtividade e reforzar a cohesión social, a través do coñecemento, a innovación e a valorización do capital humano.

*Como conclusións máis relevantes, pódense citar as seguintes :*

- En liñas xerais Galicia aínda está lonxe de lograr os Obxectivos de Lisboa, aínda que en moitos aspectos atópase por enriba da media nacional.
- Vistos os escasos resultados de Galicia en materia de I+D e vista a importancia que este ámbito reviste na Estratexia de Lisboa, Galicia deberá acometer importantes esforzos e reformas co fin de incrementar os seus niveis de I+D e innovación, establecendo novos

factores de crecemento e competitividade que redunden na capacidade da rexión de adaptarse aos cambios da economía internacional.

- Con respecto ao emprego, a situación de Galicia é relativamente desafiante no próximo período, pero non menos que a perspectiva do resto do territorio español. Os esforzos en materia de atracción e permanencia de persoas no mercado laboral serán fundamentais.
- Neste sentido, é necesario reenfocar a estratexia de desenvolvemento rexional da comunidade galega para ir trasladando o financiamento das infraestruturas físicas e as axudas directas ás empresas cara á promoción dos factores de desenvolvemento ligados á Estratexia de Lisboa.
- Por último, valórase moi positivamente a adaptación dos Obxectivos de Lisboa á realidade da rexión, establecendo obxectivos sen dúbida máis realistas e que co esforzo das administracións, os axentes sociais e o sector privado se presentan alcanzables.

### 3.3 Análise dos indicadores estratéxicos do MECEGA 2007-2013

A primeira etapa no deseño da estratexia que seguirá Galicia para a implementación dos Fondos Estruturais 2007-2013 iniciouse cun proceso de reflexión interna e unha análise estatística do contexto socioeconómico que se materializou na elaboración dun diagnóstico que serviu como punto de partida para a detección das necesidades e as potencialidades da rexión.

O contido deste diagnóstico, incluído dentro do MECEGA para a contribución da Comunidade Autónoma galega ao MENR de España, recolle unha análise preliminar do contexto macroeconómico español e internacional no que se desenvolve a rexión, ademais dunha análise máis detallada da situación da rexión con respecto a cada unha das prioridades europeas destacadas para o próximo período de financiamento.

Á hora de realizar este diagnóstico tivéronse en conta unha serie de indicadores estratéxicos, relacionados coas Directrices Estratéxicas Comunitarias, establecendo aqueles máis pertinentes e representativos, que mellor poden ilustrar a situación na que se atopa Galicia cara aos obxectivos europeos para 2010 e 2013 (Táboas 29, 30 e 31).

Para o estudo da situación de Galicia en relación co Eixe 1 do MECEGA, analízanse os datos daqueles indicadores específicos relacionados co I+D+i, a Sociedade da información e as TIC, destacando os establecidos para a estratexia do Obxectivo Lisboa “*Gastos en I+D sobre PIB*” e “*Participación do gasto privado en I+D*”.

Para o Eixe 2 do MECEGA seleccionáronse os indicadores relacionados coa innovación e o fomento empresarial e a mellora da adaptabilidade e do emprego galego.

No Eixe 3 do MECEGA tivéronse en conta os indicadores relacionados co Medio ambiente, o patrimonio natural o os recursos hídricos, destacando o relacionado con Obxectivo Lisboa *“Evolución emisións gases efecto invernadoiro.”*

Os indicadores estratéxicos do Eixe 4 do MECEGA relaciónanse co transporte e a enerxía.

No Eixe 5 do MECEGA establecéronse os indicadores que puidesen relacionarse co desenvolvemento local e urbano, tendo en conta tamén o espazo conxunto da Eurorrexión de Galicia-Norte de Portugal .

Para o Eixe 6 do MECEGA seleccionáronse os indicadores relacionados co fomento das infraestruturas sociais e do emprego, a inclusión social e a igualdade de oportunidades, destacando os establecidos para o Obxectivo de Lisboa *“Taxa global de emprego”, “Taxa feminina de emprego” e Taxa de persoas ocupadas respecto ao total de persoas no tramo de idade entre 55 e 64 anos”*.

E por último, para o Eixe 7 do MECEGA tivéronse en conta os indicadores relacionados co capital humano, destacando entre eles, os establecidos para o Obxectivo Lisboa *“Taxa de abandono escolar”, “Taxa bruta de poboación graduada na ensinanza obrigatoria” e “Taxa de graduados en Ciencia e tecnoloxía”*.

A desagregación por sexo tívose en conta nos indicadores.

As fontes principais de obtención de datos comparativos foron: INE, EUROSTAT, MEC, Revista World Watch, Red Eléctrica Española, IGE, Ministerio de Sanidad y Consumo, INSERSO, EPA e Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible.

Táboa 29. Indicadores estratéxicos dos Eixes 1 e 2 do MECEGA 2007-2013

| EIXE 1 MECEGA 2007-2013:<br>ECONOMÍA DO<br>CONECEMENTO (I+D+i,<br>SOCIEDADE DA<br>INFORMACIÓN, TIC) | Indicador                                                                               | Unidade                                                                                                                                                                                                                                                                                                 | Obxectivo<br>Lisboa | Último ano<br>dispoñible | Valor   |        | Obxectivo<br>2010 | Obxectivo<br>2013 |
|-----------------------------------------------------------------------------------------------------|-----------------------------------------------------------------------------------------|---------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|---------------------|--------------------------|---------|--------|-------------------|-------------------|
|                                                                                                     |                                                                                         |                                                                                                                                                                                                                                                                                                         |                     |                          | Galicia | España | Galicia           | Galicia           |
|                                                                                                     |                                                                                         |                                                                                                                                                                                                                                                                                                         |                     |                          |         |        |                   |                   |
|                                                                                                     | Gastos en I+D sobre PIB                                                                 | %                                                                                                                                                                                                                                                                                                       | X                   | 2005                     | 0,88    | 1,13   | 1,50              | 1,87              |
|                                                                                                     | Solicitude de patentes EPO por millón de habitantes                                     | Nº / millón de habitantes                                                                                                                                                                                                                                                                               |                     | 2003                     | 2,10    | 14,32  | 4,50              | 5,58              |
|                                                                                                     | Poboación que utiliza habitualmente Internet (%)                                        | %                                                                                                                                                                                                                                                                                                       |                     | 2006                     | 31,95   | 39,90  | 38,50             | 45,45             |
|                                                                                                     | Persoal en I+D en en equivalentes a xornada completa sobre poboación ocupada (mulleres) | Mulleres en I + D en EXC sobre total empregados en I+D en EXC                                                                                                                                                                                                                                           |                     | 2005                     | 38,58   | 37,77  | 43,80             | 47,20             |
|                                                                                                     | Participación do Gasto privado en I+D                                                   | % sobre total gasto I+D                                                                                                                                                                                                                                                                                 | X                   | 2005                     | 43,44   | 47,15  | 50,00             | 54,00             |
|                                                                                                     | % de empresas con conexión a Internet                                                   | %                                                                                                                                                                                                                                                                                                       |                     | 2006                     | 87,58   | 92,70  | 91,00             | 93,70             |
| EIXE 2 MECEGA 2007-2013: COMPETITIVIDADE E FOMENTO EMPRESARIAL                                      | Indicador                                                                               | Unidade                                                                                                                                                                                                                                                                                                 | Obxectivo<br>Lisboa | Último ano<br>dispoñible | Valor   |        | Obxectivo<br>2010 | Obxectivo<br>2013 |
|                                                                                                     |                                                                                         |                                                                                                                                                                                                                                                                                                         |                     |                          | Galicia | España | Galicia           | Galicia           |
|                                                                                                     | Porcentaxe de empresas que exportan / total empresas                                    | %                                                                                                                                                                                                                                                                                                       |                     | 2004                     | 2,00    | 2,51   | 2,42              | 3,00              |
|                                                                                                     | Gastos correntes das empresas destinados á protección ambiental                         | Gasto total corrente en euros/Nº total empresas                                                                                                                                                                                                                                                         |                     | 2004                     | 440     | 434    | 462               | 474               |
|                                                                                                     | Densidade empresarial                                                                   | Total empresas / 1000 hab                                                                                                                                                                                                                                                                               |                     | 2006                     | 69,00   | 71,00  | 70,20             | 71,10             |
|                                                                                                     | Grao de apertura da economía                                                            | % (imp + exp) / PIB                                                                                                                                                                                                                                                                                     |                     | 2005                     | 56,18   | 56,40  | 57,15             | 58,00             |
|                                                                                                     | Taxa de creación de empresas                                                            | Taxa de creación de empresas (Proporción de empresas creadas durante un ano respecto ás empresas existentes o 1 de xaneiro dese mesmo ano)                                                                                                                                                              |                     | 2004                     | 11,4    | 11,4   | 12,5              | 13,1              |
|                                                                                                     | % da Poboación de 25 e máis anos asistentes a cursos de formación permanente            | Porcentaxe de persoas entre 25 e 64 anos asistentes a cursos de formación permanente (Nº de personas entre 25 e 64 anos que recibiron calquera tipo de educación ou de formación nas últimas catro semanas anteriores á referencia da enquisa como porcentaxe do total de poboación entre 25 e 64 anos) |                     | 2005                     | 12,4    | 12,1   | 12,9              | 13,3              |
|                                                                                                     |                                                                                         | Porcentaxe de homes entre 25 e 64 anos asistentes a cursos de formación permanente (Nº de homes entre 25 e 64 anos que recibiron calquera tipo de educación ou de formación nas últimas catro semanas anteriores á referencia da enquisa como porcentaxe do total de homes entre 25 e 64 anos)          |                     | 2005                     | 11,2    | 11,2   | 11,6              | 12,0              |
|                                                                                                     |                                                                                         | Porcentaxe de mulleres entre 25 e 64 anos asistentes a cursos de formación permanente (Nº de mulleres entre 25 e 64 anos que recibiron calquera tipo de educación ou de formación nas últimas catro semanas anteriores á referencia da enquisa como porcentaxe)                                         |                     | 2005                     | 13,5    | 13,1   | 14,1              | 14,5              |
|                                                                                                     | Taxa de temporalidade na contratación                                                   | Temporalidade na contratación - % de asalariados suxeitos a un contrato laboral temporal sobre total asalariados                                                                                                                                                                                        |                     | 2006                     | 34,9    | 34,0   | 17,00             | 15,00             |
|                                                                                                     |                                                                                         | Temporalidade na contratación feminina                                                                                                                                                                                                                                                                  |                     | 2006                     | 38,7    | 36,7   | 17,00             | 15,00             |
|                                                                                                     |                                                                                         | Temporalidade na contratación masculina                                                                                                                                                                                                                                                                 |                     | 2006                     | 32,0    | 32,0   | 17,00             | 15,00             |

Fonte: elaboración propia.

Táboa 30. Indicadores estratéxicos dos Eixes 3, 4 e 5 do MECEGA 2007-2013

| EIXE 3 MECEGA 2007-2013: MEDIO AMBIENTE, CONTORNO NATURAL E RECURSOS HÍDRICOS | Indicador                                                                                     | Unidade                          | Obxectivo Lisboa | Último ano dispoñible | Valor      |               | Obxectivo 2010 | Obxectivo 2013 |
|-------------------------------------------------------------------------------|-----------------------------------------------------------------------------------------------|----------------------------------|------------------|-----------------------|------------|---------------|----------------|----------------|
|                                                                               |                                                                                               |                                  |                  |                       | Galicia    | España        |                |                |
|                                                                               |                                                                                               |                                  |                  |                       |            |               |                |                |
|                                                                               | % de residuos recollidos selectivamente sobre total residuos recollidos                       | %                                |                  | 2004                  | 40,81      | 30,11         | 43,00          | 44,20          |
|                                                                               | Volume de augas residuais tratadas (m <sup>3</sup> /habitante/día)                            | m <sup>3</sup> /habitante/día    |                  | 2004                  | 0,41       | 0,38          | 0,45           | 0,48           |
|                                                                               | Evolución emisións Gases Efecto Invernadoiro                                                  |                                  | X                | 2004                  | 137,36     | 145,61        | 135,20         | 134,20         |
|                                                                               | Superficie de Espazos Naturais Protexidos sobre o total de superficie                         | %                                |                  | 2004                  | 13,06      | 8,93          | 13,90          | 14,40          |
|                                                                               | Superficie media queimada como consecuencia de incendios forestais nos últimos cinco anos (%) | %                                |                  | 2004                  | 1,09       |               | 0,8            | 0,7            |
| EIXE 4 MECEGA 2007-2013: TRANSPORTE E ENERXÍA                                 | Indicador                                                                                     | Unidade                          | Obxectivo Lisboa | Último ano dispoñible | Valor      |               | Obxectivo 2010 | Obxectivo 2013 |
|                                                                               |                                                                                               |                                  |                  |                       | Galicia    | España        |                |                |
|                                                                               |                                                                                               |                                  |                  |                       |            |               |                |                |
|                                                                               | Dotación de autoestradas e autovías (Qms/1.000 Qm <sup>2</sup> )                              | Qms/1.000 Qm <sup>2</sup>        |                  | 2005                  | 25,63      | 22,65         | 30,40          | 34,20          |
|                                                                               | Dotación de estradas (Qms/1.000 Qm <sup>2</sup> )                                             | Qms/1.000 Qm <sup>2</sup>        |                  | 2005                  | 589,20     | 328,24        | 612,70         | 620,00         |
|                                                                               | Dotación de liñas férreas (Qms/1.000 Qm <sup>2</sup> )                                        | Qms/1.000 Qm <sup>2</sup>        |                  | 2005                  | 31,85      | 25,44         | 50,00          | 60,90          |
|                                                                               | Potencia instalada en enerxías renovables respecto ao total de potencia instalada             | %                                |                  | 2005                  | 33,22      | 16,22         | 35,06          | 36,25          |
|                                                                               | Viaxeiros de transporte regular urbano                                                        | Número                           |                  | 2006                  | 74.031.000 | 3.142.921.000 | 84.000.000     | 90.960.000     |
|                                                                               | Volume de transporte de mercancías sobre o PIB                                                | Ton/m€                           |                  | 2004                  | 3,584      | 2,856         | 3,660          | 3,700          |
|                                                                               | Xeración neta de electricidade por 1000 habitantes                                            | GWh/1.000 habitantes             |                  | 2005                  | 9,09       | 6,09          | 9,30           | 9,45           |
|                                                                               | Consumo enerxético / PIB (%)                                                                  | (%)                              |                  | 2005                  | 1,36       | 0,90          | 1,39           | 1,38           |
| EIXE 5 MECEGA 2007-2013: DESENVOLVEMENTO LOCAL URBANO E TRANSFRONTERIZO       | Indicador                                                                                     | Unidade                          | Obxectivo Lisboa | Último ano dispoñible | Valor      |               | Obxectivo 2010 | Obxectivo 2013 |
|                                                                               |                                                                                               |                                  |                  |                       | Galicia    | España        |                |                |
|                                                                               |                                                                                               |                                  |                  |                       |            |               |                |                |
|                                                                               | Prazas hoteleiras por 1000 habitantes                                                         | Nº / mil habitantes              |                  | 2006                  | 20,6       | 28,2          | 22,2           | 23,5           |
|                                                                               | Conxuntos históricos protexidos (%)                                                           | % sobre total España             |                  | 2004                  | 5,83       | 7,31          | 6,30           | 6,60           |
|                                                                               | Produción de residuos urbanos por habitante e ano (Qg/hab/ano)                                | Qg/hab/ano                       |                  | 2004                  | 370        | 491           | 382            | 387            |
|                                                                               | Concentración da Poboación en núcleos urbanos (> 50.000)                                      | % sobre total                    |                  | 2005                  | 35,70      | 51,94         | 34,76          | 34,56          |
|                                                                               | Poboación residente en concellos de menos de 5.000 hab.                                       | % sobre el total de la Poboación |                  | 2005                  | 17,06      | 13,44         | 14,77          | 13,49          |

Fonte: elaboración propia.

Táboa 31. Indicadores estratéxicos dos Eixes 6 e 7 do MECEGA 2007-2013

|                                                                    | Indicador                                                                                                                                                    | Unidade                                                                                                                                               | Obxectivo Lisboa | Último ano dispoñible | Valor   |        | Obxectivo 2010 Galicia | Obxectivo 2013 Galicia |
|--------------------------------------------------------------------|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|-------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|------------------|-----------------------|---------|--------|------------------------|------------------------|
|                                                                    |                                                                                                                                                              |                                                                                                                                                       |                  |                       | Galicia | España |                        |                        |
| EIXE 6 MECEGA 2007-2013: EMPREGABILIDADE E INFRAESTRUTURAS SOCIAIS | Número de camas en hospitais por 1.000 habitantes                                                                                                            | Nº / mil habitantes                                                                                                                                   |                  | 2006                  | 3,80    | 3,57   | 3,92                   | 4,00                   |
|                                                                    | Prazas de atención á primeira infancia por 1000 habitantes                                                                                                   | Nº / mil habitantes                                                                                                                                   |                  | 2002                  | 0,89    | 0,69   | 1,48                   | 1,53                   |
|                                                                    | Prazas de centros para maiores por cada 1.000 habitantes                                                                                                     | Nº / mil habitantes                                                                                                                                   |                  | 2005                  | 4,49    | 6,16   | 5,50                   | 6,20                   |
|                                                                    | Mulleres que se fan cargo de persoas dependentes                                                                                                             | % de mulleres entre 16 e 64 anos que se fan cargo regularmente da atención de persoas dependentes respecto ao Nº total de mulleres entre 14 e 64 anos |                  | 2006                  | 16,52   | 12,98  | 16,10                  | 15,90                  |
|                                                                    | Taxa global de emprego (% de empregados no total da poboación entre 16 e 64 anos)                                                                            | %                                                                                                                                                     | X                | 2006                  | 63,80%  | 64,26% | 65,00%                 | 66,00%                 |
|                                                                    | Taxa feminina de emprego                                                                                                                                     | %                                                                                                                                                     | X                | 2006                  | 54,88%  | 51,92% | 57,00%                 | 58,60%                 |
|                                                                    | Taxa de emprego entre 55 e 64 anos                                                                                                                           | % de persoas ocupadas respecto ao total de persoas nese tramo de idade                                                                                | X                | 2006                  | 43,09%  | 44,09% | 45,00%                 | 46,40%                 |
|                                                                    |                                                                                                                                                              | % de homes ocupados respecto ao total de homes nese tramo de idade                                                                                    |                  | 2006                  | 52,49%  | 60,39% | 56,00%                 | 58,60%                 |
|                                                                    |                                                                                                                                                              | % de mulleres ocupadas respecto ao total de mulleres nese tramo de idade                                                                              |                  | 2006                  | 34,27%  | 28,68% | 35,00%                 | 35,80%                 |
|                                                                    | Taxa de desemprego xuvenil                                                                                                                                   | Taxa global de desemprego xuvenil (entre 16 e 24 anos)                                                                                                |                  | 2006                  | 18,00%  | 17,92% | 15,00%                 | 13,00%                 |
|                                                                    |                                                                                                                                                              | Taxa masculina de desemprego xuvenil (entre 16 e 24 anos)                                                                                             |                  | 2006                  | 14,00%  | 14,97% | 12,80%                 | 11,80%                 |
|                                                                    |                                                                                                                                                              | Taxa feminina de desemprego xuvenil (entre 16 e 24 anos)                                                                                              |                  | 2006                  | 23,36%  | 21,61% | 18,50%                 | 14,60%                 |
|                                                                    | Taxa neta de escolaridade aos dous anos                                                                                                                      | %                                                                                                                                                     |                  | 2005                  | 25,3    | 28,0   | 27,3                   | 28,90                  |
| EIXE 7 MECEGA 2007-2013: MELLORA DO CAPITAL HUMANO                 | Taxa de abandono escolar (% de Poboación de 18 a 24 anos que non ten completada a E. secundaria 2ª etapa e que non sigue ningún tipo de educación-formación) | %                                                                                                                                                     | X                | 2005                  | 23,6    | 30,8   | 12,5                   | 9,1                    |
|                                                                    |                                                                                                                                                              | %                                                                                                                                                     |                  | 2005                  | 30,6    | 36,4   | 15,2                   | 11,0                   |
|                                                                    |                                                                                                                                                              | %                                                                                                                                                     |                  | 2005                  | 16,3    | 25,0   | 9,5                    | 7,2                    |
|                                                                    | Taxa bruta de poboación graduada na ensinanza obrigatoria                                                                                                    | %                                                                                                                                                     | X                | 2004                  | 76,1    | 70,4   | 85,7                   | 89,6                   |
|                                                                    | Taxa masculina bruta de poboación graduada en ensinanza obrigatoria                                                                                          | %                                                                                                                                                     |                  | 2004                  | 68,3    | 63,1   | 78,8                   | 84,1                   |
|                                                                    | Taxa feminina bruta de poboación graduada en ensinanza obrigatoria                                                                                           | %                                                                                                                                                     |                  | 2004                  | 84,2    | 78,0   | 91,4                   | 95,0                   |
|                                                                    | Graduados en Ciencia e Tecnoloxía (Número de graduados en educación superior en Ciencia e Tecnoloxía por 1.000 habitantes de 20 a 29 anos)                   | Tanto por mil                                                                                                                                         | X                | 2004                  | 13,8    | 12,5   | 14,5                   | 14,9                   |
|                                                                    | Graduados en Ciencia e Tecnoloxía (Número de graduados en educación superior en Ciencia e Tecnoloxía por 1.000 habitantes de 20 a 29 anos) - Homes           | Tanto por mil                                                                                                                                         |                  | 2004                  | 17,7    | 17,1   | 18,2                   | 18,5                   |
|                                                                    | Graduados en Ciencia e Tecnoloxía (Número de graduados en educación superior en Ciencia e Tecnoloxía por 1.000 habitantes de 20 a 29 anos) - Mulleres        | Tanto por mil                                                                                                                                         |                  | 2004                  | 9,7     | 7,7    | 10,6                   | 11,2                   |

Fonte: elaboración propia.

### 3.4 Avaliación da estratexia do MECEGA 2007-2013

A través da análise de pertinencia entre as debilidades e as fortalezas de Galicia, detectadas no diagnóstico e sistematizadas na DAFO, e dos obxectivos fixados para a rexión, mídese a adecuación destes obxectivos ás necesidades reais da rexión en termos económicos, sociais e ambientais.

#### *Formulación da estratexia*

No que atinxe á formulación dos obxectivos, a estrutura metodolóxica que se seguiu foi a elaboración dunha árbore de obxectivos articulada en tres niveis, Global/Final/Intermedio.

Como se amosa a continuación, o MECEGA establece un Obxectivo Global sobre o que inciden xerarquicamente *catro Obxectivos Finais*, alimentados á súa vez por outros *16 Obxectivos Intermedios*, de carácter máis específico. Estes Obxectivos Intermedios constitúen o punto de partida para a avaliación da coherencia interna e externa da estratexia de Galicia para o período 2007-2013 e reflectida no MECEGA. (Táboa 32)

A estratexia está expresada de forma avaliable e comprensible. Cada un dos Obxectivos Intermedios está relacionado directamente cun Obxectivo Final, a pesar de que, indirectamente, a relación é múltiple.

O Obxectivo Global do MECEGA reside en “*Converxer en termos de crecemento e emprego, grazas ao fomento dunha economía baseada no coñecemento*”, polo que será necesario, co fin de impulsar o desenvolvemento económico da rexión, traballar en favor dunha correcta implantación das medidas e actuacións previstas no novo período de financiamento europeo, así como establecer as sinerxías necesarias cos plans e programas estatais e rexionais.

Para a consecución deste obxectivo, a Comunidade Autónoma de Galicia propónse catro Obxectivos Finais, que inciden nos citados compoñentes da política para o crecemento e o emprego sostible cara ao 2013, reforzando o potencial endógeno do territorio. Estes Obxectivos Finais complementáanse entre si e inciden nos factores produtivos que impulsan o desenvolvemento económico: o capital humano, o capital físico e o coñecemento, dende a perspectiva da protección medioambiental e do equilibrio territorial.

Ademais destes catro Obxectivos Finais, Galicia establece 16 Obxectivos Intermedios que responden ás prioridades europeas para o novo período de programación establecidas nas Directrices Estratéxicas para o Crecemento e o Emprego, e arredor dos que se articularán as diferentes actuacións que se porán en marcha a través da implantación dos Programas Operativos de Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER), Fondo Social Europeo (FSE), Cooperación Territorial Transfronteiriza e Fondo de Cohesión /FEDER.

Táboa 32. Grao de vinculación entre Obxectivos do MECEGA 2007-2013 (Global, Finais e Intermedios)

|  |                                                                                                                                                                                                                                       |
|--|---------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
|  | <b>O GLOBAL: CONVERXER EN TERMOS DE CRECIMENTO E EMPREGO, GRAZAS AO FOMENTO DUNHA ECONOMÍA BASEADA NO COÑECEMENTO.</b>                                                                                                                |
|  | <b>OF 1: IMPULSAR E DINAMIZAR A ECONOMÍA REXIONAL FACENDO DE GALICIA UN LUGAR MÁIS ATRACTIVO PARA INVESTIR E TRABALLAR.</b>                                                                                                           |
|  | OI 1. Completar a conexión coas redes transeuropeas de transporte; impulsar a intermodalidade e interoperabilidade dos diferentes transportes; mellorar a accesibilidade interior do seu territorio e fomentar a seguridade vial.     |
|  | OI 8. Apoiar o investimento empresarial en aras dunha mellora na proxección internacional e no acceso ao financiamento                                                                                                                |
|  | OI 14. Apoiar o desenvolvemento equilibrado das zonas urbanas e rurais atendendo os seus problemas socioeconómicos e ambientais.                                                                                                      |
|  | OI 16. Fomentar a cooperación transfronteiriza, transnacional e interrexional centrando as actuacións en apoio do crecemento e a creación de emprego, e concretamente mellorando a interconexión física e intanxible dos territorios. |
|  | <b>OF 2: INCREMENTAR A COMPETITIVIDADE DO TECIDO PRODUTIVO GALEGO A TRAVÉS DO COÑECEMENTO E A INNOVACIÓN.</b>                                                                                                                         |
|  | OI 5. Fortalecer a competitividade das empresas apoiando a investigación e o desenvolvemento tecnolóxico (I+DT).                                                                                                                      |
|  | OI 6. Fomentar a innovación empresarial e impulsar as iniciativas de cooperación empresarial orientadas cara á produción, a difusión e a utilización de novos coñecementos polas empresas.                                            |
|  | OI 7. Estender e difundir as tecnoloxías da información, as comunicacións e as plataformas loxísticas, garantindo a penetración no conxunto da sociedade e a dispoñibilidade de infraestruturas.                                      |
|  | OI 12. Reforzar a capacidade de xestión da administración rexional en apoio á eficacia e transparencia na execución e avaliación de políticas públicas.                                                                               |
|  | <b>OF 3: AUMENTAR A COHESIÓN SOCIAL E TERRITORIAL DE GALICIA MELLORANDO OS NIVEIS DE CUALIFICACIÓN, A CALIDADE DO EMPREGO E A INCLUSIÓN SOCIAL.</b>                                                                                   |
|  | OI 9. Aumentar a participación no mercado laboral e mellorar a calidade e a produtividade do traballo, impulsando a igualdade de oportunidades e a inclusión social dos colectivos máis desfavorecidos.                               |
|  | OI 10. Contribuír á adaptabilidade dos traballadores mellorando as cualificacións necesarias para a economía do coñecemento e que permitan prolongar a vida laboral.                                                                  |
|  | OI 11. Mellorar e adaptar os sistemas de educación e formación de acordo cas necesidades reais da sociedade, a economía e as empresas.                                                                                                |
|  | OI 13. Reforzar o investimento na promoción e prevención no mercado de traballo e no benestar sanitario.                                                                                                                              |
|  | <b>OF 4: REFORZAR A SINERXIA ENTRE CRECIMENTO E DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE.</b>                                                                                                                                                         |
|  | OI 2. Reforzar o potencial medioambiental rexional como vehículo de desenvolvemento económico sostible, protexendo e mellorando o contorno.                                                                                           |
|  | OI 3. Favorecer o uso de modos de transporte menos contaminantes que contribúan á mobilidade sostible.                                                                                                                                |
|  | OI 4. Reducir a dependencia enerxética e optimizar os recursos enerxéticos existentes (enerxías renovables).                                                                                                                          |
|  | OI 15. Complementar as políticas sectoriais, especialmente na dotación de servizos de interese económico xeral e no desenvolvemento económico sostible de zonas de alto potencial de crecemento.                                      |

Fonte: elaboración propia

Púidose constatar que os Obxectivos Intermedios, se estableceron sobre a base das Directrices Estratéxicas Comunitarias que serven de orientación para a elaboración das estratexias de intervención dos Fondos Estruturais. Neste sentido, correspóndense en primeiro lugar cos ámbitos de actuación incluídos na Directriz 1: *Facer de Europa e das súas rexións lugares máis atractivos nos que investir e traballar*, relacionados coa competitividade rexional, a mellora da accesibilidade, a calidade dos servizos e a conservación do potencial ambiental (Obxectivos Intermedios 1 ao 4). En segundo lugar, definíronse Obxectivos Intermedios relacionados coa Directriz 2: *Mellorar os coñecementos e a innovación en favor do crecemento*. Trátase neste caso dos Obxectivos 5, 6, 7 e 8.

En terceiro lugar, os Obxectivos Intermedios 9, 10, 11 e 13 correspóndense co emprego e as cualificacións, no eido da terceira das Directrices Estratéxicas: *Máis e mellores postos de traballo*, atopando maior encaixe nas intervencións do Fondo Social Europeo.

O Obxectivo 12 está relacionado coa capacidade administrativa da Administración pública para a xestión e a absorción de fondos de xeito eficaz, eficiente e económico, mentres que os Obxectivos Intermedios 14, 15 e 16 recollen as prioridades da Unión Europea de carácter territorial e horizontal e que repercuten de xeito indirecto no resto de Obxectivos estratéxicos (Táboa 40).

Todos os Obxectivos Intermedios están relacionados entre si de forma directa cun dos Obxectivos Finais, a pesar de que algúns deles tamén o están con algún dos outros tres, aínda que non de forma tan directa.

A continuación relaciónanse no seu grao máis alto os Obxectivos Finais cos Intermedios:

- O Obxectivo “Impulsar e dinamizar a economía rexional facendo de Galicia un lugar máis atractivo para investir e traballar” podería descompoñerse en catro dos 16 Obxectivos Intermedios (o 1, o 8, o 14 e o 16).
- O Obxectivo Final “Incrementar a competitividade do tecido produtivo galego a través do coñecemento e a innovación” está relacionado en grao alto cos Obxectivos Intermedios 5, 6, 7 e 12.
- Os Obxectivos Intermedios 9, 10, 11 e 13 inscríbense no marco do Obxectivo Final “Aumentar a cohesión social e territorial de Galicia mellorando os niveis de cualificación, a calidade do emprego e a inclusión social”.
- Por último, do Obxectivo Final “Reforzar a sinerxía entre crecemento e desenvolvemento sostible”, derivan 4 dos Obxectivos Intermedios (o 2, o 3, o 4 e o 15).

A correspondencia entre eles ilustrouse no MECEGA en forma de árbore de obxectivos, na que se reflicte a influencia dos diferentes Obxectivos Intermedios sobre os Obxectivos Finais, de xeito que de cada un dos Obxectivos Finais dependen aqueles Obxectivos Intermedios relacionados de forma máis directa e específica con eles.

Para comprobar a relación existente entre a análise interna da DAFO (debilidades e fortalezas) e os obxectivos do MECEGA utilízase como ferramenta metodolóxica un sistema de matrices no que se confrontarán as debilidades e as fortalezas cos 16 Obxectivos Intermedios, e se cuantificará o seu impacto sobre elas. (Táboas 33 e 34).

Mediante este exercicio determinase a relevancia ou especificidade de cada obxectivo, ademais do grao de sensibilidade de cada debilidade e fortaleza (0 = sen relación; 2 = relación moderada; 5 = relación forte).

Ademais, a partir desta análise procedese a establecer unha xerarquización dos obxectivos en función da súa capacidade de responder ás necesidades reveladas no diagnóstico, o que nos servirá para, nun segundo momento, avaliar a coherencia financeira da estratexia, e para saber si se cumpre o principio de concentración de recursos que goberna o novo período de programación.

A través da análise de pertinencia entre as debilidades recollidas na DAFO e os obxectivos fixados para a rexión, mídese a adecuación destes ás necesidades reais da rexión en termos económicos, sociais e ambientais.

Deste xeito determínase o grao no que a estratexia deseñada responde ás necesidades detectadas no diagnóstico da actual situación, ao tempo que se establece unha xerarquización das necesidades e dos obxectivos.

Unha lectura horizontal das táboas permite detectar Obxectivos Intermedios, cuxa capacidade de impacto sobre as debilidades ou fortalezas detectadas é alta, mentres que unha lectura vertical permite estudar cales son as debilidades ou fortalezas en maior medida atendidas pola árbore de obxectivos deseñada.

Obsérvase unha relación múltiple entre os diferentes obxectivos e debilidades recollidas na DAFO. Non obstante, todas as actuacións previstas no marco de actuación do MECEGA, e englobadas dentro dos obxectivos específicos, responden ás necesidades identificadas no diagnóstico. O Obxectivo Intermedio 12 sinálase como o menos vinculado coas debilidades detectadas, o que, como se verá despois, está relacionado coa Asistencia técnica.

Táboa 33. Pertinencia entre os Obxectivos Intermedios do MECEGA e as debilidades rexionais

| OBXECTIVOS INTERMEDIOS DO MECEGA                                                                                                                                                                                                   | DEBILIDADES DETECTADAS NO DIAGNÓSTICO |           |           |           |           |           |           |           |           |           |           |           |           |          |          |           |           |           |          |          | Total Impacto |
|------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|---------------------------------------|-----------|-----------|-----------|-----------|-----------|-----------|-----------|-----------|-----------|-----------|-----------|-----------|----------|----------|-----------|-----------|-----------|----------|----------|---------------|
|                                                                                                                                                                                                                                    | 1                                     | 2         | 3         | 4         | 5         | 6         | 7         | 8         | 9         | 10        | 11        | 12        | 13        | 14       | 15       | 16        | 17        | 18        | 19       | 20       |               |
| 1. Completar a conexión coas redes transeuropeas de transporte; impulsar a intermodalidade e interoperabilidade dos diferentes transportes; mellorar a accesibilidade interior do seu territorio e fomentar a seguridade vial.     | 5                                     | 5         | 0         | 0         | 2         | 5         | 5         | 2         | 0         | 0         | 0         | 0         | 0         | 0        | 0        | 0         | 0         | 0         | 0        | 0        | 24            |
| 2. Reforzar o potencial medioambiental rexional como vehículo de desenvolvemento económico sostible, protexendo e mellorando o contorno.                                                                                           | 5                                     | 2         | 0         | 0         | 2         | 0         | 5         | 2         | 5         | 0         | 0         | 0         | 0         | 0        | 0        | 0         | 0         | 0         | 0        | 0        | 21            |
| 3. Favorecer o uso de modos de transporte menos contaminantes que contribúan á mobilidade sostible                                                                                                                                 | 5                                     | 2         | 0         | 0         | 0         | 2         | 5         | 2         | 0         | 0         | 0         | 0         | 0         | 0        | 0        | 0         | 0         | 0         | 0        | 0        | 16            |
| 4. Reducir a dependencia enerxética e optimizar os recursos enerxéticos existentes (enerxías renovables).                                                                                                                          | 0                                     | 2         | 0         | 0         | 0         | 0         | 5         | 0         | 0         | 0         | 0         | 0         | 0         | 0        | 0        | 0         | 0         | 0         | 0        | 0        | 7             |
| 5. Fortalecer a competitividade das empresas apoiando a investigación e o desenvolvemento tecnolóxico (I+DT).                                                                                                                      | 0                                     | 0         | 0         | 2         | 5         | 0         | 2         | 0         | 0         | 0         | 2         | 5         | 2         | 0        | 0        | 0         | 0         | 0         | 0        | 0        | 18            |
| 6. Fomentar a innovación empresarial e impulsar as iniciativas de cooperación empresarial orientadas cara á produción, a difusión e a utilización de novos coñecementos polas empresas.                                            | 0                                     | 0         | 0         | 5         | 5         | 0         | 0         | 0         | 0         | 2         | 2         | 5         | 5         | 0        | 0        | 2         | 0         | 0         | 0        | 0        | 26            |
| 7. Estender e difundir as tecnoloxías da información, as comunicacións e as plataformas loxísticas, garantindo a penetración no conxunto da sociedade e a dispoñibilidade de infraestruturas.                                      | 5                                     | 5         | 0         | 2         | 2         | 0         | 0         | 0         | 0         | 5         | 0         | 2         | 5         | 0        | 0        | 0         | 0         | 0         | 0        | 0        | 26            |
| 8. Apoiar o investimento empresarial en aras dunha mellora na proxección internacional e no acceso ao financiamento.                                                                                                               | 0                                     | 0         | 0         | 5         | 5         | 0         | 0         | 0         | 0         | 2         | 2         | 2         | 2         | 0        | 5        | 0         | 0         | 0         | 0        | 0        | 23            |
| 9. Aumentar a participación no mercado laboral e mellorar a calidade e a produtividade do traballo, impulsando a igualdade de oportunidades e a inclusión social dos colectivos máis desfavorecidos.                               | 2                                     | 2         | 5         | 2         | 0         | 0         | 0         | 2         | 0         | 0         | 0         | 0         | 2         | 2        | 0        | 0         | 0         | 5         | 0        | 5        | 27            |
| 10. Contribuír á adaptabilidade dos traballadores mellorando as cualificacións necesarias para a economía do coñecemento e que permitan prolongar a vida laboral.                                                                  | 0                                     | 0         | 5         | 2         | 0         | 0         | 0         | 0         | 0         | 0         | 0         | 2         | 5         | 0        | 0        | 5         | 5         | 2         | 0        | 2        | 28            |
| 11. Mellorar e adaptar os sistemas de educación e formación de acordo cas necesidades reais da sociedade, a economía e as empresas.                                                                                                | 0                                     | 0         | 0         | 2         | 5         | 0         | 0         | 0         | 0         | 0         | 0         | 2         | 2         | 0        | 0        | 5         | 5         | 5         | 5        | 0        | 31            |
| 12. Reforzar a capacidade de xestión da administración rexional en apoio á eficacia e transparencia na execución e avaliación de políticas públicas.                                                                               | 0                                     | 0         | 0         | 0         | 0         | 0         | 0         | 0         | 0         | 0         | 0         | 0         | 5         | 0        | 0        | 0         | 0         | 0         | 0        | 0        | 5             |
| 13. Reforzar o investimento na promoción e prevención no mercado de traballo e no benestar sanitario.                                                                                                                              | 0                                     | 0         | 5         | 0         | 0         | 0         | 0         | 0         | 0         | 0         | 0         | 0         | 0         | 0        | 0        | 0         | 0         | 0         | 0        | 0        | 5             |
| 14. Apoiar o desenvolvemento equilibrado das zonas urbanas e rurais atendendo os seus problemas socioeconómicos e ambientais.                                                                                                      | 5                                     | 5         | 0         | 0         | 2         | 5         | 5         | 2         | 2         | 2         | 2         | 0         | 2         | 2        | 2        | 0         | 0         | 0         | 0        | 0        | 36            |
| 15. Complementar as políticas sectoriais, especialmente na dotación de servizos de interese económico xeral e no desenvolvemento económico sostible de zonas de alto potencial de crecemento.                                      | 5                                     | 5         | 2         | 0         | 2         | 5         | 2         | 5         | 5         | 5         | 2         | 0         | 0         | 0        | 0        | 0         | 0         | 0         | 0        | 0        | 38            |
| 16. Fomentar a cooperación transfronteiriza, transnacional e interrexional centrando as actuacións en apoio do crecemento e a creación de emprego, e concretamente mellorando a interconexión física e intanxible dos territorios. | 0                                     | 5         | 0         | 5         | 5         | 5         | 0         | 0         | 0         | 5         | 2         | 0         | 2         | 0        | 0        | 0         | 0         | 0         | 0        | 0        | 29            |
| <b>TOTAL (IMPACTO DE CADA DEBILIDADE SOBRE OS OBX. INTERMEDIOS)</b>                                                                                                                                                                | <b>32</b>                             | <b>33</b> | <b>17</b> | <b>25</b> | <b>35</b> | <b>22</b> | <b>29</b> | <b>15</b> | <b>12</b> | <b>21</b> | <b>12</b> | <b>18</b> | <b>32</b> | <b>4</b> | <b>7</b> | <b>12</b> | <b>10</b> | <b>12</b> | <b>5</b> | <b>7</b> |               |

Fonte: elaboración propia.

Táboa 34. Pertinencia entre os Obxectivos Intermedios do MECEGA e as fortalezas rexionais

| OBXECTIVOS INTERMEDIOS DO MECEGA                                                                                                                                                                                                   | FORTALEZAS DETECTADAS NO DIAGNÓSTICO |           |           |           |           |           |          |          |          |           |           |          |          |           |          |          | Total Impacto |
|------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|--------------------------------------|-----------|-----------|-----------|-----------|-----------|----------|----------|----------|-----------|-----------|----------|----------|-----------|----------|----------|---------------|
|                                                                                                                                                                                                                                    | 1                                    | 2         | 3         | 4         | 5         | 6         | 7        | 8        | 9        | 10        | 11        | 12       | 13       | 14        | 15       | 16       |               |
| 1. Completar a conexión coas redes transeuropeas de transporte; impulsar a intermodalidade e interoperabilidade dos diferentes transportes; mellorar a accesibilidade interior do seu territorio e fomentar a seguridade vial.     | 5                                    | 5         | 0         | 0         | 0         | 0         | 0        | 2        | 0        | 2         | 0         | 0        | 0        | 0         | 0        | 0        | 14            |
| 2. Reforzar o potencial medioambiental rexional como vehículo de desenvolvemento económico sostible, protexendo e mellorando o contorno.                                                                                           | 0                                    | 0         | 5         | 5         | 0         | 5         | 0        | 0        | 0        | 0         | 0         | 0        | 2        | 0         | 0        | 0        | 17            |
| 3. Favorecer o uso de modos de transporte menos contaminantes que contribúan á mobilidade sostible                                                                                                                                 | 2                                    | 2         | 0         | 2         | 0         | 0         | 0        | 0        | 0        | 0         | 0         | 0        | 0        | 0         | 0        | 0        | 6             |
| 4. Reducir a dependencia enerxética e optimizar os recursos enerxéticos existentes (enerxías renovables).                                                                                                                          | 0                                    | 0         | 5         | 2         | 0         | 0         | 0        | 0        | 0        | 0         | 0         | 0        | 0        | 0         | 0        | 0        | 7             |
| 5. Fortalecer a competitividade das empresas apoiando a investigación e o desenvolvemento tecnolóxico (I+DT).                                                                                                                      | 0                                    | 0         | 2         | 2         | 5         | 0         | 0        | 0        | 0        | 5         | 5         | 0        | 0        | 5         | 0        | 0        | 24            |
| 6. Fomentar a innovación empresarial e impulsar as iniciativas de cooperación empresarial orientadas cara á produción, a difusión e a utilización de novos coñecementos polas empresas.                                            | 0                                    | 0         | 0         | 0         | 5         | 0         | 2        | 0        | 0        | 5         | 5         | 0        | 0        | 5         | 0        | 0        | 22            |
| 7. Estender e difundir as tecnoloxías da información, as comunicacións e as plataformas loxísticas, garantindo a penetración no conxunto da sociedade e a dispoñibilidade de infraestruturas.                                      | 0                                    | 0         | 0         | 0         | 0         | 0         | 0        | 0        | 0        | 2         | 2         | 0        | 0        | 0         | 0        | 0        | 4             |
| 8. Apoiar o investimento empresarial en aras dunha mellora na proxección internacional e no acceso ao financiamento.                                                                                                               | 5                                    | 2         | 0         | 0         | 5         | 0         | 5        | 5        | 0        | 5         | 0         | 0        | 0        | 5         | 0        | 0        | 32            |
| 9. Aumentar a participación no mercado laboral e mellorar a calidade e a produtividade do traballo, impulsando a igualdade de oportunidades e a inclusión social dos colectivos máis desfavorecidos.                               | 0                                    | 0         | 0         | 0         | 0         | 0         | 0        | 0        | 0        | 2         | 5         | 0        | 0        | 2         | 0        | 5        | 14            |
| 10. Contribuír á adaptabilidade dos traballadores mellorando as cualificacións necesarias para a economía do coñecemento e que permitan prolongar a vida laboral.                                                                  | 0                                    | 0         | 0         | 0         | 0         | 0         | 0        | 0        | 5        | 0         | 5         | 0        | 0        | 5         | 0        | 0        | 15            |
| 11. Mellorar e adaptar os sistemas de educación e formación de acordo cas necesidades reais da sociedade, a economía e as empresas.                                                                                                | 0                                    | 0         | 0         | 0         | 0         | 0         | 0        | 0        | 0        | 0         | 5         | 0        | 0        | 5         | 0        | 0        | 10            |
| 12. Reforzar a capacidade de xestión da administración rexional en apoio á eficacia e transparencia na execución e avaliación de políticas públicas.                                                                               | 0                                    | 0         | 0         | 0         | 0         | 0         | 0        | 0        | 0        | 0         | 0         | 0        | 0        | 0         | 5        | 0        | 5             |
| 13. Reforzar o investimento na promoción e prevención no mercado de traballo e no benestar sanitario.                                                                                                                              | 0                                    | 0         | 0         | 0         | 0         | 0         | 0        | 0        | 0        | 0         | 0         | 5        | 0        | 0         | 0        | 0        | 5             |
| 14. Apoiar o desenvolvemento equilibrado das zonas urbanas e rurais atendendo os seus problemas socioeconómicos e ambientais.                                                                                                      | 2                                    | 5         | 0         | 0         | 2         | 5         | 0        | 0        | 0        | 2         | 2         | 2        | 2        | 5         | 0        | 0        | 27            |
| 15. Complementar as políticas sectoriais, especialmente na dotación de servizos de interese económico xeral e no desenvolvemento económico sostible de zonas de alto potencial de crecemento.                                      | 2                                    | 2         | 2         | 5         | 5         | 5         | 0        | 0        | 0        | 5         | 5         | 2        | 2        | 2         | 0        | 0        | 37            |
| 16. Fomentar a cooperación transfronteiriza, transnacional e interrexional centrando as actuacións en apoio do crecemento e a creación de emprego, e concretamente mellorando a interconexión física e intanxible dos territorios. | 5                                    | 0         | 5         | 0         | 2         | 0         | 2        | 2        | 0        | 0         | 5         | 0        | 2        | 5         | 0        | 0        | 28            |
| <b>TOTAL (IMPACTO DAS FORTALEZAS SOBRE OS OBX. INTERMEDIOS )</b>                                                                                                                                                                   | <b>21</b>                            | <b>16</b> | <b>19</b> | <b>16</b> | <b>24</b> | <b>15</b> | <b>9</b> | <b>9</b> | <b>5</b> | <b>28</b> | <b>39</b> | <b>9</b> | <b>8</b> | <b>39</b> | <b>5</b> | <b>5</b> |               |

Fonte: elaboración propia.

A través da explotación destas táboas pódense extraer as seguintes conclusións:

- As *debilidades* que en maior medida se verán afectadas pola posta en marcha da estratexia do MECEGA son:
  - Aqueles debilidades relacionadas co *desequilibrio territorial* entre a franxa costeira e o interior (d.1) a *competitividade do tecido produtivo galego relacionado coa dificultade para atraer capital estranxeiro* (d.5), dende o punto de vista da *innovación empresarial e o investimento en I+D+i* (d.12), a penetración das TIC (d.13) e a estratexia da base empresarial galega (d.4).
  - Séguenlle aquelas debilidades relacionadas coa *accesibilidade do territorio* (d.2), a *protección do medio natural e a utilización das enerxías renovables* (d.7), o *transporte multimodal* (d.6), a *modernización ferroviaria* (d.8)
  - Por último quedan aquelas debilidades relacionadas con ámbitos máis específicos como a *falta de solo industrial* (d. 10), a *política forestal* (d.9), a *difícil absorción de man de obra cualificada* por parte das empresas (d.17) e a *evolución demográfica negativa* (d.3)
- No que atinxe ás *fortalezas* pódese apreciar como estas encontran un tratamento semellante por parte dos obxectivos do MECEGA, quedando xerarquizadas no seguinte orde:
  - Aquelas fortalezas relacionadas coas potencialidades do tecido produtivo galego, no tocante á *capacidade de arrastre das súas empresas e madurez do seu sector industrial* (f.14), a *presenza de grandes empresas líderes* (f.10), a *calidade da man de obra galega* (f.11) e a *existencia de produtos diferenciados para a exportación* (f.7).
  - Seguen as fortalezas relacionadas coa situación xeodemográfica de Galicia, caracterizada pola súa *situación estratéxica de cara ao mar* (f.1) e o *seu potencial medioambiental e de xeración de enerxías renovables* (f.6, f.3 y f.4).
  - A *presenza de intermediarios financeiros* (f.5) tamén poderá ser explotada a través da implementación da estratexia do MECEGA.
  - Por último quedan aquelas fortalezas máis específicas, como son a *oferta de servizos sanitarios* (f.12) e *turísticos* (f.13) ou a *explotación da economía portuaria* (f.8) e *aeroportuaria* (f.2).

#### *Xerarquización de obxectivos*

- No que atinxe aos obxectivos, a través da análise das táboas anteriores pódese determinar cal é a capacidade de manobra de cada obxectivo sobre o conxunto das debilidades e as fortalezas, distinguindo entre obxectivos relevantes (os que atenden un

maior número de debilidades) e obxectivos específicos (aqueles cun maior impacto, pero que reciben atención de poucas debilidades).

- Os Obxectivos Intermedios quedan *xerarquizados* da seguinte maneira:
  - Pola súa caracterización como obxectivos transversais e territoriais, máis que sectoriais, os *Obxectivos 14, 15 e 16* poden desempeñar un papel moi destacado na estratexia de Galicia para o próximo período 2007-2013, xa que actúan sobre a meirande parte das debilidades e fortalezas.
  - Dentro dos obxectivos máis específicos o *Obxectivo 8* destaca pola súa importancia fundamental na dinamización da competitividade e por estar relacionado con varios aspectos da economía galega (mercado de traballo, innovación, internacional). Grazas á posta en marcha das súas actuacións poderá dar unha resposta axeitada ás necesidades de Galicia de cara á globalización e competitividade do mercado internacional.
  - Os *Obxectivos 5 e 6* caracterízanse tamén polo seu factor impulsor da economía e a estrutura produtiva galega, facendo fincapé nas necesidades da rexión en termos de innovación empresarial e investimento en I+D.
  - Séguenlle aqueles obxectivos relacionados coas prioridades do Fondo Social Europeo e a mellora do mercado laboral, os *Obxectivos 9, 10 e 11*.
  - Os obxectivos relacionados coa DEC 1 traballarán en pos de mellora do sistema galego de transporte (*Obxectivo 1*) como elemento fundamental para o aumento da competitividade das súas empresas, ao mesmo tempo que a través do *Obxectivo 2* se establecerá unha correspondencia entre o crecemento e a protección do medio ambiente en vistas de asegurar un desenvolvemento sostible para a rexión.
  - O *Obxectivo 7* establece como prioridade estender a sociedade da información como principal vehículo do coñecemento, e as súas medidas serán tanto de carácter tanxible como intanxible.
  - Por último, os *Obxectivos Intermedios 3, 4 e 13*, ao teren un carácter máis específico, pero non por iso menos importante, colócanse ao final da lista de obxectivos.
  - Cómpre sinalar que o *Obxectivo 12*, polo seu carácter máis administrativo só afecta a unha das necesidades e fortalezas detectadas para a rexión, na súa dimensión relativa á administración electrónica, aínda que responde ás prioridades europeas de transparencia e eficacia administrativas.

Como *conclusion*s máis importantes cítanse as seguintes:

- A estratexia presentada está expresada de forma avaliable e comprensible. Cada un dos Obxectivos Intermedios está relacionado directamente cun Obxectivo Final, a pesar de que indirectamente a relación é múltiple, tal e como se verá na análise de coherencia interna.
- A formulación conceptual dos obxectivos é apropiada e a súa representación gráfica axeitada.
- Os obxectivos están aliñados coas necesidades da rexión e coas prioridades europeas, atendendo a elementos relacionados coas tres principais Directrices Estratéxicas Comunitarias.
- Estas necesidades encontrarán solución mediante o despregamento de actuacións que responden á filosofía subxacente ao novo periodo de programación.
- As debilidades en maior medida afectadas son as que están relacionadas cos desequilibrios territoriais de Galicia en termos de transporte, acceso a servizos e a capacidade de innovación empresarial, para constituírse como un tecido competitivo, que á súa vez dea atraído capital estranxeiro.
- Nun segundo nivel encóntranse as debilidades relacionadas coa estrutura económica tradicional de tamaño pequeno, altamente consumidora de enerxía e escasamente interconectada (fisicamente e en termos de TIC), o que conduce a un mercado laboral de reducido valor engadido que en determinados ámbitos “expulsa” man de obra cualificada.
- As fortalezas que destacan na súa relación coa estratexia galega son as relacionadas coa madurez do sector industrial, a presenza de grandes empresas líderes, a calidade da man de obra galega, así como a situación estratéxica de cara ao mar.

### **3.5 Análise da coherencia interna do MECEGA 2007-2013**

#### **3.5.1 Valoración da sinerxía entre OI do MECEGA 2007-2013**

Para avaliar a coherencia interna do diagnóstico procédese, a realizar unha valoración da sinerxía existente entre os diferentes obxectivos.

Para asegurar a coherencia interna da estratexia e a efectividade dos obxectivos elixidos para a posta en marcha do novo período de programación en Galicia, é preciso valorar de que xeito cada un destes obxectivos é capaz de influír sobre os restantes. A través deste exercicio detectaranse as sinerxías que unha boa implementación da estratexia producirá na rexión, ademais de permitir a clasificación xerárquica dos obxectivos.

Para realizar esta valoración fíxose o exercicio analítico de construír unha matriz de sinerxías entre Obxectivos Intermedios na que se lles asignan valores ás relacións que manteñen entre si os diferentes obxectivos ( 0 = sen relación; 2 = relación moderada; 5 =

relación forte). Para valorar as sinerxías entre obxectivos hai que analizar o efecto que ten cada obxectivo sobre a consecución dos restantes. Esta capacidade de incidir sobre outros obxectivos pode producirse ben por influencia ou ben por sensibilidade.

Como é lóxico, tratándose dunha estratexia integrada a longo prazo, unha análise pormenorizada das sinerxías entre obxectivos detectaría a existencia de relacións indirectas entre todos e cada un dos obxectivos aquí presentados. Non obstante, nesta táboa quíxose expoñer a relación directa existente entre os diferentes obxectivos, considerándoa máis pertinente co exercicio deste traballo, ao ilustrar dun xeito máis claro aquelas vinculacións de maior alcance, e necesarias para a posta en marcha da estratexia.

Como pode apreciarse na Táboa 36 procedeuse a cuantificar o impacto estimado dun obxectivo sobre outro. A través deste exercicio conseguiuase identificar o grao de sensibilidade de cada obxectivo (GRAO DE ATENCIÓN), así como a súa capacidade para influír sobre os demais (GRAO DE IMPACTO). Na última fila e columna aparece a porcentaxe real das sinerxías desenvolvidas con respecto ás potenciais (representadas polo produto entre o total dos obxectivos e o máximo de valoración).

Tras a explotación desta táboa alúmanse unha serie de conclusións que permite establecer a seguinte xerarquización dos obxectivos, atendendo á súa coherencia interna:

- **OBXECTIVOS BÁSICOS**, son aqueles cunha capacidade de influencia maior que a media e cunha sensibilidade menor que a media, polo que se definen pola súa alta capacidade de arrastre. No caso do MECEGA soamente o *Obxectivo 1* entra nesta categoría, reiterando a importancia fundamental da posta en marcha dun sistema de transportes moderno e eficiente como principal prerrogativa para o crecemento da rexión.

- **OBXECTIVOS SENSIBLES**, teñen unha maior dependencia do resto dos obxectivos, xa que o seu grao de influencia é menor que a súa sensibilidade. Por definición, estes obxectivos deben ser baluartes de liñas estratéxicas de carácter transversal e requiren o apoio explícito nos contidos e actuacións do resto de obxectivos. Dentro desta tipoloxía atopámonos principalmente cos obxectivos relativos ás *intervencións do Fondo Social Europeo*, sendo imprescindible para a súa consecución unha clara vontade política de fomento da igualdade, a mellora das condicións laborais e a aposta para a educación e a formación dos futuros traballadores, e co *Obxectivo 8* a favor do investimento empresarial e internacionalización das empresas galegas.

- **OBXECTIVOS ESTRATÉXICOS**, son aqueles cunha valoración moi alta tanto en influencia como en sensibilidade con respecto á media. Teñen capacidade de arrastre sobre o resto dos obxectivos e ao mesmo tempo vense afectados polos demais; caracterízanse polo seu efecto multiplicador.

A *maioría dos obxectivos fixados no Plan* responden a este tipo de obxectivos. Isto se explica polo feito de que o MECEGA é o instrumento estratéxico polo cal a Xunta de Galicia porá en marcha os seus programas operativos e, polo tanto, carece na descrición da súa estratexia de elementos operativos. Este é o caso dos Obxectivos 2 a 7. Destacan entre

todos eles os *Obxectivos transversais 14, 15 e 16* pola súa dimensión territorial e a súa aplicabilidade a todas as actuacións previstas pola Xunta.

Os obxectivos relacionados coa DEC 2 tamén mostran uns graos de atención e impacto ben superiores á media, corroborando a importancia estratéxica que estes obxectivos desempeñarán na programación europea 2007-2013.

➤ **OBXECTIVOS INDEPENDENTES**, son aqueles cuxo grao de impacto e a súa sensibilidade son inferiores á media debido, na maioría dos casos, a súa especificidade. É o caso dos *Obxectivos 12 e 13*.

*Como conclusións, pódense citar as seguintes:*

➤ Prodúcese importantes sinerxías entre os Obxectivos Intermedios que constitúen a estrutura do MECEGA. En resumo, a estratexia que vai acometer a Xunta de Galicia con Fondos Estruturais no seu conxunto conta cunha elevada coherencia interna o que permite elevar a súa efectividade.

➤ Xunto ao Obxectivo Intermedio básico relativo á accesibilidade da rexión e a súa conexión no contexto das redes transeuropeas, conviven obxectivos sensibles, que se ven influenciados por moitos pero que non inflúen sobre os demais, aínda que a maioría dos obxectivos presentados son estratéxicos, ben polo seu efecto multiplicador, ben pola súa capacidade de arrastre.

En consecuencia, terá que existir unha relación coherente e positiva entre a distribución total dos recursos financeiros por Obxectivos Intermedios e a xerarquización segundo influencia e sensibilidade.

Táboa 35. Obxectivos con maior influencia e sensibilidade respecto á Estratexia comunitaria en Galicia

| OBJECTIVOS INTERMEDIOS                                                                                                                                                                                                                | OBJECTIVOS INTERMEDIOS |     |     |     |     |     |     |     |     |     |     |    |    |     |     |     |    |     | IMPACTO | % |
|---------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|------------------------|-----|-----|-----|-----|-----|-----|-----|-----|-----|-----|----|----|-----|-----|-----|----|-----|---------|---|
|                                                                                                                                                                                                                                       | 1                      | 2   | 3   | 4   | 5   | 6   | 7   | 8   | 9   | 10  | 11  | 12 | 13 | 14  | 15  | 16  |    |     |         |   |
| OI 1. Completar a conexión coas redes transeuropeas de transporte; impulsar a intermodalidade e interoperabilidade dos diferentes transportes; mellorar a accesibilidade interior do seu territorio e fomentar a seguridade vial.     |                        | 2   | 5   | 5   | 2   | 5   | 2   | 5   | 0   | 0   | 0   | 0  | 0  | 5   | 5   | 5   | 41 | 55% |         |   |
| OI 2. Reforzar o potencial medioambiental rexional como vehículo de desenvolvemento económico sostible, protexendo e mellorando o contorno.                                                                                           | 0                      |     | 2   | 5   | 2   | 2   | 0   | 2   | 0   | 0   | 2   | 0  | 0  | 5   | 5   | 5   | 30 | 40% |         |   |
| OI 3. Favorecer o uso de modos de transporte menos contaminantes que contribúan á mobilidade sostible.                                                                                                                                | 5                      | 5   |     | 5   | 2   | 0   | 0   | 0   | 0   | 0   | 0   | 0  | 0  | 5   | 5   | 5   | 32 | 43% |         |   |
| OI 4. Reducir a dependencia enerxética e optimizar os recursos enerxéticos existentes (enerxías renovables).                                                                                                                          | 2                      | 5   | 2   |     | 5   | 2   | 0   | 2   | 0   | 0   | 0   | 0  | 0  | 5   | 5   | 5   | 33 | 44% |         |   |
| OI 5. Fortalecer a competitividade das empresas apoiando a investigación e o desenvolvemento tecnolóxico (I+DT).                                                                                                                      | 2                      | 2   | 2   | 5   |     | 5   | 5   | 5   | 2   | 2   | 5   | 0  | 0  | 5   | 5   | 5   | 50 | 67% |         |   |
| OI 6. Fomentar a innovación empresarial e impulsar as iniciativas de cooperación empresarial orientadas cara á produción, a difusión e a utilización de novos coñecementos polas empresas.                                            | 2                      | 2   | 0   | 2   | 5   |     | 5   | 5   | 2   | 5   | 5   | 0  | 0  | 5   | 5   | 5   | 48 | 64% |         |   |
| OI 7. Estender e difundir as tecnoloxías da información, as comunicacións e as plataformas loxísticas, garantindo a penetración no conxunto da sociedade e a dispoñibilidade de infraestruturas.                                      | 2                      | 0   | 0   | 0   | 5   | 5   |     | 5   | 5   | 5   | 5   | 0  | 0  | 5   | 5   | 5   | 47 | 63% |         |   |
| OI 8. Apoiar o investimento empresarial en aras dunha mellora na proxección internacional e no acceso ao financiamento.                                                                                                               | 0                      | 0   | 0   | 0   | 5   | 5   | 5   |     | 5   | 5   | 5   | 0  | 0  | 5   | 5   | 5   | 45 | 60% |         |   |
| OI 9. Aumentar a participación no mercado laboral e mellorar a calidade e a produtividade do traballo, impulsando a igualdade de oportunidades e a inclusión social dos colectivos máis desfavorecidos.                               | 0                      | 0   | 0   | 0   | 2   | 2   | 5   | 5   |     | 5   | 5   | 0  | 0  | 5   | 5   | 5   | 39 | 52% |         |   |
| OI 10. Contribuír á adaptabilidade dos traballadores mellorando as cualificacións necesarias para a economía do coñecemento e que permitan prolongar a vida laboral.                                                                  | 0                      | 0   | 0   | 0   | 2   | 5   | 5   | 2   | 5   |     | 5   | 0  | 0  | 5   | 5   | 5   | 39 | 52% |         |   |
| OI 11. Mellorar e adaptar os sistemas de educación e formación de acordo cas necesidades reais da sociedade, a economía e as empresas.                                                                                                | 0                      | 0   | 0   | 0   | 5   | 5   | 5   | 2   | 5   | 5   |     | 0  | 0  | 5   | 5   | 5   | 42 | 56% |         |   |
| OI 12. Reforzar a capacidade de xestión da administración rexional en apoio á eficacia e transparencia na execución e avaliación de políticas públicas.                                                                               | 0                      | 0   | 0   | 0   | 0   | 0   | 0   | 0   | 0   | 0   | 0   | 0  | 0  | 0   | 0   | 0   | 0  | 0%  |         |   |
| OI 13. Reforzar o investimento na promoción e prevención no mercado de traballo e no benestar sanitario.                                                                                                                              | 0                      | 0   | 0   | 0   | 0   | 0   | 0   | 2   | 5   | 5   | 5   | 0  |    | 2   | 2   | 0   | 21 | 28% |         |   |
| OI 14. Apoiar o desenvolvemento equilibrado das zonas urbanas e rurais atendendo os seus problemas socioeconómicos e ambientais.                                                                                                      | 5                      | 5   | 2   | 5   | 5   | 5   | 5   | 5   | 5   | 5   | 5   | 0  | 2  |     | 2   | 5   | 61 | 81% |         |   |
| OI 15. Complementar as políticas sectoriais, especialmente na dotación de servizos de interese económico xeral e no desenvolvemento económico sostible de zonas de alto potencial de crecemento.                                      | 5                      | 5   | 5   | 5   | 5   | 5   | 5   | 5   | 5   | 5   | 5   | 0  | 2  | 2   |     | 5   | 64 | 85% |         |   |
| OI 16. Fomentar a cooperación transfronteiriça, transnacional e interrexional centrando as actuacións en apoio do crecemento e a creación de emprego, e concretamente mellorando a interconexión física e intanxible dos territorios. | 5                      | 5   | 2   | 5   | 5   | 5   | 5   | 5   | 5   | 5   | 5   | 0  | 2  | 5   | 5   |     | 64 | 85% |         |   |
| GRAO DE ATENCIÓN                                                                                                                                                                                                                      | 28                     | 31  | 20  | 37  | 50  | 51  | 47  | 50  | 44  | 47  | 52  | 0  | 6  | 64  | 64  | 65  |    |     |         |   |
| %                                                                                                                                                                                                                                     | 37%                    | 41% | 27% | 49% | 67% | 68% | 63% | 67% | 59% | 63% | 69% | 0% | 8% | 85% | 85% | 87% |    |     |         |   |

Fonte: elaboración propia.

### 3.5.2 Coherencia dos OI do MECEGA cos Eixes do MENR relativos ao FEDER, FSE, CT Transfronteiriza e Cohesión/FEDER

No marco da reforma da política de cohesión 2007-2013, establecéronse os seguintes eixes que representan a dimensión operativa do MENR e polos cales se rexerán os mecanismos de financiamento dos Fondos Estruturais (Táboa 36).

Táboa 36. Eixes prioritarios do FEDER, FSE, Cooperación T. Transfronteiriza e Cohesión/FEDER

| EIXES FEDER                     |                                                                                    | EIXES FSE            |                                                                                                      |
|---------------------------------|------------------------------------------------------------------------------------|----------------------|------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| 1                               | Desenvolvemento da economía do coñecemento (I+D+i, Sociedade da Información e TIC) | 1                    | Fomento do espírito empresarial e mellora da adaptabilidade de traballadores, empresas e empresarios |
| 2                               | Desenvolvemento e innovación empresarial                                           | 2                    | Fomentar a empregabilidade, a inclusión social e a igualdade entre homes e mulleres                  |
| 3                               | Medio ambiente, contorno natural, recurso hídricos e prevención de riscos          | 3                    | Aumento e mellora do capital humano                                                                  |
| 4                               | Transporte e enerxía                                                               | 4                    | Promover a cooperación transnacional e interrexional                                                 |
| 5                               | Desenvolvemento sostible local e urbano                                            | 5                    | Asistencia técnica                                                                                   |
| 6                               | Infraestruturas sociais                                                            |                      |                                                                                                      |
| 7                               | Asistencia técnica e reforzo da capacidade institucional                           |                      |                                                                                                      |
| EIXES C.TERRIT.TRANSFRONTEIRIZA |                                                                                    | EIXES COHESIÓN/FEDER |                                                                                                      |
| 1                               | Fomento da competitividade e promoción do emprego                                  | 1                    | Transportes (F. Cohesión)                                                                            |
| 2                               | Medio ambiente, patrimonio e prevención de riscos                                  | 2                    | Medio ambiente e desenvolvemento sostible (F. Cohesión)                                              |
| 3                               | Ordenación do territorio e accesibilidade                                          | 3                    | Medio ambiente e desenvolvemento sostible (FEDER)                                                    |
| 4                               | Integración socioeconómica e institucional                                         | 4                    | Transporte (FEDER)                                                                                   |
| 5                               | Asistencia técnica ao proceso de cooperación transfronteiriza                      | 5                    | Asistencia técnica (F. Cohesión)                                                                     |

Fonte: elaboración propia.

Nas Táboas 37 e 40 establécese a relación directa entre os obxectivos do MECEGA e os eixes de FEDER, FSE, C. T. Transfronteiriza e Cohesión/FEDER polos que se definirán as actuacións cofinanciáveis por cada fondo. Igual que na análise de sinerxías entre obxectivos, existe unha relación indirecta entre moitos dos Obxectivos Intermedios e as actuacións que se prevé poñer en marcha en cada un dos Eixes recollidos polo MENR. Non obstante, para os efectos da análise de pertinencia, considerouse máis relevante analizar só a relación directa.

Non obstante, cómpre mencionar que todos e cada un dos Obxectivos Intermedios establecidos serán atendidos polas actuacións previstas nalgún dos Eixes FEDER, FSE, CT Transfronteiriza e Cohesión/FEDER.

Destaca o Obxectivo Intermedio 2 “Reforzar o potencial medioambiental rexional como vehículo de desenvolvemento económico sostible, protexendo e mellorando o contorno” que é atendido de forma específica por 5 Eixes dos distintos Fondos: os Eixes 2, 3 e 5 do FEDER, o Eixe 2 da Cooperación Territorial Transfronteiriza e o Eixe 3 da Cohesión/FEDER.

Tamén son relevantes os Obxectivos Intermedios 1, 11, 12 e 14 que se ven atendidos por 3 Eixes.

O esforzo de conversión dunha sociedade baseada no coñecemento debe pasar polo incremento das actividades cuxo destino é mellorar o capital humano dende diferentes perspectivas: a súa capacidade de desenvolvemento de coñecemento cara a actividades de maior valor engadido, tendentes á innovación e á mellora da produtividade; a mellora da capacidade dos traballadores e empresas para adaptarse aos novos cambios na sociedade e, finalmente, a mellora de capital humano dende as súas bases, mellorando a educación e adaptándoa aos novos ámbitos empresariais e ás súas necesidades.

Táboa 37. Vinculación específica dos OI do MECEGA 2007-2013 cos Eixes FEDER, FSE, CTT e Cohesión/FEDER que teñen investimento en Galicia

| OF | OI | EIXES - FEDER |   |   |   |   |   |   | EIXES - FSE |   |   |   |   | EIXES - COOP.T. TRANSF. |   |   |   |   | EIXES - Coh/FEDER |   |   |   |   |
|----|----|---------------|---|---|---|---|---|---|-------------|---|---|---|---|-------------------------|---|---|---|---|-------------------|---|---|---|---|
|    |    | 1             | 2 | 3 | 4 | 5 | 6 | 7 | 1           | 2 | 3 | 4 | 5 | 1                       | 2 | 3 | 4 | 5 | 1                 | 2 | 3 | 4 | 5 |
| 1  | 1  |               |   |   | X |   |   |   |             |   |   |   |   |                         |   | X |   |   | X                 |   |   |   |   |
|    | 8  |               | X |   |   |   |   |   |             |   |   |   |   |                         |   |   | X |   |                   |   |   |   |   |
|    | 14 |               |   | X |   | X |   |   |             | X |   |   |   |                         |   |   |   |   |                   |   |   |   |   |
|    | 16 |               |   |   | X |   |   |   |             |   |   | X |   |                         |   |   |   |   |                   |   |   |   |   |
| 2  | 5  | X             |   |   |   |   |   |   |             |   |   |   |   | X                       |   |   |   |   |                   |   |   |   |   |
|    | 6  | X             | X |   |   |   |   |   |             |   |   |   |   |                         |   |   |   |   |                   |   |   |   |   |
|    | 7  | X             |   |   |   |   |   |   |             |   |   |   |   |                         |   |   |   |   |                   |   |   |   |   |
|    | 12 |               |   |   |   |   |   | X |             |   |   |   | X |                         |   |   |   | X |                   |   |   |   |   |
| 3  | 9  |               |   |   |   |   |   |   |             | X |   |   |   |                         |   |   |   |   |                   |   |   |   |   |
|    | 10 |               |   |   |   |   |   |   | X           |   |   |   |   |                         |   |   |   |   |                   |   |   |   |   |
|    | 11 |               |   |   |   |   | X |   |             | X | X |   |   |                         |   |   |   |   |                   |   |   |   |   |
|    | 13 |               |   |   |   |   | X |   |             | X |   |   |   |                         |   |   |   |   |                   |   |   |   |   |
| 4  | 2  |               | X | X |   | X |   |   |             |   |   |   |   |                         | X |   |   |   |                   |   | X |   |   |
|    | 3  |               |   |   | X |   |   |   |             |   |   |   |   |                         |   |   |   |   |                   |   |   |   |   |
|    | 4  |               |   |   | X |   |   |   |             |   |   |   |   |                         |   |   |   |   |                   |   |   |   |   |
|    | 15 |               |   |   |   | X | X |   |             |   |   |   |   |                         |   |   |   |   |                   |   |   |   |   |

Fonte: elaboración propia.

O resto dos Obxectivos están sendo cubertos por 1 ou 2 Eixes. Seis Obxectivos Intermedios teñen unha relación directa con dous Eixes, e, finalmente, outros cinco Obxectivos Intermedios manteñen unha relación directa e unívoca cun só Eixe.

Na Táboa 38 vincúlanse os Eixes do MECEGA cos Eixes de FEDER, FSE, CTT e Cohesión/FEDER. Obsérvase que todos os eixes dos Fondos comunitarios son atendidos polos do MECEGA.

Destaca o Eixe 2 do MECEGA, referente á competitividade e fomento empresarial, que atende a tres Eixes: o 2 do FEDER, o 1 do FSE e o 1 de CTT.

Así mesmo, o Eixe 4 do MECEGA, relativo ao transporte e enerxía, atende o Eixe 4 do FEDER, o 3 de CTT e o 1 e 4 de Cohesión/FEDER

Os Eixes 5 do FEDER, o 4 de FSE e o 4 de CTT son atendidos polo Eixe 5 do MECEGA, relativo ao desenvolvemento local, urbano e transfronteirizo.

O Eixe 3 do MECEGA, relativo ao Medio ambiente, tamén atende 4 Eixes: o 3 do FEDER, o 2 de CTT e o 2 e 3 de Cohesión/FEDER.

Os Eixes 6 do FEDER e o 2 de FSE son atendidos polo Eixe 6 do MECEGA, relativo á empregabilidade e infraestruturas sociais .

O Eixe 8 do MECEGA, que é o único que atende aos catro Fondos, refírese ao potenciamento das políticas públicas e ao desenvolvemento institucional.

Finalmente, dous Eixes do MECEGA, o 1 e o 7, atenden a un só Eixe, o 1 de FEDER e o 3 de FSE, respectivamente.

*Táboa 38. Relación dos Eixes do MECEGA cos Eixes FEDER, FSE, CTT e Cohesión/FEDER*

| Eixes / MECEGA |                                                      | Eixes / POs |     |     |                             |
|----------------|------------------------------------------------------|-------------|-----|-----|-----------------------------|
| Nº             | Denominación                                         | FEDER       | FSE | CTT | Coh/FD                      |
| 1              | Economía do coñecemento (I+D+i, S Inf, TIC)          | 1           |     |     |                             |
| 2              | Competitividade e fomento empresarial                | 2           | 1   | 1   |                             |
| 3              | Medio ambiente, contorno natural e recursos hídricos | 3           |     | 2   | 2 M Amb COH<br>3 M Amb FD   |
| 4              | Transporte e enerxía                                 | 4           |     | 3   | 1 Transp COH<br>4 Transp FD |
| 5              | Desenvolvemento local, urbano e transfronteirizo     | 5           | 4   | 4   |                             |
| 6              | Empregabilidade e infraestruturas sociais            | 6           | 2   |     |                             |
| 7              | Mellora do capital humano                            |             | 3   |     |                             |
| 8              | Desenvolvemento institucional e políticas públicas   | 7           | 5   | 5   | 5 A T COH                   |

*Fonte: elaboración propia.*

*As conclusións máis importantes son:*

- Corrobórase a validez da estratexia elaborada por Galicia, a través da cal se garante que as actuacións que se enmarcarán dentro dos Obxectivos Intermedios aquí relacionados poderán ser correctamente desenvolvidas mediante as prioridades marcadas polo Goberno español no MENR.
- Queda de manifesto a importancia fundamental dos Obxectivos Intermedios 2 e 14, relacionados co desenvolvemento sostible e equilibrado, o Obxectivo Intermedio 5 relacionado coa I+D+i e os Obxectivos Intermedios relacionados directamente co FSE: OI 10 e OI 11, que encontran aplicación en varios dos Eixes establecidos no MENR.
- Compróbase que a relación entres os Eixes do MECEGA e os Eixes do FEDER, FSE, CTT e Cohesión/FEDER é válida e coherente coa estratexia de Galicia para o novo período de programación comunitaria 2007-2013 en canto á consecución dos obxectivos prefixados.

### 3.6 Coherencia financeira da estratexia do MECEGA 2007-2013

Analizando a distribución do gasto do novo período de programación respecto aos Obxectivos Intermedios fixados no MECEGA obsérvase a concentración da Axuda estrutural, en torno a 4.388 millóns de Euros correntes, nas principais necesidades detectadas no diagnóstico de situación de partida.

Na Táboa 40 pódese apreciar como a orzamentación por Obxectivos Intermedios responde á *xerarquización* dos mesmos, especialmente desde o punto de vista da estratexia planificada pola Xunta, sendo o OI 1 *“Completar a conexión coas redes transeuropeas de transporte, impulsar a intermodalidade e interoperabilidade dos diferentes transportes; mellorar a accesibilidade interior do seu territorio e fomentar a seguridade vial”*, o que contará con maiores recursos, co 22,98% do total da Axuda.

Siguelles o OI 2 *“Reforzar o potencial medioambiental rexional como vehículo de desenvolvemento económico sostible, protexendo e mellorando o contorno”*, co 13,40% da Axuda total do MECEGA.

A estratexia no seu conxunto concentrase ademais destes dous primeiros Obxectivos Intermedios, no OI 5 *“Fortalecer a competitividade das empresas apoiando a investigación e o desenvolvemento tecnolóxico (I+DT)”*, co 8,49% da Axuda, e no OI 7 *“Estender e difundir as tecnoloxías da información, as comunicacións e as plataformas loxísticas, garantindo a penetración no conxunto da sociedade e a dispoñibilidade de infraestruturas”*, co 8,06% da Axuda total.

O OI 13, que está relacionado coa prevención no mercado de traballo, representa o 7,53% da Axuda total.

OI 10 *“Contribuír a adaptabilidade dos traballadores mellorando as cualificacións necesarias para a economía do coñecemento e que permitan prolongar a vida laboral”*, representa o 6,81% da Axuda do Marco estratéxico.

Os desequilibrios territoriais existentes en Galicia serán atendidos polo OI 14 *“Apoiar o desenvolvemento equilibrado das zonas urbanas e rurais atendendo os seus problemas socioeconómicos e ambientais”*, co 6,34% da Axuda. O OI 8, relacionado co apoio ao investimento empresarial, atenderá o 5,72% da Axuda

A continuación destaca o OI 16 *“Fomentar a cooperación transfronteiriza, transnacional e interrexional centrando as actuacións en apoio do crecemento e a creación de emprego, e concretamente mellorando a interconexión física e intanxible dos territorios”*, co 5,54% da Axuda, mentras que o OI 6, vinculado coa innovación empresarial, representa o 4,57 da Axuda total do Marco.

Despóis figuran o OI 11, relacionado ca mellora dos sistemas de formación e educación, que atenderá o 3,69% da Axuda e o OI 9, relacionado coa participación no mercado laboral, que representa o 2,29% da Axuda total.

O OI 15 *“Complementar as políticas sectoriais, especialmente na dotación de servizos de interese económico xeral e no desenvolvemento económico sostible de zonas de alto potencial de crecemento”*, o OI 4 *“Reducir a dependencia enerxética e optimizar os recursos enerxéticos existentes (enerxías renovables)”*, o OI 12 *“Reforzar a capacidade de xestión da administración rexional en apoio á eficacia e transparencia na execución e avaliación de políticas públicas”* e o OI. 3 *“Favorecer o uso de modos de transporte menos contaminantes que contribúan á mobilidade sostible”*, son os que, polo seu carácter específico, recibirán menos dotación, o 1,62%, 1,58%, 0,82% e 0,58% do total da Axuda, respectivamente.

A análise da estratexia conxunta de ambas Administracións, por unha parte, a Xunta, que xestionará unha Axuda estimada de 1.407 millóns de Euros correntes, e por outra parte a AGE, que xestionará unha Axuda indicativa de 2.980 millóns de Euros correntes, mostra o carácter complementario da xestión financeira dos Programas Operativos do MECEGA, podendo comprobarse que todos os Obxectivos Intermedios están cubertos con financiación estrutural, ben sexa polo FEDER, FSE, CTT, ou Cohesión/FEDER e que gardan coherencia coa política de cohesión da UE para o septenio 2007-2013.

| Táboa 39. Coherencia financeira da estratexia do MECEGA 2007-2013 por OI (Axuda, Meuros Correntes) |                                                                                                                                                                                                                                |                |                |                |            |
|----------------------------------------------------------------------------------------------------|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|----------------|----------------|----------------|------------|
| OI                                                                                                 | DENOMINACIÓN                                                                                                                                                                                                                   | Axuda XUNTA    | Axuda AGE      | TOTAL          | % OI/Total |
| 1                                                                                                  | Completar a conexión coas redes transeuropeas de transporte; impulsar a intermodalidade e interoperabilidade dos diferentes transportes; mellorar a accesibilidade interior do seu territorio e fomentar a seguridade vial.    | 232,3          | 776,0          | 1.008,3        | 22,98      |
| 2                                                                                                  | Reforzar o potencial medioambiental rexional como vehículo de desenvolvemento económico sostible, protexendo e mellorando o contorno                                                                                           | 241,0          | 347,0          | 587,9          | 13,40      |
| 3                                                                                                  | Favorecer o uso de modos de transporte menos contaminantes que contribúan á mobilidade sostible                                                                                                                                | 22,2           | 3,1            | 25,3           | 0,58       |
| 4                                                                                                  | Reducir a dependencia enerxética e optimizar os recursos enerxéticos existentes (enerxías renovables).                                                                                                                         | 51,9           | 17,4           | 69,3           | 1,58       |
| 5                                                                                                  | Fortalecer a competitividade das empresas apoiando a investigación e o desenvolvemento tecnolóxico (I+DT).                                                                                                                     | 57,6           | 315,0          | 372,7          | 8,49       |
| 6                                                                                                  | Fomentar a innovación empresarial e impulsar as iniciativas de cooperación empresarial orientadas cara á produción, a difusión e a utilización de novos coñecementos polas empresas.                                           | 89,4           | 111,3          | 200,7          | 4,57       |
| 7                                                                                                  | Estender e difundir as tecnoloxías da información, as comunicacións e as plataformas lóxicas, garantindo a penetración no conxunto da sociedade e a dispoñibilidade de infraestruturas.                                        | 134,8          | 218,7          | 353,5          | 8,06       |
| 8                                                                                                  | Apoiar o investimento empresarial en aras dunha mellora na proxección internacional e no acceso ao financiamento.                                                                                                              | 111,5          | 139,3          | 250,8          | 5,72       |
| 9                                                                                                  | Aumentar a participación no mercado laboral e mellorar a calidade e a produtividade do traballo, impulsando a igualdade de oportunidades e a inclusión social dos colectivos máis desfavorecidos.                              | 69,4           | 31,1           | 100,5          | 2,29       |
| 10                                                                                                 | Contribuír a adaptabilidade dos traballadores mellorando as cualificacións necesarias para a economía do coñecemento e que permitan prolongar a vida laboral.                                                                  | 107,6          | 191,1          | 298,7          | 6,81       |
| 11                                                                                                 | Mellorar e adaptar os sistemas de educación e formación de acordo coas necesidades reais da sociedade, a economía e as empresas.                                                                                               | 149,0          | 12,8           | 161,8          | 3,69       |
| 12                                                                                                 | Reforzar a capacidade de xestión da administración rexional en apoio a eficacia e transparencia na execución e avaliación de políticas públicas.                                                                               | 13,7           | 22,3           | 36,0           | 0,82       |
| 13                                                                                                 | Reforzar o investimento na promoción e prevención no mercado de traballo e no benestar sanitario.                                                                                                                              | 33,7           | 296,7          | 330,4          | 7,53       |
| 14                                                                                                 | Apoiar o desenvolvemento equilibrado das zonas urbanas e rurais atendendo os seus problemas socioeconómicos e ambientais.                                                                                                      | 22,8           | 255,4          | 278,2          | 6,34       |
| 15                                                                                                 | Complementar as políticas sectoriais, especialmente na dotación de servizos de interese económico xeral e no desenvolvemento económico sostible de zonas de alto potencial de crecemento.                                      | 59,9           | 11,0           | 71,0           | 1,62       |
| 16                                                                                                 | Fomentar a cooperación transfronteiriza, transnacional e interrexional centrando as actuacións en apoio do crecemento e a creación de emprego, e concretamente mellorando a interconexión física e intanxible dos territorios. | 10,8           | 232,5          | 243,3          | 5,54       |
| <b>Total Axuda</b>                                                                                 |                                                                                                                                                                                                                                | <b>1.407,6</b> | <b>2.980,9</b> | <b>4.388,5</b> | <b>100</b> |

Fonte: elaboración propia.

Nota: falta por incorporar ao MECEGA 2007-2013 a parte sin cuantificar do F. Cohesión/FEDER ( Vilagarcía de Arousa, Marín-Ría de Pontevedra, Ferrol-San Cibrao e Vigo)

### **3.7 Coherencia externa do MECEGA 2007-2013**

Analízase a continuación a validez da vinculación que teñen os Obxectivos Intermedios do MECEGA coas Directrices Comunitarias e co PNR.

#### **3.7.1 Análise da pertinencia entre a estratexia do MECEGA e as Directrices Estratéxicas Comunitarias 2007-2013**

A análise de pertinencia serve para analizar o equilibrio entre os Obxectivos Intermedios do MECEGA e as prioridades estratéxicas en materia de cohesión en apoio ao crecemento e o emprego.

Polo tanto, para asegurarse a coherencia entre os Obxectivos Intermedios de Galicia para 2007-2013 e os europeos propúxose unha relación entre estes e as Directrices Estratéxicas Comunitarias para o Crecemento e o Emprego (Táboa 40).

No que atinxe á Directriz 1, *“Facer de Europa e das súas rexións lugares máis atractivos nos que investir e traballar”*, que será atendida polos OI 1, 2, 3 e 4 do MECEGA, Galicia aínda adoece dun importante déficit de infraestruturas que limita as súas oportunidades de crecemento e de competitividade fronte ao exterior. En materia de transporte Galicia daralles prioridade a aqueles proxectos destinados a completar as conexións coas redes transeuropeas de transporte e a mellorar a intermodalidade e interoperabilidade dos seus diferentes sistemas de transporte. Con respecto ás políticas de medio ambiente, Galicia reforzará o seu potencial rexional como vehículo de desenvolvemento económico, sen esquecer a protección e mellora do seu contorno. Polo seu elevado potencial en materia de enerxías renovables, Galicia traballará na redución da súa dependencia enerxética e no fomento da investigación e a utilización de novas fontes de enerxías renovables.

Con respecto á Directriz 2, *“Mellorar os coñecementos e a innovación en favor do crecemento”*, que será atendida polos OI 5, 6, 7 e 8 do MECEGA, Galicia atópase aínda moi lonxe de conseguir os obxectivos europeos fixados para 2010 en materia de economía do coñecemento. Os seus indicadores de investigación, desenvolvemento tecnolóxico, sociedade da información e innovación amosan importantes déficits con respecto á media das rexións europeas, e a súa dificultade para dotarse de infraestruturas empresariais de vangarda, agravado polo difícil acceso ao financiamento das súas empresas, debilita tanto o desenvolvemento das empresas existentes no territorio como as súas potencialidades de converterse nun foco de atracción de investimento nacional e estranxeiro.

Por estes motivos os esforzos de Galicia para o próximo período de financiamento centraranse no aumento do investimento en I+D, sobre todo por parte das súas empresas, no fomento da innovación empresarial como fonte de competitividade, na extensión da Sociedade da Información en todos os ámbitos da sociedade, e por último na mellora das oportunidades de financiamento por parte das súas empresas.

Táboa 40. Coherencia entre os OI do MECEGA 2007-2013 coas Directrices Estratéxicas Comunitarias, PNR, Eixes FEDER, FSE, CTT e Coh/FD

| MECEGA |                                                                                                                                                                                                                                    | DEC Obxectivos                                                                                    | DEC / Medidas                                                                                     | Eixes PNR                                                      | Eixes MENR |            |     |               |
|--------|------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|---------------------------------------------------------------------------------------------------|---------------------------------------------------------------------------------------------------|----------------------------------------------------------------|------------|------------|-----|---------------|
| OF     | OI                                                                                                                                                                                                                                 |                                                                                                   |                                                                                                   |                                                                | FEDER      | FSE        | CTT | Coh/Fd        |
| 1      | 1. Completar a conexión coas redes transeuropeas de transporte; impulsar a intermodalidade e interoperabilidade dos diferentes transportes; mellorar a accesibilidade interior do seu territorio e fomentar a seguridade vial.     | <b>D1 Facer de Europa e das súas rexións lugares máis atractivos nos que investir e traballar</b> | Ampliar e mell as infraest e o sistema de transporte                                              | 2 PEIT Y AGUA                                                  | 4          |            | 3   | 1 Coh<br>4 Fd |
| 4      | 2. Reforzar o potencial medioambiental rexional como vehículo de desenvolvemento económico sostible, protexendo e mellorando o contorno                                                                                            |                                                                                                   | Reforzar as sinerxias entre protección do medio ambiente e crecemento                             |                                                                | 2, 3 e 5   |            | 2   | 2 Coh<br>3 Fd |
| 4      | 3. Favorecer o uso de modos de transporte menos contaminantes que contribúan á mobilidade sostible                                                                                                                                 |                                                                                                   |                                                                                                   |                                                                | 4          |            |     |               |
| 4      | 4. Reducir a dependencia enerxética e optimizar os recursos enerxéticos existentes (enerxías renovables).                                                                                                                          |                                                                                                   | Tratar uso int fontes de ener tradicionais en Eur                                                 |                                                                | 4          |            |     |               |
| 2      | 5. Fortalecer a competitividade das empresas apoiando a investigación e o desenvolvemento tecnolóxico (I+DT).                                                                                                                      | <b>D2 Mellorar os coñecementos e a innovación a favor do crecemento</b>                           | Aumentar e mellorar o investimento en I+D+i                                                       | 4 INXENIO 2010                                                 | 1          |            | 1   |               |
| 2      | 6. Fomentar a innovación empresarial e impulsar as iniciativas de cooperación empresarial orientadas cara á produción, a difusión e a utilización de novos coñecementos polas empresas.                                            |                                                                                                   | Facilitar a innov e pr a iniciativa empresarial                                                   | 4 INXENIO 2010<br>7 Plan de Fomento Empresarial                | 1<br>2     |            |     |               |
| 2      | 7. Estender e difundir as tecnoloxías da información, as comunicacións e as plataformas loxísticas, garantindo a penetración no conxunto da sociedade e a dispoñibilidade de infraestruturas.                                      |                                                                                                   | Promover a sociedade da información para todos                                                    | 4 INXENIO 2010                                                 | 1          |            |     |               |
| 1      | 8. Apoiar o investimento empresarial en aras dunha mellora na proxección internacional e no acceso ao financiamento.                                                                                                               |                                                                                                   | Mellorar o acceso ao financiamento                                                                | 7 Plan de Fomento Empresarial                                  | 2          |            | 4   |               |
| 3      | 9. Aumentar a participación no mercado laboral e mellorar a calidade e a produtividade do traballo, impulsando a igualdade de oportunidades e a inclusión social dos colectivos máis desfavorecidos.                               | <b>D3 Máis e mellores postos de traballo</b>                                                      | Atraer a máis persoas para que se incorporen ao mercado laboral                                   | 6 Mercado de traballo e diálogo social                         |            | 2          |     |               |
| 3      | 10. Contribuír a adaptabilidade dos traballadores mellorando as cualificacións necesarias para a economía do coñecemento e que permitan prolongar a vida laboral.                                                                  |                                                                                                   | Mell adaptab traballadores e empresas e a flex do m lab                                           | 6 Mercado de traballo e diálogo social                         |            | 1          |     |               |
| 3      | 11. Mellorar e adaptar os sistemas de educación e formación de acordo coas necesidades reais da sociedade, a economía e as empresas.                                                                                               |                                                                                                   | Aumentar investimento en cap hum mell a educación e as cualificacións                             | 6 Mer traballo e diálogo social<br>3 Mellora do capital humano | 6          | 2<br>3     |     |               |
| 2      | 12. Reforzar a capacidade de xestión da administración rexional en apoio a eficacia e transparencia na execución e avaliación de políticas públicas.                                                                               |                                                                                                   | Capacidade administrativa                                                                         | 5 Eficiencia das Adm. Púb.                                     | 7          | 5          | 5   | 5 Coh         |
| 3      | 13. Reforzar o investimento na promoción e prevención no mercado de traballo e no benestar sanitario.                                                                                                                              |                                                                                                   | Atraer a máis persoas para que se incorporen ao m lab<br>Axudar a manter unha poboación activa sá | 6 Mercado de traballo e diálogo social                         | 6          | 2          |     |               |
| 1      | 14. Apoiar o desenvolvemento equilibrado das zonas urbanas e rurais atendendo os seus problemas socioeconómicos e ambientais.                                                                                                      | <b>Outros obxectivos, que inclúen a dimensión territorial</b>                                     | A contribución das cidades ao crec e o empr                                                       | 6 Mer traballo e diálogo social                                |            | 3 e 5<br>2 |     |               |
| 4      | 15. Complementar as políticas sectoriais, especialmente na dotación de servizos de interese económico xeral e no desenvolvemento económico sostible de zonas de alto potencial de crecemento.                                      |                                                                                                   | Apoiar a diversificación económica das zonas rurais                                               |                                                                | 5 e 6      |            |     |               |
| 1      | 16. Fomentar a cooperación transfronteiriça, transnacional e interrexional centrando as actuacións en apoio do crecemento e a creación de emprego, e concretamente mellorando a interconexión física e intanxible dos territorios. |                                                                                                   | Prom a cooper europea a favor do desenvolvemento econ                                             | 6 Mer traballo e diálogo social                                | 4          | 4          |     |               |

Fonte: elaboración propia.

En relación coa *Directriz 3, “Máis e mellores postos de traballo”*, que será atendida polos OI 9, 10, 11, 12 e 13 do MECEGA, Galicia deberá optar por un modelo de crecemento baseado nunha maior cualificación laboral, que responda ás características internas do seu tecido empresarial e que saiba facerlle fronte a un contexto internacional cada vez máis competitivo. Os obxectivos de Galicia para 2007-2013 responden así aos obxectivos e prioridades fixados polo Fondo Social Europeo, co obxectivo de crear un mercado de traballo máis dinámico e máis inclusivo, que ofrezca estabilidade e oportunidades de crecemento profesionais.

Os Obxectivos Intermedios do MECEGA 14, 15 e 16 responden ao enfoque territorial intrínseco á política de cohesión, e afectan de forma directa e indirecta ao conxunto das directrices mencionadas. Refírense polo tanto ás subdirectrices de contribución das cidades ao crecemento e ao emprego, o apoio á diversificación económica das zonas rurais e a cooperación transfronteiriza, transnacional e interrexional como instrumento de mellora da competitividade e o coñecemento.

Este enfoque, que se potenciou para este novo período de financiamento, descansa no feito de que unha das características determinantes da política de cohesión reside na súa capacidade para adaptarse ás necesidades e características particulares derivadas dos problemas e oportunidades específicos de cada realidade territorial, para impedir un desenvolvemento europeo desequilibrado que obstaculice todo o seu potencial de crecemento.

A dimensión territorial é dunha especial importancia polas zonas rurais e urbanas, e con máis razón nunha realidade xeográfica como a galega, caracterizada polo despoboamento do medio rural e un constante pero pouco cohesionado crecemento das súas cidades.

Neste sentido, o Obxectivo Intermedio 16 adscíbese ao novo pulo que a Unión Europea lle quere dar á cooperación en favor do crecemento e á integración harmónica e equilibrada do conxunto do territorio da Unión Europea.

No marco desta cooperación Galicia promoverá o *networking* (*Redes de cooperación*) e intercambio de experiencias e terá como eixes de acción a I+D e a transmisión de coñecementos, a colaboración na posta en marcha de proxectos de infraestrutura física de envergadura que permitan mellorar a conexión con redes de transporte europeas e, por último, o medio ambiente, especialmente con relación á xestión integrada da auga.

Así, segundo o establecido nos Regulamentos (CE) N<sup>os</sup> 1080/2006, 1081/2006, 1082/2006 e 1084/2006 relativos a FEDER, FSE, CT Transfronteiriza e Cohesión/FEDER respectivamente, Galicia promoverá o desenvolvemento urbano sostible con accións de fortalecemento do crecemento económico, a renovación do contorno físico, a preservación e revitalización do patrimonio natural e cultural, o fomento do espírito empresarial e o emprego.

No medio rural as políticas de cohesión postas en marcha tamén apoiarán de xeito decisivo a rexeneración económica das zonas rurais, complementando as accións apoiadas polo novo fondo de desenvolvemento rural (FEADER), en materia de revitalización e modernización de sectores económicos, fomento do emprego e a prestación de servizos de interese económico xeral. Nas zonas costeiras dependentes da pesca, as accións do FEDER deberán complementarse coas do novo Fondo Europeo da Pesca (FEP).

### **3.7.2 Análise da pertinencia entre os OI do MECEGA e o PNR**

Co fin de acadar os obxectivos mencionados na Estratexia de Lisboa, o Goberno español decidiu estruturar a súa política económica ao redor de sete eixes fundamentais, que conforman o Programa Nacional de Reformas, e que responden ás vinte e catro Directrices Integradas para o Crecemento e o Emprego da nova Estratexia de Lisboa.

Os eixes recollidos no Plan Nacional de Reformas son os seguintes:

- Eixe 1. Reforzo da Estabilidade Macroeconómica e Orzamentaria.
- Eixe 2. O Plan Estratéxico de Infraestruturas e Transporte (PEIT) e do Programa de Actuacións para a Xestión e Utilización da Auga (AGUA).
- Eixe 3. Aumento e mellora do capital humano.
- Eixe 4. A estratexia de I+D+i (INXENIO 2010).
- Eixe 5. Máis competencia, mellor regulación, eficiencia das administracións públicas e competitividade.
- Eixe 6. Mercado de Traballo e Diálogo Social.
- Eixe 7. O Plan de Fomento Empresarial.

Este apartado analiza a coherencia da formulación estratéxica galega coa Estratexia de Lisboa, traducida polo Goberno español no seu Programa Nacional de Reformas 2005-2010. Esta análise é fundamental para asegurar que a implementación dos obxectivos de Galicia producirá efectos beneficiosos sobre o conxunto do territorio europeo, corroborando aínda máis a súa validez.

Tal como reflicte a Táboa 41, os 16 Obxectivos Intermedios do MECEGA atenden de forma coherente todas as Directrices Comunitarias. Por outra banda, contribúe á execución dun gran número de Eixes do PNR, concretamente os Eixes 2 (Obxectivos 1 a 4), Eixe 3 (Obxectivo 11), Eixe 4 (Obxectivos 5, 6 e 7), Eixe 5 (Obxectivo 12), Eixe 6 (Obxectivos 9, 10, 11, 13, 14 e 16) e Eixe 7 (Obxectivos 6 e 8).

Pódese polo tanto apreciar como a formulación estratéxica dos obxectivos de Galicia está en liña coas Directrices Estratéxicas da Unión Europea, e cos Eixes do Programa Nacional de Reformas.

Como se pode observar, o Eixe 1 do PNR, Reforzo da Estabilidade Macroeconómica e Orzamentaria, é o único que non se ve afectado por ningún dos

obxectivos propostos na estratexia galega do MECEGA. Este Eixe responde a unha dimensión macroeconómica que se afasta do ámbito de actuación estrito da política de cohesión. Con todo, todas as actuacións que se levarán a cabo en Galicia no marco do financiamento europeo contribuirán, aínda de xeito indirecto, á consecución dunha maior estabilidade económica para o conxunto da rexión.

Así, a través dos Obxectivos Intermedios 1, 2, 3 e 4 do Plan responderase ao Eixe 2 do PNR, Plan Estratéxico de Infraestruturas e Transporte (PEIT) e do Programa de Actuacións para a Xestión e Utilización da Auga (AGUA), cuxo obxectivo é acometer os investimentos necesarios para mellorar a accesibilidade e a intermodalidade dos sistemas de transporte e velar pola protección do medio ambiente e a xestión dos recursos naturais, en especial da auga.

O Obxectivo Intermedio 11 reflíctense no Eixe 3 do PNR, Aumento e Mellora do Capital Humano orientado cara á mellora do sistema educativo e formativo e a adaptación da educación á Sociedade da Información. Este obxectivo atopa a súa materialización e contribución naquelas actuacións cofinanciadas principalmente polo FSE, aínda que nas rexións Converxencia, como Galicia, estas accións veranse reforzadas polo FEDER, mediante as axudas á construción de infraestruturas sociais.

Os Obxectivos Intermedios 5, 6 e 7 veñen darlle resposta ao Eixe 4 do PNR, a estratexia de I+D+i (INGENIO 2010) destinado ao desenvolvemento da economía do coñecemento. Neste sentido Galicia a través da aplicación do seu Plan Galego de I+D+i e o Plan Galego de Sociedade da Información proporcionará un novo pulo á I+D+i e á adaptación cara ás novas tecnoloxías da información na rexión.

O Eixe 5 do PNR, Máis competencia, mellor regulación, eficiencia das administracións públicas e competitividade, ao igual ca o Eixe 1, pertence a unha dimensión máis macroeconómica ca a desenvolvida pola política de cohesión, aínda que este Eixe se pode relacionar cos obxectivos de mellora da capacidade de xestión das administracións públicas, e encontrar a súa aplicación en Galicia grazas a aquelas actuacións relacionadas co Obxectivo Intermedio 12 do MECEGA.

Os Obxectivos de mellora da empregabilidade e do mercado do traballo establecidos no Eixe 6 do PNR, Mercado de Traballo e Diálogo Social, encontran a súa correspondencia cos Obxectivos 9, 10, 11, 13, 14 e 16. A través da implantación das actuacións en materia de igualdade de oportunidades, mellora da adaptabilidade e das axudas específicas a aqueles colectivos máis desfavorecidos, Galicia contribuirá á mellora da súa masa laboral e á prolongación da súa vida activa.

Galicia contribuirá ao Eixe 7 do PNR, o Plan de Fomento Empresarial, a través da consecución dos Obxectivos Intermedios 6 e 8 do MECEGA, polos cales se afrontará o déficit de desenvolvemento empresarial da rexión, fomentarase a competitividade das empresas de cara ao exterior e potenciarase a innovación e o espírito empresarial.

Por último cómpre sinalar que os Obxectivos 14, 15 e 16 son os que de modo máis representativo veñen responder á dimensión territorial que caracteriza a política de cohesión

europea. A política de cohesión configúrase como o principal instrumento político e económico para a consecución dun desenvolvemento harmonioso e sostible do conxunto da Unión Europea, prestando unha especial atención a todas aquelas realidades territoriais que un espazo xeográfico tan heteroxéneo e complexo como o europeo presenta. Por este motivo estes obxectivos non contan cunha presenza directa no Programa Nacional de Reformas, que carece de dimensión territorial, aínda que se configuran como algúns dos principais obxectivos da nova política de cohesión, tal e como se recolle nas Directrices Estratéxicas Comunitarias.

*As conclusións máis importantes son:*

- A formulación estratéxica dos obxectivos de Galicia está en liña coas Directrices Estratéxicas da Unión Europea. Para cada unha das DE establecidas pola UE estableceuse un obxectivo xeral que adapta o enfoque estratéxico á realidade de Galicia converténdoo nun punto fundamental do MECEGA.
- Valórase a inclusión do enfoque da dimensión territorial na súa estratexia xa que responde á realidade xeográfica galega, caracterizada polo despoboamento do medio rural e un constante pero pouco cohesionado crecemento das súas cidades.
- Os Obxectivos 14, 15 e 16 son os que de maneira máis representativa responden á dimensión territorial que caracteriza a política de cohesión europea. Aínda que non encontren unha correspondencia directa no Programa Nacional de Reformas, que carece de dimensión territorial, configúranse como algúns dos principais obxectivos da nova política de cohesión.
- A tradución dos Obxectivos Intermedios en Obxectivos específicos e cuantitativos efectúase a nivel operativo, co fin de que respondan de xeito máis concreto ás necesidades da rexión e de poder realizar un seguimento da estratexia de intervención estrutural na rexión a 2010 e 2013.

### **3.8 Complementariedade do MECEGA 2007-2013 con outros plans autonómicos e estatais**

A estratexia recollida no MECEGA é coherente cos plans estratéxicos e de desenvolvemento en vigor actualmente en Galicia e no territorio estatal. A continuación recóllense aqueles relacionados cos ámbitos estruturais de actuación (Táboa 41).

Táboa 41. Principais plans estatais e autonómicos a desenvolver en Galicia

| NOME DO PLAN                                                             | ÁMBITO                               | AGE/CC.AA/LOCAL |
|--------------------------------------------------------------------------|--------------------------------------|-----------------|
| Plan Estratéxico Galego da Sociedade da Información (PEGSI) 2007 - 2010  | Transporte, accesibilidade e enerxía | CC.AA.          |
| Plan galego de I+D+i PGIDIT 2006 - 2010                                  |                                      | CC.AA.          |
| Plan Estratégico de las Infraestructuras del Transporte 2005-2020 (PEIT) |                                      | AGE             |
| Plan Estratéxico de Portos de Galicia 2005 - 2008                        |                                      | CC.AA.          |
| Plan de Energías Renovables (PER)                                        |                                      | AGE             |
| Estrategia para el fomento de la Eficiencia Energética en España (E4)    |                                      | AGE             |
| Pláns sectoriais "Solar" e "Biomasa"                                     |                                      | CC.AA.          |
| NOME DO PLAN                                                             | ÁMBITO                               | AGE/CC.AA/LOCAL |
| Plan territorial de continxencias por contaminación mariña               | Medio ambiente e sostenibilidade     | CC.AA.          |
| Plan de xestión de residuos sólidos urbanos de Galicia                   |                                      | CC.AA.          |
| Plan de recuperación de ecosistemas fluviais                             |                                      | CC.AA.          |
| Plan de Concentración Parcelaria                                         |                                      | CC.AA.          |
| NOME DO PLAN                                                             | ÁMBITO                               | AGE/CC.AA/LOCAL |
| Plan de vivenda 2005 - 2008                                              | Equipamento de servizos primarios    | CC.AA.          |
| Plan de Saúde 2006-2010                                                  |                                      | CC.AA.          |
| Plan Estratéxico de seguridade vial 2005 - 2008                          |                                      | CC.AA.          |
| NOME DO PLAN                                                             | ÁMBITO                               | AGE/CC.AA/LOCAL |
| Programa de Desenvolvemento Rural de Galiza (PDR) 2007 - 2013            | Medio rural e Pesca                  | CC.AA.          |
| Programa Estratéxico de Infraestructuras do Medio rural PEIM 2006 - 2009 |                                      | CC.AA.          |
| Programa para o sector da pesca en España 2007-2013                      |                                      | CC.AA./AGE      |
| NOME DO PLAN                                                             | ÁMBITO                               | AGE/CC.AA/LOCAL |
| Plan de renovación e mellora do comercio galego                          | Dinamización económica e turismo     | CC.AA.          |
| Plan estatal de mejora de calidad del comercio                           |                                      | AGE             |
| Plan Estratéxico de Emprego 2006 - 2008                                  |                                      | CC.AA.          |
| Planes de excelencia turística Lugo 2004 - 2006                          |                                      | LOCAL/AGE       |
| Plan de Reequilibrio Territorial de Galicia 2007-2010                    |                                      | CC.AA.          |
| NOME DO PLAN                                                             | ÁMBITO                               | AGE/CC.AA/LOCAL |
| Plan Estratéxico do Concello de Lugo                                     | Local                                | LOCAL           |
| Plan Estratéxico da Costa da Morte 2006 - 2010                           |                                      | LOCAL           |
| Plan Estratéxico de Vigo e a súa área funcional 2010                     |                                      | LOCAL           |
| Plan Estratéxico do Val do Miño                                          |                                      | LOCAL           |
| Plan Estratéxico Ourense 2010                                            |                                      | LOCAL           |
| Plan Estratéxico da provincia de Pontevedra 2010                         |                                      | LOCAL           |
| Plan Estratéxico provincial de A Coruña 2004 - 2013                      |                                      | LOCAL           |

Fonte : elaboración propia.

### 3.9 Complementariedade do MECEGA 2007-2013 co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER)

O Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural contribuirá á realización dos tres obxectivos correspondentes aos tres Eixes de desenvolvemento rural definidos a nivel comunitario, é dicir:

- Mellora da competitividade da agricultura e a silvicultura a través da axuda á reestruturación.
- Mellora do medio ambiente e do espazo rural a través da axuda á xestión territorial.
- Mellora da calidade de vida nas zonas rurais e fomento da diversificación das actividades económicas.

A intervención do Fondo complementa as actuacións nacionais, rexionais e locais e contribúe ao logro das prioridades comunitarias. A Comisión e os Estados membros deben así mesmo garantir a coherencia entre a asistencia procedente deste Fondo e dos Estados

membros, coas actuacións, as políticas e as prioridades da Comisión e coas medidas financiadas con cargo ao Fondo Europeo Agrícola de Garantía (FEOGA-G).

A complementariedade entre o MECEGA e o FEADER ven determinada pola correspondencia entre ambos os dous Programas, fundamentalmente entre os Eixes dos Fondos FEDER e FSE do MECEGA e as medidas de FEADER.

O financiamento a cargo do FEDER/MECEGA comprende unha serie de actuacións que poden potenciar, de forma significativa, os efectos positivos da programación con cargo ao FEADER. Así, tal e como recolle o Plan Estratéxico Nacional de Desenvolvemento Rural (PENDR), o FEDER/MECEGA poderá contribuír ao obxectivo de desenvolvemento rural, a través de actuacións como:

- Actuacións en zonas Natura 2000, tanto agrarias como forestais, entre elas o desenvolvemento das infraestruturas rurais, tales como camiños.
- A rehabilitación das zonas rurais.
- A atención aos núcleos illados.
- A recuperación de chans e espazos.

Se se analiza a complementariedade entre os Eixes do MECEGA e os do FEADER, obsérvase que o Eixe 1 dedicado á economía do coñecemento, fundamentalmente a través das categorías de gasto 2 e 7 do FEDER / MECEGA, se encadra nos mesmos ámbitos de actuación, se ben no sector agrícola está relacionado coas medidas 1.2.3, 1.2.4 e 1.2.5. do FEADER, encamiñadas á mellora do valor engadido dos produtos agrícolas e silvícolas e ao desenvolvemento de novos produtos, procesos e tecnoloxías na agricultura, a alimentación e a silvicultura. (Táboa 42)

No FEADER, as axudas a empresas do sector agrícola e gandeiro para a mellora da súa competitividade, así como as dirixidas á comercialización de produtos agrícolas e forestais contribúen á complementariedade co MECEGA. Exemplos diso son as actuacións das medidas 2.1.4 (Eixe 2) e 3.1.2 (Eixe 3) do fondo agrícola que destinan axudas aos produtores agrarios para que establezan métodos de produción respectuosos co medio ambiente (en liña coa categoría 6 (Eixe 2) do FEDER/MECEGA) e á creación e desenvolvemento de microempresas no medio rural (en liña coa categoría 8 do FEDER/MECEGA), respectivamente.

Táboa 42. Complementariedade do FEDER/MECEGA coas intervencións do FEADER 2007-2013

| Eixes<br>MECEGA | Eixes PO FEADER                                       |                                                                       |                                            |                                                 |                                  |                                                                               |                                           |                                            |
|-----------------|-------------------------------------------------------|-----------------------------------------------------------------------|--------------------------------------------|-------------------------------------------------|----------------------------------|-------------------------------------------------------------------------------|-------------------------------------------|--------------------------------------------|
|                 | Eixe 1. Mellora da competitividade do sector agrícola |                                                                       |                                            | Eixe 2. Mellora do medio ambiente e medio rural |                                  | Eixe 3. Calidade de vida nas zonas rurais e diversificación da economía rural |                                           | Eixe 4. Aplicación metodolóxica LEADER     |
|                 | Promover o coñecemento e mellorar o potencial humano  | Reestruturar e desenvolver o potencial físico e promover a innovación | Mellorar a calidade dos produtos agrícolas | Utilización sostible de terras agrícolas        | Uso sostible de terras forestais | Diversificar a economía rural                                                 | Mellorar calidade de vida en zonas rurais | Mellora da competitividade no sector rural |
| Eixe 1          |                                                       | 1.2.3 1.2.4<br>1.2.5                                                  |                                            |                                                 |                                  |                                                                               |                                           |                                            |
| Eixe 2          |                                                       |                                                                       | 1.3.2                                      | 2.1.4                                           |                                  | 3.1.2                                                                         |                                           | 4.10                                       |
| Eixe 3          |                                                       |                                                                       |                                            | 2.1.6                                           | 2.2.6                            |                                                                               |                                           |                                            |
| Eixe 4          |                                                       |                                                                       |                                            |                                                 |                                  |                                                                               |                                           |                                            |
| Eixe 5          |                                                       |                                                                       |                                            | 2.1.6                                           | 2.2.7                            | 3.1.3                                                                         | 3.2.3                                     | 4.10                                       |
| Eixe 6          |                                                       |                                                                       |                                            |                                                 |                                  |                                                                               | 3.2.1                                     |                                            |
| Eixe 7          |                                                       |                                                                       |                                            |                                                 |                                  |                                                                               |                                           |                                            |
| Eixe 8          |                                                       |                                                                       |                                            |                                                 |                                  |                                                                               |                                           |                                            |

Fonte: elaboración propia.

A conservación do patrimonio natural é unha área de actuación conxunta, na que destaca a restauración do potencial silvícola e a introducción de accións de prevención da medida 2.2.6. do FEADER, complementarias ás da categoría 53 do Eixe 3 de medio ambiente do FEDER / MECEGA, que contempla a prevención de riscos ambientais, que neste ámbito se refire fundamentalmente aos incendios forestais.

O Eixe 5 do MECEGA, relativo o desenvolvemento local, urbano e transfronteirizo, en tanto que persegue a cohesión territorial, fomentando o crecemento económico dende o punto de vista sostible e facendo uso dos recursos endóxeos para diversificar a actividade do contorno local, complementase coas actuacións do FEADER previstas no Plan de Desenvolvemento Rural de Galicia (PDR) 2007-2013.

O FEADER no seu Eixe 2 contempla axudas destinadas a manter ou recuperar elementos históricos, patrimoniais, paisaxísticos ou de recreo público en zonas Natura 2000 ou noutras zonas de alto valor natural (medida 2.1.6), así como para o fomento do uso recreativo e social dos montes, mediante o establecemento de rutas, aulas forestais ou centros de interpretación (medida 2.2.7), que se complementan coas actuacións contempladas no ámbito das categorías de gasto 55 e 56 (do Eixe 3 do PO FEDER / MECEGA).

A diversificación da economía rural a través do fomento de actividades turísticas é así mesmo un campo complementario entre ambos os dous fondos, para a posta en valor e uso turístico de recursos patrimoniais e naturais do contorno rural, con actuacións no ámbito da medida 3.1.3 do FEADER e da categoría 57 do FEDER/MECEGA.

Por outra banda, o fomento de estratexias de desenvolvemento local, contemplado por FEADER no seu Eixe 4, formula actuacións complementarias ás do Eixe 5 (categoría 61) e Eixe 2 (categorías 8 e 9) do FEDER/MECEGA, de mellora da calidade de vida en zonas rurais e diversificación da economía rural mediante a aplicación da metodoloxía LEADER, que implica aos grupos de acción local e de mellora da competitividade dos sectores agrario e forestal, respectivamente. Tamén os proxectos integrados para a rexeneración urbana e rural da categoría 61, unidos ás actuacións de infraestruturas sociais do Eixe 6 de FEDER / MECEGA contribúen á provisión de servizos básicos para a poboación rural en materia de saneamentos, telecomunicacións e accesibilidade, prevista polo FEADER na súa medida 3.2.1.

En canto á complementariedade entre o FEADER e os Eixes FSE/MECEGA, esta fórmase dende o seguinte punto de vista:

- Do reforzo das capacidades dos traballadores do sector agrario, a través de actuacións de formación e de fomento do relevo xeneracional (Eixe 2 do MECEGA).
- Da consecución de mecanismos ou sistemas de xestión de produción máis eficientes –fomento da transferencia tecnolóxica e de innovación, etc.- (Eixe 2 do MECEGA).
- Da relación existente entre a medida de promoción do coñecemento e mellora do potencial humano e os Eixe 2 e 7 do MECEGA.
- Da proposta e provisión de alternativas non agrícolas á poboación rural (Eixe 7 do MECEGA) e de freo á despoboación das zonas rurais (Eixes 6 e 7 do MECEGA).
- As actuacións do FEADER complementarias coas do FSE/MECEGA encádranse fundamentalmente no seu Eixe 1, na medida 1.1.1, relativa a actuacións de información e formación profesional, incluída a divulgación de coñecementos científicos e prácticas innovadoras das persoas que traballan nos sectores agrícola, alimentario e forestal.

Os criterios de demarcación entre os campos de intervención do FSE/MECEGA e do FEADER, en particular a promoción do espírito empresarial, o reforzo do nivel de competencias dos traballadores e dos empresarios, a mellora da empregabilidade das persoas novas e o desenvolvemento do potencial humano, serán establecidos polo Comité de Seguimento e teranse en conta nos criterios de selección das operacións obxecto de financiamento mencionadas no apartado a) do artigo 65 do Regulamento (CE) Nº 1083/2006.

### **3.10 Complementariedade do MECEGA 2007-2013 co Fondo Europeo de Pesca (FEP)**

A flota pesqueira galega é a máis importante do Estado español e, sendo a española a maior da Unión Europea, é evidente a importancia da galega no contexto europeo e mundial. O número total de barcos pesqueiros con porto base en Galicia ascende 5.343, o que representa aproximadamente o 40% da flota pesqueira española. A maioría dos barcos son de pequeno tamaño, o que implica unha gran presión sobre as augas interiores.

A pesca é a actividade dirixida á explotación dos recursos mariños. Non obstante, non se trata dunha actividade exclusivamente extractiva, senón que comprende unha serie de subsectores de actividade dedicados a unha enorme variedade de labores e que contribúen en boa medida á capacidade produtiva do sector. Así, temos a pesca extractiva coas súas diferentes modalidades (baixura, altura, grande altura en augas de terceiros países), o marisqueo, a acuicultura, a comercialización, a industria de transformación e unha grande variedade de servizos e industrias auxiliares que prestan asistencia aos diferentes subsectores anteriormente mencionados, tales como os estaleiros, varadoiros, efectos navais, seguros, consignatarios, servizos financeiros, consultoría, transporte, etc.

En consecuencia, a pesca constitúe unha actividade económica moi importante para Galicia, que deberá promoverse e desenvolverse a través dos instrumentos estruturais e da Política Pesqueira Común (PPC).

Para garantir a aplicación da PPC, o FEP contribuirá economicamente ao logro de obxectivos económicos, ambientais e sociais encamiñados a:

- Garantir o mantemento das actividades pesqueiras e a explotación sostible dos recursos pesqueiros.
- Reducir a presión sobre as poboacións, equilibrando as capacidades da flota comunitaria respecto aos recursos marítimos dispoñibles.
- Reforzar o desenvolvemento de empresas economicamente viables no sector pesqueiro e aumentar a competitividade das estruturas de explotación dos recursos.
- Favorecer a conservación e a protección do medio ambiente e os recursos marítimos.
- Fomentar o desenvolvemento sostible das zonas costeiras, marítimas e lacustres afectadas polas actividades de pesca e acuicultura, e mellorar as condicións de vida e traballo nestas zonas.
- Fomentar a valorización dos recursos humanos e a igualdade entre os homes e as mulleres activos no sector pesqueiro.

A complementariedade entre o MECEGA e o FEP ven determinada pola correspondencia entre ambos os dous Programas. Na Táboa 43 analízase a relación entre os eixes FEDER e FSE (MECEGA) cos obxectivos dos eixes FEP, da que se destaca:

- ✓ A correlación entre as actuacións de mellora de competitividade do sector pesqueiro coas da tipoloxía 8 do Eixe 2, do FEDER / MECEGA aplicadas á industria pesqueira. O liderado de Galicia en acuicultura galega haberá de aproveitarse para o desenvolvemento conxunto de actuacións de FEDER / MECEGA e FEP, en torno ao Plan Xeral da Acuicultura. A comercialización e venda de produtos derivados da pesca no exterior verase contemplada así mesmo na devandita tipoloxía de gasto. Nesta liña, a acuicultura recóllese no Eixe 2 do PO "Acuicultura, transformación e comercialización de produtos pesqueiros e de acuicultura," a través fundamentalmente das medidas 2.1. "Ámbito de intervención para a produción en acuicultura" e 2.3, destinada á transformación e comercialización de produtos pesqueiros e de acuicultura.
- ✓ Así mesmo, no ámbito deste Eixe 2 do MECEGA tamén se observa complementariedade entre as accións de empregabilidade coa transformación e comercialización de produtos pesqueiros e preservación dos RR. HH. do Eixe 4 do sector pesqueiro.
- ✓ A complementariedade, no que respecta á Rede Natura 2000, das intervencións do Eixe 3 do FEDER/MECEGA (categoría 51) coa prioridade do FEP de protección e mellora do medio acuático relacionado co sector pesqueiro. Neste ámbito sitúase o plan de reserva mariña e un proxecto de rexeneración de bancos marisqueiros, que poderá aglutinar recursos de ambos os dous fondos para a mellora do contorno natural mariño, e do marisqueo e pesca asociados a este. Así mesmo, contéplase a prevención de riscos ambientais relacionados coas zonas do litoral e a contaminación mariña, tales como verteduras, así como os controis de calidade ambiental da categorías 48 e 53. Os aspectos ambientais da pesca contémplanse no eixe 3 do PO do FEP, de medidas de interese público, destacando a protección e o desenvolvemento da fauna e flora acuática no marco da medida 3.2., con accións de prevención da deterioración do medio mariño a través do estudo da calidade dos mares, o establecemento de indicadores de impacto ambiental e o seguimento e control de axentes nocivos; a rehabilitación de augas interiores, incluída as zonas de desova e as rutas das especies migratorias, a creación de reservas mariñas e outras áreas protexidas e preservar especies ameazadas (plans de recuperación e conservación dos seus hábitats entre outros).
- ✓ No Eixe 4 do FEDER/MECEGA, as actuacións nos portos pesqueiros da categoría 30, contribúen ao impulso da competitividade do sector pesqueiro na rexión, con especial énfase na conservación do contorno dos municipios e zonas costeiras nas que se acometan as infraestruturas portuarias. No marco do FEP estas actuacións recóllense no Eixe 3, medida 3.3. destinada a portos pesqueiros, lugares de desembarque e fondeadoiros, que perseguen desenvolver e recuperar portos pesqueiros e lugares de desembarque para mellorar os servizos ofrecidos e facelos competitivos: abastecemento de insumos, o almacenamento e a transformación dos residuos, a mellora das condicións de seguridade e traballo, a xestión informatizada

das actividades pesqueiras, o fomento das boas prácticas ambientais en portos e a mellora do seu patrimonio natural e arquitectónico.

Táboa 43. Complementariedade do MECEGA coas intervencións do FEP 2007-2013

| Eixes<br>MECEGA | Eixes PO FEP                            |                                         |                                                                                      |                                                                        |                                  |                                                |                                             |
|-----------------|-----------------------------------------|-----------------------------------------|--------------------------------------------------------------------------------------|------------------------------------------------------------------------|----------------------------------|------------------------------------------------|---------------------------------------------|
|                 | Eixe 1                                  | Eixe 2                                  |                                                                                      | Eixe 3                                                                 |                                  | Eixe 4                                         |                                             |
|                 | Xestión e adaptación da flota pesqueira | Desenvolvemento sostible da acuicultura | Desenvolvemento sostible da transformación e comercialización de produtos pesqueiros | Protección e mellora do medio acuático relacionado co sector pesqueiro | Sostibilidade das zonas de pesca | Mellora da competitividade no sector pesqueiro | Preservación dos RR.HH. No sector pesqueiro |
| Eixe 1          |                                         |                                         |                                                                                      |                                                                        |                                  | FEDER                                          |                                             |
| Eixe 2          |                                         | FEDER                                   | FEDER                                                                                |                                                                        |                                  | FEDER                                          |                                             |
|                 |                                         |                                         | FSE                                                                                  |                                                                        |                                  |                                                | FSE                                         |
| Eixe 3          |                                         | FEDER                                   |                                                                                      | FEDER                                                                  | FEDER                            |                                                |                                             |
| Eixe 4          |                                         |                                         |                                                                                      |                                                                        |                                  | FEDER                                          |                                             |
| Eixe 5          |                                         |                                         |                                                                                      |                                                                        | FEDER                            |                                                |                                             |
| Eixe 6          | FSE                                     |                                         |                                                                                      |                                                                        |                                  | FSE                                            |                                             |
| Eixe 7          |                                         |                                         | FSE                                                                                  |                                                                        |                                  |                                                | FSE                                         |
| Eixe 8          |                                         |                                         |                                                                                      |                                                                        |                                  |                                                |                                             |

Fonte: elaboración propia.

- ✓ A correspondencia entre as actuacións dirixidas á sostibilidade das zonas pesqueiras coas de desenvolvemento local e urbano do Eixe 5, encamiñadas ao desenvolvemento sostible de zonas costeiras vinculadas á pesca. Nesta liña, co FEDER/MECEGA poderase financiar o desenvolvemento de alternativas vinculadas ao turismo e ao ocio relacionadas coas actividades pesqueiras, especialmente nos pequenos municipios e no marco das actuacións dos Grupos de Acción Pesqueira, e co FEP o desenvolvemento das zonas de pesca no marco da medida 4.1. do Eixe 4. A estratexia integral das zonas de pesca ten como obxectivo manter a prosperidade social e económica das zonas dependentes da pesca mediante o uso sostible dos recursos naturais, ambientais, tecnolóxicos, humanos, patrimoniais e culturais. Así, levaranse a cabo actuacións para a protección e rexeneración do litoral e a vixilancia dos ecosistemas mariños, potenciaranse investimentos en empresas

economicamente viables e rendibles, xeradoras de emprego sostible e de calidade, promoverase o asociacionismo e o cooperativismo no sector, propiciarase a diversificación económica cara a actividades distintas da pesca extractiva (como complementarias durante períodos de inactividade), fomentaranse as actividades turístico-pesqueiras, protexendo e mellorando o patrimonio natural, arquitectónico e cultural.

- ✓ Obsérvase así mesmo correlación entre as medidas de xestión e adaptación da flota e de competitividade no sector pesqueiro do MECEGA, que contribúe aos Obxectivos Intermedios 10 e 11 da estratexia de intervención estrutural galega. O FSE poderá contribuír neste sentido a que exista unha mellor coordinación entre centros tecnolóxicos, universidades e empresas dos sectores relacionados coa pesca, en proxectos relacionados coa seguridade e saúde no traballo e co desenvolvemento e mellora das tecnoloxías con menores riscos para os traballadores, así como para o fomento dos recursos humanos dedicados á investigación marítima-pesqueira.
- ✓ Tamén o Eixe 6 do MECEGA poderá contribuír con acción do FSE á formación lingüística dos inmigrantes no sector da pesca, así como das mulleres que demanden a mellora das condicións laborais relacionadas co sector pesqueiro e a conciliación da súa vida familiar.
- ✓ E por último, observase a correspondencia do Eixe 7 do MECEGA coas medidas de transformación e comercialización de produtos pesqueiros e de preservación dos RR.HH. no sector da pesca.

As accións do MECEGA/FSE que complementen as accións do FEP poderán consistir en formación de traballadores e empresarios do sector pesqueiro, co obxecto de mellorar as aptitudes dos profesionais do sector en termos de melloramento de condicións de traballo e de seguridade, de sensibilización en materia de igualdade entre homes e mulleres e medio ambiente e de diversificación fóra do sector. O Comité de Seguimento establecerá criterios de demarcación claros entre ambos os dous fondos para optimizar o seu efecto complementario e evitar solapamentos. Ademais, incluíranse os traballadores do sector pesqueiro, como de calquera outro sector, nas medidas de inclusión social financiadas polo MECEGA/FSE e facilitarase a inclusión dos centros científicos ou tecnolóxicos e das empresas do devandito sector en proxectos vinculados coa seguridade e a sanidade do emprego neste mesmo sector.

Co fin de garantir a complementariedade e a coordinación no desenvolvemento das actuacións financiadas cos diversos instrumentos financeiros comunitarios dispoñibles, creouse a Comisión de Coordinación de Fondos Comunitarios, de carácter interdepartamental dentro da Xunta de Galicia, adscrita á Consellería de Economía e Facenda, na que están representados os departamentos responsables da xestión dos distintos fondos (FSE, FEDER, FEADER e FEP).



## **4. PROGRAMAS OPERATIVOS E TIPOLOXÍA DE GASTO DO MECEGA 2007-2013**



## 4. PROGRAMAS OPERATIVOS E TIPOLOXÍA DE GASTO DO MECEGA 2007-2013

### 4.1 Lista de Programas Operativos do MECEGA 2007-2013

Os Programas Operativos que materializarán o gasto estratéxico comunitario que se investirá en Galicia no período 2007-2013 son 10, 4 deles cofinanciados polo FEDER, 4 polo FSE, 1 polo Fondo de Cohesión/FEDER, e 1 pola Cooperación Territorial Transfronteiriza.

*a) Programa Operativo FEDER Galicia.*

O FEDER en Galicia centrará as súas intervencións en apoiar o desenvolvemento sostible e integrado, a nivel rexional e local, mediante a mobilización e mellora da capacidade endóxena a través de actuacións de modernización e diversificación das estruturas económicas e a creación e preservación de emprego sostible, contribuíndo fundamentalmente ao impulso da I+D+i, da competitividade, do transporte e da enerxía, das infraestruturas sociais e o medio ambiente.

Este PO ten carácter rexional, e será xestionado pola Xunta e máis pola AGE, a través de 7 eixes prioritarios de intervención.

*b) Programa Operativo Investigación, desenvolvemento e innovación por e para o beneficio das empresas.*

Este PO, que é financiado polo FEDER e ten carácter nacional, é unha consecuencia do Acordo do Consejo Europeo de Bruselas de dotar cun fondo tecnolóxico as rexións menos desenvolvidas da UE.

É complementario ás actuacións que se levarán a cabo na Comunidade Autónoma referente aos programas de apoio ás infraestruturas tecnolóxicas, ás empresas innovadoras e á implementación de sistemas innovadores no tecido produtivo. Por iso o obxectivo que plantexa este PO é o impulso de novos comportamentos innovadores entre sectores máis amplos que os contemplados nos POs das rexións, en particular o número de PEME que levan a cabo estas actividades, así como contribuír a unha mellora do sistema de I+D+i rexional e nacional.

En Galicia as actuacións previstas materializaráanse a través de 2 Eixes prioritarios de intervención, que serán xestionados pola AGE.

*c) Programa Operativo Economía baseada no coñecemento.*

Este PO, que é financiado polo FEDER e ten carácter nacional, busca impulsar as actuacións de I+D e da Sociedade da Información, de forma complementaria e innovadora ás contempladas nos POs rexionais do FEDER. Trátase de impulsar actuacións de forte demanda empresarial, tales como proxectos innovadores de I+D+i, creación de empresas innovadoras, etc., así como promocionar outras profesións que contribúan a incrementar o nivel de innovación e competitividade,

como é o caso da figura do xestor da innovación a nivel de empresa ou de agrupación de empresas.

As actuacións previstas en Galicia materializaráanse a traves de 2 Eixes prioritarios de intervención, que serán xestionados pola AGE

d) *Programa Operativo Asistencia técnica FEDER.*

Este PO, que é financiado polo FEDER e ten carácter nacional con aplicación na totalidade das rexións españolas, ten como obxectivo proporcionar un apoio técnico e administrativo ás autoridades de xestión, certificación e auditoría no desenvolvemento das súas respectivas funcións durante o período de programación.

As actuacións previstas en Galicia materializaranse a través dun eixe prioritario de intervención que será xestionado pola AGE.

e) *Programa Operativo FSE Galicia.*

O FSE en Galicia contribuirá a executar os obxectivos da Comunidade Autónoma relativos ao reforzo da cohesión económica e social, mellorando as oportunidades de traballo, favorecendo un alto nivel de emprego e a creación de máis e mellores postos de traballo. Por iso, atenderá ás prioridades en materia de educación e formación, ao incremento da participación das persoas economicamente inactivas no mercado de traballo, á loita contra a exclusión social, en particular de grupos desfavorecidos, tales como as persoas con discapacidade, ao fomento da igualdade entre mulleres e homes e á non discriminación.

Este PO, que ten carácter rexional, será xestionado pola Xunta a través de 5 Eixes prioritarios de intervención.

f) *Programa Operativo Adaptabilidade e emprego.*

O obxectivo de este PO, que é financiado polo FSE e ten carácter plurirrexional, é afianzar a estabilidade no emprego, mellorar a adaptabilidade de todos os traballadores e fomentar a iniciativa empresarial integrando a perspectiva de xénero. Pretende mellorar as condicións de vida dos traballadores, facilitándolles o acceso, a integración e a permanencia no mercado de traballo, tendo en conta as necesidades das mulleres e dos homes e eliminando as desigualdades existentes. Irá orientado a mellorar o sistema de formación, así como o fomento da I+D+i.

As actuacións previstas en Galicia materializaráanse a traves de 5 Eixes prioritarios de intervención que serán xestionados pola AGE.

g) *Programa Operativo Loita contra a discriminación.*

Este programa, que é financiado polo FSE e ten carácter plurirrexional, pretende combatir a discriminación en un dobre aspecto: a que existe entre xéneros e a existente en certos colectivos que se atopan excluídos ou en risco de exclusión do mercado laboral. Impulsaranse accións específicas para mulleres e tamén outras dirixidas a mulleres e homes, a entidades públicas ou privadas e as ONGs. Ao mesmo tempo, outras accións irán orientadas a colectivos que están en risco de

exclusión social ou laboral, como persoas con discapacidade, inmigrantes, reclusos, de raza xitana e outros colectivos.

As actuacións previstas en Galicia materializaranse a través de 3 Eixes prioritarios de intervención que serán xestionados pola AGE.

h) *Programa Operativo Asistencia técnica FSE.*

Este programa, que é financiado polo FSE e ten carácter plurirrexional, contempla accións de apoio á autoridade de xestión, de auditoría e de certificación, en materia de emprego, formación, igualdade de oportunidades e medio ambiente, entre outros, co obxecto de contribuír á consecución dos obxectivos da Unión Europea en relación co emprego e a inclusión social.

As actuacións previstas en Galicia materializaranse a través de dous Eixes prioritarios de intervención que será xestionado pola AGE.

i) *Programa Operativo Fondo de Cohesión / FEDER.*

O Fondo de Cohesión ten como obxectivo para o período 2007-2013 contribuír aos investimentos no ámbito do medio ambiente e nas redes de transporte transeuropeas e intégrase na programación da axuda de finalidade estrutural, en aras dunha maior coherencia na intervención dos diversos fondos.

Este PO ten carácter nacional, e será xestionado pola AGE, a través de 5 Eixes prioritarios de intervención, 3 deles financiados polo Fondo de Cohesión e 2 polo FEDER.

As actuacións previstas en Galicia realizaranse no AVE Ourense-Santiago e nos portos de Langosteira, Bouzas, Guisar, Vilagarcía de Arousa, Marín-Ría de Pontevedra, Ferrol-San Cibrao e Vigo.

j) *Programa Operativo Cooperación Territorial Transfronteiriza.*

Existen dous programas relacionados coa cooperación transfronteiriza, que son compartidos con Portugal e Francia.

O PO de Cooperación T. Transfronteiriza España-Portugal abarca un territorio composto por 17 NUT III fronteirizas, articulado en 5 Areas de cooperación. Trátase, polo tanto, dun programa cunha forte incidencia territorial e, en menor escala, poboacional.

A Comunidade Autónoma galega forma parte da Area de Cooperación Galicia-Norte de Portugal, que será xestionada pola Xunta e pola AGE, fundamentalmente a través dos ámbitos relacionados co mar, coa internalización das PEME da Eurorrexión, coa protección do medio ambiente, e co fomento da cooperación e integración social e institucional.

As 5 NUT III fronteirizas na Area de Cooperación Galicia-Norte de Portugal son: Pontevedra, Minho-Lima, Cádavo, Ourense e Alto Trás-os-Montes; aos que se engaden os NUT III adxacentes que no caso de Galicia son A Coruña e Lugo, e na parte Norte de Portugal son a Área Metropolitana do Porto, Ave, Tâmega e Douro.

## 4.2 Tipoloxía de gasto do MECEGA 2007-2013

A continuación relaciónanse a distribución da Axuda Comunitaria que recibirá Galicia no período 2007-2013, por tipoloxía de gasto dos Programas Operativos que contribúen ao MECEGA, indicando así mesmo a súa vinculación co Obxectivo Lisboa.

Na Táboa 44 expónse a tipoloxía de gasto de axuda FSE 07-13 en Galicia, articulado en 4 Programas Operativos:

- Programa Operativo FSE Galicia
- Programa Operativo Loita contra a discriminación (LCD)
- Programa Operativo Adaptabilidade e emprego (AE)
- Programa Operativo Asistencia técnica FSE (AT FSE)

Na Táboa 45 expónse a tipoloxía de gasto de axuda FEDER 07-13 en Galicia, articulado en 4 Programas Operativos:

- Programa Operativo FEDER Galicia
- Programa Operativo Investigación, desenvolvemento e innovación por e para o beneficio das empresas (I+D+i)
- Programa Operativo Economía baseada no coñecemento (EC)
- Programa Operativo Asistencia técnica FEDER (AT FEDER)

Táboa 44. Tipoloxía de gasto da axuda FSE en Galicia no período 2007-2013 por Programas Operativos

| Eixe | Tipoloxía de gasto |                                                                                                                                                                                                                                                                                                                    | Lisboa | FSE GA | Loit Disc | Adap Empr | Asis tecn |
|------|--------------------|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|--------|--------|-----------|-----------|-----------|
|      |                    |                                                                                                                                                                                                                                                                                                                    |        | Xunta  | AGE       |           |           |
| 1    | 62                 | Desenvolvemento de estratexias e de sistemas de educación permanente nas empresas; formación e servizos aos empregados para mellorar as súas posibilidades de adaptación aos cambios, fomentar o espírito empresarial e a innovación                                                                               | x      | x      |           | x         |           |
|      | 63                 | Creación e difusión de formas innovadoras de organización laboral que sexan máis produtivas                                                                                                                                                                                                                        | x      | x      |           |           |           |
|      | 64                 | Desenvolvemento de servizos específicos para o emprego, a formación e axuda en relación coa reestruturación de sectores e empresas, e desenvolvemento de sistemas de anticipación de cambios económicos e de futuras esixencias e competencias profesionais                                                        | x      | x      |           | x         |           |
|      | 68                 | Apoio ao traballo por conta propia e á creación de empresas                                                                                                                                                                                                                                                        | x      | x      |           | x         |           |
| 2    | 65                 | Modernización e fortalecemento das institucións do mercado laboral                                                                                                                                                                                                                                                 | x      | x      | x         |           |           |
|      | 66                 | Aplicación de medidas activas e preventivas no mercado laboral                                                                                                                                                                                                                                                     | x      | x      | x         | x         |           |
|      | 69                 | Medidas para mellorar o acceso da muller ao mercado laboral, así como a participación e os progresos permanentes da muller no devandito mercado, co fin de reducir a segregación sexista en materia de emprego e reconciliar a vida laboral e privada; por exem                                                    | x      | x      | x         |           |           |
|      | 70                 | Medidas concretas para incrementar a participación dos inmigrantes no mundo laboral, reforzando así a súa integración social                                                                                                                                                                                       | x      | x      | x         |           |           |
|      | 71                 | Vías de integración e reintegración no mundo laboral das persoas desfavorecidas; loita contra a discriminación no acceso ao mercado laboral e na evolución nel e fomento da aceptación da diversidade no lugar de traballo                                                                                         | x      | x      | x         | x         |           |
|      | 80                 | Fomento de colaboracións, pactos e iniciativas a través de redes de partes interesadas                                                                                                                                                                                                                             |        | x      |           | x         |           |
| 3    | 72                 | Proxección, introdución e aplicación de reformas nos sistemas de ensino e formación para desenvolver a empregabilidade, mellorando a adecuación ao mercado laboral, do ensino e a formación iniciais e profesionais e actualizando os coñecementos do persoal d                                                    | x      | x      |           | x         |           |
|      | 73                 | Medidas para aumentar a participación no ensino e a formación permanentes, a través de accións destinadas a diminuír a porcentaxe de abandono escolar, e a segregación sexista de materias, así como a incrementar o acceso ao ensino e formación iniciais, profesionais e superiores, e a mellorar a súa calidade | x      | x      |           | x         |           |
|      | 74                 | Desenvolver o potencial humano no ámbito da investigación e a innovación, en particular a través de estudos de postgrao e formación de investigadores, así como de actividades en rede entre universidades, centros de investigación e empresas                                                                    | x      | x      |           | x         |           |
| 4    | 80                 | Fomento de colaboracións, pactos e iniciativas a través de redes de partes interesadas                                                                                                                                                                                                                             |        | x      | x         | x         | x         |
| 5    | 85                 | Preparación, execución, seguimento e inspección                                                                                                                                                                                                                                                                    |        | x      | x         | x         | x         |
|      | 86                 | Avaliación e estudos; información e comunicación                                                                                                                                                                                                                                                                   |        | x      | x         | x         | x         |

Fonte: elaboración propia.

Táboa 45. Tipoloxía de gasto da axuda FEDER en Galicia no periodo 2007-2013 por Programas Operativos

| Eixe | Tipoloxía de gasto                                                                                                                                                                                                                                                | Lisboa | FEDER GA |     | I+D+i | Econ Coñ | Asist Tecn |
|------|-------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|--------|----------|-----|-------|----------|------------|
|      |                                                                                                                                                                                                                                                                   |        | Xunta    | AGE |       |          |            |
| 1    | 1 Actividades de I+DT en Centros de Investigación                                                                                                                                                                                                                 | X      | X        |     |       | X        |            |
|      | 2 Infraestruturas de I+DT (incluídos equipamento, instrumentación e redes informáticas de grande velocidade entre os centros de investigación) e centros de competencia de tecnoloxía específica                                                                  | X      | X        |     | X     | X        |            |
|      | 3 Transferencias de tecnoloxía e mellora de redes de cooperación entre pequenas e medianas empresas, entre as devanditas empresas e outras empresas e universidades, centros de estudos postsecundarios de todos os tipos, autoridades rexionais, centros de inve | X      | X        |     | X     | X        |            |
|      | 4 Axuda á IDT, en particular, nas PEME (incluído o acceso aos servizos de IDT nos centros de investigación)                                                                                                                                                       | X      |          |     | X     |          |            |
|      | 5 Servizos de apoio avanzado ás empresas e grupos de empresas                                                                                                                                                                                                     | X      |          |     | X     |          |            |
|      | 7 Investimentos na empresas directamente vinculadas á innovación (tecnoloxías innovadoras, creación de novas empresas emprendidas polas universidades, centros e empresas de IDT e empresas existentes,...)                                                       | X      | X        |     | X     |          |            |
|      | 10 Infraestruturas telefónicas (incluídas redes de banda ancha)                                                                                                                                                                                                   | X      | X        |     |       | X        |            |
|      | 11 Tecnoloxías da información e comunicación (acceso, seguridade, interoperatividade, prevención dos riscos, investigación, innovación, contidos electrónicos)                                                                                                    | X      | X        |     |       |          |            |
|      | 13 Servizos e aplicacións para o cidadán (servizos electrónicos en materia da saúde, administración pública, formación, inclusión, etc.)                                                                                                                          | X      | X        |     |       | X        |            |
|      | 14 Servizos e aplicacións para as pequenas empresas (comercio electrónico, educación/formación, conexión a unha rede,...)                                                                                                                                         | X      | X        |     |       |          |            |
|      | 15 Outras medidas de mellora do acceso e para lograr unha utilización eficiente das TIC polas pequenas empresas                                                                                                                                                   | X      |          |     |       | X        |            |
| 2    | 6 Axuda ás pequenas empresas para a promoción de produtos e procesos de produción respectuosos do medio ambiente (introdución de sistemas efectivos de xestión ambiental, adopción e utilización de tecnoloxías de prevención de contaminación, integración de te | X      | X        |     |       |          |            |
|      | 8 Outros investimentos nas empresas                                                                                                                                                                                                                               | X      | X        | X   |       |          |            |
|      | 9 Outras accións que se destinan ao estímulo da innovación e o espírito de empresas nas pequenas empresas                                                                                                                                                         | X      | X        | X   |       |          |            |
| 3    | 44 Xestión dos residuos domésticos e industriais                                                                                                                                                                                                                  |        | X        |     |       |          |            |
|      | 45 Xestión e distribución da auga (potable)                                                                                                                                                                                                                       | X      | X        | X   |       |          |            |
|      | 46 Tratamento da auga (augas residuais)                                                                                                                                                                                                                           | X      | X        | X   |       |          |            |
|      | 47 Calidade do aire                                                                                                                                                                                                                                               |        | X        |     |       |          |            |
|      | 48 Prevención e control integrada da polución                                                                                                                                                                                                                     |        | X        |     |       |          |            |
|      | 50 Rehabilitación dos centros industriais e terreos contaminados                                                                                                                                                                                                  |        | X        |     |       |          |            |
|      | 51 Promoción da biodiversidade e protección da natureza (incluído Natura 2000 )                                                                                                                                                                                   |        | X        | X   |       |          |            |
|      | 53 Prevención de riscos (incluídas a elaboración e posta en marcha de plans e accións para previr e administrar os riscos naturais e tecnolóxicos)                                                                                                                |        | X        | X   |       |          |            |
| 4    | 55 Promoción de actividades naturais                                                                                                                                                                                                                              |        | X        |     |       |          |            |
|      | 17 Ferrocarrís (RTE-T)                                                                                                                                                                                                                                            | X      |          | X   |       |          |            |
|      | 20 Autoestradas                                                                                                                                                                                                                                                   | X      | X        | X   |       |          |            |
|      | 21 Autoestradas (RTE-T)                                                                                                                                                                                                                                           | X      |          | X   |       |          |            |
|      | 23 Estradas rexionais/ locais                                                                                                                                                                                                                                     |        | X        |     |       |          |            |
|      | 25 Transporte urbano                                                                                                                                                                                                                                              |        | X        |     |       |          |            |
|      | 26 Transportes multimodais                                                                                                                                                                                                                                        | X      | X        |     |       |          |            |
|      | 29 Aeroportos                                                                                                                                                                                                                                                     | X      |          | X   |       |          |            |
|      | 30 Portos                                                                                                                                                                                                                                                         | X      | X        |     |       |          |            |
|      | 33 Electricidade                                                                                                                                                                                                                                                  |        | X        |     |       |          |            |
|      | 35 Gas natural                                                                                                                                                                                                                                                    |        | X        |     |       |          |            |
|      | 37 Produtos petrolíferos (produtos derivados do petróleo)                                                                                                                                                                                                         |        | X        |     |       |          |            |
|      | 40 Enerxías renovables: Solar                                                                                                                                                                                                                                     | X      | X        | X   |       |          |            |
|      | 41 Enerxías renovables: Biomasa                                                                                                                                                                                                                                   | X      | X        | X   |       |          |            |
|      | 43 Eficacia enerxética, coxeración, control da enerxía                                                                                                                                                                                                            | X      | X        | X   |       |          |            |
|      | 52 Promoción de transporte urbano limpo                                                                                                                                                                                                                           | X      | X        | X   |       |          |            |
| 5    | 56 Protección e valorización do patrimonio natural                                                                                                                                                                                                                |        | X        |     |       |          |            |
|      | 57 Axudas á mellora dos servizos turísticos                                                                                                                                                                                                                       |        | X        | X   |       |          |            |
|      | 58 Protección e preservación do patrimonio cultural                                                                                                                                                                                                               |        | X        |     |       |          |            |
|      | 59 Desenvolvemento de infraestruturas culturais                                                                                                                                                                                                                   |        | X        |     |       |          |            |
|      | 61 Proxectos integrados para a rexeneración urbana e rural                                                                                                                                                                                                        |        |          | X   |       |          |            |
| 6    | 75 Infraestruturas para a educación                                                                                                                                                                                                                               |        | X        |     |       |          |            |
|      | 76 Infraestruturas para a saúde                                                                                                                                                                                                                                   |        | X        |     |       |          |            |
|      | 77 Infraestruturas para a custodia de fillos                                                                                                                                                                                                                      | X      | X        |     |       |          |            |
|      | 79 Outras infraestruturas sociais                                                                                                                                                                                                                                 |        | X        |     |       |          |            |
| 7    | 85 Preparación, posta en marcha, control e seguimento                                                                                                                                                                                                             |        | X        |     | X     | X        | X          |
|      | 86 Avaliación, estudos, conferencias, publicidade                                                                                                                                                                                                                 |        | X        |     | X     | X        | X          |

Fonte: elaboración propia.

Na Táboa 46 relaciónanse os Eixes de intervención da Cooperación Territorial Transfronteiriza a desenvolver en Galicia no período 2007-2013. Os proxectos de investimento serán seleccionados por convocatoria pública e gardarán coherencia coa estratexia deseñada para o espazo conxunto de Galicia - Rexión Norte de Portugal

*Táboa 46. Eixes de intervención do PO de Cooperación Territorial Transfronteiriza en Galicia no período 2007-2013*

| Eixe | Denominación Eixe                                   | Xunta | AGE |
|------|-----------------------------------------------------|-------|-----|
| 1    | Fomento da competitividade e a promoción do emprego | X     | X   |
| 2    | Medio Ambiente, patrimonio e prevención de riscos   | X     | X   |
| 3    | Ordenación do territorio e accesibilidades          | X     | X   |
| 4    | Integración socioeconómica e institucional          | X     | X   |
| 5    | Asistencia técnica                                  | X     |     |

*Fonte: elaboración propia.*

Na Táboa 47 menciónanse as actuacións previstas en Galicia do Programa Operativo Cohesión/FEDER, que fundamentalmente son o AVE Ourense-Santiago, Langosteira, Bouzas, Guisar, Vilagarcía de Arousa, Marín-Ría de Pontevedra, Ferrol-San Cibrao e Vigo.

*Táboa 47. PO nacional Cohesión/FEDER e actuacións previstas en Galicia no período 2007-2013*

| Eixes                                          | Tipoloxía de gasto |                          | Lisboa | Actuacións en Galicia                                                                                      |
|------------------------------------------------|--------------------|--------------------------|--------|------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| 1. Cohesión Transporte (RTE-T)                 | 17                 | Ferrocarril (RTE-T)      | si     | AVE Ourense-Santiago (GP)                                                                                  |
|                                                | 30                 | Portos                   | si     | Langosteira, Bouzas e Guisar (GP), Vilagarcía de Arousa, Marín-Ría de Pontevedra, Ferrol-San Cibrao e Vigo |
| 2. Cohesión, Medio ambiente e desenv. Sostible | 44                 | Resid domest e ind       | no     |                                                                                                            |
|                                                | 45                 | Dist auga potable        | si     |                                                                                                            |
|                                                | 46                 | Sanea e dep aug resid    | si     |                                                                                                            |
| 3. FEDER Medio Amb e desenv sostible           | 45                 | Dist auga potable        | si     |                                                                                                            |
|                                                | 46                 | Sanea e dep aug resid    | si     | Saneamento Vigo (GP)                                                                                       |
| 4. FEDER Transporte (RTE-T)                    | 17                 | Ferrocarril (RTE-T)      | si     |                                                                                                            |
| 5. Cohesión As. técnica                        | 85                 | Prep, control e seg      |        |                                                                                                            |
|                                                | 86                 | Aval, estd, inf e public |        |                                                                                                            |

*Fonte: elaboración propia.*

GP: Gran Proxecto.

### **4.3 Vinculación da Tipoloxía de gasto cos Obxectivos Intermedios do MECEGA 2007-2013**

Na Táboa 49 móstrase a relación que existe entre o MECEGA, repartido por Eixes, Obxectivos Finais e Obxectivos Intermedios, e os POs cofinanciados polo FEDER, FSE, o PO de Cooperación Territorial Transfronteiriza e o PO Cohesión/FEDER, a través da tipoloxía do seu gasto e tendo en conta as necesidades da economía galega.

Destaca o Obxectivo Intermedio 2, relacionado co medio ambiente e o contorno natural, que atende o maior número de categorías de gasto, 16 entre as dúas Administracións xestoras, que contribúen a tres Eixes do MECEGA (2, 3 e 5) e atenden a 13 categorías do FEDER, a 2 de CTT e a 1 da Cohesión/FEDER.

Séguelle o Obxectivo Intermedio 1, relacionado coas infraestruturas de transporte, que contribúe a un Eixe do MECEGA (4) e atende a 12 categorías de gasto entre as dúas Administracións xestoras, 8 delas do FEDER, 2 de CTT e a 2 da Cohesión/FEDER.

A continuación figura o Obxectivo Intermedio 7, relacionado coas tecnoloxías da información, que contribúe a un Eixe do MECEGA (1) e atende a 10 categorías de gasto do FEDER.

O Obxectivo Intermedio 12, que está relacionado coa Asistencia técnica da programación, é o único que contribúe ao MECEGA (Eixe 8) de forma transversal a través de todos os POs, por servir de apoio administrativo e técnico á Autoridade de xestión dos mesmos.

Observase así mesmo, que todos os POs que se investirán na C.A. teñen ao menos unha categoría de gasto vinculada con algún Eixe do MECEGA, e que todos os Obxectivos Intermedios son atendidos tamén por algún Eixe do MECEGA, algúns deles con dobre vinculación (5, 6, 8, 11, 15 e 16) e outros con triple vinculación (2 e 14), que demostra o seu alto grao de interrelación coa estratexia comunitaria de Galicia.

Na última columna da táboa móstrase a vinculación dos Eixes do PNR cos distintos POs do MECEGA, en especial cos que están cofinanciados polo FSE.

Táboa 48. Vinculación específica do MECEGA 2007-2013 cos POs que se investirán en Galicia, por Eixes, Obxectivos e Tipoloxías de gasto e co PNR

| MECEGA |    |    | FEDER                |               |      |                 |         |             | FSE       |      |               |          |       | COOP T TRANSF |     |      | COH/FD |      | PNR Eixes |
|--------|----|----|----------------------|---------------|------|-----------------|---------|-------------|-----------|------|---------------|----------|-------|---------------|-----|------|--------|------|-----------|
| Eixe   | OF | OI | FEDER GA rx          |               | Eixe | Feder pluri Age |         |             | FSE GA rx | Eixe | Fse pluri Age |          |       | Xunta         | Age | Eixe | Age    |      |           |
|        |    |    | Xunta                | Age           |      | Ec CON          | I+D+i   | As Tec      | Xunta     |      | LCD           | ADE      | As T  |               |     |      | COH/FD | Eixe |           |
| 4      | 1  | 1  | 20 23 25 26 30       | 17 20 29      | 4    |                 |         |             |           |      |               |          |       | x             | x   | 3    | 17 30  | 1    |           |
| 2      |    | 8  | 8                    | 8             | 2    |                 |         |             |           |      |               |          |       |               |     |      |        |      |           |
| 5      |    |    |                      |               |      |                 |         |             |           |      |               |          |       | x             | x   | 4    |        |      |           |
| 3      |    | 14 | 50 51                | 51            | 3    |                 |         |             |           |      |               |          |       |               |     |      |        |      |           |
| 5      |    |    |                      | 61            | 5    |                 |         |             |           |      |               |          |       |               |     |      |        |      |           |
| 6      |    |    |                      |               |      |                 |         |             | 80        | 2    |               | 80       |       |               |     |      |        |      |           |
| 4      |    |    |                      |               | 21   | 4               |         |             |           |      |               |          |       |               |     |      |        |      |           |
| 5      | 16 |    |                      |               |      |                 |         | 80          | 4         | 80   | 80            | 80       |       |               |     |      |        |      |           |
| 1      | 2  | 5  | 1 3                  |               | 1    | 1 3             | 3 4     |             |           |      |               |          |       |               |     |      |        |      |           |
| 2      |    |    |                      |               |      |                 |         |             |           |      |               |          |       | x             | x   | 1    |        |      |           |
| 1      |    | 6  | 7                    |               | 1    | 15              | 7       |             |           |      |               |          |       |               |     |      |        |      |           |
| 2      |    |    | 9                    | 9             | 2    |                 |         |             |           |      |               |          |       |               |     |      |        |      |           |
| 1      |    |    | 7                    | 2 10 11 13 14 |      | 1               | 2 10 13 | 2 5         |           |      |               |          |       |               |     |      |        |      |           |
| 8      |    | 12 | 85 86                |               | 7    | 85 86           | 85 86   | 85 86       | 85 86     | 5    | 85 86         | 85 86    | 85 86 | x             |     | 5    |        |      |           |
| 6      |    | 3  | 9                    |               |      |                 |         |             | 69 70 71  | 2    | 69 70 71      | 71       |       |               |     |      |        |      |           |
| 2      | 10 |    |                      |               |      |                 |         | 62 63 64 68 | 1         |      | 62 64 68      |          |       |               |     |      |        |      |           |
| 6      | 11 |    | 75                   |               | 6    |                 |         |             | 65        | 2    | 65            |          |       |               |     |      |        |      |           |
| 7      |    |    |                      |               |      |                 |         |             | 72 73 74  | 3    |               | 72 73 74 |       |               |     |      |        |      |           |
| 6      |    |    | 13                   | 76            |      | 6               |         |             |           | 66   | 2             | 66       | 66    |               |     |      |        |      |           |
| 2      | 4  | 2  | 44 45 46 47 48 53 55 | 45 46 53      | 3    |                 |         |             |           |      |               |          |       | x             | x   | 2    | 46     | 3    |           |
| 5      |    |    | 56 58                |               | 5    |                 |         |             |           |      |               |          |       |               |     |      |        |      |           |
| 4      |    | 3  | 52                   | 52            | 4    |                 |         |             |           |      |               |          |       |               |     |      |        |      |           |
| 4      |    | 4  | 33 35 37 40 41 43    | 40 41 43      | 4    |                 |         |             |           |      |               |          |       |               |     |      |        |      |           |
| 5      |    | 15 | 57 59                | 57            | 5    |                 |         |             |           |      |               |          |       |               |     |      |        |      |           |
| 6      |    |    | 77 79                |               | 6    |                 |         |             |           |      |               |          |       |               |     |      |        |      |           |

Fonte: elaboración propia.

Na columna de PNR Eixes, a anotación 6-Fse indica a vinculación en exclusiva co FSE.



## **5. PLAN FINANCEIRO DO MECEGA 2007-2013**



## **5. PLAN FINANCIERO DO MECEGA 2007-2013**

A análise financeira do MECEGA que se desenvolve a continuación realízase en catro subapartados de detalle:

- o Tendo en conta os POs e as Administracións que os van a xestionar directamente.
- o Segundo a distribución por Eixes estratéxicos de intervención.
- o Atendendo aos importes financeiros que alcanzan os Obxectivos Finais e Intermedios.
- o E finalmente, mostrando a contribución do MECEGA á Estratexia de Lisboa.

### **5.1 Desagregación financeira do MECEGA 2007-2013 por Fondos e Administracións**

Na Táboa 49 relaciónanse os 10 Programas Operativos que confeccionan o MECEGA, mostrando os seus importes estimados por Axuda estrutural comunitaria (4.388,5 millóns de Euros) e Custo total (6.029,5 millóns de Euros) e indicando tamén a Administración que os vai xestionar directamente no período de programación 2007-2013.

O PO FEDER Galicia é o mais destacado, con un importe de 3.172,2 millóns de Euros, que representa o 52,61% do Custo total do MECEGA, e será xestionado pola Xunta e máis pola AGE.

O Fondo de Cohesión/FEDER representa o 12,31% do Custo total do MECEGA.

Co 11,25% do Custo total do MECEGA figura o PO ADAPTABILIDADE E EMPREGO, que alcanza 678,2 millóns de Euros e as súas actuacións de investimento en Galicia serán xestionadas pola AGE.

Con 578,5 millóns de Euros, o PO TECNOLÓXICO de I+D+i, cofinanciado polo FEDER, representa o 9,59% do Custo total do MECEGA, que será xestionado pola AGE.

Tamén sobresaí o PO FSE Galicia, con 448,1 millóns de Euros, que representa o 7,43% do Custo total do MECEGA e será xestionado integramente pola Xunta, mentres que os POs de Asistencia técnica FEDER e FSE son os de menor contía, co 0,15% e 0,09%, respectivamente, do Custo total do MECEGA.

A Xunta de Galicia xestionará o 31,95% do Custo total do MECEGA, mentres que a AGE lle corresponderá xestionar o 68,05% do mesmo.

Táboa 49. Cuantificación do MECEGA 2007-2013 por POs e Administracións, segundo Axuda e Custo total (Millóns Euros correntes)

| POs / Fondos                | Xunta          |                | AGE            |                | Xunta + AGE    |                |                    |
|-----------------------------|----------------|----------------|----------------|----------------|----------------|----------------|--------------------|
|                             | Axuda          | Custo tot      | Axuda          | Custo tot      | Axuda          | Custo tot      | % Custo t / Mecega |
| PO FEDER GA                 | 1.020,2        | 1.440,0        | 1.171,3        | 1.732,2        | 2.191,5        | 3.172,2        | 52,61              |
| PO EC COÑEC FEDER           |                | 0,0            | 199,9          | 285,2          | 199,9          | 285,2          | 4,73               |
| PO I+D+i FEDER              | 0,0            | 0,0            | 405,6          | 578,5          | 405,6          | 578,5          | 9,59               |
| PO As TECNICA FEDER         | 0,0            | 0,0            | 7,3            | 9,1            | 7,3            | 9,1            | 0,15               |
| PO FSE GA                   | 358,5          | 448,1          | 0,0            | 0,0            | 358,5          | 448,1          | 7,43               |
| PO Loita DISCR FSE          | 0,0            | 0,0            | 30,9           | 38,6           | 30,9           | 38,6           | 0,64               |
| PO ADAPT y E FSE            | 0,0            | 0,0            | 542,6          | 678,2          | 542,6          | 678,2          | 11,25              |
| PO As TECNICA FSE           | 0,0            | 0,0            | 4,1            | 5,1            | 4,1            | 5,1            | 0,09               |
| PO COHESIÓN / FEDER         | 0,0            | 0,0            | 594,0          | 742,5          | 594,0          | 742,5          | 12,31              |
| PO CO T TRANSF FD           | 28,9           | 38,3           | 25,2           | 33,6           | 54,1           | 71,9           | 1,19               |
| <b>Total MECEGA</b>         | <b>1.407,6</b> | <b>1.926,4</b> | <b>2.980,9</b> | <b>4.103,1</b> | <b>4.388,5</b> | <b>6.029,5</b> | <b>100</b>         |
| <b>% xestión Admón Cu t</b> |                | <b>31,95</b>   |                | <b>68,05</b>   |                | <b>100</b>     |                    |

Fonte: elaboración propia.

Nota 1: na AGE inclúese a Admón. local e outros.

Nota 2: no PO Cohesión/FEDER e no MECEGA falta por incorporar a cuantificación das actuacións en Galicia de Vilagarcía de Arousa, Marín-Ría de Pontevedra, Ferrol-San Cibrao e Vigo.

## 5.2 Desagregación financeira do MECEGA 2007-2013 por Eixes estratéxicos

Na Táboa 50 móstrase o importe financeiro estimado do MECEGA, que alcanza 6.029,5 millóns de Euros correntes en Custo total, observándose a coherencia da distribución do gasto dos Eixes coa estratexia global de Galicia.

Analizando a dispersión do esforzo financeiro por Eixes, móstrase como os proxectos do Eixe 1, relacionados coa *Economía do coñecemento (I+D+i, Sociedade da Información, TIC)* e do Eixe 2, dedicados a *Competitividade e fomento empresarial*, supoñen o 33,72% do investimento total do MECEGA, o que representa unha clara aposta de Galicia pola nova reorientación dos Fondos Comunitarios para impulsar a investigación, as tecnoloxías innovadoras e a competitividade na busca de alcanzar a converxencia coa UE.

Observase así mesmo, que o Eixe 4, *Transporte e enerxía*, co 31,65% do Custo total, é o que absorbe máis recursos financeiros, mentres que o Eixe 8, relacionado co *Desenvolvemento institucional e políticas públicas*, disporá do 0,74% do Custo total do MECEGA.

Táboa 50. Distribución do MECEGA 2007-2013 por Eixes Estratéxicos (Millóns Euros correntes, Custo total)

| MECEGA 2007-2013   |                                                      |             |       |
|--------------------|------------------------------------------------------|-------------|-------|
| Eixe               | Denominación                                         | Custo total | %     |
| 1                  | Economía do coñecemento (I+D+i, S Inf, TIC)          | 1.122,1     | 18,61 |
| 2                  | Competitividade e fomento empresarial                | 911,1       | 15,11 |
| 3                  | Medio ambiente, contorno natural e recursos hídricos | 883,4       | 14,65 |
| 4                  | Transporte e enerxía                                 | 1.908,2     | 31,65 |
| 5                  | Desenvolvemento local, urbano e transfronteirizo     | 352,7       | 5,85  |
| 6                  | Empregabilidade e infraestruturas sociais            | 635,0       | 10,53 |
| 7                  | Mellora do capital humano                            | 172,2       | 2,86  |
| 8                  | Desenvolvemento institucional e políticas públicas   | 44,9        | 0,74  |
| Total Custo MECEGA |                                                      | 6.029,5     | 100   |

Fonte: elaboración propia.

Nota: falta añadir ao MECEGA a cuantificación dos investimentos en Galicia de Vilagarcía de Arousa, Marín-Ría de Pontevedra, Ferrol-San Cibrao e Vigo.

### 5.3 Distribución financeira do MECEGA 2007-2013 por Obxectivos Finais e Intermedios

Os 4 Obxectivos Finais do MECEGA 2007-2013 representan un Custo total estimado de 6.029,5 millóns de Euros (Táboa 51).

Analizando os OF segundo a súa contribución financeira ao MECEGA, obsérvase que o de maior contía é o 1 “*Impulsar e dinamizar a economía rexional facendo de Galicia un lugar máis atractivo para investir e traballar*”, con 2.533,8 millóns de Euros, o que supón o 42,02% do Custo total do MECEGA. Dentro deste OF, destaca o OI 1, relacionado coas redes de transporte, a intermodalidade e a accesibilidade, que alcanza un importe de 1.414,7 millóns de Euros e representa o 23,46% do Custo total do MECEGA.

A continuación figura o OF 2 “*Incrementar a competitividade do tecido produtivo galego a través do coñecemento e a innovación*”, con 1.329,3 millóns de Euros, que supoñen o 22,05% do Custo total do MECEGA. O Obxectivo Intermedio que contribúe con maior contía a este OF é o 5, con 522,3 millóns de Euros, que está relacionado coa competitividade empresarial e representa o 8,66% do Custo total do MECEGA.

Táboa 51. Distribución financeira do MECEGA 2007-2013 por Obxectivos Finais e Obxectivos Intermedios (Custo total, millóns Euros)

| OF                        | OI | Denominación OI                                                                                                                                                                                                                | Custo Total    | % OI/OF    | % OI/Total   |
|---------------------------|----|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|----------------|------------|--------------|
| 1                         | 1  | Completar a conexión coas redes transeuropeas de transporte; impulsar a intermodalidade e interoperabilidade dos diferentes transportes; mellorar a accesibilidade interior do seu territorio e fomentar a seguridade vial     | 1.414,7        | 55,83      | 23,46        |
|                           | 8  | Apoiar o investimento empresarial en aras dunha mellora na proxección internacional e no acceso ao financiamento.                                                                                                              | 357,8          | 14,12      | 5,93         |
|                           | 14 | Apoiar o desenvolvemento equilibrado das zonas urbanas e rurais atendendo os seus problemas socioeconómicos e ambientais.                                                                                                      | 390,5          | 15,41      | 6,48         |
|                           | 16 | Fomentar a cooperación transfronteiriza, transnacional e interrexional centrando as actuacións en apoio do crecemento e a creación de emprego, e concretamente mellorando a interconexión física e intanxible dos territorios. | 370,8          | 14,63      | 6,15         |
| <b>Subt. OF 1</b>         |    |                                                                                                                                                                                                                                | <b>2.533,8</b> | <b>100</b> | <b>42,02</b> |
| 2                         | 5  | Fortalecer a competitividade das empresas apoiando a investigación e o desenvolvemento tecnolóxico (I+DT).                                                                                                                     | 522,3          | 39,30      | 8,66         |
|                           | 6  | Fomentar a innovación empresarial e impulsar as iniciativas de cooperación empresarial orientadas cara á produción, a difusión e a utilización de novos coñecementos polas empresas.                                           | 281,1          | 21,15      | 4,66         |
|                           | 7  | Estender e difundir as tecnoloxías da información, as comunicacións e as plataformas loxísticas, garantindo a penetración no conxunto da sociedade e a dispoñibilidade de infraestruturas.                                     | 480,9          | 36,18      | 7,98         |
|                           | 12 | Reforzar a capacidade de xestión da administración rexional en apoio á eficacia e transparencia na execución e avaliación de políticas públicas.                                                                               | 44,9           | 3,37       | 0,74         |
| <b>Subt. OF 2</b>         |    |                                                                                                                                                                                                                                | <b>1.329,3</b> | <b>100</b> | <b>22,05</b> |
| 3                         | 9  | Aumentar a participación no mercado laboral e mellorar a calidade e a produtividade do traballo, impulsando a igualdade de oportunidades e a inclusión social dos colectivos máis desfavorecidos.                              | 125,7          | 11,28      | 2,08         |
|                           | 10 | Contribuír á adaptabilidade dos traballadores mellorando as cualificacións necesarias para a economía do coñecemento e que permitan prolongar a vida laboral.                                                                  | 373,4          | 33,50      | 6,19         |
|                           | 11 | Mellorar e adaptar os sistemas de educación e formación de acordo cos necesidades reais da sociedade, a economía e as empresas.                                                                                                | 202,3          | 18,15      | 3,35         |
|                           | 13 | Reforzar o investimento na promoción e prevención no mercado de traballo e no benestar sanitario.                                                                                                                              | 413,1          | 37,07      | 6,85         |
| <b>Subt. OF 3</b>         |    |                                                                                                                                                                                                                                | <b>1.114,4</b> | <b>100</b> | <b>18,48</b> |
| 4                         | 2  | Reforzar o potencial medioambiental rexional como vehículo de desenvolvemento económico sostible, protexendo e mellorando o contorno.                                                                                          | 815,0          | 77,47      | 13,52        |
|                           | 3  | Favorecer o uso de modos de transporte menos contaminantes que contribúan á mobilidade sostible.                                                                                                                               | 36,1           | 3,43       | 0,60         |
|                           | 4  | Reducir a dependencia enerxética e optimizar os recursos enerxéticos existentes (enerxías renovables).                                                                                                                         | 102,1          | 9,70       | 1,69         |
|                           | 15 | Complementar as políticas sectoriais, especialmente na dotación de servizos de interese económico xeral e no desenvolvemento económico sostible de zonas de alto potencial de crecemento.                                      | 98,8           | 9,40       | 1,64         |
| <b>Subt. OF 4</b>         |    |                                                                                                                                                                                                                                | <b>1.052,0</b> | <b>100</b> | <b>17,45</b> |
| <b>Total Custo MECEGA</b> |    |                                                                                                                                                                                                                                | <b>6.029,5</b> |            | <b>100</b>   |

Fonte: elaboración propia.

Nota: falta por cuantificar no MECEGA os investimentos en Galicia de Vilagarcía de Arousa, Marín-Ría de Pontevedra, Ferrol-San Cibrao e Vigo.

Séguese o OF 3 “Aumentar a cohesión social e territorial de Galicia mellorando os niveis de cualificación, a calidade do emprego e a inclusión social”, con 1.114,4 millóns de Euros, que representa o 18,48% do Custo total do MECEGA. O OI 13, relacionado coa

promoción e prevención no mercado de traballo e no benestar sanitario, é o de maior alcance financeiro neste OF, con 413,1 millóns de Euros, que supón o 6,85% do Custo total do MECEGA.

E finalmente, figura o OF 4 “*Reforzar a sinerxía entre crecemento e desenvolvemento sostible*”, con 1.052,0 millóns de Euros, que supón o 17,45% do Custo total do MECEGA. O Obxectivo Intermedio que contribúe con maior contía a este OF é o 2, relacionado co potencial medioambiental rexional, con 815 millóns de Euros, que representa o 13,52% do Custo total do MECEGA.

## 5.4 Contribución financeira do MECEGA 2007-2013 á Estratexia de Lisboa

Táboa 52. Contribución financeira do MECEGA 2007-2013 á Estratexia de Lisboa (Axuda en millóns Euros correntes)

| POs / Fondos                  | Axuda Lisboa   |                | Axuda Lisboa<br>Xunta + AGE | % PO / T Axuda<br>Lisboa |
|-------------------------------|----------------|----------------|-----------------------------|--------------------------|
|                               | Xunta          | AGE            |                             |                          |
| PO FEDER GA                   | 662,2          | 924,9          | 1.587,1                     | 43,49                    |
| PO EC COÑEC Fd                | 0              | 197,9          | 197,9                       | 5,42                     |
| PO I+D+i Fd                   | 0              | 400,5          | 400,5                       | 10,97                    |
| PO As TECNICA Fd              | 0              | 0              | 0                           | 0                        |
| PO FSE GA                     | 338,2          | 0              | 338,2                       | 9,27                     |
| PO Loita DISCR Fs             | 0              | 29,2           | 29,2                        | 0,80                     |
| PO ADAPT y E Fs               | 0              | 502,6          | 502,6                       | 13,77                    |
| PO As TECNICA Fs              | 0              | 0              | 0                           | 0                        |
| PO COHESIÓN / FEDER           | 0              | 594,0          | 594,0                       | 16,28                    |
| PO CO T TRANSF FD             | 0              | 0              | 0                           | 0                        |
| <b>Total Ax Lisboa MECEGA</b> | <b>1.000,3</b> | <b>2.649,1</b> | <b>3.649,5</b>              | <b>100</b>               |

Fonte: elaboración propia.

Nota: falta por incorporar á Estratexia de Lisboa a parte sin cuantificar do F. Cohesión/FEDER ( Guisar, Vilagarcía de Arousa, Marín-Ría de Pontevedra, Ferrol-San Cibrao e Vigo).

Na Táboa 52 móstrase a contribución da Axuda do MECEGA á Estratexia de Lisboa e Gotemburgo, alcanzando un importe estimado de 3.649,5 millóns de Euros, que representa o 83,16% do total da Axuda do MECEGA (4.388,46 millóns de Euros).

O artigo 9 do Regulamento (CE) Nº 1083/2006 do Consejo, no seu punto 3, sinala que “A Axuda cofinanciada polos Fondos centrarase nas prioridades da UE de fomentar a competitividade e crear emprego, que inclúa o cumprimento dos obxectivos das Directrices integradas para o crecemento e o emprego (2005-2008). A tal efecto, de acordo coas súas

*competencias respectivas, a Comisión e os Estados membros garantirán que se destinen ás mencionadas prioridades o 60% do gasto correspondente ao Obxectivo Converxencia....”*

No caso de Galicia, tendo en conta a desagregación indicativa dos Fondos estruturais que compoñen o MECEGA e as categorías de gasto incluídas en cada un dos eixes prioritarios, a previsión en canto ao cumprimento do citado artigo 9.3 na programación dos Fondos comunitarios en Galicia está garantida.

Todos os POs do MECEGA contribúen a Lisboa, agás os de Asistencia técnica FEDER e FSE e o de Cooperación Territorial Transfronteiriza.

As actuacións previstas do Fondo de Cohesión/FEDER en Galicia tamén contribúen a Estratexia de Lisboa.

## **6. PRINCIPIOS TRANSVERSAIS E CONCERTACIÓN SOCIAL**



## 6. PRINCIPIOS TRANSVERSAIS E CONCERTACIÓN SOCIAL

### 6.1 Desenvolvemento sostible e Medio ambiente

O MECEGA, en liña co MENR, recolle o principio de sostibilidade a través do Eixe específico de *Medio ambiente, contorno natural e recursos hídricos*, dirixido directamente a potenciar a sostibilidade do modelo de desenvolvemento, mediante a mellora de xestión do medio en materia de auga, residuos, contaminación, recuperación de chans e prevención de riscos que, no caso de Galicia, oríéntase ao saneamento e depuración de augas e a protección do ámbito natural. Por outra parte, os Eixes correspondentes a *Transporte e enerxía* e *Desenvolvemento local, urbano e transfronteirizo*, recollen a inclusión da prioridade horizontal de xeito transversal.

Ademais, ao igual que acontece coa Igualdade de Oportunidades, a sostibilidade incorpórase á análise de cada un dos eixes prioritarios.

No actual período de programación preveuse manter as actuacións tendentes a contrarrestar as debilidades estruturais de Galicia, impulsando os factores de competitividade. Os aspectos ambientais son fundamentais nesta formulación. Concretamente, a estratexia de intervención estrutural contémplaos de forma específica no cuarto Obxectivo Final: *Reforzar a sinerxía entre crecemento e desenvolvemento sostible*. Por outra banda, tres dos 16 Obxectivos Intermedios do MECEGA recollen a perspectiva medioambiental (Táboa 53).

Adicionalmente, o fomento da capacidade de innovar e emprender e impulsar o desenvolvemento tecnolóxico pode repercutir directamente sobre a racionalidade na explotación dos recursos naturais e na utilización de tecnoloxías avanzadas nos procesos industriais, o que se traduce nun menor nivel de emisións e verteduras contaminantes así como nunha menor cantidade de residuos producidos por unidade de produto, por todo iso se contemplan as devanditas accións "a priori" como favorables sobre o medio ambiente.

Táboa 53. Obxectivos Intermedios do MECEGA 2007-2013 relacionados co medio natural

|                                |                                                                                                                                       |
|--------------------------------|---------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| <b>Obxectivo Intermedio 2</b>  | Reforzar o potencial medioambiental rexional como vehículo de desenvolvemento económico sostible, protexendo e mellorando o contorno. |
| <b>Obxectivo Intermedio 3</b>  | Favorecer o uso de modos de transporte menos contaminantes que contribúan á mobilidade sostible                                       |
| <b>Obxectivo Intermedio 14</b> | Apoiar o desenvolvemento equilibrado das zonas urbanas e rurais atendendo os seus problemas socioeconómicos e ambientais.             |

Fonte: elaboración propia.

Así, todas aquelas medidas que contribúan a estimular a superación dos déficit territoriais e tecnolóxicos suporán un importante avance dende o punto de vista ambiental, dada a correlación positiva existente entre desenvolvemento económico e tecnolóxico, e unha implantación axeitada de políticas empresariais ambientais.

A integración ambiental conséntase así mesmo nunha definición explícita e consistente da estratexia rexional en favor dunha sostibilidade, coa inclusión de tipoloxías de actuacións dirixidas á protección e conservación do medio ambiente, para fomentar a introdución da ecoinnovación nas empresas, para potenciar unha accesibilidade e uso do transporte público ou para aumentar a produción de enerxías renovables e a eficiencia enerxética.

O MECEGA concédelles prioridade aos investimentos directos conforme ás orientacións ambientais de investimentos fortes ou outras actuacións do eixe ambiental, especialmente abastecemento de augas, tratamentos de augas residuais urbanas ou xestión da Rede Natura 2000. Neste senso o Plan diríxese a acadar un desenvolvemento sostible rexional, particularmente, a través do Eixe 3 de *Medio ambiente, contorno natural e recursos hídricos*.

Da análise das prioridades e Obxectivos Intermedios previstos no documento de programación despréndense actuacións para a mellora do medio ambiente.

Neste senso, dentro das actuacións relativas a innovación e desenvolvemento empresarial, economía do coñecemento e sociedade da información, todas as actuacións previstas teñen efectos medioambientais positivos sobre a poboación (calidade de vida e taxa de emprego) e sobre a estrutura económica (economía do subsistema poboacional e as súas actividades económicas).

No marco das actuacións do Eixe 3 todas as actuacións previstas teñen efectos medioambientais positivos, como por exemplo:

- o Mantemento da diversidade biolóxica
- o Impulso do uso sostible dos recursos naturais
- o Recuperación de zonas contaminadas
- o Impulso de fontes de enerxía renovable e desenvolvemento de novas tecnoloxías
- o Mellora dos espazos protexidos
- o Plans e programas para a xestión do ciclo final da auga e prevención da contaminación

Dentro das actuacións do Eixe 4 *Transporte e enerxía*, destaca a diminución da contaminación atmosférica polas actuacións relativas ao transporte urbano e ao transporte público e polas infraestruturas que favorezan a intermodalidade. No que respecta ao despregamento de infraestruturas e en aras de coordinar a súa construción cunha correcta explotación posterior, o investimento nas instalacións complementarase con actuacións de información e sensibilización. No seu caso, está prevista a realización de informes de

impacto ambiental previos ao desenvolvemento de infraestruturas de transporte e comunicacións, xunto co establecemento de medidas correctoras dos efectos sobre o medio (p.ex. no litoral, no caso dos portos, ou da contaminación acústica e aumento dos fluxos de tráfico no caso das estradas e autovías).

Respecto ao desenvolvemento de novos potenciais enerxéticos, estes caracterízanse polo seu moderado impacto ambiental na produción baseada na explotación e uso racional e eficiente da enerxía, así como no desenvolvemento de enerxías renovables, evitando as afeccións aos espazos naturais e a excesiva concentración en lugares de relevancia paisaxística.

No ámbito do Eixe 5 *Desenvolvemento local, urbano e transfronteirizo*, cómpre sinalar as actuacións encamiñadas a potenciar o desenvolvemento económico a partir da valorización do patrimonio natural e o fomento da protección, rehabilitación e preservación do patrimonio cultural.

En consecuencia, incorporáronse a nivel de eixe actuacións específicas medioambientais, con excepción do Eixe de Asistencia técnica, que se dedica a impulsar accións de apoio técnico e administrativo da Autoridade de xestión dos POs, de xeito que a dimensión ambiental está presente a nivel horizontal no MECEGA.

Tras a avaliación realizada, cómpre subliñar que a coherencia do MECEGA e o principio de sostibilidade ambiental con respecto ás directrices medioambientais comunitarias, o MENR e o PNR obsérvase na integración do principio de sostibilidade ambiental de forma transversal.

Por outra banda, tamén son coherentes as actuacións formuladas no MECEGA co Protocolo de Kyoto, respecto á emisión de gases de efecto invernadoiro e coa IPPC, respecto á Prevención e Control Integrado da Contaminación.

Así mesmo, tamén é preciso salientar a coherencia do Marco co Plan de Enerxías Renovables e os plans sectoriais enerxéticos vixentes na actualidade en Galicia.

## **6.2 A Igualdade de Oportunidades entre homes e mulleres**

A Igualdade de Oportunidades entre homes e mulleres segue sendo, para o período de financiamento 2007-2013, unha das prioridades horizontais da política de cohesión europea. Tal como recolle o art. 16 do Regulamento (CE) Nº 1083/2006, os estados membros e a Comisión velarán por promover a igualdade entre homes e mulleres e a integración das cuestións de xénero en todas as diferentes etapas da execución dos Fondos Estructurais.

Neste sentido, a presenza da Igualdade de Oportunidades vese reforzada polo carácter transversal desta nas Directrices Estratéxicas Integradas 2005-2008 referidas ao mercado de traballo (Directrices 17 a 22). Así mesmo, as Orientacións Estratéxicas

Comunitarias mencionan a necesidade de promover a igualdade en todas as fases de preparación e execución dos programas e proxectos.

Nesta liña, a estratexia de intervención estrutural de Galicia 2007-2013 recolle no seu Obxectivo Intermedio 9 “Aumentar a participación no mercado laboral e mellorar a calidade e a produtividade do traballo, impulsando a igualdade de oportunidades e a inclusión social dos colectivos máis desfavorecidos”, que se ben se refire fundamentalmente a reforzar a presenza das mulleres no mercado de traballo, indirectamente repercute no resto dos aspectos da política de cohesión.

As recomendacións para o período de programación 2007-2013 céntranse no establecemento dunha serie de mecanismos que faciliten a interiorización do principio de igualdade de xénero nos diferentes ciclos de vida dos Programas Operativos 2007-2013 (programación, execución, seguimento e avaliación).

O primeiro paso para determinar a integración da perspectiva de xénero na estratexia do MECEGA é o de establecer de que maneira se analizou a situación da muller galega no conxunto da estratexia do Plan.

A perspectiva de xénero foi integrada dende un principio no proceso de elaboración da estratexia do MECEGA, na análise da situación de partida. Este diagnóstico elaborouse a través de entrevistas persoais, mesas redondas e unha análise detallada das fontes estatísticas relativas á situación da muller galega no conxunto da sociedade.

Neste sentido, a perspectiva de xénero incluíuse nos diferentes apartados do Plan con distinto grao de intensidade. Así, dende as fases iniciais desagregouse estatisticamente por sexos e buscáronse explicacións ao comportamento diferenciado dende unha perspectiva de xénero, é dicir, procurouse buscar non só as manifestacións da desigualdade senón tamén as súas causas.

Outras fórmulas empregadas para ter en consideración o principio de igualdade de oportunidades foi o emprego de gráficos lonxitudinais baseados en series históricas que puxesen de manifesto a evolución das problemáticas ao longo do tempo. Ademais da desagregación e o emprego de técnicas de análise sensibles á perspectiva de xénero procedeuse a artellar un apartado específico de igualdade de oportunidades no que se recolleran aqueles indicadores de diagnóstico que non formasen parte da situación de contexto.

No apartado de diagnóstico procedeuse a desagregar cantos datos estatísticos estaban dispoñibles. Así tívose en consideración, en primeiro lugar, a desigual situación de partida de mulleres e homes en materia sociodemográfica e procedeuse a considerar o peso poboacional diferenciado de mulleres e homes. Engadiuse, posteriormente, unha pirámide de poboación por grupo de idade que serviu para sublimar a prevalencia das mulleres nas tendencias demográficas detectadas en relación co envellecemento.

A perspectiva de xénero introduciuse tamén, de forma moi especial en relación coa análise do mercado de traballo e os niveis educativos. Esta decisión considérase acertada porque o ámbito laboral reflicte con expresividade a persistencia de barreiras para a

igualdade baseadas na repartición segregada de roles de xénero. Para amosalo incluíronse gráficos lonxitudinais que completaban as taxas de actividade e emprego desagregadas por sexos orixinais. Deste xeito combináronse descrições máis dinámicas con outras máis conxunturais da relación diferenciada de mulleres e homes ante o emprego.

De xeito adicional, a análise do mercado de traballo por grupos de idade permitiu incluír o compoñente xeracional á análise. Deste modo, constatouse que as manifestacións da desigualdade se acentúan a medida que aumenta a idade ao tempo que son menos prevalentes entre as xeracións máis novas.

No diagnóstico sinálase que Galicia experimentou un avance significativo no que respecta á igualdade de oportunidades nos últimos anos pero, que malia iso, aínda persisten situacións de desigualdade que se deben tratar dende os poderes públicos e dende a sociedade civil.

Neste sentido, o diagnóstico sinala que no ámbito do sistema educativo, a pesar de que se conseguiu paliar en grande medida a histórica subrepresentación das mulleres, aínda se producen preferencias diferenciadas segundo sexo, un feito que leva desequilibrios na participación de homes e mulleres en determinadas formacións.

No eido do mercado laboral, obsérvase unha evolución positiva en variables como a taxa de actividade feminina, a taxa de emprego e de redución da taxa de desemprego. Cómpre destacar, con todo, que as taxas de actividade e emprego continúan sendo menores que as dos homes e que a taxa de paro aínda presenta uns niveis superiores. Igualmente, prodúcese unha clara diferenciación en canto á distribución por sectores entre homes e mulleres. Neste sentido, destaca a maior concentración de mulleres no sector servizos e a menor presenza na industria e na construción.

No caso da mobilidade de homes e mulleres, destaca o predominio do transporte público na mobilidade feminina, polo que levar a cabo actuacións neste ámbito pode ter un impacto relevante en materia de igualdade.

En canto ao acceso de homes e mulleres ás tecnoloxías da información e comunicación obsérvase así mesmo a existencia dunha brecha de xénero.

Á luz do anterior, a Xunta de Galicia elabora o V Plan de Igualdade de Oportunidades das Mulleres Galegas, unha vez avaliado o IV Plan 2000-2005, o cal a priori resulta indicativo dunha participación das políticas públicas en materia de xénero.

#### *Coherencia da estratexia do MECEGA respecto ao xénero*

Da análise das prioridades e Obxectivos Intermedios previstos no MECEGA despréndense actuacións para a mellora da igualdade de oportunidades entre homes e mulleres.

Neste sentido, dentro das actuacións dos Eixes 1 e 2 relativas a innovación e desenvolvemento empresarial, economía do coñecemento e sociedade da información destacan as actividades de I+DT nos centros de investigación que permiten valorar a porcentaxe de mulleres participantes nos proxectos de I+D ou o número de empregos

creados de investigadoras e a porcentaxe de mulleres beneficiadas por proxectos de mobilidade en actividades de desenvolvemento de capital humano no eido da investigación e a innovación.

Dentro das actuacións do Eixe 3 relativas a medio ambiente, contorno natural e recursos hídricos cómpre subliñar o deseño e acondicionamento para o desprazamento e acompañamento de menores e persoas dependentes en equipamentos como itinerarios, áreas de recreo, miradoiros, etc.

Dentro das actuacións do Eixe 4 relativas á accesibilidade e servizos de transporte cómpre sinalar a porcentaxe de mulleres beneficiadas polas actuacións relativas ao transporte urbano e o transporte público e polas infraestruturas que favorezan a intermodalidade.

Dentro das actuacións do Eixe 5 relativas ao desenvolvemento local, urbano e transfronteiriza destacan as actuacións encamiñadas a potenciar o acceso das mulleres ás infraestruturas culturais, así como a aumentar o seu nivel de empregabilidade no sector servizos. Igualmente en proxectos integrados para a rexeneración urbana e rural tense en conta o número de proxectos que fomentan a igualdade de oportunidades.

No ámbito do Eixe 6, a través das infraestruturas sociais aténdese ás mulleres de xeito máis destacado ca aos homes. Neste sentido, cómpre salientar que as actuacións deste eixe contribúen á promoción da igualdade de oportunidades entre homes e mulleres, mentres que a dotación de infraestruturas para a custodia de fillos e outras persoas dependentes permitirá que as mulleres poidan incorporarse con maior facilidade ao mercado laboral e conciliar a súa vida profesional e familiar.

Dentro das actuacións do Eixe 7 está previsto reforzar a dimensión de xénero na intervención do MECEGA.

Compre sinalar que na coherencia externa do MECEGA, o principio de igualdade de oportunidades con respecto ás directrices de emprego comunitarias, o MENR e o PNR, obsérvase de forma transversal.

Por outra banda, as actuacións presentadas no MECEGA son coherentes coas previstas no mencionado V Plan de Oportunidades das Mulleres Galegas, que promove medidas específicas dirixidas ás mulleres en todas as políticas e actuacións da Xunta de Galicia.

Para cada un dos eixes incluíronse indicadores estratéxicos "de xénero", mentres que os indicadores operativos que fan referencia ás persoas, recollen tanto número de mulleres como de homes.

A participación das mulleres será un obxectivo prioritario das actuacións e será obxecto de seguimento. Con iso intentárase alcanzar un cumprimento reforzado deste principio, establecendo un peso da participación feminina acorde co desequilibrio de xéneros que presenta a rexión, de forma que os resultados previstos favorezan a equiparación de mulleres e homes a todos os niveis.

### 6.3 Partenariado

No marco da nova política de cohesión europea 2007-2013 destaca a inclusión do principio de descentralización e de cooperación en todas as fases do ciclo das accións estruturais: dende a preparación dos documentos de programación, ata o control e avaliación das actuacións cofinanciadas, dando cabida á participación das entidades locais e outros organismos, mesmo como xestores directos de fondos. Nesta liña, a intervención dos fondos estruturais non irá determinada por criterios estritamente xeográficos, senón que o enfoque versará en torno ás prioridades temáticas de cada un dos fondos. A iso únese o recoñecemento das especificidades das zonas urbanas e rurais.

Por primeira vez a política de cohesión comunitaria non se centrará só nas disparidades entre rexións, senón que prestará especial atención ás necesidades e prioridades establecidas por cada zona, intentando corrixir os desequilibrios intrarrexionais.

Nesta liña, o artigo 11 do Regulamento Xeral (CE) Nº 1083/2006 do Consello, de 11 de xullo de 2006, polo que se establecen as disposicións xerais relativas ao FEDER, ao FSE e ao Fondo de Cohesión recoñece que o Estado membro establecerá unha cooperación coas autoridades e organismos máis representativos. Estes organismos poderán ser as autoridades rexionais e locais, tanto urbanas como rurais, os interlocutores económicos e sociais ou ben calquera organismo pertinente que represente á sociedade civil (ONG, Fundacións,...).

Ademais a cooperación abranguerá a preparación e o seguimento do Marco Estratéxico de Referencia, así como a elaboración, execución, seguimento e avaliación dos Programas Operativos, en aras dunha mellor gobernanza da política de cohesión territorial.

As Directrices Estratéxicas Comunitarias veñen a reforzar o obxectivo de impulsar unha administración pública capaz e eficiente en todos os niveis de goberno: nacional, rexional e local. Por outra banda, reflicten a importancia da cooperación destacando que "un factor determinante na efectividade da política de cohesión é a calidade da cooperación entre todos os axentes interesados, incluíndo aqueles a nivel rexional e local, na preparación e implementación de programas" e que "a cooperación outorga a base" para o intercambio e a transparencia na preparación e a implementación dos programas".

Na elaboración do MENR, víronse involucradas en primeiro lugar e como principais axentes, as administracións rexionais, que realizaron achegas tanto na elaboración da análise DAFO, coma na determinación da estratexia e prioridades, de maneira que a estratexia fixada a nivel nacional poida ser adaptada ás especificidades rexionais en cada Programa Operativo.

Por outro lado, o contacto cos axentes locais foi fluído e produciuse principalmente a través da Federación Española de Municipios e Provincias, aínda que tamén houbo contactos a nivel particular con determinadas Deputacións e Concellos.

En canto aos organismos da Administración Central con competencias na xestión e execución dos Fondos Estruturais, achegaron información detallada sobre a estratexia e a política sectorial dos próximos anos.

Posteriormente, coordináronse os contactos entre os organismos da AGE e da Xunta con competencias en ámbitos sectoriais concretos para garantir a coherencia e complementariedade entre organismos de ámbito nacional e rexional mediante intercambios de información sobre as actuacións a realizar por uns e outros.

No caso da administración autonómica de Galicia, os documentos de programación que recollen as intervencións dos Fondos Estruturais, elaboráronse en colaboración cos interlocutores sociais e outros axentes clave que operan na rexión.

Nesta liña, o proceso de elaboración do MECEGA iniciouse cun exercicio de reflexión interna e de consenso entre os principais interlocutores da rexión, que desembocou na elaboración dun primeiro diagnóstico e proposta de prioridades estratéxicas de intervención. A metodoloxía empregada para a análise da situación actual da comunidade galega e a determinación de propostas de actuación para o próximo período 2007-2013 incluíu o desenvolvemento de mesas de traballo sobre os principais eixes de intervención previstos. Nelas, participaron ademais das principais entidades autonómicas xestoras de actuacións cofinanciadas polos Fondos Estruturais, representantes dos axentes sociais e da sociedade civil e empresarial e outras unidades da administración galega o ámbito de actuación da cal se considerou relevante para achegas estratéxicas de futuro.

As principais liñas estratéxicas e de actuación previstas no MECEGA foron presentadas aos representantes dos interlocutores sociais da rexión, á vez que foron aprobadas polo Consello da Xunta de Galicia.

Por outra parte, o Obxectivo Intermedio 12 do MECEGA "Reforzar a capacidade de xestión da administración rexional en apoio á eficacia e transparencia na execución e avaliación de políticas públicas", no ámbito das intervencións estruturais, persegue precisamente o reforzo da gobernanza, o cal se traduce en accións de Asistencia técnica e de apoio á mellora continua, á avaliación e á calidade da administración autonómica á hora de prestar servizos aos cidadáns e empresas da rexión.

No proceso de elaboración do MECEGA e dos POs FEDER, FSE, Cooperación Territorial Transfronteiriza, así como na parte do PO Cohesión/FEDER que se investirá en Galicia, e ao obxecto de establecer a mellor estratexia e coherencia co principio do *partenariado*, participaron no mesmo as autoridades rexionais, locais, nacionais e da UE, producíndose entre eles unha estreita colaboración, creándose a tal efecto varias Mesas de Traballo, que estiveron formadas por os interlocutores económicos e sociais máis representativos de cada sector e a Administración Autonómica. Deste xeito, establecéronse 7 Mesas de participación:

- ✓ Mesa 1, de I+D+i e Sociedade da Información
- ✓ Mesa 2, de Desenvolvemento Empresarial e adaptabilidade dos traballadores

- ✓ Mesa 3, de Infraestruturas de transporte e enerxía
- ✓ Mesa 4, de Medio ambiente e desenvolvemento sostible
- ✓ Mesa 5, de Desenvolvemento urbano sostible
- ✓ Mesa 6, de Aumento e mellora do capital humano
- ✓ Mesa 7, de Fomento do emprego, inclusión social e igualdade de oportunidades

Tamén as liñas estratéxicas da nova programación comunitaria en Galicia foron analizadas na Mesa 3 de Diálogo social “Desenvolvemento Económico e Industrial I+D+i”, composta por representantes dos sindicatos, empresarios e da Administración Autonómica, no seo do “Novo Marco de Relacións Laborais en Galicia: Acordo polo Emprego”.

Igualmente, organizáronse xornadas, conferencias e seminarios de discusión e debate sobre a nova política de cohesión para Galicia, como por exemplo o seminario OPEN DASYS, celebrado en Vigo.

Ao mesmo tempo houbo un diálogo fluído e participativo cos representantes da Comisión Europea, especialmente coa DG de Política Regional Regio, con quen se consensuaron os respectivos avances e reorientacións estratéxicas para Galicia.

Á hora de realizar o proceso de programación das actuacións a desenvolver para o período 2007-2013 aplicouse o *principio de subsidiariedade*. É destacable o método de concertación empregado, sempre partindo dos organismos e entidades máis específicas e próximas ao ámbito de execución das mesmas, ata chegar aos organismos responsables da programación dos POs. Así, a través deste proceso, foi como os proxectos presentados polos organismos xestores foron seleccionados, priorizados, elixidos e encaixados de acordo co deseño da estratexia definida pola Xunta para as intervencións estruturais, coas intervencións complementarias da AGE, coas directrices estratéxicas comunitarias e cos Obxectivos de Lisboa, fundamentalmente.

Por outra parte, o *principio de adicionalidade* tamén se tivo en conta na programación das actuacións 2007-2013, comprobando que o investimento efectuado a través das Axudas Comunitarias tradúcese nun aumento do esforzo financeiro por parte de todas as instancias implicadas, e que non meramente substitúen gastos privados que se realizarían en calquera caso.

Outro dos aspectos destacables na nova estratexia é a súa contribución en materia de *cohesión económica e social*. Neste sentido, cabe sinalar que as actuacións a desenvolver en Galicia durante o período 2007-2013 contribúen aos Obxectivos fixados pola Axenda de Lisboa, ás conclusións e orientacións xurdidas do Consejo de Gotemburgo e ás diferentes orientacións estratéxicas comunitarias froito do traballo da Comisión Europea.



